



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 144

Sesión plenaria
18 de decembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGFHYcupqO17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 57104 (10/PNP-004221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a erradicación das infravendas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

3.2 59310 (10/PNP-004419)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa rede de transporte de mercadorías do noroeste peninsular, así como co desenvolvemento nel da rede transeuropea de transporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.3 59336 (10/PNP-004421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.4 59398 (10/PNP-004429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.5 59474 (10/PNP-004437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia dun proceso de diálogo coas organizacións sindicais que representan o profesorado para recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

3.6 59496 (10/PNP-004439)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019



3.7 59520 (10/PNP-004441)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

Punto 4. Interpelacións**4.1 57041 (10/INT-001926)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do sector naval

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

4.2 57809 (10/INT-001976)**Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

4.3 59274 (10/INT-002029)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**5.1 59988 (10/POPX-000181)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as razóns do Goberno galego para defender os intereses da banca e non os da Universidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

5.2 59989 (10/POPX-000182)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da loita contra a crise demográfica con medidas como a do peche do paritorio de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019



5.3 59990 (10/POPX-000183)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política sanitaria que está a provocar protestas dos profesionais e mobilizacións masivas en toda Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 56708 (10/POP-006707)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto da posible operación especulativa encuberta baixo o proxecto de construción da cidade deportiva do Celta no concello de Mos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.2 59851 (10/PUP-000283)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva e Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a situación que están a padecer as familias que residen nun bloque de vivendas de protección oficial na Patiña, no concello de Cambre, a consecuencia das prácticas especulativas de fondos de investimento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.3 52633 (10/POP-006134)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre o estado dos traballos para achegar ao conxunto do territorio os beneficios do Plan de transporte público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 513, do 30.07.2019

6.4 56736 (10/POP-006730)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa falta de solucións para o desenvolvemento dunha transición enerxética xusta e ordenada que non implique o peche das centrais térmicas sen ofrecer alternativas industriais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.5 59916 (10/PUP-000285)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da mediación na crise da empresa Muebles Hermida, de Lourenzá, procurando un plan de viabilidade para garantir a súa actividade e postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019



6.656688 (10/POP-006706)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as razóns do Goberno galego para non contabilizar o alumnado repetidor no cálculo das ratios de alumnado por aula

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.7 55804 (10/POP-006729)**Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para apostar pola universidade privada en detrimento da pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

6.8 59532 (10/PUP-000282)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos procesos de oferta pública de emprego no ámbito do ensino en Galicia durante os últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 572, do 04.12.2019

6.9 59987 (10/PUP-000287)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das recomendacións do Consello de Europa e derogación do Decreto do plurilingüismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.10 59220 (10/POP-006979)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilar Chento, Óscar e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa praga de roedores detectada en varias zonas da provincia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.201



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para defender os intereses da banca e non os da universidade pública galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 20.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da loita contra a crise demográfica con medidas como a do peche do paritorio de Verín. (Punto quinto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política sanitaria que está a provocar protestas dos profesionais e mobilizacións masivas en toda Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 20.) e *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 22.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Réplica dos autores: *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 27.) e *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 29.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa rede de transporte de mercadorías do noroeste peninsular, así como co desenvolvemento nel da rede transeuropea de transporte. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Cal Ogando (GCE)*. (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 38.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 40.) e *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 42.)

A señora Rodríguez Barreira (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 44.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 53.), *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 54.) e *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 56.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda e para solicitar que nesta proposición non de lei se faga unha votación secreta en urna por petición de todos os grupos da oposición. (Páx. 58.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 63.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 64.), *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 66.) e *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 67.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 69.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia dun proceso de diálogo coas organizacións sindicais que representan o profesorado para recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 73.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 74.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 75.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 76.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 78.)

Proposición non de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector cultural. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Cuña Bóveda (GCE).* (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 83.) e *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 84.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 85.) e Sra. Novo Fariña (P). (Páx. 87.)

A señora Cuña Bóveda (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 88.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 93.) e Sra. Porrirt Lueiro (S). (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 97.) e Sr. Lago Peñas (GCE). (Páx. 98.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 100.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a erradicación das infravivendas en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa rede de transporte de mercadorías do noroeste peninsular, así como co desenvolvemento nel da rede transeuropea de transporte: *aprobada por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental: *aprobado por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 1, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia dun proceso de diálogo coas organizacións sindicais que representan o profesorado para recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector cultural: *rexeitado por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018: *aprobado por 46 votos a favor, ningún en contra e 23 abstencións.* (Páx. 105.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, agás o punto 2, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018: *aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 105.)

O señor presidente preguntalle á señora Pontón Mondelo se mantén a súa solicitude de facer unha votación en urna na proposición non de lei presentada polo seu grupo parlamentario, por iniciativa da Sra. Presas Bergantiños. A señora Pontón Mondelo asente. (Páx. 105.)

Votación en urna da Proposición non lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín. (Páx. 105.)

A señora secretaria, Arias Rodríguez (P), efectúa o chamamento das señoras e dos señores deputados para a votación e procédese ao escrutinio. O resultado do escrutinio é o seguinte: rexeitada por 33 votos a favor; 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 105.)

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do sector naval. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 106.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 109.)

Réplica da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 113.)



Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre a política do Goberno galego en relación coa crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (M)*. (Páx. 115.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (M)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 123.)

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 124.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 133.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto da posible operación especulativa encuberta baixo o proxecto de construción da cidade deportiva do Celta no concello de Mos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 136.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 139.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a situación que están a padecer as familias que residen nun bloque de vivendas de protección oficial na Patiña, no concello de Cambre, a consecuencia das prácticas especulativas de fondos de investimento. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 140.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 141.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (GCE)*. (Páx. 142.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 142.)



Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado dos traballos para achegar ao conxunto do territorio os beneficios do Plan de transporte público de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 145.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa falta de solucións para o desenvolvemento dunha transición enerxética xusta e ordenada que non implique o peche das centrais térmicas sen ofrecer alternativas industriais en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 150.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da mediación na crise da empresa Muebles Hermida, de Lourenzá, e a procura dun plan de viabilidade para garantir a súa actividade e postos de traballo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns do Goberno galego para non contabilizar o alumnado repetidor no cálculo das ratios de alumnado por aula. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 159.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as razóns da Xunta de Galicia para apostar pola universidade privada en detrimento da pública. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 160.)



Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 161.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 162.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 163.)

Pregunta de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego dos procesos de oferta pública de emprego no ámbito do ensino en Galicia durante os últimos anos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 165.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 166.)

Réplica da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 167.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 167.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das recomendacións do Consello de Europa e a derogación do Decreto do plurilingüismo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 168.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 169.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 170.)

Réplica da Xunta *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 171.)

Pregunta de D. Óscar Vilar Chento e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa praga de roedores detectada en varias zonas da provincia de Lugo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vilar Chento (S)*. (Páx. 173.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 174.)

Réplica do autor: *Sr. Vilar Chento (S)*. (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 176.)

Remata a sesión ás oito e corenta e tres minutos da noite



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión coa rolda de preguntas ao presidente.

Antes de comezar saudamos os alumnos de primeiro de bacharelato do instituto de Melide, así como as persoas que hoxe nos acompañan dende a tribuna. ¡Benvidos ao Parlamento!

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para defender os intereses da banca e non os da universidade pública galega

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día a todos e a todas.

Señor Feijóo, hai quince días eu preguntáballe polos recortes e as privatizacións na sanidade pública, e hoxe quero preguntarlle polos recortes e tamén as privatizacións que se poden dar das universidades.

Pero é que antes de entrar nesta cuestión, creo que é importante que lle diga —e permítame que llo diga— que nos debe unha desculpa a todas as mulleres, e moi especialmente ás embarazadas de Verín. Débenos unha desculpa pola súa covardía política ao esconderse detrás dos profesionais, polas súas mentiras e pola súa frivolidade. *(Aplausos.)* Díxonos que pechaba a sala de partos por seguridade, je xa estamos vendo cal é a seguridade! O que están facendo é poñer en risco a saúde das mulleres e os dereitos dos nenos e das nenas. *(Aplausos.)*

¿E de verdade, señor Feijóo, que non ten nada que dicir despois de que houbera que recorrer ao xulgado para evitar que unha muller de Verín parise nunha ambulancia de camiño a Ourense? ¿De verdade que non ten nada que dicir despois de constatar como a esa muller lle arrincan o bebé dos seus brazos para trasladalo sen ela a Ourense? ¿E non ten nada que dicir cando despois trasladan a nai e a tiveron dúas horas sentada nunha cadeira nos corredores do hospital de Ourense?

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, por favor, á cuestión.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu quero dicirlle que isto ten un nome que se chama «violencia institucional contra as mulleres». *(Aplausos.)* E vostede é o máximo responsable desa situación polas decisións políticas que adoptou. Pedímoslle que rectifique e que apoie a iniciativa do BNG na que reclamamos...

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, á cuestión.



A señora PONTÓN MONDELO: ...que se recuperen as urxencias pediátricas...

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, á cuestión.

Son dúas chamadas á cuestión.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e que se recupere o paridoiro de Verín. *(Aplausos.)*

Señor presidente, ogallá chame o presidente da Xunta á cuestión cando se desvíe un minuto, sería unha novidade neste parlamento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, non é o caso.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Vaia trato de favor! Por favor, señor presidente, que estamos cansados de ver como non responde ás preguntas. Covardía tamén do presidente do Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Esa será unha cuestión desa presidencia.

A señora PONTÓN MONDELO: En todo caso, señor Feijóo, nós tamén queremos falar do que está pasando neste país coas universidades *(Murmurios.)* e queremos saber por que o seu goberno está actuando como testafarro dos intereses de Abanca, promovendo unha universidade privada que non lle vai aportar nada a este país, e actúa como testafarro mesmo saltándose a legalidade vixente. Porque a lei é moi clara:

Primeiro, establece que as universidades privadas, igual que as públicas, non só teñen que ter docencia, teñen que ter investigación. E ese proxecto non cumpre con ese requisito.

A lei tamén prohibe que as universidades privadas dupliquen as titulacións xa existentes. E este requisito tampouco o cumpre a universidade privada de Abanca. E isto non llo estamos dicindo só desde o BNG, tamén llo están dicindo os tres reitores das universidades públicas deste país. *(Aplausos.)*

¿Por que un trato de privilexio á universidade dun banco, señor Feijóo? Porque vemos como mentres vostede lle pon unha alfombra vermella á universidade privada, o que está facendo coas universidades públicas é dificultar o incremento de prazas, limitar a implantación de novas titulacións ou manter un plan de financiamento que supoñía un recorte importante nos fondos que tiñan as universidades.

Por iso nós pedímoslle que rectifique e facémoslle tres propostas: primeiro, que cumpra a lei e que non siga adiante con este proxecto de universidade privada de Abanca; segundo, que incremente os recursos para as universidades públicas: trinta millóns de euros para 2020, e, por último, que se sente xa a negociar un novo plan de financiamento, porque non vale prorrogar o que existe porque está asfixiando as universidades deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.



Resposta do presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non vou entrar na escalada de radicalización do BNG. Comprendo que vostedes son socios de Bildu, (*Murmurios.*) do partido dos ex-etarras, pero non se preocupe, señoría, que tamén hai outros socios de Bildu que me van preguntar sobre o asunto de Verín.

Lamento profundamente que vostede crea que os pediatras que tomaron a decisión de trasladar o neno de Verín están suxeitos á «violencia institucional». Vostede, por insultar, insulta todo o mundo: os pediatras, os obstetras, os xinecólogos, as matronas, a sanidade pública do país, o Goberno da Xunta, o presidente da Xunta... ¡Alá vostede e a súa radicalidade, señora Pontón!

Eu agradezo moito que me fale vostede de universidades, porque creo que nas universidades públicas galegas hai unha boa década. Primeiro, porque os galegos somos os que menos pagamos para poder levar os fillos ou as fillas ás universidades, os que menos pagamos de toda España, coas taxas universitarias máis baixas de España, conxeladas durante unha década. (*Aplausos.*) Así mesmo, porque as universidades manteñen un financiamento estable durante toda a crise económica. Dous mil catrocentos oitenta millóns de euros é o financiamento pactado cos reitores entre o ano 2016 e o ano 2020, pero tamén pactamos entre o ano 2011 e o ano 2015. Polo tanto, o financiamento pactado durante a década.

Segundo, porque esta universidade galega está mellor organizada. E está mellor organizada porque pactamos cos reitores, lamentablemente en contra —supoño— da súa opinión, un mapa de titulacións acordado entre todas as universidades, e ademais unhas universidades especializadas, porque tamén pactamos cos reitores a especialización dos campus.

Polo tanto, señora Pontón, aquí é máis barato estudar que nas comunidades autónomas nacionalistas. Por exemplo, é máis barato estudar en Galicia que na comunidade de Cataluña, o triplo máis caro en Cataluña, ou, por exemplo, en España, onde é o dobre máis caro estudar de media nunha universidade do resto de España que nas universidades galegas. Iso supón que aforramos ás familias nada máis e nada menos que douscentos millóns de euros de taxas universitarias dende que chegamos ao goberno.

Señora Pontón, imos seguir traballando para seguir financiando a mellora da universidade pública; imos seguir traballando porque temos acordos cos reitores para os mapas de titulacións, e tamén para a selección e a especificación dos campus, aos que lle dedicamos dezaseis millóns de euros e creamos oito campus de proxectos de especialización.

Fálame vostede dunha iniciativa que propón facer unha universidade máis en Galicia. ¿Sabe o que ten que facer calquera iniciativa? Cumprir a Lei orgánica de universidades, a lei da Administración xeral do Estado, a Lei orgánica de universidades en España. Iso é o que ten que facer, e ademais cumprir uns requisitos adicionais máis exixentes da Lei de universidades de Galicia.



Por certo, señoría, quen propón crear unha nova universidade é unha fundación, sen ánimo de lucro. Non siga manipulando. ¡Unha fundación sen ánimo de lucro, onde están todas as forzas políticas! E quero recordarlle que a esa proposta de crear unha universidade sen ánimo de lucro votaron a favor no Padroado de Afundación o Partido Socialista Obreiro Español e as Mareas. *(Protestas.)* ¿Que acusa, aos seus socios de privatizar a universidade en Galicia, señora Pontón? *(Aplausos.)* ¿Exactamente é do que os acusa, señora Pontón? Realmente, señoría, nin sequera le os papeis e nin sequera coñece que estamos nun estado de dereito.

Señora Pontón, nin Galicia nin España é unha república bananeira. Se se cumpren as leis, calquera iniciativa ten dereito e obriga de acordo co ordenamento xurídico estatal e o ordenamento xurídico galego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Comprendo que para o BNG isto de cumprir as leis lle soa a cachondeo. Pois non, señora Pontón, o cachondeo é traer a unha cámara unha queixa porque unha iniciativa, neste caso sen ánimo de lucro, quere poñer unha universidade cumprindo a lei estatal e a lei galega.

Señoría, seguiremos exixindo todos os requisitos para calquera tipo de iniciativa, pero non esqueza, señora Pontón, que tanto as Mareas de Podemos como o Partido Socialista, é dicir, os seus socios, votaron a favor desta proposta.

Máis nada e moitas grazas, señora Pontón. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, véxoo moi desesperado. *(Protestas.) (Aplausos.)* Claro, cando non ten argumentos, ten que saír vostede por peteneras.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, si. Non sei se está vostede para falar de socios, ¿verdade?, pactando con esa extrema dereita antigalega, racista e machista. *(Aplausos.)* Non sei se está vostede, señor Feijóo, para falar de socios.

Desde logo, non manipule, porque estamos fartas da súa manipulación. Eu non insulto a ninguén, estou denunciando neste parlamento... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a situación insostible que tivo que vivir unha muller e, desde logo, non me vai calar. *(Aplausos.)* E claro que son radical á hora de defender os dereitos das mulleres, ¡claro que si!; radicais á hora de defendermos que os nenos e as nenas deste país,



nazan onde nazan, teñen que ter os mesmos servizos, e radicais á hora de defendermos que non se pode pechar servizos públicos sanitarios precisamente onde máis se necesitan. (Aplausos.) ¡Claro que si, señor Feijóo! Vostede saberá por que está defendendo outros intereses.

Desde logo, non sei como definir a súa xustificación en relación co apoio que lle está dando a unha universidade dun banco, saltándose a legalidade vixente, porque, en fin, que nos diga que Abanca non ten ánimo de lucro (Risos.) é que soa a un chiste de mal gusto, señor Feijóo. Por favor, non nos tome o pelo. (Aplausos.)

¿Vostede coñece a Lei de universidades? A Lei de universidades galega di que ten que haber suficiente dotación para investigación, e sabe que o proxecto que presenta non se sostén con ese profesorado. E a Lei de universidades tamén di, señor Feijóo, que as novas titulacións que se implanten a través dunha universidade privada non poden significar duplicidade, e todas e cada unha das propostas existen xa no sistema universitario público.

O que nos ten que explicar é por que este trato de favor a Abanca, por que este trato de favor a Escotet. ¿Pero non lle parece que vostede xa lle fixo bastantes agasallos a ese empresario venezolano? (Aplausos.) ¡Se lle regaláron as caixas despois de que investísemos nove mil millóns de euros! Explíquenos, señor Feijóo, que máis agasallos lle ten que facer vostede a ese empresario venezolano e por que está poñendo por diante os intereses dun banco por riba do interese e do cumprimento da lei, porque iso é do que estamos falando.

Que incumpre a lei tamén llo están dicindo as universidades. E non se esconda das súas responsabilidades, porque é vostede quen decide seguir adiante coa tramitación dun proxecto, dándolle patente de curso a unha entidade bancaria para poder saltarse a legalidade neste país.

Insistimos, señor Feijóo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...non siga adiante con ese proxecto. Segundo, apoie realmente a universidade pública, porque vostede sabe que o seu plan de financiamento se impuxo cun vinte por cento de recortes, non tiñan alternativa as universidades. E sabe que no proxecto de orzamentos que acaba de aprobar non di que vaian negociar un novo plan de financiamento, din...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que van prorrogar o que xa existe...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é dicir, prorrogar os recortes na universidade pública.

Señor Feijóo, deixe de ser...



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...un servidor da banca...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e convértase realmente...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a servir os intereses deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, eu co partido máis radical que teño algún acordo é co Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cando coincidimos, acordamos. ¡E mire que vostedes son radicais! *(Risos.)* ¡E mire que vostedes van na papeleta de Bildu e de Esquerra Republicana de Cataluña! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡E mire que hai que avergoñarse de Bildu! Se eu fixera fotos con Bildu coma vostede, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿que me estaría chamando neste momento, señora Pontón? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se preocupe, estou acostumado a todo...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...incluso a que me chamen «desesperado». *(Murmurios.)* Menos mal que non lle digo que vostede é unha desesperada, señora Pontón. ¡Menuda acusación tan machista produciría! *(Protestas.)*

Pero non se preocupe, señora Pontón, *(Murmurios.)* que —volvo reiterarlle— ao finalizar este período de control chámelle a atención ás Mareas de Podemos e ao PSOE por votaren a favor desta proposta no Padroado de Afundación. *(Murmurios.)* Chámeos a consultas e rompa os pactos por pseudoprivatizar o non sei que unha vez máis.

Señora Pontón, en España hai trinta e sete universidades privadas, ¡trinta e sete!, en comunidades autónomas socialistas e en comunidades autónomas nacionalistas, onde vostedes son socios: en Cataluña, cinco universidades privadas; no País Vasco, dúas; en Castela e León, cinco; en Cantabria, catro; en Aragón, unha; en Andalucía, outra. ¿Quere dicir que aí está privatizado o ensino público? *(Murmurios.)* Señora Pontón, pero ¿por que lle toma o pelo á xente?

Segundo, volve confundir Abanca coa Afundación, Abanca é un banco, a Afundación é unha entidade sen ánimo de lucro... *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que está xestionando a obra social das caixas, onde nos padroados están todas as forzas políticas e todas votaron a favor, as Mareas e o Partido Socialista Obreiro Español; por certo, os representantes da Xunta abstivéronse. (*Murmurios.*)

Polo tanto, señoría, siga vostede pensando que non vivimos nun estado de dereito e que as leis se cumpren cando lle peta; cando lle gusta ao BNG, hai que cumprir a lei e cando non lle gusta ao BNG, é que é ilegal ou privatizador, ou malo malísimo.

Señora Pontón, Galicia ten unha excelente educación pública, moito máis completa do que cando vostedes a xestionaban. Nas escolas públicas temos a maior ratio de profesores por alumnos de España. Nas escolas públicas baixou o fracaso escolar máis que nunca, e estas escolas públicas acaban de acreditar que somos das rexións máis importantes da OCDE no Informe PISA, cos datos máis excelentes que nunca tivo a educación pública en Galicia. (*Aplausos.*)

Señoría, esta escola pública acredita que multiplicamos o dobre as prazas de formación profesional. E esta mesma aposta polo ensino público acredita que temos as universidades máis accesibles para as familias galegas de todas as familias españolas. Iso é o que realmente lle molesta. O que lle molesta é que o ensino público teña os mellores datos de calidade e os mellores datos de acreditación cando se nos mide por organismos internacionais. E como non pode resistir a realidade tira do fantasma permanente da privatización. Iso é de libro, señora Pontón.

Mire: que haxa unha universidade en Galicia con condicións moito máis difíciles para implementala que no resto de España, supoño que a xente que cumpre a lei terá dereito. ¿Ou cre vostede que os que cumprimos a lei non temos dereito e vostedes, que constante e continuamente chaman ao incumprimento das leis, teñen máis dereito que os que cumprimos as leis? Señoría, este é un estado de dereito —insisto—, non é a república bananeira do BNG. Isto é un estado de dereito, e como estado de dereito cúmprense as leis.

Non debería de preocuparnos de que en Galicia haxa máis oferta, o que debería de preocuparnos é se as universidades públicas son as máis accesibles de España, e sonas, amóllelle a quen lle amole.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) si, amóllelle a quen lle amole, (*Murmurios.*) señora Pontón. (*Murmurios.*)

Vostedes agárranse agora... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a que hai unha fundación...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que quere crear unha universidade en Galicia simplemente porque non teñen argumentos para criticar o ensino público do país. Sigán vostedes, señoría.

E o dos asuntos de Verín, eu son un presidente institucional. Vostede non me formulou a pregunta. Agora teño ocasión de debater cos dous grupos. (*Murmurios.*) Xa sei que vostede nin respecta o Goberno nin respecta o presidente, polo menos respecte o Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e os grupos parlamentarios, señora Pontón. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Substáncianse agora de xeito acumulado dúas preguntas; en concreto, unha pregunta do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e outra pregunta do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da loita contra a crise demográfica con medidas como a do peche do paritorio de Verín

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política sanitaria que está a provocar protestas dos profesionais e mobilizacións masivas en toda Galicia

O señor PRESIDENTE: Comezamos polo Grupo Común da Esquerda, e para iso ten a palabra o seu portavoz, don Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señor Feijóo.

Os que o coñecemos sabemos o gran respecto co que trata os grupos parlamentarios vostede.

Se aínda lle queda un pouco de vergoña, rectifique e pida desculpas, señor Feijóo. Rectifique inmediatamente a decisión do peche do paridoiro de Verín e pida desculpas ás mulleres de Verín, á xente de Verín e á familia que tivo que vivir unha situación lamentable, surrealista, cun traslado a Ourense que nunca debeu de suceder, separando o neno da nai aos tres mi-



nutos de nacer, cunha viaxe dunha hora, e a nai sentada no hospital de Ourense nunha cadeira de rodas dúas horas con sangrados incluso. Pida desculpas se ten un pouco de humildade, señor Feijóo.

Cunha soa decisión: o peche do paridoiro de Verín, vostede atacou os dereitos das mulleres, a sanidade pública e atacou novamente o rural. Ataca as mulleres porque lles rebaixa os seus dereitos, debilita máis a sanidade pública.

Con vostede, señor Feijóo, para saber as súas políticas de sanidade só fai falta ver as caras dos que fan negocio coa sanidade privada, que sorrín permanentemente, e ver como todos os profesionais de arriba a abaixo do sistema sanitario galego están en pé de guerra nos últimos anos en contra dos seus recortes da sanidade pública. *(Aplausos.)*

A decisión de pechar o paridoiro de Verín é unha máis —si, das máis graves— das decisións que van en contra do rural deste país, que van en contra da demografía deste país. É unha decisión que agrava o círculo infernal onde ten metido vostede as súas políticas ao rural. ¿Vostede pensa que pechando os servizos públicos se potencia que a xente viva no rural? ¿Tómanos o pelo?

Con esta deriva, ¿onde imos parar, señor Feijóo? Pechamos servizos públicos porque non hai nenos suficientes. O peche dos servizos públicos o que provoca é que haxa aínda menos nenos. Os datos non menten: cando vostede chegou a gobernar había na comarca de Verín cento corenta e nove nacementos, hoxe hai cen. E, por certo, de 2005 a 2009 medraban, igual que melloraba o saldo vexetativo. Hoxe en día, Galicia é o peor saldo vexetativo de todo o Estado español, e Ourense o peor de toda Galicia, señor Feijóo. Vostede duplicou —e aínda máis— o saldo vexetativo negativo de Galicia polas súas políticas precisamente, entre outras cousas, de recortar servizos públicos.

E con esta deriva, ¿que? Primeiro, pechamos Verín e, despois, acabaremos tamén atendendo toda a xente de Ourense en Vigo —como xa anunciou o señor Félix Rubial—, porque pechando os servizos públicos agrávase ese círculo infernal.

Por riba, menten e ocultan con pretextos a única razón que hai detrás, que é continuar co recorte do público, señor Feijóo. A min sempre me dixeron na casa que é mellor poñerse colorado unha vez que amarelo un cento. E vostede nestes días leva poñéndose amarelo unhas cantas veces. Porque, primeiro, era a impericia dos profesionais —faltándolles ao respecto aos profesionais do Hospital de Verín—, despois era a falla de pediatras, e onte dicía que baixo a responsabilidade das mulleres se podía reabrir o paridoiro.

¿Inhíbese de gobernar, señor Feijóo? ¿Non se dá conta de que está facendo o ridículo? ¿Está nervioso? ¿Non esperaba a reacción da xente de Verín, incluso a reacción da xente que pertence ao Partido Popular, señor Feijóo?, ¿non a esperaba? ¿En que mundo vive? Porque ademais de atacar a sanidade pública, atacar o medio rural, atacar as mulleres, o que demostra este caso é que vostede está desconectado da realidade e peca de soberbia.

¿Como pensa que a xente de Verín vai quedar impasible ante un feito como este...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que ten tanto simbolismo? Pechar un paridoiro, igual que pechar unha escola, significa dicirlle non ao futuro de Verín. Por iso a xente saíu en masa a protestar por esta decisión. ¡Rectifique xa, señor Feijóo, e pida desculpas! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o seu portavoz, don Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, fai dezasete días que deixou de funcionar o paridoiro en Verín, fai dezasete días que vostede recortou os servizos públicos do Hospital de Verín, fai dezasete días en que vostede marcou un punto de inflexión no fin do seu mandato político. Porque, señor Feijóo, o peche do paridoiro de Verín, que funcionaba con calidade e que era de gran utilidade para Verín, é un ataque da súa política á sanidade pública galega, é un ataque ao medio rural e é ademais unha mostra da súa falla de credibilidade e da súa falla de palabra na sede parlamentaria.

Vostede alegou aquí, señor Feijóo, que había que pechar o paridoiro por motivos de calidade e de seguridade asistencial, que non había outra forma. Vostede sinalaba que os partos baixaban de forma constante e que os médicos dicían que había que pechar ese paridoiro, e que non ía tomar ningunha decisión contraria a ese criterio que vostede denominaba «técnico». Non era un criterio técnico, era un criterio político dun goberno que é un goberno indolente, sen empatía co país; un goberno que non sofre cos recortes no rural, co recorte na sanidade pública; cun goberno que non ten a capacidade de colocar o seu presidente diante dos veciños de Verín para explicar as súas decisións.

O seu conselleiro de Sanidade sinalou que había que pechar o paridoiro de Verín «por seguridade» —dicía textualmente— «para as súas nais e os seus fillos». E o xerente da Área Sanitaria, o seu xestor —o que xa tiña na Área Sanitaria de Vigo— dixo que o primeiro criterio era o número de partos.

Chegou vostede a dicir, señor Feijóo, nesta cámara que todos os pediatras e xinecólogos da Área Sanitaria de Ourense respaldaban esa decisión. Vostede mentiu, enganou unha vez máis nesta cámara parlamentaria, e remítome ao *Diario de Sesións*. Non é certo que todos os xinecólogos e todos os pediatras da Área Sanitaria de Ourense respalden esa decisión, é unha mentira. Os xefes de Xinecología dos hospitais de Verín e O Barco téñeno dito con claridade. Javier Castrillo, xefe de Xinecología de Verín, textualmente: «O paridoiro pecha por unha cuestión de xestión, de recortes, de quitar un dereito a unha zona rural e deprimida polo custo que supón». E o xefe de Xinecología do Barco: «De maneira indirecta estannos vendendo que temos que ter cincocentos partos ao ano, que se non hai eses cincocentos ou seiscentos partos a calidade da asistencia non é boa». E di ese mesmo xefe de Xinecología do Barco: «Están mentindo, están metendo medo á xente sobre a calidade da asistencia nos comarcais sen daren datos. En Valdeorras os nosos resultados son bos». Os médicos negan o seu criterio.



Hai un criterio político, señor Feijóo. Vostede mete nun círculo vicioso as políticas públicas en Galicia: alí onde non hai xente, alí recortan servizos públicos, e se recortan servizos públicos haberá menos mecanismos para que haxa máis xente. Non cumpren as ratios de partos nin no Hospital Comarcal de Cee, nin en Monforte, nin en Burela, nin en Valdeorras, nin no Salnés, nin na Barbanza, nin en Verín. ¿Vai pechar vostede todos os paridoiros dos hospitais comarcais? ¿Ese é o seu criterio político, señor Feijóo?

Vostede, señor Feijóo, decidiu pechar o paridoiro; veu a esta cámara referendar esa decisión, díxoo con claridade. E atopouse en fronte de vostede unha mobilización masiva en Verín, en Ourense e en Galicia, e atención mediática en toda España para poñelo a vostede contra as cordas. Para dicirle que fronte ao seu discurso de defensa dos servizos públicos vostede é un inimigo do público...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...é un ultraconservador, señor Feijóo, que non ten centralidade política nin defende a sanidade pública. (*Murmurios.*) ¡Ata Baltar, señor Feijóo, (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) confrontou con vostede! (*Murmurios.*) ¡Ata o PP de Ourense... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...rachou coas políticas do Partido Popular de Feijóo! (*Murmurios.*)

Vostede, señor Feijóo, ten que rectificar, ten que cesar a todos os responsables...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...da Xunta de Galicia que validaron, referendaron esa decisión política.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Vostede ten que desculparse ante a veciñanza de Verín e de Ourense,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...ten que acudir a falar coa cidadanía, porque o peche do paridoiro de Verín, señor Feijóo,...

O señor PRESIDENTE: Tempo, tempo...

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...vai ser o que marque o fin da súa etapa á fronte da Xunta de Galicia.



O señor PRESIDENTE: Señor Gonzalo Caballero, terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Caballero, despois de que me chame vostede «ultraconservador», constato que ten vostede tanta formación en pensamento político como en xestión sanitaria, tendente a cero.

Señor Caballero e señor Sánchez, vostedes saben perfectamente que a decisión de suspender os partos no paritorio de Verín é unha decisión sanitaria: *(Murmurios.)* «*Los facultativos del Servicio de Obstetricia y Ginecología, así como los del Servicio de Pediatría del Complejo Hospitalario Universitario de Ourense, queremos respaldar públicamente la decisión adoptada por la Gerencia de suspender la actividad de partos en el Hospital Comarcal de Verín. Consideramos que dicha decisión se ha tomado en base a criterios de calidad asistencial y recomendaciones de las principales sociedades científicas de ginecología y pediatría, así como de las recomendaciones del propio Ministerio de Sanidad*». Firmado por todos los ginecólogos, obstetras y pediatras del Complejo Hospitalario de Ourense, con su firma y su documento nacional de identidad.

¿Cren vostedes que estes señores queren recortar a sanidade? ¿Cren vostedes que estes señores saben menos de atención aos partos de calidade e asistencial ás mulleres e aos bebés que o señor Sánchez e o señor Caballero? *(Murmurios.)* ¿Realmente, señorías, vostedes poden contradicir este criterio asistencial e técnico libre e independente dos xinecólogos e dos pediatras do Hospital de Ourense? Señor Caballero, lamentable que vostede veña aquí falar desta cuestión, da que vostede simplemente toca de oído e mal. *(Murmurios.)*

Señorías, non teño ningunha alternativa nin de Esquerda en Común nin do Partido Socialista sobre as políticas sanitarias da Xunta de Galicia, e levan vostedes dez anos predicando no deserto.

Señor Caballero, anote vostede esta cifra: 16,4 por cento. É a cifra onde baixamos as esperas cirúrxicas nos hospitais públicos de Galicia nos últimos dez anos. Sesenta e sete días cando vostedes gobernaban, cincuenta e seis cando estamos gobernando nós, a última cifra. E anote tamén vostede este ránking: só hai tres comunidades autónomas en España con mellores ratios asistenciais que o Servizo Galego de Saúde no que se refire á atención cirúrxica: País Vasco, Madrid e La Rioja; seguinte, Galicia.

Señoría, ¿que me propón, o modelo asistencial de Andalucía? Cento sesenta e catro días de espera media, o triplo que Galicia. ¿Proponme Castela-A Mancha? Cento corenta e nove días fronte a cincuenta e seis, máis do dobre de Galicia. ¿Proponme Extremadura? Cento once días, máis do dobre de Galicia. ¿Proponme a media de España? Cento quince días, máis do dobre de Galicia. ¿Ese é o modelo asistencial e sanitario que nos propoñen? Miren, señorías:



levamos xestionando a sanidade pública e mellorando a sanidade pública cada ano, pero non por consecuencia da Administración sanitaria, senón fundamentalmente polo compromiso dos profesionais sanitarios.

Temos unha sanidade pública onde os galegos se senten máis satisfeitos, e remítome ás valoracións feitas públicas polo Ministerio de Sanidade no Barómetro sanitario. Temos dous mil setecentos profesionais máis traballando agora do que tiñan cando vostedes estaban no goberno. Nunca antes houbo tantos servizos sanitarios funcionando, nin vías rápidas contra o cancro, nin un calendario vacinal máis amplo, nin máis médicos en atención a domicilio, nin máis consultas telefónicas voluntarias para calquera persoa que queira chamar o seu médico de cabeceira, e unha alta tecnoloxía ampliada, que tamén fomos criticados por iso.

Señoría, o oitenta por cento dos galegos temos un hospital público renovado ou ampliado. Quede con ese titular, señoría.

E agora fáleme vostede dun problema crónico, que é a falta de pediatras. As dúas razóns polas que os profesionais nos propuxeron suspender as intervencións de parto nada máis en Verín foron por cuestións técnicas e sanitarias. Primeiro, porque non hai un número de partos que entendemos que sexa óptimo, pero, sobre todo, porque non temos pediatras para atender os bebés (*Murmurios*.) que saen do claustro materno. Señorías, cando un bebé nace, ese bebé é un paciente dun pediatra, non dun xinecólogo. En consecuencia, señoría, sabe vostede que non hai pediatras.

Permítanme que lea simplemente moi rapidamente os titulares de periódicos do país, todos deste ano 2019:

El Heraldo de Aragón: «El Centro de Salud de Fraga lleva casi dos meses sin pediatría». Respuesta del Gobierno de Aragón: «No hay ningún pediatra en la bolsa de empleo y, de momento, no se ha encontrado ningún otro especialista para cubrir las vacantes». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Cantabria: «La falta de pediatras genera un profundo malestar en la comarca de Asón», 9 de novembro, de antes de ayer. Pasou, señorías, de dous profesionais habituais para atender este centro á ausencia deses profesionais.

Seguimos lendo periódicos de España. Extremadura: «Denuncian las carencias de pediatría en el Centro de Salud de Navalmoral de la Mata, con 3.600 menores atendidos por dos médicos». En Verín hai menos da metade en atención primaria atendidos por tres pediatras.

Seguimos. No País Vasco: «Desde el Osakidetza confirman que no hay pediatras para atender en Euskadi».

E proseguimos en Cataluña, *El Periódico de Cataluña*, 10 de febreiro: «Sin pediatra en una veintena de centros de salud de Cataluña». (*Murmurios*.)

Señoría, ¿por que vostede, que debería ter un pouco máis de formación ou, polo menos, de información, non quere falar en serio da sanidade pública do noso país? Sabe vostede que non



hai pediatras e levamos dous anos pedindo incrementar a oferta de pediatría e a capacidade de formar pediatras en Galicia, sábeo perfectamente. E está facendo unha utilización carroñeira da sanidade pública, xogando coa seguridade dos bebés. ¡É algo inaudito, señorías! Estar xogando coa vida, coa seguridade dos bebés que nacen en Verín paréceme lamentable, lamentable absolutamente, sen ningún tipo de límite e sen ningún tipo de cortacións. *(Aplausos.)*

Señorías, saben vostedes que ese paritorio se reabrirá no momento en que teñamos pediatras que garantan a asistencia sanitaria de calidade a calquera dos bebés que nazan no paritorio de Verín. *(Murmurios.)* Sábeno perfectamente.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Convocamos prazas de Pediatría en xuño, vacantes. Volvemos convocar prazas de Pediatría o 9 de decembro, e estamos á espera. Pero tamén saben, señorías, que nunca houbo tantos servizos sanitarios nos hospitais comarcais como agora...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...nunca, señor Caballero. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non o saben, permítanme que llos lea: cinco unidades novas de hospitalización nos hospitais comarcais, vinte e un servizos clínicos máis nos hospitais comarcais.

¿En Verín? En Verín pasan consulta especialistas que antes non había: Neuroloxía, Oncoloxía Médica, CardioloXía, Psiquiatría, Uroloxía, Dixestivo e ReumatoloXía. ¿Por que di que estamos desmantelando este hospital?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Como poden dicir que tomamos esta decisión por un criterio económico? Toda a plantilla de Verín segue onde estaba, os obstetras, os xinecólogos e as matronas. ¿Por que veñen aquí con mentiras e falsidades? ¿Pero é que nin sequera respectan a vida dos bebés, señorías?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿É que este non é un tema...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...suficientemente serio para dicir: estamos de acordo, mentres non haxa pediatras, suspendemos os partos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas...



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esta é a proposta dun goberno responsable...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...apoiada polos pediatras e os xinecólogos do país.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Alá vostedes e as súas consciencias, señorías! (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, eu pedíalle a ver se lle quedaba algo de vergoña; xa acabamos de demostrar que non lle queda ningunha. Sóbralle soberbia, señor Feijóo, ¡sóbralle soberbia (*Aplausos.*) e cinismo! Soberbia, cinismo e mentiras. (*Murmurios.*) O que faltaba agora é que vostede acusase estes grupos de xogarmos coa seguridade dos bebés, despois do que vostedes provocaron co parto desa familia, despois do que están recortando vostedes, señor Feijóo, que nos acuse a nós. Iso é o grao máximo de cinismo ao que vostede nos ten acostumbrados e ao que recorre cando non ten argumentos.

Ten a batalla perdida, señor Feijóo, canto antes rectifique definitivamente, mellor para vostede e mellor para todos. (*Aplausos.*) A sociedade non lle vai permitir que peche o paridoiro de Verín. Acépteo, señor Feijóo, porque está facendo o ridículo; diante dos seus está facendo o ridículo nun transcorrer patético de escusas, unha tras outra.

Dá datos da sanidade pública galega. Si, podemos dicir moitos datos, señor Feijóo, pero a realidade é que dende os PAC as enfermeiras eventuais, os médicos de atención primaria, as celadoras, os celadores, todos están na rúa protestando contra a súa política sanitaria. Esa é a realidade, señor Feijóo, en Galicia e non no resto do Estado, a que nos interesa aquí, esa é a realidade. E protestan por unha sanidade pública que tiveron que soste co seu esforzo, mentres vostedes recortaban e mentres a sanidade privada incrementaba constantemente o seu negocio. ¿Ou como se explica, señor Feijóo, que nos peores anos da crise os galegos gastemos cada vez máis en sanidade privada?

Vostede di que non hai pediatras, como se vostedes non tivesen nada que ver..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...como se vostedes non tivesen nada que ver con que non hou-bese pediatras, coas súas políticas aquí e coas políticas do señor Rajoy de recortes nos ser-vizos públicos. (*Murmurios.*) (*O señor presidente bisba.*) ¡Como se non tivesen nada que ver!

Vostedes teñen todas as ferramentas para poñer as condicións para que haxa pediatras en todos os hospitais. O único que o impide é o seu credo neoliberal: recortar co obxectivo de dar negocio á privada. (*Murmurios.*) Vostedes...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Fala de informes de Ourense, do Hospital de Ourense, fale tamén dos profesionais de Verín, porque se vostede nos acusa de non respectar os de Ourense, vos-tede non respecta os de Verín e os de Valdeorras, señor Feijóo. Hai dous informes contradi-torios; o que si coincide é a súa vontade de recortar, de retirar servizos públicos que levan a zonas como Verín e o rural galego ao desastre, metidos nun círculo infernal de destrución, e así o demostran os datos.

Señor Feijóo, cando vostede chegou ao poder había en Ourense 2.058 nacementos, no ano 2018 son 1.488, un terzo de redución. Ese é o camiño ao que nos levan as súas políticas. Cando vostede chegou había un saldo vexetativo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...en Galicia de —8.000, algo inferior a menos oito mil, e me-llorando. E hoxe case chegamos aos— 16.000 polas súas políticas, porque para que a xente teña fillos ten que ter oportunidades económicas para poder vivir dignamente, non ter tra-ballos precarios, ter salarios dignos e ter servizos públicos dignos alí onde viva...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...sexa no rural ou nas cidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Cousa coa que vostedes están incrementando a desigualdade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, un consello, non de amigo, pero un consello: rec-tifique canto antes...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...Póñase colorado un día e evite poñerse amarelo un cento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, hoxe vostede meteu o barco definitivamente nas pedras. Hoxe vostede errou no seu plantexamento e non rectifica. E cando o barco vai a pique é necesario ter un gobernante con temperanza e con capacidade de mantelo a flote. Vostede hoxe, señor Feijóo, falla á sanidade pública galega, falla ao medio rural, engana unha vez máis, dálles as costas aos xinecólogos das áreas de Verín e de Valdeorras, que din o contrario do que vostede.

¿Ou é que acaso ata agora cando funcionaban os paridoiros, por exemplo, en Verín, non había calidade e seguridade para os nenos recentemente nados e para as nais que alí os daban a luz? ¿É que non había esa garantía? ¿Cal foi o problema con centos de nacementos neses paridoiros dos distintos hospitais comarcais? ¿Vai seguir vostede con esa política de recortes levando os recortes á sanidade pública?

Vostede vive nunha Arcadia feliz, nun mundo irreal. Vostede é un gobernante sen empatía e a quen non lle doen as necesidades do seu pobo. Vostede, señor Feijóo, hoxe volve ratificarse a si mesmo nesta escalada de disparates. ¡E claro que ten unha estratexia ultraconservadora! Vostede é unha mostra dese Gallardón que dicía que era un gran centrista e que tiña a política máis conservadora para Madrid. Tamén vostede, que mente sen ningún tipo de vergoña, sen poñerse colorado, dicía o outro día que todos os xinecólogos e pediatras da Área Sanitaria de Ourense querían pechar os paridoiros, por exemplo, en Verín. E hoxe, señor Feijóo, vostede non rectifica o seu erro.

Vostede mente de forma continua nesta sede parlamentaria. Tamén cando se alporizan cando lles dicimos que esta forza ultraconservadora que hai aquí ten un acordo con Vox, e xa veu o número dous de Vox aquí a Galicia dicir que vai vir salvalo a vostede nas próximas (*Murmurios.*) (*O señor presidente bisba.*) eleccións autónomas se conseguen acadar os votos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Xa sei que toda esta escenografía dos nervios do Partido Popular é porque a perda da maioría electoral no país os deixa sen compañía. E os recortes e o ataque que fai vostede á sanidade pública galega non llo van perdoar as galegas e os galegos, que queremos un estado de benestar forte en Galicia, un estado do benestar forte en Verín, un paridoiro que funcione.

E quérolle dicir, señor Feijóo: un gobernante, con miles de millóns de euros cada ano, claro que ten que capacidade para poñer os medios técnicos e humanos para que funcione o paridoiro en Verín. (*Murmurios.*) (*O señor presidente bisba.*)

Cando as galegas e os galegos dean unha nova maioría ao país, cando haxa un goberno progresista en Galicia, (*Murmurios.*) os socialistas garantimos que o paridoiro de Verín terá todos os medios técnicos...



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio por favor! ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e de capital humano para que volva funcionar con plena seguridade. (*Murmurios.*) É hora do cambio e de sacalo da fronte da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, señor Pazos. ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Cada día que pasa vostede é un problema maior para as gallegas e para os galegos.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Peche da pregunta, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, nin sequera nun asunto tan importante, tan serio e tan rigoroso como falar da saúde dos bebés evita a súa letanía. Mestura vostede a saúde dos bebés, a seguridade das nais, con Vox, co cambio de goberno, co cambio político, co esgotamento do presidente da Xunta. ¿Vostede realmente algunha vez vai estar á altura, xa non de secretario xeral do Partido Socialista, senón dunha acta de deputado?

¿Realmente vostede pode vir a esta cámara falar deste tipo de cuestións banais cando o que estamos é asegurando a vida dos bebés que nacen no paritorio de Verín? Namentres non teñamos a cobertura segura da pediatría necesaria, tanto os xinecólogos como todos os pediatras da Área de Saúde de Ourense hospitalaria, que son os que fan as gardas alí, e eses saben cales son os medios que teñen, eses saben as dificultades que pode haber cando un bebé vén en condicións inadecuadas... E vostede vén dicir aquí que menten. Pero, ¿quien mente aquí, señor Caballero?

Con todos os respectos, señor Sánchez, se quere falar vostede de enfermería, fale vostede de enfermería. (*Murmurios.*) (*O presidente bisba.*) Debería de saber polo menos cal é a ratio de enfermería en Galicia. Xa sei que a descoñece, pero hai máis enfermeiros por mil habitantes en Galicia que no resto de España.

Debería de saber vostede a taxa de fecundidade en Galicia. Xa sei que a descoñece, se non lle importa. Di que durante a lexislatura do Bipartito nacían máis nenos e nenas en Galicia, e a taxa de fecundidade, señoría, é unha centésima máis agora que durante o Bipartito. ¡Pero se lle dá igual!

Di que temos os peores datos de nacementos, cando resulta que acaban de saír os do semestre e é o peor saldo vexetativo en España dos últimos vinte anos. E están por riba en peores datos Asturias e Castela e León que Galicia.

Di vostede que somos a Comunidade Autónoma con peor política demográfica, e somos dende o ano 2009 a quinta comunidade autónoma onde menos caeron os nacementos. ¡Se lle dá exactamente igual! Dálle exactamente igual dicir unha cousa que a contraria.



¡Que máis lle dá, señoría, se vostede vén aquí simplemente de partido rupturista! ¡Que máis dá! Se o que vén romper vostede non é a realidade, senón a verdade, señoría.

A min non me importa o que vostedes digan. Pero se no saldo migratorio entre o ano 2009 e o ano 2019 entraron corenta mil persoas en Galicia máis das que saíron. (*Protestas.*) Pero se nin sequera len os datos que se publican...

O señor PRESIDENTE: Señor Lago e señor Sánchez, ¡silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Comprendo que as verdades molestan, señor Sánchez.

Pero a verdade é que en Galicia o doce por cento só das prazas de Pediatría se cobren por médicos de familia, e a media de España é o vinte e cinco por cento. O vinte e cinco por cento das prazas pediátricas en España non se cobren por pediatras, senón por médicos de familia, e en Galicia o doce por cento, a metade.

Se vostede di que quere falar e darme un consello, non de amigo; ¡non vaia ser que lle abran un expediente disciplinario no seu partido! (*Murmurios.*) Si, señoría, na sanidade só hai amigos, os que queren mellorar a sanidade e os que queren facer demagogia coa sanidade, señoría. (*Aplausos.*) ¡Esa é a diferenza entre un amigo e un demagogo, señoría!

Cando estamos dicindo que nos hospitais comarcais en Galicia se están facendo ao ano unhas trinta e dúas mil intervencións máis agora do que no ano 2009, ¿non lle parece que iso é mellorar a sanidade pública nos comarcais?

Cando nos hospitais comarcais se están facendo, por exemplo, de cinco mil oitocentas a once mil quiñentas intervencións de cirurxía maior ambulatoria, é dicir, catro mil máis, ¿non é mellorar a sanidade pública dos comarcais?

Cando nos hospitais comarcais temos vinte e un servizos clínicos, por especialistas, que antes non se tiñan, ¿non estamos mellorando a sanidade dos comarcais?

Cando melloramos O Salnés, cando facemos un plan director no Hospital da Mariña Lucense, ¿non estamos mellorando os hospitais comarcais?

Señorías, imos intentar concretar este asunto, se lles parece. Eu creo que todos estamos de acordo en que o desexable é que os embarazos sen riscos e sen complicacións se poidan ter en Verín; estamos de acordo. O imprescindible para que poida haber este tipo de partos, sen complicacións, porque os complicados prográmanse e lévanse a Ourense, o imprescindible é que non corra risco nin a vida da nai nin a vida do bebé; estamos de acordo. Para que non corra risco a vida da nai necesitamos xinecólogos, obstetras e matronas, hainos; estamos de acordo. Para que non corra perigo a vida do bebé necesitamos pediatras, e de momento non os temos; estamos de acordo. Entón, só caben dúas opcións: dicirlles ás mulleres da Área de Verín (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) que dean a luz con xinecólogos e sen pediatras, ou dicirlles a verdade e advertilas de que mentres non teñamos pediatras suficientes hai un risco evidente para a saúde dos seus fillos.



Eu son presidente agora, e isto é o que lles digo ás mulleres de Verín: a verdade, que mentres non teñamos pediatras —problema extensivo á maioría das comunidades autónomas—, o lóxico é trasladar os partos a Ourense, suspender provisionalmente os partos en Verín, e cando volvamos ter pediatras, recuperar os partos en Verín.

Vostedes, señorías, ¿que propoñen?, ¿que farían vostedes neste caso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Manterían os partos en Verín sen pediatra?...

O señor PRESIDENTE: Señor Villares.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...¿ou esperarían a ter pediatras para manter os partos en Verín?

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, vostede non está no debate. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Nós témolo claro, señorías. Cando haxa pediatras suficientes en Verín e teñamos o visto e prace dos servizos de Pediatría e Xinecoloxía da Área, en vinte e catro horas repóñense os partos de Verín. Esa é a proposta deste goberno, señoría. (*Aplausos.*) Esta é a proposta que nós imos plantexar. ¡Alá vostedes cos seus disparates!

Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Un momentíño de relax. Isto xa acabou, quedou máis ou menos debatido. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si, perfecto. Creo que foi un debate claro; estivemos todos no debate. Para min é claro. Eu tamén teño dereito a opinar algo, non vou entrar... Para min está claro.

Imos ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa rede de transporte de mercadorías do noroeste peninsular, así como co desenvolvemento nel da rede transeuropea de transporte

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Común da Esquerda.

(*O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)



Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, unha nova alínea:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un estudo para poñer en marcha o servizo ferroviario de cercanías en Galicia.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Julia Rodríguez Barreira.

(Murmurios.)

Espera un momento, Julia, a que estea isto un pouco máis tranquilo. *(Pausa.)*

Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Saudamos tamén todas as persoas que nos acompañan hoxe nesta sesión plenaria.

Dicía Xulio Verne, en boca dun dos seus persoeiros, que máis vale poñerse no peor, que así se reserva un a sorpresa do mellor. O malo é que isto non é aplicable a este goberno do señor Sánchez no que atinxe a Galicia. O sucedido nos últimos meses acredita que postos no peor aínda o poden empeorar máis; aí temos Alcoa, a central das Pontes, o IVE, os prazos do AVE.

Hoxe toca falar doutra cuestión tamén que dá exemplo disto: o corredor atlántico. Miren: cando en febreiro o señor Abalos presentaba con moito bombo o Plan director do corredor atlántico, pois todos pensabamos con optimismo que se ía dar continuidade a aquela tendencia, a aquela actuación do Goberno de Mariano Rajoy, no que de maneira coordinada os gobernos de Asturias, Galicia, Castela e León e o Goberno do Estado foron quen de conseguir que a Unión Europea incluíse o noroeste peninsular no corredor atlántico.

Todos, señorías, recordamos aqueles titulares —aí está a hemeroteca—, aquelas noticias esperanzadoras, a busca de alianzas entre as comunidades —en outubro de 2017, a declaración conxunta dos gobernos de Asturias, Galicia e Castela e León; en decembro, a inclusión da extensión do corredor que o Goberno proporía á Unión europea; maio de 2018, a petición do presidente da Xunta ao presidente do Parlamento Europeo—, ata que en xuño de 2018 a Comisión Europea acordaba incluír o noroeste peninsular no corredor atlántico; un acordo que sería ratificado en decembro pola Comisión, polo Consello de Ministros de Transporte da Unión Europea e tamén polo Pleno do Parlamento Europeo.

A estas noticias, señorías, sumábanse nese tempo pronunciamentos de todo tipo, sempre de impulso do corredor atlántico, dos colectivos e de axentes sociais, económicos e políticos, sempre dende a unidade, dende a coordinación.



E estes son os feitos, señorías; isto é o que aconteceu ata decembro de 2018. Conseguida a inclusión do noroeste peninsular no corredor atlántico, que parecía o máis complicado, o seguinte paso que lle correspondía ao Goberno central era o de presentar unha planificación, un plan director.

Por iso estabamos optimistas cando en febreiro o señor Abalos anunciaba ese Plan director do corredor atlántico, ata que poucos días despois a conselleira de Infraestruturas nos advertía aquí na sede parlamentaria de que nesa primeira actuación do Goberno do señor Sánchez resulta que se presentaba un documento incompleto, non consensuado coas comunidades autónomas, que omitía actuacións estratéxicas, que non recollía conexións ferroviarias que eran imprescindibles e, sobre todo, que reducía a máis da metade os tres mil cen millóns de euros que as comunidades autónomas tiñan orzadas para as actuacións necesarias, para a modernización deste itinerario ferroviario. E Fomento saíu ao paso dicindo que aquilo non era un plan director, que aquilo eran as liñas principais de actuación.

Como o optimismo empezaba a tornar en preocupación, señorías, este Grupo Parlamentario do Partido Popular presentou no mes de abril —e debateuse na sesión plenaria— unha iniciativa na que demandabamos, entre outras cousas, que se elaborase e se presentase ese Plan director do corredor atlántico, o nomeamento dun comisionado para o corredor. En definitiva, que se tratase no mesmo nivel de prioridade o corredor atlántico do que se estaba facendo co corredor mediterráneo.

Naquel debate, o portavoz do Grupo Socialista remataba dicindo que aquilo era unha proposta inútil. Ben, parece que se refería a que era inútil o acordo —que foi acordo por unanimidade—, dado que o tempo transcorreu, e acredítase que acordásemos o que acordásemos non fixeron absolutamente nada. E é que dez meses despois, señorías, daquela presentación nada sabemos do Plan director. A eficacia, o dinamismo, as noticias en positivo tornaron en noticias preocupantes, noticias negativas, porque os titulares dende entón, señorías, son os seguintes:

Xullo de 2019: «*La alcaldesa de A Coruña propone dejar Vigo fuera del corredor atlántico*». «*Los empresarios temen que las peleas lleven a excluir a Galicia*». «*División en Galicia por la ruta prioritaria del corredor desde Ponferrada y Monforte*». «*El BNG también ve absurdo que el corredor atlántico pase por Vigo para llegar a A Coruña*».

Outubro de 2019: «*Los empresarios denuncian la inacción de Fomento para impulsar el corredor atlántico*».

Novembro de 2019: o Adif participa nunha xornada en Tánxer, na que se presenta un Mapa dos corredores ferroviarios, no que non está o noroeste nin está Vigo. A información que recaba o presidente do Porto de Vigo é moi clarificadora, e así dá conta aos medios de comunicación: «*Hablé con el representante de Adif y me dijo que no había dinero para todo, así que se centrarían en las inversiones con retorno en los puertos de Algeciras y el Mediterráneo*».

Ben, se lles dou conta da resposta que lle deu o alcalde de Vigo a esta preocupación que se lles trasladou aos empresarios, é que é para anotalo: «*El rejidor mantuvo que el mapa presen-*



tado en Tánger es antiguo y que los planes de Adif se ampliaron y cuentan con los puertos gallegos, tal y como explico la propia Pardo de Vera, pero algunos funcionarios siguen con la teoría de Adif de cuando estaba el PP, y eso cambió». Así é que, á parte dun conflito, xa están poñendo a venda de botarlle a culpa do que pase ao Partido Popular.

E estes son os feitos, señorías. Pasamos dun traballo coordinado e eficaz a unha estratexia da inacción e da confrontación. E a nós as discordias socialistas non nos interesan, salvo, señorías, no que nos poida prexudicar a todos.

Pero non deixa de chamar a atención que, cando as noticias son de prioridade do corredor mediterráneo, xurda unha alcaldesa socialista cuestionando o trazado do corredor atlántico, xurda outro alcalde socialista dicindo outra cousa, xurda a *muletilla* permanente, o colaborador necesario do Partido Socialista, o BNG, dicindo tamén que é un absurdo que o corredor teña o trazado que ten. E isto creando unha confrontación sobre algo no que antes existía unha unidade absoluta, e que non se plantexaba ningunha cuestión de que houbo diverxencias sobre o trazado do corredor.

¿Saben que pasa? Que iso ten a pinta de ser unha escusa para que o corredor atlántico quede nun debuxo, mentres os fondos van para o corredor mediterráneo. Porque ¿saben, señorías, que noticia se publicaba o 30 de novembro mentres estas eran as noticias que saían sobre o corredor atlántico? Pois voules ler: «*Fomento dedicará 4.000 millóns de euros al corredor mediterráneo, mientras el noroeste espera.*»

¿Saben, señorías, de que presumía o secretario de Estado de Infraestruturas, o murciano señor Saura, no acto do que daba conta esta noticia? Pois presumía de que no último ano e medio se investiran dous mil millóns de euros no corredor mediterráneo, e comprometía outros catro mil millóns de euros se se aprobaban os orzamentos.

Señorías, estes son os feitos, comprenderán que nos poñamos no peor, comprenderán que co trato que Galicia está recibindo do Goberno do señor Sánchez, aínda postos no peor, as cousas aínda poden empeorar máis. E nós, señorías, temos unha idea, e non estamos dispostos a renunciar a ela. E se os socialistas queren sementar discordias e buscar escusas para priorizar o corredor mediterráneo, nós imos seguir reclamando a modernización do corredor atlántico, e que esta modernización sexa unha realidade.

E para iso é necesario que coa maior brevidade se elabore e presente un plan director cunha programación, con proxectos concretos, con proxectos de calidade para o noroeste peninsular, que permitan modernizar a rede de mercadorías, que permitan facelo con fondos comunitarios. E o tempo, señorías, conta. E conta porque o pasado 16 de outubro abriuse unha nova convocatoria do programa de traballo multianual do mecanismo financeiro Conectar Europa, dotada con setecentos cincuenta millóns de euros, en distintas liñas de financiamento, nas que se poderían incluír proxectos que son moi interesantes para Galicia.

¿Que se constatou dende que se convocou e se abriu esa liña de financiamento? Pois na última reunión de traballo que se mantivo, porque se convocou pola dirección xeral de Transportes da Comisión Europea, o que se constatou foi que o Ministerio de Fomento non ten



avanzado nada, nada, señorías, na promoción da rede de mercadorías do noroeste ante este mecanismo de financiamento comunitario. ¿Que están facendo, señorías? Están deixando que pase o tempo, e non podemos deixar que pase o tempo.

E é por esta razón, señorías, pola que hoxe estamos outra vez aquí, nesta sesión plenaria, para instar a Xunta a demandar do Ministerio de Fomento:

Primeiro, a elaboración e a presentación na maior brevidade dun Plan director de transporte de mercadorías para o noroeste peninsular, que estableza unha programación para o desenvolvemento dunha rede ferroviaria de calidade, que sexa acorde cos requisitos establecidos para esa rede principal da rede transeuropea de transportes.

En segundo lugar, que elaboren e presenten proxectos concretos, proxectos de calidade, que sexan compatibles con ese Plan director e que permitan modernizar as nosas infraestruturas con cargo a fondos comunitarios.

En terceiro lugar, que soliciten os fondos desa nova convocatoria, que se acaba de abrir o 16 de outubro, para iniciar os proxectos necesarios para o desenvolvemento da rede transeuropea de transporte no noroeste. E queremos facer a salvidade de que nesa convocatoria podería ter encaixe o proxecto ferroviario de saída sur de Vigo. Pode ser un beneficiario destas axudas precisamente porque se trata dunha actuación estratéxica para Galicia e para o norte de Portugal.

Por tanto, señorías, aquilo de «esperando o peor para sorprenderse co mellor» non está sendo aplicable a este goberno en moitos ámbitos, pero, desgraciadamente, tampouco nisto que ten que ver co corredor atlántico. Os feitos lévannos a esperar o peor, e sospeitamos que non van defraudar e que incluso son capaces de superarse.

Ben, nós hoxe o que lles pedimos é que antepoñan os intereses de Galicia, e particularmente o Grupo Socialista, aos do Goberno socialista e do compromiso ou a priorización do Goberno socialista dese corredor mediterráneo, non só co seu voto hoxe, que seguramente o apoiarán, como fixeron no mes de abril. O que queremos é que o señor Gonzalo Caballero poña orde nas súas filas, o que queremos é que se volva á unidade e á coordinación, señorías, que priorice a defensa unida e coordinada do corredor atlántico antes que as veleidades e os localismos dos seus alcaldes.

Tamén lle pedimos que faga valer o seu peso político en Madrid, se é que o ten, defendendo os intereses de Galicia e impedindo que o corredor atlántico...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...—remato xa, señor presidente— quede relegado a un último plano por un corredor mediterráneo claramente priorizado polo Goberno do señor Sánchez. Se non o fai, señoría, ou carece de peso político, ou carece de liderado, ou o seu compromiso con Galicia é inexistente.

Así que, señorías, espero que apoiem esta iniciativa.



Pola nosa parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Vén o Partido Popular solicitarlle ao PSdeG que teña peso político en Madrid, e di que se non consegue isto carece de liderado. É o mesmo que lle dirá vostede a Feijóo polos sete anos nos que, mentres gobernou o PP no Estado, non conseguiu absolutamente nada. E agora faremos —non se preocupe— desta cuestión.

Nós non traemos unha multitude de titulares —non sei se algún outro voceiro que vai intervir os trouxo— de empresarios, organizacións políticas, sindicais, colectivos sociais, que durante moitos anos estiveron facendo as críticas ao Goberno central, cando gobernaba Mariano Rajoy, por non ter avanzado nesta cuestión. Levaríanos os cinco minutos ler todos os titulares que vostede leu agora nuns segundos.

A realidade é que o Partido Popular non moveu un dedo para incorporar o noroeste español no corredor ferroviario, ata que lles sacou as cores Europa ao recoñecer que non había ningunha solicitude por parte do Goberno de Mariano Rajoy a ese respecto, cando nós estivemos preguntando sobre esa cuestión. E foi a partir dese momento cando non lles quedou outra que facer o paripé.

Vostede vén aquí pedirles aos demais que fagan o que vostedes non fixeron. Isto é habitual nas PNL que traen vostedes para instar o Goberno central; é o pan de cada día das súas iniciativas. É curioso o interese repentino que ten agora o Partido Popular para dinamizar o ferrocarril; o que non tivo durante as últimas décadas, desmantelando e abandonando infraestruturas e servizos, reducindo persoal e orzamentos. Eses son os datos da súa xestión co ferrocarril.

Un abandono e unha falta de interese que levaron a Galicia a ter o transporte por mercadorías en ferrocarril por debaixo do cinco por cento, moi por debaixo da media do Estado, e á parálise do porto seco de Monforte. Ese é o interese que ten o Partido Popular polas mercadorías e polo transporte en ferrocarril das mercadorías en ferrocarril en Galicia. Ese é o interese. Eses son os datos e esa é a realidade; non os contos que veñen contar vostedes aquí.

Agora si, agora vostedes interésanse moito. Deberíámonos aledar pola importancia que ten o desenrolo e a dinamización do ferrocarril, tanto para o desenrolo económico e social como para a loita contra o cambio climático. Pero a verdade é que, evidentemente, non nos fiamos porque os datos son os que son e as súas actuacións durante todos estes anos sobre o ferrocarril son as que son. Polo tanto, espero que entenda que non confiemos absolutamente en nada da cuestión. Pois cremos que traen isto unicamente para facer publicidade e propa-



ganda, que é o que vostedes soen facer. Porque xa existe un consenso sobre esta cuestión nesta cámara, xa existe un consenso nesta cámara para que se enganche Galicia ao corredor de mercadorías. O que entendemos é que o Goberno da Xunta de Galicia debería estar traballando para conseguilo, e non traer vostedes unha iniciativa aquí. Polo tanto, non sei se é que vostedes non confían no traballo da Xunta do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, ou se simplemente vén facer publicidade e propaganda, porque, como xa existe un consenso, debería estar o Goberno traballando nesta cuestión.

Vostedes son os campións da destrución do ferrocarril en Galicia. Mentres gobernou Mariano Rajoy investíronse cero euros na infraestrutura ferroviaria galega, cero euros de investimento durante o Goberno de Mariano Rajoy en Galicia na infraestrutura ferroviaria. Unha actitude que levou a que teñamos a liña con máis incidencias de todo o Estado, a de Ferrol-Ribadeo, con novecentas incidencias ao ano, 2,5 diarias, e a que teñamos a liña máis lenta de todo o Estado, Ferrol-A Coruña. Eses son os seus datos, ese é o seu interese polo ferrocarril despois de sete anos con investimento de cero euros, ¡cero euros!, na infraestrutura ferroviaria galega. Pois agora veñen vostedes aquí e explícanos que investimentos fixo Mariano Rajoy na infraestrutura ferroviaria galega. Teñen vostedes agora outra quenda para poder facer isto.

¿E que facía o Partido Popular de Galicia durante estes anos no que Fomento abandonou a infraestrutura ferroviaria galega? Pois que Fomento se portaba moi ben con Galicia; dicíao o voceiro do Grupo Popular e dicíao tamén o presidente da Xunta de Galicia. Nós, evidentemente, non lles imos pedir que fixesen naquel momento o que fan agora: exixir que inmediatamente actúen. Durante sete anos non houbo présa, agora hai que actuar inmediatamente. Non lle imos pedir iso, pero polo menos que fosen prudentes e que non saísen nos medios de comunicación a dicir que Fomento se estaba portando marabillosamente con Galicia.

Nós —remato— introducimos unha emenda dunha cuestión fundamental tamén para a dinamización do ferrocarril. Pois a ver se vai en serio e se realmente hai un interese do Partido Popular. Se hai unha emenda ás súas políticas e hai un xiro nas súas políticas, pois ao mellor temos sorte e aceptan esta emenda de que se elabore o estudo —que iso o pode facer a Xunta de Galicia— para a implantación do cercanías en Galicia. É unha emenda de engádega, e non debería de haber ningún problema. Imos ver se realmente vostedes teñen interese por dinamizar o ferrocarril en Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bo día, señorías.

Volvemos estar nun novo capítulo dos *Clásicos populares*, que consiste en que cando se goberna non se instan as cousas, non se fala cos gobernos que se teñen da mesma cor, sim-



plemente se é cómplice do silencio e cómplice da inacción doutros gobernos cando son do Partido Popular. E despois cando non se goberna no Estado, como lle está pasando agora neste caso, entón si é cando desempoan as iniciativas, e todo o que non fixeron durante o tempo de goberno que tiveron ocasión, pois é cando se poñen a ondear a bandeira reivindicativa; a falsa bandeira reivindicativa, porque a boa reivindicación vén cando un ten unha boa interlocución e é capaz de buscar, de chegar a acordos con xente coa que en teoría teñen liña directa. Isto foi o que pasou co corredor atlántico ferroviario.

Quero recordar que foi xa no ano 2017 cando En Marea trouxo por primeira vez a esta cámara nesta lexislatura a iniciativa para denunciar que Galicia estaba sendo excluída do corredor atlántico ferroviario. E fora excluída, en primeiro lugar, polo Goberno xa no primeiro deseño primixenio por parte do Partido Socialista, e posteriormente do Partido Popular. E tivemos que ser nós os que puxemos aquí enriba da mesa esa exclusión. Exclusión que, ademais, foi rexistrada o 29 de xaneiro do 2018 nunha iniciativa que despois foi debatida aquí nesta cámara no Pleno e foi rexeitada, foi rexeitada polo Partido Popular. ¡Votaron en contra!

Entón, esa votación en contra durou, igual que o resto de iniciativas relativas ao corredor atlántico ferroviario, mentres gobernou o Partido Popular no Estado. Aquí están o resto de estratos, (*O señor Villares Naveira amósalle á Cámara uns folios.*) podémolos ler todos se quere, pero teño pouco tempo.

Con relación ao resto de iniciativas que tanto no Pleno como en comisión se debateron con relación a este tema, mentres gobernou o Partido Popular no Estado, derrotáronse todas pola maioría popular; en canto houbo un cambio de goberno empezaron a vir todas a favor.

Entón, estamos ante un episodio recorrente, de non facer nada, de pensar que o resto non soamente da oposición senón da sociedade galega está desmemoriada, que as organizacións sectoriais e profesionais están desmemoriadas, que non teñen lembranza do que pasou non hai tanto tempo. Polo tanto, é como se vostedes non tivesen ningunha responsabilidade na situación actual, cando o certo é que si. Porque a inclusión de Galicia, de tramos de conexión galegos no corredor atlántico ferroviario é unha demanda unánime non soamente dos sindicatos, non soamente das organizacións profesionais, non soamente das empresas, non soamente da industria, senón que tamén era unha demanda que se facía constantemente desde a oposición, que foi desatendida.

Con relación á iniciativa tal e como está formulada neste momento, nós estamos a favor. Pero dixémolo: nós somos coherentes e somos consecuentes coa mesma posición política ao cabo do tempo. E, polo tanto, nós tamén consideramos —ao igual que se expuxo aquí— que a presentación que se fixo en Powerpoint é unha mera burla de como debe ser unha actuación dun gobernante, sobre todo cando se actúa en categoría de ministerio. E sabemos que quen lle elabora os papeis ao Ministerio é un gabinete ben preparado. Foi algo absolutamente inaceptable.

Polo tanto, estamos de acordo con iso, estamos de acordo con que é necesario presentar de forma inmediata un plan director. E ese plan director pódese facer aínda que estea o Goberno en funcións, porque o Ministerio non deixa de funcionar por esta soa razón. Cómpre ir nesa liña, e é algo que xa debería estar feito, desde logo.



En segundo lugar, cómpre tamén elaborar uns orzamentos que sexan coherentes, un proxecto de orzamento cunha intervención tamén das enxeñerías para poder presentar en Bruxelas en tempo. Porque estamos falando do mecanismo Conectar Europa, que ten uns trámites que deben ser seguidos tamén dunha forma adecuada e cunha cadencia temporal que debe ser respectada.

E con relación ao tramo sur de Vigo, saben que ten un mecanismo diferente de financiamento, por ser un tramo transfronteirizo eses trinta quilómetros. Polo tanto, pódese acoller a un mecanismo directo diferente de Conectar Europa. Iso permitiríalle incluso ao Goberno español neste momento facelo xa simplemente coa presentación dos estudos informativos.

Polo tanto, nós consideramos con relación á iniciativa que é correcta no fondo. Sen embargo, lamentamos que isto sexa simplemente unha iniciativa de oposición; desas que se vota en contra cando o Partido Popular está gobernando no Estado e teñen aquí maioría para non molestar aqueles aos que lles deben submisión, e cando non se goberna, pois é cando se vén con este tipo de propostas, que nós respaldamos antes e respaldamos agora governe quen governe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ¡Yo flipo! *(Risos.)* Flipo en cores, señora Rodríguez Barreira. ¡Que cara vir aquí dicir que se está pasando o tempo, cando aquí realmente cando pasou o tempo foi cando gobernou o Partido Popular durante seis anos no Goberno do Estado *(Aplausos.)* e cando se aprobou a exclusión de Galiza do corredor atlántico no ano 2013! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque ¿de que estamos a falar?, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿de que estamos a falar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, tranquilo, tranquilo. *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* Novembro de 2013, nove corredores prioritarios... *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Martín, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Calma, señor Martín. *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Quería falar vostede de portavoz?

O señor PRESIDENTE: Señor Martín.

O señor BARÁ TORRES: Vostede puido falar de portavoz...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.



O señor BARÁ TORRES: ...deixoulle a palabra á señora Rodríguez Barreira. Agora cale. Despois presente unha iniciativa vostede, se quere, máis tarde. Pero agora escoite. *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* Aínda que non lle guste, ¡escoite! *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Martín! *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: ¡Escoite!

O señor PRESIDENTE: Señor Fernández Prado. *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor BARÁ TORRES: Xa sei que non gusta, pero escoite. ¡Hai que escoitar, aínda que non guste! *(Murmurios.)*

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Diga a verdade.

O señor PRESIDENTE: Non.

O señor BARÁ TORRES: Novembro de 2013, aprobáronse nove corredores prioritarios en Europa. *(Murmurios.)* *(O señor Bará Torres amósalle á Cámara un folio escrito.)* *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Fernández Prado, chámoo á orde.

O señor BARÁ TORRES: Votouse no Parlamento Europeo. O Partido Popular e o Partido Socialista votaron a favor de excluír Galiza dos nove corredores prioritarios. É certo que iso viña dunha proposta do Partido Socialista no Goberno do Estado anterior, pero vostedes no 2013 mantiveron esa proposta e votaron a favor no Parlamento Europeo. Puideron non facelo, pero votaron a favor de excluír Galiza, ¡e así estamos agora!

Porque ¿de que nos fala?, ¿de setecentos millóns nunha convocatoria de subvencións? É que na convocatoria do 2014 había once mil novecentos millóns de euros para investir, que foron para esoutros corredores. ¡Claro!, foron para os corredores europeos —para os nove—; tamén para o Mediterráneo, por suposto. Por iso di a señora Rodríguez Barreira que se van investir miles de millóns no corredor mediterráneo, porque se aprobou no 2013 que estivese. Por iso estanse investindo agora. E tamén no atlántico, no atlántico pero sen Galiza, no atlántico que conecta O Porto, que conecta Sines, que conecta Aveiro, e que deixa excluído o porto de Vigo e o porto da Coruña. Porque aquí non imos entrar na guerra de se A Coruña ou Vigo, ¡teñen que entrar os dous! *(Aplausos.)* Pero teñen que competir en pé de igualdade co Porto, que está levando todo. *(Aplausos.)*

E isto é responsabilidade das políticas que se fixeron durante dez anos por parte dos gobernos do Estado, do Partido Popular e do Partido Socialista, ¡claro que si! E do abandono do



ferrocarril en Galiza. Porque ¿de que estamos falando? ¿Saben vostedes canto tardan en chegar en ferrocarril as mercadorías galegas ao porto de Barcelona? ¿Saben canto tardan, polas políticas do Partido Socialista e do Partido Popular? ¡Trinta e seis horas! Iso non é competitivo.

E non é de recibo tampouco que vostedes na Estratexia de cambio climático nin sequera mencionen o ferrocarril, cando é un elemento fundamental para mellorar non só a conectividade e a competitividade, tamén a sustentabilidade do noso país.

Polo tanto, teñen vostedes toda a responsabilidade. Tamén a Xunta de Galiza cando no 2010 propuxo crear o ente ferroviario galego, e despois deixou esa proposta nun caixón. E cando en 2012 avalou o desmantelamento das estacións e das liñas deste país. Teñen toda a responsabilidade tamén, e do abandono do ferrocarril de mercadorías.

Porque temos neste país un ferrocarril que non é nin sequera do século XX, é un ferrocarril do século XIX, porque o trazado entre Lugo e A Coruña é un trazado do século XIX, e o trazado entre Ferrol e A Coruña é un trazado do século XIX. E iso é responsabilidade do Partido Socialista e do Partido Popular. E xa non digamos como está a liña entre Ferrol e Ribadeo. Polo tanto, ¿de que estamos a falar?

E agora ¿véñennos falando de setecentos millóns? Por suposto que si que hai que facer o plan director, que hai que facer proxectos de verdade. Pero xa o dixo onte tamén en Vigo o presidente de Portos do Estado: Europa vai aprobar esa nova fase en 2020, e nese momento é cando hai que presentar os proxectos. E os proxectos non están feitos. Se non temos goberno, polo tanto, non vai haber proxectos para o 2020, ¡claro que si! Pero isto tíñase que prever xa moito antes, tamén cando estaba gobernando o Partido Popular, e teñen vostedes tanta ou máis responsabilidade.

E o único proxecto que teñen, que presentaron ou anunciaron nos últimos tempos no Goberno do Estado, é un proxecto dun millón de euros, que é unha tomadura de pelo auténtica. Un proxecto, ¿saben para que? Para actuar na liña entre Ferrol e Monforte, para facer aparcadoiros, para que poidan estacionarse trens de setecentos cincuenta metros. Esa é a única previsión de mellora. É dicir, chapa e pintura. ¡Co que hai que facer para mellorar a rede ferroviaria, para poñer dobre vía, para poñer electrificación, para poñer RTMS e para poñer ancho internacional, que é o que hai que facer! O que tiña que terse feito xa desde o ano 2010, desde o ano 2011, entrando no corredor atlántico no 2013. Cousa que non entramos pola irresponsabilidade do Partido Socialista e do Partido Popular. ¡Así que non veñan aquí darnos leccións!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Bo día, señorías.

Enganchando desde o punto de vista ferroviario co que dicía o señor Villares, volven os *Clásicos populares*, volve Mozart, volve Chaikovski, volve Beethoven, volve Bach e volve o corredor atlántico de mans do Partido Popular.

Señora Rodríguez Barreira, xa se lle dixo que no pleno do 9 de abril deste mesmo ano se aprobou unha proposición non de lei, que se aprobou ademais por unanimidade, porque aceptaron vostedes as engádegas doutros grupos parlamentarios. E creo francamente que non vai ser quen de fracturar esa unanimidade que temos todos os grupos desta cámara en defensa do que son os intereses de Galicia e da súa inclusión no corredor atlántico, por moito que o sigan intentando con iniciativas como esta, na que vostede fala de liderado político, de representatividade dentro das políticas do Estado, etc.

Desde logo, o Partido Socialista de Galicia vai seguir defendendo as iniciativas que vostedes traian e que supoñan unha mellora para Galicia. Pero tamén creo que esta iniciativa ten certos tintes de campaña. Levan vostedes uns meses cunha lista de agravios na que inclúen o AVE, inclúen a AP-9, inclúen o corredor atlántico; e isto, evidentemente, ten tintes electorais.

Señora Rodríguez Barreira, o último co que nós almorzamos foi onte unha solicitude de comparecencia do director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas para falar das medidas que ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para minorar o impacto sobre as familias do incremento da peaxe da AP-9. Mire, señora Rodríguez Barreira: ¿vostedes non teñen culpa ningunha de que a concesión da AP-9 chegue ao 2048? ¿Quen fixo esa ampliación dunha concesión que ía rematar no 2023? ¿Por que imos ter que seguir pagando peaxes ata o 2048? ¿Quen decidiu iso? ¡Un Goberno do Partido Popular! E agora veñen vostedes rasgarse aquí as vestiduras invocando o agravio das peaxes e de que hai outras autopistas do Estado que en réxime de concesión remataron a súa concesión. ¡Claro que a remataron! Como tería rematado dentro de catro anos a AP-9 se vostedes non ampliasen esa concesión.

E fálanos vostede de desvíos a favor de non sei que outras partes do Estado. Ben, si, sabemos todos que se refiren ao Mediterráneo; debe ser pola orixe do ministro de Fomento. Pero vostedes non protestaban cando, por exemplo, no ano 2014 a porcentaxe de investimento de todas as adxudicacións do Ministerio de Fomento en Galicia representaban só o 4,72 por cento do Estado; tampouco protestaban cando no ano 2016 era o 4,77 por cento. E eu non estou a defender nin de lonxe que haxa unha priorización cara ao Mediterráneo en detrimento do corredor atlántico e da súa ampliación cara ao noroeste, por suposto que non. Pero, ¡sexan coherentes!, sexan coherentes e demanden o mesmo trato cando están gobernando ou cando non están gobernando, porque iso é coherencia. E esa é a coherencia que imos ter o Grupo Parlamentario Socialista, porque imos votar a favor desta iniciativa aínda que lle demande a un goberno en funcións determinadas actuacións.

A cuestión é que todos sabemos que en febreiro se presentou ese documento do corredor atlántico, e xa sabemos que non é un proxecto, xa sabemos que non é un plan director. Pero resulta que a Xunta de Galicia nunca presenta un Powerpoint para facer a exposición pública



dos seus proxectos; non, non, iso é algo que soamente fai o Partido Socialista Obreiro Español no Goberno do Estado. Vostedes non, vostedes lanzan todo tipo de documentos de planificación construtiva xa desde o primeiro momento. Como todos sabemos —os que estamos aquí, que estamos fartos—, a min a cada pouco chégame ao meu correo electrónico actualizacións do Plan de infraestruturas e do Plan de estradas de Galicia, ou non me chegan porque non o hai. Pero vostedes non teñen ningún problema en demandar que un Goberno faga en cinco ou seis meses, ou nun ano, toda unha planificación dun corredor atlántico, dunha infraestructura tan grande e tan complexa como esta.

Por certo, ¿non tiña a Xunta de Galicia xa avanzado un proxecto practicamente completo no cal sustentaba as súas críticas ao que ía presentar o Ministerio de Fomento? Pois que nolo fagan coñecer tamén, e tamén poderán opinar os técnicos do Ministerio de Fomento, que supoño que son tan solventes como o son os da Xunta de Galicia cando menos. E, evidentemente, estamos a falar de procesos dunha elevada complexidade, tanto desde o punto de vista da relación dos propios proxectos como desde a súa tramitación diante da Unión Europea.

De todos modos, e para que lles sirva de tranquilidade —que xa lles dixen que iamos votar a favor—, teña en conta que soamente durante este ano e para melloras relacionadas con este corredor o Ministerio de Fomento licitou e adjudicou obras, actuacións por valor de 27.700.000 euros. Quero dicir que para ser un goberno en funcións algo deben estar facendo ben.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Señorías, é increíble, vostedes non son capaces de criticar, é que nin na evidencia son capaces de cuestionar o que fai este Goberno do señor Sánchez. É que nin sequera no risco de que perdamos accesibilidade aos fondos europeos para esta convocatoria que se acaba de presentar, ¡nin nese caso son capaces de facer unha crítica! ¡Home!, eu comprendo que queren ser socios necesarios, pero, oia: isto é Galicia, ¡defendan os intereses dos galegos! *(Aplausos.)* É que ¿a que estamos, señorías? *(Murmurios.)* Si, si, levante o puño, señor Bará. *(Aplausos.)* ¡O puño levantado! *(Aplausos.)* Pero vostede... A cuestión é botarlle a culpa ao Partido Popular, porque di vostede que se aprobou a exclusión en Galicia no 2013. Non, diga a verdade, diga que estes trazados se negociaron no 2009 e no 2010, cando era ministro de Fomento o señor Blanco, cando vostedes apoiaban os orzamentos do señor Zapatero... *(Murmurios.)* ¡E non dixeron nada, señor Bará! *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡É mentira! *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¿Onde estaban, señor Bará. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

E, mire, dígolle máis. ¿Onde están agora? Porque acaba de presentarse un plan que orza 1,5 millóns de euros por quilómetro para o corredor atlántico pero 18 millóns de euros por quilómetro para o corredor mediterráneo. Pero vostedes, como di o señor Caballero, ¡chitón, chitón! ¡Oia, digan algo, digan algo! ¡Claro! *(Aplausos.)* *(Fortes murmurios.)*



Di o portavoz de En Marea que votamos en contra. Non, señor Cal, non votamos en contra, non, presentamos unha emenda. E ¿sabe o que pasa? —vostede, si, si, o portavoz do Grupo Común da Esquerda—. ¿Saben o que pasa? Que é que vostedes —plantexábao o señor Villas— presentaron unha iniciativa mal formulada, porque comparaban o corredor atlántico cunha base xurídica diferente que afectaba a Zaragoza. Non tiña nada que ver, estaba mal formulada e por iso lle presentamos unha emenda. *(Murmurios.)* E como non a aceptaron, como non a aceptaron, non puidemos votar... *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, mire, vostede non nos pode dar clase de compromiso co ferrocarril en Galicia. Se por vostede fose, non teríamos AVE; polo Partido Socialista, seguramente tampouco, pero por vostedes, señorías... ¡Home!, non nos dean clase dende o Grupo de En Marea.

En canto ao Grupo Socialista, mire, señor Álvarez, fala vostede de «clásicos populares». ¿Sabe cales son os clásicos? Que chega o Partido Socialista e a Galicia lle dan por todas partes. ¡Ese é o clásico, señorías, ese é o clásico! *(Aplausos.)* Mire, vén aquí dicir que nós non fracturemos. Hai que ter cara dura para vir aquí dicir iso. Nós non imos fracturar a unidade que hai en relación co corredor atlántico. ¡Pero se son os seus alcaldes os que están fracturando esa unidade! ¿Como nos pode dicir isto? ¿Sabe o que pasa? Moléstalle que traíamos esta iniciativa porque vostedes o que quererían é que non falásemos do corredor atlántico, ¡claro! É que o que non quere é que contemos isto, señor Álvarez, non quere que isto llo contemos á xente. O que vostede non quere é que nós digamos que presentaron hai apenas un mes, ou mes e pico, un plano no que non aparecía Vigo, no que non aparecía a zona noroeste no corredor atlántico. Iso é o que vostedes non queren. Pero, claro, é que vostedes presentaron iso, e di agora: É que aquilo non era un plan. ¡Non, non!, vostedes nos titulares dicían: O señor Ábalos presenta o Plan director do corredor atlántico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Era un plan director no que non aparecía a conexión sur, no que non aparecía a PLISAN, no que non aparecían as conexións cos portos.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, sobre a emenda...

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ¡E vostedes dicían chitón! Pero ¿de que estamos a falar? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Aquí, señorías —e xa remato, señor presidente—, o outro día nun foro...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, sobre a emenda...

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Xa remato. Nun foro dicía o delegado do Goberno que había un plan. Debe ser un plan fantasma porque non o coñece ninguén. E iso é o que pedimos, que o elaboren, que o presenten. E ¿sabe por que? Porque, miren, isto é fundamental para mellorar a conectividade, a loxística, a mobilidade e a competitividade das nosas empresas.



O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, ¿acéptaa ou non?

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: E sobre a emenda téñolle que dicir que non a aceptamos porque non ten nada que ver co que estamos a debater, nada que ver, señor Cal, nada que ver.

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa está, xa chegou. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: E ademais nin sequera é competencia da Xunta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira, grazas.

Pasamos á proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque... *(Fortes murmurios.)*
(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Tranquilos! ¡Por favor, non somos un colexio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
¡Un pouco de tranquilidade, veña! Eu non escoito iso. Un dime que chaman, outro di que non chaman... Eu non sei se chaman ou non chaman. O que teñen é que non chamarse nada.
¡Por favor, vaíamos a un debate serio! *(Murmurios.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Pre-
sas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Go-
berno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de
paritorio no Hospital Comarcal de Verín**

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. 10/PNP-004421 (59336)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1- Que as decisións organizativas que se adopten respecto á prestación dos servizos sanitarios teñan como prioridade a súa prestación desde a proximidade garantindo a seguridade e a mais alta calidade posible na prestación deses servizos de acordo cos criterios profesionais, técnicos e das sociedades científicas avaliados con carácter xeral pola comunidade científica.

2- Manter o seu compromiso coa asistencia sanitaria aos veciños e veciñas de Verín e á súa contorna garantindo a proximidade, a seguridade e a calidade de xeito que se recupere a actividade do paritorio cando de acordo cos principios sinalados no punto anterior (nomeadamente a dispoñibilidade



de pediatras) se garantan as condicións de seguridade no parto para as nais e na atención aos neonatos.

3- Impulsar o Plan de Futuro do Hospital de Verín mellorando ou incluíndo na súa carteira de servizos novas prestacións, tales como Hospitalización a Domicilio (HADO), Programa de saúde da muller, cribado da cervix ou novo servizo de urxencias.

4- Demandar do Ministerio de Sanidade:

a) Que coordine coas Comunidades Autónomas a oferta de todas as prazas acreditadas de MIR de Pediatría.

b) Que permita e regule a formación dos residentes con períodos de rotación en hospitais comarcais.

c) Que modifique o Real Decreto que regula a vinculación laboral do persoal en formación para permitir a formalización de contratos estables en prazas de difícil cobertura ao rematar o seu período de formación.

Asemade, o Parlamento de Galicia amosa o seu recoñecemento a todos os profesionais da sanidade pública, e en particular aos que desenvolven o seu traballo no ámbito rural tratando de dispensar a mellor atención a todos e todas as pacientes con independencia do seu lugar de residencia.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Bo día.

«Recortar dereitos das mulleres e das crianzas é violencia». «Menos discursos e máis recursos». «Ninguén nos di onde parir. Verín non se pecha». (Aplausos.)

Señorías, estas son algunhas das consignas que un millar de veciños e veciñas de Verín e da súa comarca coreaban onte ante as portas deste Parlamento. Son demandas cheas de razón, de xustiza, son palabras que aínda hoxe resoan con forza, coa forza que dá defender algo tan esencial como o dereito á saúde con independencia do lugar no que vivas ou no que nazas.

Reabrir a sala de partos e restituír as urxencias pediátricas no hospital de Verín son as demandas que teñen en pé de guerra a toda unha comarca que non está disposta a quedar cruzada de brazos vendo como o goberno do señor Feijóo lles recorta servizos que son servizos básicos esenciais, a garantía para poder ter dereito á saúde, e que o fai, ademais, atentando contra o dereito precisamente á saúde das mulleres e das crianzas.

E eu quero facerlles hoxe unha pregunta, e moi especialmente aos señores e señoras da bancada popular. ¿Quen de vostedes elixiría parir a 80 quilómetros de distancia podendo facelo



a 5 minutos da súa casa? ¿Quen de vostedes elixiría ter o pediatra do seu fillo e filla a unha hora, podendo telo á porta da súa casa? ¿É realmente tan difícil entender que unha muller non queira arriscarse a parir nunha ambulancia en plena estrada? ¿É tan difícil entender que un pai, unha nai, queiran ter un pediatra o máis próximo posible para poder atender unha urxencia? Pois isto, señorías, é exactamente o que están reclamando os veciños e veciñas de Verín cando din que hai que reabrir o paritorio e as urxencias pediátricas neste hospital.

E no Bloque Nacionalista Galego estamos do seu lado porque teñen razón e porque teñen todo o dereito. Por iso hoxe traemos unha proposición non de lei que é tamén un compromiso. Esta proposición non de lei é un compromiso coas persoas e co seu dereito á saúde, porque cando se trata do dereito a unha sanidade pública de calidade non se poden dar pasos atrás, que é o que están facendo vostedes. É un compromiso tamén coas mulleres e cos nenos e coas nenas, que teñen dereito a recibir unha atención médica o máis cerca posible do seu lugar de residencia, como a que tiñan ata que o señor Feijóo decidiu facer o que mellor se lle dá, o que leva facendo estes dez anos: recortar, recortar e recortar. Esta proposición non de lei é tamén un compromiso co rural, porque temos a obriga moral de traballar para que os veciños e veciñas do rural e das vilas pequenas teñan os mesmos dereitos e servizos que os das cidades. E, por último, esta proposición non de lei é tamén unha oportunidade para que os señores e señoras do Partido Popular rectifiquen, unha oportunidade para que o Partido Popular e Feijóo rectifiquen apoiando esta proposta do BNG para que Verín e comarca recuperen os servizos sanitarios que nunca, nunca, deberon perder: a sala de partos e as urxencias pediátricas hospitalarias.

Hoxe pedímoslles que rectifiquen, que deixen de lado os partidismos, que se poñan do lado das persoas, que escoiten o que centos de veciños e veciñas pedían ás portas deste Parlamento, pero que están pedindo tamén cada día con ese encerro que segue no hospital. E pedímoslles que deixen de lado tamén a prepotencia, a soberbia, a propaganda e as mentiras, e que se poñan do lado dos dereitos das mulleres e das crianzas. Por unha vez, señorías, fagan o correcto e deixen de xustificar o inxustificable cun argumentario que xa vemos que teñen que ir rectificando sobre a marcha a base de esconderse detrás dos profesionais.

Vostedes primeiro aludiron a que era mellor primar a calidade sobre a comodidade, coma se ter servizos sanitarios cerca fose un capricho das mulleres, dos pais e das nais. Despois alegaron que había que suprimir o paritorio porque, como había poucos partos, os profesionais perdían pericia. Tiveron este argumento ata que os propios profesionais tiveron que plantarlles cara porque estaban insultando a súa capacidade. Señorías, con 3.000 partos nun hospital e sen problemas, ¿como podían utilizar este tipo de argumentos? (Aplausos.)

Tamén buscaron como escusa o descenso do número de partos alegando que non se cumpría a ratio que estaba establecida pola Organización Mundial da Saúde. E vostedes saben perfectamente que esas ratios non se cumpriron nunca. E é máis, esas ratios non as cumpre ningún dos hospitais comarcais que neste momento están funcionando e nos que se realizan partos. Entón, ¿por que pechan o paritorio de Verín? ¿Ou é que, señorías, temos que entender que detrás desta xustificación, detrás deste inicio en Verín, van suprimir todos os paritorios que hai nos hospitais comarcais, na Mariña, no Salnés, en Monforte? ¿Que é o que temos que entender, señorías?



O que estamos vendo é que todo o argumentario que utilizou o Partido Popular e o Goberno da Xunta para xustificar esta decisión non foi máis que unha suma de incoherencias; incoherencias que, por certo, tamén seguen co que leva facendo nestes últimos días o propio presidente da Xunta. O pasado xoves dicía, despois do Consello da Xunta, que están dispostos a reconsiderar a cuestión se así o aconsellan os profesionais. De novo temos a Feijóo escondéndose detrás dos profesionais cando sabemos que isto foi unha decisión de política sanitaria que marcou este goberno. Ou din que están dispostos a que se reabra o paritorio baixo a responsabilidade das mulleres. ¿Como pode ser tan frívolo e incompetente un presidente da Xunta ante un tema que ten unha relevancia destas características? (*Aplausos.*)

E hoxe volven xogar escondéndose dicíndonos que o problema é que non hai pediatras. A min isto, primeiro, lévame a unha reflexión. Temos un goberno que presume de xestión e que non é capaz de contratar un pediatra. ¡Pois vaia xestores! Terían que dimitir todos e cada un deles, porque é o maior sinal de incompetencia. (*Aplausos.*)

Pero é que vostedes crearon as áreas sanitarias para poder mobilizar persoal, na área sanitaria de Ourense hai pediatras e o que vostedes están facendo é, en vez de que se mobilicen os pediatras, que se mobilicen as mulleres embarazadas e a ver se teñen sorte e non paren na carretera. En vez de que se mobilicen os pediatras, que se mobilicen nenos e nenas enfermas. É unha nova escusa para xustificar unha decisión política.

Pero, señorías, isto desde logo necesita unha rectificación e tamén necesita que neste Parlamento tomemos unha decisión clara. E, se o Partido Popular e Feijóo están a favor de que se reabra o paritorio, estou segura de que hoxe votarán a favor desta iniciativa, porque se todos e todas estamos de acordo nese fin, ¿como é que non vai saír aprobada unanimemente?

E non quería, señorías, acabar esta intervención sen facer unha referencia a uns feitos que a nós nos parecen moi graves, en referencia ao último parto que tivo lugar no Hospital de Verín, un parto que foi posible grazas a que hai profesionais responsables, entre eles o xinecólogo xefe e a matrona. Eles tomaron unha decisión —hai que dicilo— que os honra, porque evitaron o risco de que unha muller embarazada tivese o parto nunha ambulancia no medio da estrada camiño de Ourense. Pensen por un momento e póñanse no lugar dos feitos. Unha muller chega ao Hospital de Verín onde ata hai un mes contaba cunha sala de partos que lle permitiría dar a luz sen problemas. O xinecólogo xefe e a matrona de garda conclúen que o parto é tan inminente que só hai dúas opcións: ou reabrir o servizo pechado ou arriscarse a que esta muller teña que parir nunha ambulancia. Apostan pola seguridade da muller e da crianza, como non podía ser doutro xeito, e piden que o Hospital de Ourense envíe un pediatra. E para conseguilo, señorías, ata teñen que recorrer ao xulgado. Finalmente prodúcese o parto, que conclúe sen ningún problema nin para a nai nin para a crianza. Cinco minutos despois de que se producira este parto o recém nacido é literalmente arrincado dos brazos da nai, como, por certo, declarou o pai nos medios de comunicación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: É trasladado sen esa nai en ambulancia a Ourense, nun acto que a propia presidenta da Asociación Española de Psicología Perinatal cualificou como vio-



lencia contra a muller. *(Aplausos.)* Dío a propia presidenta da Asociación de Psicología Perinatal.

Horas despois é trasladada a nai, que permanece nos corredores do Hospital de Ourense dúas horas sentada nunha cadeira, despois de sufrir mareos e despois de sufrir unha hemorraxia. Desde logo, a calquera persoa cun mínimo de sensibilidade saltaríanlle as alarmas. Non porque o digamos neste Parlamento senón porque pasou. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E vostedes irrítanse porque estamos aquí describindo a realidade. Señoritas e señores do Partido Popular, por favor, un pouco de sensibilidade. Imaxinen que son vostedes esa muller.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: A min, desde logo, caeríame a alma aos pés. E se non o quero para min, non o quero para ningunha muller deste país.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Estamos ante feitos que son gravísimos. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo, ten despois outra intervención, señora Pontón.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)

Xa rematou o seu tempo. Xa está. Xa rematou.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): O que é triste é que non nos axustemos aos tempos.

Moitas grazas, señora Pontón.

Rematou o seu tempo. Ten aí escrito o tempo.

Polo Grupo Popular de Galicia ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: A min gustaríame saber que información manexa vostede, señora Pontón, en relación con ese parto. Eu non teño información clínica, e se a tivese non a podería utilizar por protección de datos. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)* De verdade, de verdade que non sei como se atreve vostede a exercer de fiscal contra unha profesional e de avogada defensora doutros profesionais. *(Fortes murmurios.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor NÚÑEZ CENTENO: E eu, desde logo, reclamarei que se abra unha investigación para que calquera de todos os profesionais que interviñeron asuma as súas responsabilidades, de todos os que interviñeron.

Nós, señorías, mantemos... (*Fortes murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor presidente, ¿podo falar?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Santos, chámola á orde. (*Balbordo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Chámola á orde.

Escoiten a quen está no uso da palabra.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡A todos! Non creo que sexa susceptible diso.

Continúe.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Nós reiteramos e mantemos a emenda que presentamos á moción de onte. E podemos seguir insistindo nas falacias. Non hai recortes, non é un recorte económico. Non hai privatización. Non desaparecen as urxencias pediátricas porque non había urxencias pediátricas porque o Goberno bipartito acabou co último pediatra que había alí. Probablemente había os mesmos problemas que hai agora, pero non vale, iso non vale... Non, non, diso non se pode falar.

Non hai solicitudes para as prazas de facultativos que se convocan, prazas interinas indefinidas. Non hai solicitudes. Hai un plan de futuro para o Hospital de Verín. Evidentemente, nós podemos asumir erros de planificación no pasado na adxudicación de prazas, pero vostedes esquecen a crise económica. E vostedes esquecen que en todas as comunidades autónomas hai exactamente o mesmo problema, non é un problema de planificación galega. E todo iso é pasado. Nós o que queremos agora son solucións de futuro e colaboración para as solucións de futuro. Pero é moi fácil criticar. Dar solucións resulta moi difícil, criticar resulta absolutamente fácil. Iso é o electoralismo da esquerda, electoralismo puro e duro e cun grao de irresponsabilidade moi grave. Ao Goberno do Partido Popular, señorías, espero que non o acusen de electoralismo por esta medida. Creo que é imposible acusar de electoralismo o Partido Popular nesta medida, que é unha medida baseada en criterios de seguridade e calidade. Probablemente o secretario xeral do Partido Socialista, polo que manifestou nunha entrevista e hoxe mesmo, e incluso algún grupo extraparlamentario que sae hoxe na prensa, si que se pode acusalos de irresponsabilidade por dicir que van abrir o paritorio nas mesmas condicións nas que estamos agora, sen pediatras. Eu creo que iso si é absolutamente irresponsable.



Pero, miren, en Lliria, Valencia, abriuse en marzo do ano 2015 un hospital que non levaba maternidade, e a culpa era do PP. Gobernan todos vostedes reunidos dende marzo do ano 2015 e o hospital de Lliria segue sen maternidade, despois de prometer que ían poñer a maternidade.

Eu recordo a autovía de Carballo, señorías, cando vostedes ían gañar as eleccións. E gañaron as eleccións —perdón, perderon pero gobernaron—, e alí dicíase que ía desaparecer a peaxe. Eu paguei a peaxe todos os anos do meu traballo en Carballo, e, por certo, neses anos foi nos que máis subía a autovía. Prometer é moi fácil, cumprir é moito máis difícil.

O alcalde de Verín ofrece vivenda gratuíta para os pediatras. A min paréceme loable. Non é novidoso, ofreceuse en Cataluña, xa o comentamos, pero é unha posibilidade. A min paréceme ben. A Asociación de Matronas busca pediatras, paréceme ben. En España publicítanse todas as ofertas ou ben polos colexios profesionais ou polas asociacións. E no estranxeiro hai que recordar que hai que homologar os títulos, que non vale calquera título.

O Eixo Atlántico e outros colectivos propoñen estender a eurorrexión con Chaves. Iso propúxoo a conselleira Pilar Farjas —recordábo un xinecólogo prestixioso estes días na prensa— e algún deputado do PSOE e algún deputado do Bloque —hai hemeroteca— opuxéronse a esta medida, señorías. O que vale para agora non valía para antes. E a CIG propón médicos itinerantes, pediatras itinerantes, para o hospital. Para iso se aprobou a modificación da Lei de saúde, para dar cobertura legal a ese tipo de desprazamentos, e votaron en contra. E agora resulta que o sindicato, a CIG, di que si.

Eu pregunto o que dirían os grupos da oposición se nós reabrimos os paritorios nestas condicións e lle pasa algo a algunha nai ou a algún neno. ¡O que teríamos que escoitar neste hemíciclo, señorías!

Eu pídolles que apoiem a emenda do Partido Popular e que entre todos os grupos e o Goberno central tomemos medidas para solucionar o grave problema da pediatría. Miren, señorías, eu, como cidadán, entendo as protestas da xente. Teñen que ir parir máis lonxe do que estaban, enténdoo. Eu, como representante político, como voceiro local dun partido que fun, entendo as queixas dos alcaldes e dos concelleiros do meu partido, porque a xente vaise queixar onda eles. Pero nin os cidadáns nin os representantes políticos son expertos en xestión sanitaria nin teñen nada que saber de xestión sanitaria. Pero, como profesional da medicina, estou orgulloso do meu goberno e do seu presidente, porque toman medidas con base na seguridade e na calidade. (*Aplausos.*) Faise arriscando votos, arriscando votos, pero primeiro primase, aquí primase, a seguridade e a calidade da atención das nais e dos nenos. E tamén me preocupa, como profesional da medicina, que a presunta alternativa a este goberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...estea liderada por políticos que teñen demostrado que poñerían por diante os seus intereses electorais antes que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.



O señor NÚÑEZ CENTENO: Remato, señor presidente.

Miren, señorías, os seus discursos dinamitan a súa credibilidade, e non só cos médicos, que xa non a teñen, senón que a curto prazo tamén perderán a credibilidade coa cidadanía.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Xa dixo o presidente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo, señor Centeno.

Moitas grazas.

(O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Xa rematou o seu tempo, señor Centeno.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Non, non os acusamos de electoralismo. Acusámoslos de incompetencia. *(Aplausos.)* Verín o que demostra é que Feijóo non vai seguir gobernando porque se inhibe de gobernar. E Verín afortunadamente, con sorte, será a fin do seu goberno.

En primeiro lugar, inhíbese de gobernar porque se escudou nun informe técnico —que, por certo, non o coñecemos— para pechar o paridoiro. Dixo que era por unha cuestión do número de partos e pola perda de pericia profesional. Era unha razón falaz, porque a ratio relacionada cos partos que se recomenda é para abrir maternidades, non para pechar aquelas que están en lugares dispersos. Porque as recomendacións tamén indican que naqueles lugares máis dispersos hai que atender tamén á distancia.

Ben, primeiro foi esta razón. En apenas unha semana péchase o servizo sen diálogo. Logo, a razón técnica pois pasou a ser que o que se evidencia é que o problema era a incapacidade para contratar pediatras en Verín. Pero é que onte, aínda onte, a razón pasou a ser que, se se quere abrir o paritorio de Verín, teremos que ser as mulleres quen asumamos a responsabilidade de parir nun hospital público. É a política de «¡alá eles!» de Feijóo, igual que o que fai coas recomendacións do Consello de Europa respecto do galego. É renunciar a gobernar. Así pois, o coherente sería dimitir e cesar os altos cargos do Sergas, xa que a cuestión é técnica. Pero é que a cuestión non é meramente técnica.

E con todo este proceso pois o que fai é ir insultando as profesionais. Onte, con esta cuestión de que as mulleres parisen en Verín baixo a súa responsabilidade, era coma se non existise ningunha outra profesional. E sempre se esquece de que as matronas son as profesionais de referencia —matronas e matróns— na atención ao parto normal, de que funcionaba ben o servizo e había unha ratio —recomendada, por certo, polas organizacións internacionais— dunha matrona por cada muller, que podía facer o seguimento. O servizo, como xa foi exposto aquí, non tivo problemas, xa que se actualizan estas profesionais continuamente e os



partos complicados xa se derivaban a Ourense. E agora Feijóo segue poñendo sobre estas profesionais de Verín a responsabilidade. ¿Por que? Porque aínda carecen dun protocolo claro por escrito. Onte mesmo houbo outro parto tamén nunha situación de estrés, porque as mulleres estaban acostumadas a ir parir a Verín. Unha muller rompe augas e vai con estrés a Ourense. Son situacións de tensión das que xa advertimos de que se poderían dar.

Descárganse responsabilidades, e foi tremendo o que sucedeu con ese bebé arrincado así, dos brazos da nai. Porque as recomendacións indican que despois nun parto normal un bebé san ten que estar unha hora —e, se pode ser, dúas— facendo o «pel con pel». (*Murmurios.*) Pois eu o que lamento é que unha muller teña que vivir —nese estado psicolóxico no que se encontra despois de parir— unha situación innecesaria, por non ser un parto de risco, un bebé de risco —algo que non se esquece na vida porque é un momento único—, e que a teña que vivir por unha cuestión de xestión, non por unha cuestión sanitaria. Os procesos sanitarios non se aplican sobre o éter senón sobre persoas. Isto é o que conduce á deshumanización. Dúas horas esperando nesa cadeira non o vai esquecer na súa vida esa muller. Iso é o que temos que evitar.

Berraba onte a xente mobilizada: «Hoxe é Verín, mañá podes ser ti». É que o que está en cuestión é a sanidade no medio rural, os servizos con calidade no medio rural. Isto é o que está de cuestión de fondo, esa idea de que, baixo a responsabilidade das mulleres, hai que dar a luz nun hospital público no medio rural. Ningún dos comarcais chega á ratio de 600 partos anuais. E se a razón son os pediatras, efectivamente, ten que haber pediatras en Verín. Non negamos iso, pero é que hai solucións: publicar as listas de contratación, efectivizar as ofertas públicas de emprego e, namentres, coas sentenzas que hai, facer o mesmo sistema que se fai no Barco. Onte dicíannos que non era unha cuestión de orzamentos. Si que é. É poñer fondos para que as mulleres que vivimos no medio rural teñamos os mesmos dereitos que as que viven en calquera cidade. É máis, poden aumentar o plus que se lles dá ás profesionais que traballan nos hospitais comarcais como o de Verín, porque na actualidade os puntos que dá traballar en Verín son ínfimos tendo en conta que cómpre neste momento no noso país facer unha discriminación positiva para manter os servizos no rural. Non é unha cuestión técnica, é unha cuestión de modelo. As mulleres temos o mesmo dereito a dar a luz en Verín, en Monforte, en Valdeorras que en Ourense. E ao final as de Ourense tamén terán dereito a parir en Ourense e non en Vigo, como parece que é a onde queren derivar todo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós, por suposto, imos apoiar todas as iniciativas e imos seguir insistindo, por moito que lles moleste, en seguir traendo este tema a debate ata que rectifiquen nesta decisión. Porque van ter que rectificar pola presión cidadá e porque estamos en ano electoral, por suposto que van rectificar. Ou eu quero pensar que o van facer. E entón deberían deixar de facer o ridículo, deberían deixar de mentir e deberían deixar de insultarnos a todas as mulleres e



tamén a todas as profesionais. Si, coas declaracións que fan, insultan a todas as mulleres, insultan a todas as persoas que viven no rural e tamén insultan ás profesionais.

Xa se dixo, comezaron falando de comodidades. Non é unha comodidade, é un dereito. Continuaron falando da pericia das profesionais, que parece que o esquecemos. Pidan desculpas por estas declaracións intolerables. Un goberno non pode facer estas declaracións insultando traballadoras que fan un traballo excepcional e dicir que falta pericia. Aínda están a tempo de pedir desculpas por estas declaracións, porque non son, en ningún momento, admisibles.

Agora din tamén o da responsabilidade das mulleres. O presidente do Goberno non quere gobernar e quere pór toda a responsabilidade nas mulleres. E, por certo, fagan dimitir tamén o responsable deste desastre, o responsable da suposta boa xestión na sanidade pública, que, ademais desta xestión tan inútil, o que fixo foi facer declaracións como que un parto non é un infarto. Faino o conselleiro que pecha a hemodinámica na mesma provincia. Non sei, non sei entón o que será. Di el que un parto é un proceso longo, no mellor dos casos dura tres ou catro horas, e que hai un proceso de desprazamento. El debeu vivir moitos partos pero está moi mal informado. Vostedes sempre din que falta información. Vaian falar con calquera servizo, con calquera matrona, para que lles explique que os traballos de parto, os procesos de parto, son bastante diferentes.

Están insultando a todas as mulleres con este tipo de declaracións. Non teñen un mínimo de empatía. Hoxe veu aquí falar de seguridade. E cando falou do último proceso é que, miren —díxoo a señora Pontón—, está en todos os medios de comunicación, e está en todos os medios de comunicación porque o dixo o pai e a nai. O proceso relatárono eles, non é ningún acceso a ningunha historia clínica. É bastante lamentable que veña aquí a dicir isto cando está en todos os medios de comunicación, cando é unha realidade que viviron. E vostedes, en vez de sentir un mínimo de empatía, de dicir «equivocámonos» e de pedirles desculpas a esta nai e a este pai, en vez de dicir «equivocámonos», non, vostedes seguen insistindo unha e outra vez e continúan mentindo, continúan buscando cada vez argumentos máis absurdos. Xa non sei cal vai ser o seguinte argumento que teñamos que escoitar.

E, mire, é que non é casualidade, porque o peche do servizo de urxencias de pediatría e o peche do paridoiro son só un eslabón máis. ¿Cantos anos leva denunciando a veciñanza de Verín o desmantelamento progresivo deste hospital? O que pasa é que isto lles saíu mal, pero o seu plan non é agora novidoso. Levan moitos anos desmantelando o Hospital de Verín, e levan moitos anos tamén desmantelando a nosa sanidade pública. Dicía o presidente que qué alternativa temos dende a oposición. Pois miren, a alternativa é non privatizar, non derivar cada vez máis cartos á privada e non explotar os profesionais, porque na sanidade hai moitas traballadoras que están emigrando. Eu teño moitas compañeiras que están fóra do país. Logo tamén faltarán enfermeiras. ¡Como non van faltar profesionais cando están contratando profesionais por días e por horas soltos! ¿Que tipo de xestión e de contratación pública é? Claro, é que parece que non hai profesionais porque a xente non debe de querer traballar. Non, miren, é que teñen unhas condicións de explotación inasumibles en moitos casos. Aos supostos bos xestores a verdade é que non se lles dá moi ben.



E querer parir cerca de onde vives, non arriscarte a parir nun coche, a parir nun traxecto, non é unha cuestión de comodidade nin debe ser unha elección. É un dereito, un dereito á nosa saúde. E, como tal, o Goberno debe defender os dereitos das mulleres, porque os dereitos sexuais e reprodutivos son dereitos recoñecidos a nivel internacional. A violencia obstétrica existe. E con decisións coma estas están fomentando a violencia. Si, é violencia que unha muller teña que verse separada do seu fillo por unha decisión política, ¡política!, non sanitaria. É mentira, deixen de escudarse nos profesionais, é totalmente mentira. escoiten tamén as profesionais de Verín, que tanto din escoitar. escoiten os xinecólogos, as matronas de Verín, do Barco de Valdeorras e de moitos outros hospitais comarcais. Porque mentiron utilizando o número de partos, cando saben perfectamente a relación con outros hospitais comarcais. ¿Ou é que, se iso saíse ben, o seguinte ía ser o do Salnés, ou o seguinte podía ser o do Barco de Valdeorras? ¿Cal é o seu plan? É que o señor Félix Ruibal xa o dixo moi claramente: que vaíamos todas parir a Vigo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ese é o plan do señor estupendo xerente. Por favor, un mínimo de empatía. Rectifiquen de inmediato e deixen de facer o ridículo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

A decisión de pechar o paritorio de Verín é unha decisión puramente política, unicamente política. Pódese contar con informes diversos, e hai algunhas cuestións, que quedaron claras hoxe á mañá co presidente Feijóo, que a verdade son duras de escoitar. Porque ás veces un tenlle aprecio á institución, incluso á institución da Presidencia. No último pleno dixo aquí que asinaran ese famoso documento todos os pediatras e xinecólogos da área sanitaria de Ourense. ¡Mentira! ¡Mentira! Hoxe xa dixo que os do CHUOU. Non hai ningún problema por recoñecer que se equivocou, pero parece que lle custa moito.

Tamén dixo que todas as sociedades científicas o avalaban. ¡Mentira!, porque xa saíu o presidente da Sociedade Galega de Xinecología e Obstetricia dicindo que a eles non lles preguntou ninguén. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe, se non lle importa, imos dar a opinión tamén os demais, porque igual están facendo como nisto de Verín, que só queren escoitar unha opinión. *(Aplausos.)* Dixo literalmente nos medios —está aí para ler— que non llelo consultaran.

¿Cal é a realidade ao final? Que pecharon o paritorio de Verín sen preguntarlle nada a ninguén que traballara en Verín. E dito así soa un pouco estraño, porque ¿que é o que están facendo? Deixémolo claro: están alimentando unha confrontación entre profesionais. E iso vai bastante en contra do sistema sanitario. Están alimentando unha confrontación entre pro-



fesionais dentro da área sanitaria. Bastante a están alimentando, por certo, porque, cando din durante un mes que lles preguntaron a todos, e a algúns non lles preguntaron, tamén están vostedes provocando un problema de enfrontar profesionais.

E logo hai unha fuxida cara adiante lamentable. Primeiro era un problema do número de partos —falando de seguridade, da vida—, pero logo pasou a ser un problema de persoal. Porque, se con dous pediatras máis se pode reabrir manténdose o número de partos, entón non era o número de partos, entón non era o número de partos —que ese foi o argumento que deu o señor Feijóo aquí, ¡eh!, o número de partos—. Por se acaso é isto dos profesionais, xa avanzaron que vai ser baixo a responsabilidade das nais. ¡Lamentable! Vanlles dar o partorio, as chaves, laven as mans, póñanse vostedes a epidural, teñen aí un bisturí... ¡Miren, é un sistema público e ten que defender e protexer as persoas ás que ten que atender! ¿Como que baixo a súa responsabilidade? A ver se vai ser que nin sequera o señor Feijóo cre os seus propios argumentos e pode ser que alguén poida parir alí.

Pero é que ademais apelan a unha cuestión que é sorprendente. Hai un problema de pediatras. E ¿cal é o labor —preguntámonos— dun goberno? ¿Ver un problema e aceptalo, baixar as orellas, dar a volta e marchar ou é resolvelo? Porque será resolvelo. Se teñen un problema de pediatras, resólvano. Por certo, levan gobernando esta comunidade autónoma once anos. Se hai un problema de pediatras é seu.

Pero vaíamos a algunha cousa máis. Dixo hoxe o señor Feijóo que é o 12 % o dato de pediatras que non están cubertos en Galicia. ¡Mentira! Iso en atención primaria, pero estamos falando de hospitais. ¡En atención primaria! Por certo, ¿estamos por debaixo da media española? ¡Si! E logo cita a comparativa con Cantabria, con Aragón... Fagámolo ben. ¿Hai un problema na media española? Si, sobre todo polas illas, Baleares e Canarias. Non se preocupen, hai gobernos para todos aí. Nacionalistas, socialistas, populares... Nas illas hai certa razón para que haxa un problema de cobertura. ¿Saben por que hai un problema na media española? Por Madrid, por Murcia. Porque aquí o 88 % de primaria cóbrese con pediatras, pero en Cantabria, o 96 %; en Asturias, case o 99 %; na Rioxá, cun goberno do Partido Popular, hai cobertura plena; en Castela e León, o 92 %. É que hai comunidades que teñen moitos pediatras. Por certo, curiosamente as que están máis pegadas a nós teñen moitos máis pediatras galegos ca nós. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que? Porque as condicións que vostedes lles ofrecen aquí aos profesionais son lamentables.

Claro, ¿que esperaban cando expulsaban profesionais? ¿Que foramos telos igual? ¿Que esperaban cando hai un problema de oferta e demanda? É unha cuestión de mercado. Se hai poucos pediatras e lles ofrecemos as peores condicións de toda España, marchan. ¡Ofrezan unhas boas condicións, a ver se temos pediatras! (*Aplausos.*)

A renuncia absoluta a gobernar é asombrosa. Se hai un problema é seu. Resólvano e non acudan a datos que son falaces.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor TORRADO QUINTELA: Por certo, non digan que isto da rotación de profesionais é o que querían resolver coa reforma da Lei de saúde, porque, como foi ben dito noutra ocasión —aínda que dá igual autocontradicirse—, a reforma da Lei de saúde non tocaba, porque Verín xa era parte da área sanitaria de Ourense.

Vostedes deciden o que queren, e despois...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado. Rematou o seu tempo.

Señor Torrado, xa rematou o seu tempo, moitas grazas.

(Aplausos.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón Modelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, en primeiro lugar quero darlles as grazas aos grupos, tanto ao Mixto como ao Común da Esquerda, como ao Grupo Socialista, polo apoio —que era evidente— a esta iniciativa. E si me gustaría matizar algunhas cuestións que dixó aquí o portavoz do Partido Popular.

O primeiro é que, claro, cando un cre que todo o debate se reduce aos votos, está moi equivocado. Isto non vai de votos, isto do que vai é de dereitos das mulleres, (Aplausos.) de dereitos das crianzas, que é o que está en risco neste momento no Hospital de Verín. Deixen de faltarlle ao respecto á xente que en toda esa comarca está reclamando que hai que repoñer o paritorio, porque me parece que aí había alcaldes e alcaldesas do BNG, do PSOE e tamén do Partido Popular. ¿Que pasa, que só se moven porque teñen medo a que lles vaian caer os votos? ¿Ou están defendendo o dereito das persoas e o dereito dunha zona a que non se lle desmantele a súa sanidade pública? Desde logo, creo que isto é o primeiro que había que aclarar.

O segundo é que o PP está xa nun nivel argumentativo de delirio, porque se a acusación que nos fan é que o bloque que goberna en Valencia non é capaz de abrir un paritorio, sinceramente, é que están vostedes demostrando... —claro, o Bloque goberna en Valencia—, (Murmurios.) é que están vostedes demostrando o nivel argumentativo co que enfrontan unha cuestión tan importante para unha comarca, para o futuro dun país. Estamos falando de dereitos, de dereitos das mulleres, dos nenos e das nenas.

E logo enfádanse porque denunciemos situacións gravísimas. É que, mire, o propio pai denunciou nos medios de comunicación o que pasou a semana pasada en Verín. Dixó que todo estaba indo moi ben, que chegaron alí, que estaba moi dilatada, que decidiron, como todo ía ben, parir alí. E di: «*Todo fue bien. Fue necesario que se trasladara un pediatra de guardia desde Ourense a Verín. Vino después. No nos lo dejaron ni diez minutos. Pusimos al niño en el pecho de la madre, estaba intentando coger el pecho, y se lo quitaron. Le pedimos que lo dejaran con la madre dos horas, que era lo que iba a estar en observación la madre, pero nos dijo que no. La explicación que dio el pediatra fue que tenía que documentarlo en Ourense. En cuanto a la madre, fue trasladada a las urgencias ginecológicas del CHUOU sobre las nueve y media de la ma-*



ñana. La mujer que había recibido puntos de sutura, estuvo dos horas en una silla de ruedas vieja en el pasillo —señala su pareja—. No decía nada hasta que empezó a marearse. No tuvimos habitación hasta las doce de la mañana y el problema es que ahora parece que el niño no quiere coger el pecho. Lo que puede llegar a pasar es una auténtica aberración —señala el joven—.» Isto é o que está denunciando unha familia e vostedes escandalízanse aquí porque nós repetimos esas palabras. (Aplausos.) Deberían de escandalizalos estes feitos e, desde logo, abrir unha investigación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Miren, prometer non é fácil, o fácil é recortar, que é o que está facendo o Partido Popular. E xa o levaba feito en Verín nestes últimos tempos.

Se non hai pediatras é pola súa política de precariedade. E remato, señor presidente, cunha cuestión, se non lle importa, que me parece relevante para o propio debate.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Da emenda?

A señora PONTÓN MONDELO: Si, sobre a emenda e sobre a votación, se é posible, porque hai cuestións regulamentarias que tamén queremos explicar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pois, por favor, rápido, porque xa rematou o tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Se o Partido Popular está de acordo en que hai que abrir o paritorio, que vote a favor da iniciativa. Nós aceptamos esa emenda como engádega nunha votación única. ¿Están vostedes de acordo con que hai que abri-lo? Votemos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi ben. Xa está aclarado, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Segunda cuestión: o Regulamento establece que dous grupos da Cámara poden solicitar votación secreta en urna. Todos os grupos da oposición solicitamos que esta PNL se vote en votación secreta en urna para favorecer que se poida votar en conciencia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

Entendín que acepta a emenda se se vota conxuntamente como engádega. Vale. Ademais di vostede que hai máis grupos que solicitan a votación... (A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) Pero terán que dicilo os grupos. ¿Están de acordo? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, moi ben. Terei que confirmalo. ¿Está vostede de acordo ou non? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, grazas. Grazas, señor Sánchez, grazas, grazas pola confirmación.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Permítanme hoxe —porque os que eramos adolescentes nos noventa soubemos que se retira Extremoduro— citar a Robe Iniesta citando a Ortega Palomares: «*Me enervan los que no tienen dudas y aquellos que se aferran a sus ideales sobre los de cualquiera.*» (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) «*Los de cualquiera*», si. En fin, ás veces hai moita dislexia en política —xa sabe vostede—. Se é vostede de esquerdas, alégrome moito. É unha boa aportación.

Saúde mental. Permítanme que inicie dando un dato: hai 98 psicólogos clínicos no Sergas para 2.700.000 galegos aproximadamente. E isto dá un cálculo aproximado de 3,7 por cada 100.000. En todas as ratios que avalan os profesionais —os profesionais, lembren que as decisións en sanidade as toman os profesionais—, din os profesionais que hai que ter un estándar de 4,3, o que implicaría ter que contratar automaticamente aproximadamente 20 profesionais en psicoloxía clínica para o Sergas. Se o Goberno da Xunta decide que a súa política sanitaria a decidan unicamente os profesionais —que pode ser un criterio—, supoñemos que vai ser non só aprobada a iniciativa, que sería o de menos, senón tomada a medida, que é o importante. Veremos, ao aprobar esta iniciativa ou non, se valen todas as opinións dos profesionais ou só valen aquelas que nalgún momento interesan —o cal, ademais, denigra bastante os profesionais que as emiten—.

Ten que ver esta reivindicación dos datos porque evidencia a necesidade de afrontar se de verdade queremos un modelo de saúde mental con máis psicólogos —especialmente psicólogos clínicos— ou non queremos un modelo de saúde mental con tantos psicólogos e que-rémolo máis minorado, e, ademais, se o queremos —recoñezamos a realidade— na situación na que está agora.

¿En que situación real está? Da saúde mental sempre se di —non vulgarmente, pero si como un comentario fácil— que é a irmá pequena do resto da sanidade, porque é probablemente dos servizos con menor atención en termos de política sanitaria. Nos recentes tempos é certo que tivo moita atención mediática —hai que recoñecelo, e iso tamén contribúe a mellorar os servizos—, pero as políticas sanitarias sempre a tiveron como un servizo minorado, como irmá pequena. E dentro da saúde mental —a irmá pequena da sanidade— os psicólogos tamén se senten —por iso falo en terceira persoa— como os irmáns pequenos do servizo. ¿Por que? Porque hai un desequilibrio con outros profesionais, nomeadamente —digamos— os psiquiatras, que son imprescindibles no sistema e cos que existe un desequilibrio. Polo tanto, hai un desequilibrio no modelo asistencial.



Nós o que plantexamos é que as unidades de saúde mental en Galicia teñen déficit de psicólogos e de psicólogas. Temos menos dos que necesitamos, dino os datos. E, por tanto —e seguindo estes criterios de que os datos gobernan—, pois deberían de incrementarse xa.

Pero é que, ademais, temos que ter en conta que é a única especialidade que non ten servizo propio, o cal non quere dicir que queiran deixar de traballar nas unidades de saúde mental, senón que debemos traballar multidisciplinariamente. E ademais debemos de ser conscientes de que, se non existe o número suficiente de psicólogos e de psicólogas, non poderemos implantar dentro do modelo de saúde mental a presenza de maior número, ou do seu maior peso, de terapias de corte máis psicolóxico. E, por tanto, amoldarémonos a outro modelo. E este é o terceiro punto. Temos o dato dos recursos humanos, a relevancia que hai que darlles e o modelo.

¿Por que falamos de mudar o modelo? Temos un modelo de saúde mental excesivamente medicalizado —medicalizado en termos, sobre todo, farmacolóxicos—. O aumento —elevadísimo— do consumo de terapias farmacolóxicas en saúde mental é excesivo probablemente —a xuízo dalgúns especialista— nos últimos anos. Non é un efecto unicamente de Galicia, evidentemente, é un efecto de España; e non só de España —aínda que hai países máis proclives, e España é un deles—. Pero en todo caso é un modelo excesivamente «farmacologizado», se é que existe esta palabra.

E nós defendemos que o modelo de saúde mental —como o defenden tamén moitos psiquiatras nos últimos tempos— debe ter unha compoñente máis terapéutica e de menos farmacoloxía. ¿Por que? Porque probablemente contribuiremos a un plantexamento moito máis sólido dos resultados das terapias. Probablemente teremos a capacidade de ofrecer resultados máis consolidados no tempo. E ademais porque son mellor acollidos polas persoas que pasan por estes servizos. Normalmente —por explicalo máis facilmente— digamos que a pastilla ofrece unha solución máis circunstancial e a terapia máis estrutural. Nese sentido tamén os cidadáns se senten máis comprometidos coa resolución do problema.

Polo tanto, cremos que hai que apostar por ese modelo. Necesitamos para iso máis recursos, si. E, ademais, hai algunha transformación do modelo que nós plantexamos —non é a primeira vez que se plantexa neste Parlamento, non somos nin sequera o único grupo que a plantexa, nin moito menos, pero si confiamos nesta idea—, que é a da incorporación de psicólogos e psicólogas na atención primaria. O modelo de atención primaria —fracasado o modelo do Partido Popular e aberta a posibilidade da necesidade dun novo modelo— debe ir, dende o noso punto de vista e de todos os profesionais que llo están dicindo ao Goberno da Xunta —todos estes que consultan en grupos de debate distintos, todos eles— a unha situación distinta. A situación actual hai que cambiala. Agardemos que a eles tamén lles fagan caso. Todos falan da necesidade de incorporar moitos profesionais distintos, da multidisciplinabilidade. Isto implementaría —entre outros— traballadoras sociais, logopedia e psicólogos e psicólogas na atención primaria.

Hai unha porcentaxe elevada —os estudos falan de diversas porcentaxes— pero, facendo unha especie de media, podemos dicir que aproximadamente 1 de cada 3 problemas que existen en atención primaria —probablemente máis, segundo algunhas interpretacións— po-



derían ter unha boa parte de compoñente psicolóxica. E, por tanto, dentro da atención primaria contribuiríamos a reducir saturación dos profesionais de medicina para poder derivar ao especialista máis concreto, que é o psicólogo ou psicóloga. Isto contribuiría a dar unha mellor solución ao problema, máis eficiente, e ademais a liberar tempo dos profesionais de medicina, dos facultativos e facultativas. Curiosamente, para que os profesionais de medicina teñan máis tempo, non só serían necesarios máis profesionais de medicina —que tamén—, senón ter outros que poidan extraer o traballo que os propios profesionais de medicina fan. Porque ao final acaban sendo un pouco unha navalla suíza e teñen que ter recursos para todo, pero impídeselles moitas veces facer o seu traballo máis específico. Pois tendo psicólogos e psicólogas na atención primaria poderíamos conseguir isto.

Nos últimos anos —e cando falo dos últimos anos falo igual duns dez ou quince anos— a psicoloxía viu como se estreitaba a canle de acceso ao sistema público e como había moitísima máis exixencia de formación de calidade —o cal está ben, existiu unha tensión inicial, como é normal, pero o cambio debería ser positivo—. Existiu moitísima máis exixencia non só no nivel de formación senón na especialización dos profesionais. E en realidade iso contribúe á mellora do sistema pero despois non se aproveitan. Facémolos formarse máis e facémolos especializarse máis para que estean preparados para o sistema público, pero cando o fan non son contratados. Entón o que estamos facendo —que non é tirar o tempo, porque a formación nunca é tirar o tempo— é orientalos a un perfil e dicíndolles que o sistema os necesita así para que logo non os contrate. E, por tanto, tampouco ten moito sentido plantexar uns criterios de acceso tan exixentes —que están ben— se non os aproveitamos, non ten sentido facelo se non os imos aproveitar.

Polo tanto, nós defendemos ese cambio de modelo. E para ese cambio de modelo plantexamos un aumento de recursos e a incorporación da psicoloxía en atención primaria. Entendemos que ese cambio de modelo debe vir para darlle máis relevancia á atención en saúde mental, e debe vir inevitablemente plantexando a realidade, porque ao final —sexamos concretos— moitas das realidades do sistema —non todas— teñen que ver co incremento de recursos.

Por tanto, nós comprendemos que esta é unha proposta que necesita dunha visión máis global, pero cremos que deberíamos empezar por aquí, por facer unha proposta concreta dos profesionais que deben de incorporarse ao sistema para igualar as ratios que os profesionais din que hai que ter. Vólvolles lembrar que os profesionais din que hai que ter 4,3 por cada 100.000. Temos menos. Polo tanto, hai que incorporar 20, e, xa que vostedes lles fan tanto caso aos profesionais e gobernan os profesionais, fáganlles caso e contraten 20 xa. Aproben esa parte e fágano, que é o importante. E, en segundo lugar, porque nese cambio de modelo cremos que necesitamos poñer o foco sobre esa demanda, para que poida ser debatida continuamente.

Agardamos a posición favorable dos grupos, evidentemente —para iso presentamos a iniciativa—, pero agardamos tamén que a posibilidade do debate permita dar algunha luz sobre por onde podemos construír e aumentar a relevancia da saúde mental, que para todos seguramente ten unha importancia maior da que o sistema agora mesmo lle está dando.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, en primeiro lugar vou sinalar que imos apoiar a proposición non de lei porque concordamos nesa idea de modelo de saúde mental que redunde nesa importancia da psicoloxía, un modelo menos farmacolóxico, e na necesidade da planificación e dun plan integral. Imos intentar analizar distintos aspectos no tempo que dea.

Comezando pola situación da saúde mental no país, que a propia iniciativa desgrana na súa exposición de motivos, estamos por riba da media en trastornos de saúde mental, que aumentaron durante a crise. E é que, ademais, isto é unha cuestión de xénero, porque as mulleres duplican a prevalencia en todos os problemas de saúde mental. Hai unha alta taxa de consumo de antidepressivos —1 de cada 10 persoas—; unha alta taxa de consumo de tranquilizantes e hipnosedantes, o 15 %. Isto tamén o poñemos en relación con esa necesidade de máis psicólogas e psicólogos clínicos.

Pero é que, ademais, á parte desa alta taxa de suicidios, hai un dato preocupante: que case a metade das persoas con trastorno mental grave e 3 de cada 4 con intensidade moderada non acudiron nin á atención primaria nin á especializada. Hai un problema de acceso aos recursos.

E tamén nos parece importante resaltar —como sinala a iniciativa— esa relación evidente entre a deterioración socioeconómica e o aumento dos trastornos mentais, como a propia OMS ten advertido. Entón aquí temos que falar tamén de que a precariedade laboral existente no país, a alta taxa de dependencia e, consecuentemente, a alta taxa de persoas cuidadoras, xunto coa falta de recursos públicos, tamén inciden neses problemas de saúde mental. Porque o número de horas dedicadas ao coidado de persoas dependentes é un factor que aumenta isto. E isto póno tamén en relación coa maior prevalencia dos trastornos no caso das mulleres.

En segundo lugar, hai que falar de ausencia de planificación, porque levamos unha década sen planificación estratéxica. Só se pon en marcha ese Plan de saúde mental para o ano que vén. Tardouse na publicación do Plan galego de prevención do suicidio —porque no 2009 se decidiu suspender o plan vixente—. Precisamos planificación para que o sistema estea ben dotado.

En canto ao persoal, pois é evidente o déficit, o número de 98 psicólogos no Sergas está por debaixo do recomendado e isto redonda nas listas de agarda. É unha constante que os servizos de saúde mental estean saturados e que a práctica habitual sexa o retraso de citas, longas esperas e o famoso «xa o chamaremos». E isto é un factor que incrementa precisamente a medicalización dos procesos, procesos que se poden abordar dende unha perspectiva de atención psicolóxica integral pois comezan abordándose simplemente dende a perspectiva psiquiátrica porque hai lista de agarda. É esencial o labor das psicólogas e psicólogos. E a este respecto o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia lamenta que na Comisión 5ª —creo que foi unha á que non asistín eu— teña manifestado o Sergas que sería a psiquiatría quen tería competencia no diagnóstico da saúde mental, o cal é contrario á propia lexislación.



Falta, polo tanto, persoal, faltan recursos. E tamén nós queriamos parar na situación da infancia porque tamén faltan recursos de atención psicolóxica á infancia e á mocidade. Tamén no noso país hai unha evidente descompensación respecto do Estado no sentido de que aumentaron os problemas mentais na infancia mentres se reduciron no resto do Estado. Hai un problema de atención á saúde mental infantoxuvenil que temos que abordar.

E parécenos tamén que un eido para abordar todos estes problemas é a análise da disposición de psicólogos e psicólogas na atención primaria, por ser ese primeiro eido de contacto cos problemas tanto de saúde en xeral como coa posibilidade de detectar problemas mentais precoces. E aquí tamén aproveitamos que se propón ese estudo para implantar a atención psicolóxica en atención primaria para sinalar que se debe estudar tamén como se dá esa atención ás vítimas de violencia de xénero, dado que é algo contemplado pola propia lei galega, a asistencia psicolóxica ás vítimas na atención primaria; tendo en conta, iso si, que xa hai unha atención psicolóxica especializada. Pero hai que aproveitar ese estudo para a implantación da atención psicolóxica en atención primaria para analizar tamén a atención ás vítimas de violencia de xénero.

En resumo, apoiamos a proposición non de lei, que redundaría nunha mellora da saúde mental da cidadanía na medida en que pon á disposición un recurso, que é a atención psicolóxica, que reduce esa dependencia da farmacoloxía. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Seguimos co debate desta iniciativa, mentres parece que o Partido Popular está evacuando consultas co PP ourensán para ver que facer na votación respecto do paritorio de Verín. *(Murmurios.)*

Ben, efectivamente, a saúde mental segue sendo a gran esquecida por parte do Partido Popular e a gran ausente ano tras ano nos orzamentos. E non o foi por non ter reclamado neste Parlamento rectificación, non o foi por non ter reclamado neste Parlamento que por parte do Goberno da Xunta, do Goberno do Partido Popular, se lle prestara a atención precisa dada a situación realmente alarmante. Solicitamos neste Parlamento a inclusión do colectivo de psicólogos e de psicólogas nos grupos de traballo para elaborar o novo modelo de atención primaria na que está embarcado o Partido Popular. E foi votado en contra, non consideraron necesario que estes profesionais estiveran nese equipo de traballo.

Solicitamos a inclusión de psicólogos e psicólogas nos equipos multidisciplinares de atención primaria. É moi necesario porque, segundo denuncian os propios colectivos de psicólogos e psicólogas, unha das principais motivacións de consulta nos centros de saúde — unha de cada tres — está en relación con temas de saúde mental. Co cal sería de grande axuda a existencia destes e destas profesionais en atención primaria para mellorar a capacitación dos profesionais no ámbito da atención primaria, no coñecemento e recoñecemento dos factores de risco do trastorno mental e tamén no tratamento das patoloxías prevalentes no ám-



bito da atención primaria. Tamén foi votado en contra polo Partido Popular, que non o considera necesario.

Denunciamos a situación sangrante do noso país. Vimos como o conselleiro presentou neste Parlamento o Plan galego de atención ao suicidio sen memoria económica, e que orzamento tras orzamento seguen sen aparecer partidas para el. Denunciamos neste Parlamento situacións realmente dramáticas, como o informe da Defensora del Pueblo sobre a situación de persoas internas en Conxo. Denunciamos aquí situacións como, por exemplo, o suicidio no HULA dunha doente a pesar de terse advertido da situación de risco desta persoa. En todos os casos nos atopamos co muro do Partido Popular.

A pesar da situación na que se encontra a saúde mental no noso país, denuncian, efectivamente, os colectivos e o Colexio de Psicólogos e Psicólogas de Galicia que hai unha lista de espera de máis de 8.000 persoas para unha consulta de psiquiatría —oito meses de espera para a primeira consulta, e consultas sucesivas que se demoran moitísimo no tempo— e que os cadros de persoal están baixo mínimos. A media en Galicia de psicólogos é de 3,4, cando no Estado é de 4,3; e non falemos xa da Unión Europea, que é de 18 por cada 100.000 habitantes. Dende logo, parece que a dotación de profesionais non se aproxima ao necesario.

Denuncia o colectivo que apenas hai 98 psicólogos e psicólogas clínicas que prestan atención de psicoloxía no Sergas —unha cifra que está conxelada—; que as listas de espera son, como se acaba de describir, inxustificables e inaceptables; que hai dispositivos sen psicólogos clínicos, como pode ser o hospital de día de Compostela, ou algúns cunha dotación mínima. Denuncian que 1 de cada 10 persoas en Galiza consome antidepressivos e que é o segundo territorio que máis os consome, ou que é no que máis se consomen tranquilizantes ou hipnosedantes, o 15 %. Outro dato realmente alarmante é que 20.000 nenas e nenos menores de 15 anos consomen ansiolíticos en Galiza.

As estatísticas o que reflicten é que, malia contar cunha poboación cunha prevalencia de trastornos mentais moi elevada, a resposta asistencial é practicamente —ou case exclusivamente, en moitos casos— medicamentosa. Esta situación, dende logo, debería mudar, tería que mudar, se houbera un goberno sensible. Porque desde o ano 2010 houbo 3.000 suicidios en Galiza, 3.000. Poderíamos falar de estatísticas sangrantes, como é o caso da provincia de Lugo, cunha prevalencia escalofriante. E a pesar de todos estes datos vemos como o Plan galego de saúde mental leva como mínimo dous anos de retraso despois de anular o Plan galego de saúde mental do ano 2009.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: É dicir, temos unha situación realmente dramática en saúde mental en Galiza e vemos que, diante desta situación, temos un Goberno, co Partido Popular, que non lle está dedicando nin a máis mínima atención nin preocupación nin recursos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PRADO CORES: Apoiamos esta iniciativa e seguiremos insistindo no tema.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós tamén imos apoiar esta iniciativa. E cremos, ademais, que a situación respecto da atención á saúde mental é moi alarmante no noso país. Non só o cremos nós, senón que aí están as alertas que levan moitos anos facendo as familias das persoas con enfermidades mentais, as propias persoas con problemas mentais e tamén os profesionais da sanidade. Levamos unha década de desleixo absoluto con esta cuestión. Dende que chegaron ao Goberno o único que fixeron foi aplicar recortes e constantes privatizacións. E se isto é unha dinámica xeral que se pode aplicar —e que se pode describir— ao conxunto da sanidade, cremos que é especialmente grave no que ten que ver coa atención á saúde mental.

O desleixo compróbase sinxelamente cando vemos as prazas convocadas de profesionais de psicoloxía. Dende o ano 2010 foron 3 prazas. É algo totalmente ridículo para a situación de demanda que existe e a pesar de que as ratios recomendadas están moito por riba, e, como xa se dixo aquí, por non falar das ratios que recomenda a Organización Mundial da Saúde.

Os profesionais, como digo, levan moito tempo denunciando esta situación. Están totalmente saturados, con listas de agarda que son interminables. Ter que esperar varios meses para acceder a unha primeira consulta e despois, ademais, cando chegas a esa primeira consulta, volver ter que esperar varios meses para unha segunda consulta é totalmente inasumible. Demostra unha falta de empatía e unha falta de preocupación absoluta polos problemas que afectan cada día a máis persoas. O resumo da planificación do Partido Popular en materia de saúde mental é a desplanificación e a parálise, porque non fixeron absolutamente nada máis que papeis que quedaron en papeis mollados. E a solución ou a alternativa que lles queda ás persoas con estes problemas é, se teñen recursos, ir á privada, coma sempre, a única alternativa en xeral en sanidade. E na saúde mental é especialmente grave. E, se non, a seguir aguantando, sufrindo.

E así pasa que moitas veces, por estas listas de agarda interminables para esa primeira consulta en saúde mental, hai estes graos tan elevados de sobremedicación con psicofármacos, que é unha tendencia xeral. Non é só aquí, non o dicimos nós, dino moitos profesionais. E ademais hai unha cuestión de xénero clarísima: a cantidade de mulleres que consomen psicofármacos é moi elevada. Moitas acceden a unha consulta e a única solución que lles dan para tratar a súa problemática é unha pastilla; porque, se non, esperar por un profesional da psicoloxía clínica é esperar, como digo, tres meses se tes sorte.

A atención á nosa saúde é un dereito, pero a saúde non cuestión só das afeccións físicas. A atención á saúde psicolóxica tamén é un dereito e non se está, dende logo, garantindo. Recortárona, ademais, xusto cando máis se precisaba. Durante a crise económica —co pretexto da crise económica— recortouse nesta cuestión, cando sabemos que obviamente os problemas e as situacións complicadas da crise, derivadas da falta de condicións materiais, tamén teñen unha consecuencia directa na elevación das afeccións mentais. Sen emprego e sen vi-



venda é moito máis probable —e así o demostran os estudos— que aparezan este tipo de afeccións.

Como digo, a única alternativa que se dá é recorrer á sanidade privada ou a unha medicación excesiva. Fai falla un plan galego de saúde mental pero que sexa non só un papel, que estea dotado con recursos económicos. Porque moitas veces os protocolos e os plans que fan non serven absolutamente de nada. E así o vemos, por exemplo, se falamos do tema do suicidio. Non pode quedar todo nun papel, ten que ter unha dotación orzamentaria concreta; porque, se non, non vai servir absolutamente de nada. Falamos dun tema fundamental —aquí xa se mencionou—, e é que só no ano 2018 faleceron 288 persoas por esta causa. E a pesar de que as cifras se reducen, que é verdade que se están reducindo, seguimos a ver cifras totalmente estremecedoras.

E vou insistir, por último, nesta cuestión. Lévese moito tempo insistindo en que se incorporen os profesionais de psicoloxía clínica en atención primaria. Que 1 de cada 3 consultas teñen algo que ver cun compoñente psicolóxico dá boa conta de que incorporar estes profesionais á atención primaria solucionaría moitos problemas; solucionaría, por suposto, as listas de agarda dos profesionais médicos de familia, pero tamén axudaría a facer iso que non se fai en ningún caso, que é a prevención. Porque se falamos de que, claro, temos estas listas de agarda interminables cando xa se instauran os problemas de saúde mental, ou sexa, de que unha persoa cun problema, con ansiedade, con depresión ou con trastornos máis complexos ten que agardar tres meses por unha primeira cita, xa non falemos da incapacidade que van ter os profesionais para facer prevención. E hai que facer prevención. Igual que se fai prevención noutro tipo de cuestións, como na obesidade, como na diabetes, pois tamén hai que facer prevención e tomar medidas protectoras para evitar a incidencia tan elevada que temos desta problemática.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ou mudamos o camiño por completo e teñen un mínimo de empatía polas persoas que están sufrindo ou, dende logo, non imos ir por bo camiño. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Arredor do 20 % da poboación que vive en sociedades industrializadas experimenta ao longo da súa vida algún tipo de trastorno mental. Estes trastornos afectan a persoas de calquera idade, condición económica, nivel educativo ou cultural e supoñen un elevado custo tanto para o individuo que os sofre como para a súa familia, o sistema sanitario e a comunidade en xeral. En Galicia o último estudo epidemiolóxico realizado en adultos sitúa nun 21 % o número de persoas que presentarán algún trastorno mental ao longo da súa vida.



Señor Torrado, a saúde mental non é a irmá pequena, como vostede dixo aquí. A saúde mental é algo máis que a ausencia de trastornos mentais. É parte integral da saúde, non hai saúde sen saúde mental. Os rápidos cambios sociais, as condicións de traballo estresantes, a discriminación de xénero, a exclusión social, os estilos de vida pouco saudables, o baixo nivel educativo, a violencia e a mala saúde física son factores de risco para o desenvolvemento dos trastornos mentais, sen olvidar que existen factores da personalidade e psicolóxicos, como condicionantes biolóxicos e xenéticos, que fan que unhas persoas sexan máis vulnerables que outras a padecer un trastorno mental.

É importante remarcar que existen estratexias e intervencións intersectoriais eficaces e rendibles de promoción, protección e restablecemento da saúde mental. No ano 2018 a Consellería de Política Social elaboraba un censo que situaba os trastornos mentais como a segunda causa de discapacidade na nosa comunidade, e estes tiñan a maior incidencia en xoves e adultos menores de 45 anos, o que xera unha gran carga económica e emocional no sistema familiar de apoio.

A maiores, Galicia caracterízase por ter unha poboación envellecida e cunha gran dispersión xeográfica. Estes dous factores fan que, xunto aos mozos e adultos menores sobre os que recae a maior carga de discapacidade, se engada a poboación maior de 65 anos, que maioritariamente vive soa, e a poboación que vive en zonas afastadas dos núcleos poboacionais.

Fala de falta de planificación, señora Vázquez Verao. O Sergas, consciente desta problemática e atento ás necesidades dos galegos, valora toda esta problemática e créase xa no ano 2017 un grupo de traballo ao que se lle encarga a elaboración do Plan galego de saúde mental. Galicia ten presupostos. Onte mesmo aprobáronse nesta Cámara. E, por certo, os orzamentos da sanidade son os máis altos da historia, con 4.109,6 millóns de euros.

Señor Torrado, un mes antes de que vostede rexistrara esta iniciativa, o día 29 de outubro, na comparecencia de orzamentos da Comisión 3ª o conselleiro de Sanidade dixo claramente que se aprobará o próximo ano o Plan estratéxico de saúde mental 2020-2023, que contará con cinco liñas estratéxicas e 112 proxectos, que permitirá mellorar a calidade dos servizos prestados en materia de atención sanitaria. Esta é unha iniciativa oportunista, nada ao que non nos teñan acostumados. Isto, como xa lles dicía, está anunciado. Nós non temos ningún problema en votar afirmativamente este punto. E, como xa lles dicía, é un plan traballado, meditado, elaborado por especialistas e está feito e anunciado polo conselleiro de Sanidade.

Respecto dos puntos 2 e 3, vostede, señor Torrado, falta de novo á verdade. No período 2009-2019 convocáronse 10 prazas de psicoloxía clínica. ¿Podemos convocar máis? ¿Fan falta máis? É verdade, pero, mire, o procedemento sabe que vén determinado polos criterios marcados nas leis estatais de orzamentos, que establecen a taxa de reposición —implantada na Lei de orzamentos do ano 2011 e aprobada polo Goberno socialista no ano 2010—. En poucos meses poranse en marcha novas medidas e programas incluídos no Plan estratéxico de saúde mental de Galicia, que entrará en vigor no ano 2020. Este plan recolle o desenvolvemento de programas e recursos para a atención á saúde mental e para a promoción da investigación e a innovación. O obxectivo principal é, a través destas accións, diminuír o impacto e o padecemento que o trastorno mental xera nas persoas que o presentan e nas súas familias. Se-



guramente que neste obxectivo se coincidirá coas demandas da psicoloxía clínica. Nós imos solicitar a votación por puntos.

E non quería marchar sen manifestar que —polo menos para min, como sanitaria— é vergoño que vostedes falen mentiras e falacias da sanidade, señora Prado. Boteina de menos antes cando se falou de Verín, puido estar aquí vostede. Pero, claro, os votos, que parece que non importan para o partido do Bloque Nacionalista Galego, parece que lle importan á señora Pontón. ¿Están dicindo que os profesionais que atenderon a esa muller fixeron mala praxe? ¿Eu entendín ben? Faláron de dereitos das mulleres e das crianzas. Os dereitos das mulleres e das crianzas son a seguridade, e con ese criterio foi co que se tomou esa decisión. Vostedes, coas súas mentiras, son os verdadeiros responsables da alarma que están creando na sociedade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos que o manifestaron e recoñecer a miña sorpresa. Contabamos coa posibilidade de aprobar a iniciativa. Pero, bueno, é lexítimo non poder aprobala toda, ou en parte. Ata ese punto é razoable. E, sinceramente, señora Amigo, manifestei a miña sorpresa pola súa actitude comigo, que non entendín. Non me parecía unha iniciativa na que puideramos ter esa actitude. Non foi esa, creo —descúlpeme se o pareceu—, a miña intención na introdución inicial. Enfadouse vostede comigo por dicir que a saúde mental era a irmá pequena da sanidade. É que así se percibe. É un comentario hiperrecorrente entres os profesionais. Eu non son psicólogo clínico. Son psicólogo, vostede sábeo. Non serei eu quen menosprece os psicólogos. Non son psicólogo clínico, pero comparto con algúns, falo con moitos. E é unha percepción moi habitual, é unha expresión literal moi habitual. Dígollo de verdade. Se non é acertada, enfádese con todos os que a din, pero é unha maneira de expresalo.

Si, son consciente de que o conselleiro dixo que ía aprobar o plan. Hai un problema con iso, e é que é a terceira vez que o di. As dúas anteriores non o fixo. Feijóo anunciouno no 2015, e tampouco. Entón, Feijóo anunciouno en 2015 e non o fixo, o conselleiro anunciouno dúas veces e non o fixo, e anuncian unha terceira. Permítanos que, polo menos, dubidemos. Sería —dixo vostede— oportunista. ¡Home!, con eses antecedentes do conselleiro igual non é tan oportunista, pero non é a primeira vez que traemos esta iniciativa, xa a debatemos na comisión. Entón non é unha iniciativa de agora, é unha iniciativa repetida. Nós xa o demandamos antes. Non imos dicir que o conselleiro é oportunista por anunciar un plan que pedimos nós, iso si que non. Pero, de verdade, non o entendo.

E despois dime que faltó á verdade nas propostas 2 e 3. ¿Como vou faltar á verdade se son propostas? Non estou facendo unha información sobre o ocorrido, son propostas *ad futurum*.



Propoñer contratar máis ¿é faltar á verdade? De verdade que non entendín en ningún momento isto.

Entendo que estean dispostos a votar sobre o punto 1. A nós parécenos incompleta a iniciativa así. Pero aceptamos votar por puntos. Para nós é insatisfactorio non poder votar sobre a realidade directa, que é contratar profesionais, porque iso é o que lle dá ao sistema unha maior capacidade de resposta en realidade. Aprobar plans e estratexias está ben, pero, cando levamos anos anunciándoos, despois o que hai que facer é contratar os profesionais que os executen. Pero, mire, por facelo máis directo —fíxese que non o dixeran na primeira intervención, con toda a vontade construtiva—, a Estratexia nacional de saúde é a que recomenda que teñamos hoxe, polo menos, 20 psicólogos clínicos máis no sistema. Fíxose polo Ministerio en 2014, e gobernaba o Partido Popular. Vostedes están negándose a votar algo que o Partido Popular afirma que hai que facer. Claro, co espectáculo de Verín que están dando alí, xa o PP pode votar calquera cousa, total... *(Aplausos.)* Señora Amigo, de verdade, non hai problema. Se só se ven agora mesmo dispostos a aprobar o punto 1, que é facer unha estratexia, votaremos por puntos. Non hai ningún problema, pero a sensación á que me leva é que vostedes nin entenden nin queren entender a saúde mental. E iso si que é un problema de futuro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Antes de pasar á seguinte proposición non de lei, saudamos os alumnos de segundo da ESO do Instituto de Ames.

Benvidos a este Parlamento.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia dun proceso de diálogo coas organizacións sindicais que representan o profesorado para recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día tamén ao alumnado e mais ao profesorado que nos acompañan. E, ademais, unha coincidencia boa. Imos tratar un asunto que estou absolutamente convencida de que lles preocupa.

Traemos hoxe desde o BNG unha iniciativa que recolle as demandas das organizacións sindicais que representan o profesorado do ensino do noso país, que recolle tamén a vontade que se expresou a través da xornada de folga que estivo convocada a pasada semana, o 12 de



decembro. É unha iniciativa que pide diálogo á Xunta de Galiza, que concretamente pide diálogo á Consellería de Educación, que pide unha negociación para que o profesorado galego recupere o horario lectivo de 18 e 21 horas no noso país cun único obxectivo, que é ter tempo abondo para facer ben, pero sobre todo para facer mellor, o seu traballo. Trátase de recuperar dereitos despois dunha década de recortes, de recortes en materia salarial, de perda de postos de traballo, de dez anos en que o Partido Popular aquí en Galiza foi alumno avantaxado do que despois sería esa axenda de recortes que se iniciaría no Estado español. E o horario lectivo é un bo exemplo disto.

A Xunta de Galiza incrementou en 2011 o tempo no que o profesorado debe estar na aula. Son oito anos nos que o Partido Popular incumpriu e deixou en papel mollado o acordo asinado polas organizacións sindicais en 2007. Supuxo unha perda de dereitos para as docentes e os docentes do noso país, empeorando as súas condicións de traballo e con elas mermando a calidade do ensino público no noso país. Con menos profesorado hoxe do que había en Galiza hai dez anos, as e os docentes galegos teñen que asumir aulas saturadas, especialmente nas áreas urbanas e periurbanas do noso país. Porque utilizar, como se fixo hoxe pola mañá, de maneira burda, por parte do presidente da Xunta de Galicia, a media de alumnos ou alumnas por aula, ou do alumnado por profesor, nun país coma o noso, cunha enorme dispersión poboacional, con profundos desequilibrios territoriais entre o interior e o eixo atlántico, coma se fose comparábel a realidade que viven as persoas de Vigo, as da Coruña, ou as das súas áreas metropolitanas, coa que se vive en Negueira de Muñiz, en Navia de Suarna ou en Meira, é querer tapar o sol cun dedo. Diante desa realidade, insisto, de aulas saturadas, con ratios moi avultadas, sobre todo nas áreas urbanas e periurbanas, cun alumnado cada vez máis heteroxéneo e máis diverso —e benvida a diversidade—, o profesorado do noso país ten que atender hoxe unha realidade con maiores necesidades de apoio pero sen os recursos suficientes para poder enfrontala debidamente.

Isto non é unha opinión ou non é unha opinión só do Bloque Nacionalista Galego, nin sequera só das organizacións sindicais do noso país. Así o recolle o informe sobre a atención á diversidade no ensino básico feito polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, un informe encargado polo Consello Escolar de Galiza que onte mesmo se debatía e se aprobaba en boa parte das propostas das organizacións sindicais para mellorar esa atención á diversidade no ensino básico do noso país.

Neste informe —insisto, solicitado e realizado por instancia do Consello Escolar de Galiza— conclúese que o 60 % de todas as persoas enquisadas destacan que os recursos humanos para a atención á diversidade son moi escasos e insuficientes. Apúntase, ademais, á necesidade de incrementar o profesorado nos centros, mais tamén a que as docentes dispoñan de máis tempo, de maior flexibilidade horaria e de máis estabilidade para facer mellor —insisto— o seu traballo.

A sobrecarga horaria do profesorado e a falta de tempo para a coordinación cítanse neste informe como principais obstáculos para desenvolver en mellores condicións as tarefas de apoio educativo. As organizacións sindicais levan reivindicando, reclamando, exixindo, desde hai anos, unha nova repartición horaria que devolva ao profesorado as 18 horas lectivas en secundaria, en formación profesional e en ensinanzas de réxime especial, e as 21 horas lectivas



en aula en infantil, en primaria e en educación especial; precisamente para atender mellor e de maneira máis personalizada o estudantado, cada vez máis diverso. Explicáboo perfectamente, co gallo da convocatoria de folga do pasado 12 de decembro, un dos docentes. Dicía: «Non quero traballar menos» —porque van traballar o mesmo, 37 horas e media, que é o que está recoñecido por lei— «quero e preciso máis tempo para guiar e revisar o traballo do alumnado como necesita e merece, máis tempo para poder atender nais e pais na titoría, tempo para coordinarme co resto do departamento. Necesito poder traballar máis co alumnado con dislexia, con TDAH, con adaptación curricular, ou co que non naceu en Galiza e necesita adaptación ao seu ritmo e nivel na aprendizaxe da lingua propia deste país. Eu quero ter máis horas» —dicía— «para idear e preparar propostas de aprendizaxe, máis horas para estar ao dispor da educación e da comunidade educativa tamén fóra das paredes da aula. Porque para atender» —di el— «a 161 estudantes coas súas realidades, necesidades, especificidades, motivacións, niveis e intereses, necesítase tempo e ratios máis baixas, por suposto» —dicía—.

O profesorado o que reclama no noso país, señorías, a través das súas organizacións sindicais, é que lle devolvan os dereitos e mellorar con iso a calidade do sistema educativo en beneficio do alumnado. Non se trata de traballar menos, senón de ter mellores condicións de traballo para poder prestar un mellor servizo público e dunha maior calidade.

Durante anos negáronse a recuperar este horario lectivo, que é o resultado —insisto— dun acordo asinado pola práctica totalidade das organizacións sindicais coa Consellería de Educación, coa Xunta de Galiza, no ano 2007. Durante anos negáronse amparándose, primeiro, na crise económica como coartada. A crise económica foi a coartada para ir a máis carga horaria, máis carga lectiva nas aulas. Despois escusábanse ou amparábanse en que o Estado español non permitía reducir ese horario lectivo. E certo é que no ano 2012 o Goberno español, o Goberno central, invadiu as competencias políticas deste país. Fíxoo, ademais, co seu visto e prace; fíxoo co silencio máis atronador da Xunta de Galiza, vendo pasivamente como se pasaba por riba do poder político, das competencias políticas, que ten recoñecidas o noso país. Pero esa escusa rematou no ano 2019 coa derogación do Real decreto aprobado polo Goberno español no 2012, que volveu recoñecer o que de facto xa eran competencias das comunidades autónomas. E, polo tanto, recoñecíalles de novo a capacidade para xestionar e decidir esa repartición horaria.

O que nós propoñemos desde o BNG hoxe, señorías, é que este Parlamento inste a Xunta de Galiza de maneira clara, de maneira decidida, primeiro, a exercer o autogoberno, a exercer as competencias políticas que ten recoñecidas o Goberno deste país; e que o faga, ademais, en favor do ensino público, da calidade educativa, e en beneficio do conxunto do alumnado galego. Propoñemos que abra unha mesa de diálogo con carácter urxente para negociar coas organizacións sindicais a recuperación do horario lectivo de dezaioito e vinte e unha horas, que o faga por unha maior calidade do ensino público deste país, polo dereito do profesorado galego a poder ter unha repartición horaria que lles permita facer mellor o seu traballo e, sobre todo —e con isto remato—, unha mesa coa que recuperar dereitos que en definitiva vaian en favor do alumnado do noso país —que tivemos, ademais, a sorte e a casualidade de que estivese hoxe aquí escoitando este debate—.

De momento, pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Un saúdo a todo o profesorado e alumnado que nos acompaña hoxe.

Estamos, por suposto, de acordo con esta iniciativa, coa necesidade de iniciar o diálogo para recuperar o horario lectivo previo á crise, porque o que se amosou nos últimos tempos é que a Consellería non quería negociar e que só foi forzada a sentarse pois con peches, con mobilizacións, con esa última folga que foi un éxito. Pensamos que é tempo xa de que se recuperen os dereitos que, tras unha crise utilizada como escusa, se recortaron —sobre todo ao persoal público—.

Falamos fundamentalmente de calidade no ensino. E non valen as excusas, porque xa hai comunidades autónomas —como foi exposto— que recuperaron o horario lectivo anterior á crise. Non vale a excusa da crise económica. Falamos de que se perderon 1.200 postos de traballo en secundaria e falamos de que tamén no corpo de mestres hai que recuperar o horario lectivo. Con isto melloraría a calidade do ensino, entre outras cousas, polo que xa foi aquí explicado hoxe: poderíase reducir o alumnado por aula en determinados lugares onde hai masificación. Nun país coma o noso non se pode mirar só a media cando vemos lugares urbanos onde hai masificación que contrastan con outros rurais nos que, evidentemente, non hai a mesma ratio de alumnado por aula. Ademais, con esta medida reduciríase a cantidade de profesorado que tivo que impartir materias das que non son especialistas.

O resumo é o que xa foi exposto polo propio profesorado en folga: non se quere traballar menos, quérese traballar mellor. Só é recuperar os dereitos perdidos, é unha medida que incide directamente na calidade do ensino. Trátase de ter o horario lectivo axeitado para poder dedicar tempo a ese aumento real que houbo de traballo burocrático, para poder dedicar tempo ás titorías, para poder dedicar tempo a eses programas de igualdade e de atención aos diversos colectivos que requiren unha maior atención. En canto á diversidade é evidente que todos os indicadores nos falan dunha necesidade de máis recursos humanos e de que eses profesionais de atención á diversidade están tendo unhas condicións laborais que precisan ser melloradas.

Por iso, sen máis, hai que sinalar tamén que todos os grupos da oposición presentamos emendas aos recentemente aprobados orzamentos da Xunta de 2020, que foron rexeitadas polo Partido Popular; emendas que incidían na necesidade de poñer en marcha ese plan de recuperación do horario lectivo. Foron rexeitadas pero agardamos que sexa tida en consideración esta iniciativa —na que ademais están de acordo todas as centrais sindicais do ensino— que pide negociar algo tan básico como abrir un diálogo e recuperar dereitos.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.



Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Vaia por diante que o Grupo Común da Esquerda vai apoiar tamén esta iniciativa. Ímola apoiar porque ese foi o noso compromiso coas organizacións sindicais do ensino que nos transmitiron as súas demandas. De feito, dende o noso grupo temos rexistrado iniciativas equivalentes, e mesmo xa debatidas nesta Cámara en numerosas ocasións, semellantes á de hoxe. Fixémolo, temos defendido xa iniciativas deste tipo, porque entendemos que é unha cuestión de xustiza e tamén unha cuestión de dereitos. É unha cuestión de xustiza porque, mentres o Goberno galego repite sen cesar o discurso da recuperación económica, o certo é que as docentes e os docentes deste país ven lonxe esa recuperación. E con razón a ven lonxe, porque mesmo onte o Partido Popular volveu votar en contra das emendas de todos os grupos da oposición encamiñadas precisamente a reverter algúns dos recortes máis gravosos que se fixeron sobre o ensino público, e tamén emendas referidas especificamente a esta cuestión, á necesaria recuperación do horario lectivo que tiñan antes da aplicación dos recortes.

Algúns destes recortes que se fixeron coa escusa da crise económica afectaron tanto o alumnado —que padece evidentemente unha menor calidade educativa— como as familias —que tiveron que afrontar novos copagos que seguen tendo que asumir— como o profesorado —que viu aumentar as ratios nas aulas, reducir o seu poder adquisitivo ata nun 25 %, segundo os últimos cálculos, ou a redución da cobertura das baixas laborais e ao mesmo tempo, como aquí se dixo, o aumento da xornada lectiva—.

A negativa da Consellería de Educación a abrir un diálogo, unha negociación para a recuperación dos dereitos do profesorado galego á hora de desempeñar o seu traballo, con especial referencia á demanda que hoxe nos preocupa, que é a da recuperación do horario lectivo que o profesorado galego tiña antes da aplicación das normativas que unilateralmente impuxo a Xunta de Galicia no ano 2011 e que finalmente tamén aplicaríase o Goberno de Rajoy, está levando, como dicíamos, a unha importante mobilización unitaria de todos os sindicatos. Nós pensamos que a Consellería non debe de seguir no non polo non, nin atrincheirada sen escoitar os axentes sociais nun asunto tan sensible coma este. Porque é de xustiza —dicía— e porque dende logo nós estamos convencidos de que é tamén unha cuestión de dereitos, tanto do propio persoal educativo, que ten dereito a recuperar o que tiña —non están pedindo ningunha mellora senón unicamente recuperar dereitos que xa tiñan—, como do alumnado, que ten dereito a ter a mellor calidade de ensino posible. E neste senso, a volta ás dezoito e ás vinte e unha horas horas servirá para, entre outras cousas, que a titoría de infantil e primaria poida atender mellor o alumnado, para poder volver facer desbordes, para mellorar a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo —cada vez máis numeroso nas aulas—, para poder coordinarse entre os distintos departamentos e co departamento de orientación, para realizar máis actividades extraescolares e participar en proxectos de renovación pedagóxica, eses que unha e outra vez anuncia a Consellería pero que, se non lles dá tempo aos docentes para que os poidan asumir, se convirten no de sempre, unicamente en publicidade e propaganda.



Trátase, como aquí se dixo e como dixo o propio profesorado convocante da folga, de traballar mellor, non de traballar menos, de ter tempo para asegurar que as nenas e nenos de Galicia teñan o mellor ensino posible.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día de novo, señorías.

Señora Rodil, deséxolle o maior dos éxitos —no persoal, sempre, e no político tamén— nesta iniciativa, aínda que, tendo en conta os antecedentes que sobre este mesmo asunto —e na iniciativa do noso grupo parlamentario— se tramitaron neste Parlamento, creo que tanto vostede coma min coñecemos cal vai ser o resultado desta proposición non de lei. O noso grupo parlamentario fíxolle unha interpelación á señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional o día 29 de abril do ano 2019, deste ano, e substanciamos unha moción para que este Parlamento instase a Xunta de Galicia a recuperar esas condicións dos horarios aos que vostede fixo referencia. A moción evidentemente non saíu adiante posto que contou cos votos en contra do Partido Popular.

Seguramente naquel momento aínda non estaba acuñada a terminoloxía do mantra do Partido Popular con respecto ás iniciativas da oposición, que é o trilerismo político, pero ao mellor fomos algo visionarios, porque efectivamente uns meses despois todas as organizacións sindicais demandaron o que naquel momento o noso grupo parlamentario pedía. Demandárono e, unha vez que non conseguiron a resposta axeitada ás súas demandas por parte da Consellería, convocaron unha xornada de folga o día 12 deste mes, a semana pasada. E todo isto porque a Consellería de Educación, logo de trinta e dous anos, desde o ano 1987, dunha carga horaria establecida, e despois de que no ano 1997 se consolidasen eses horarios —iso si, cunha distribución matizada— e logo de que no ano 2007, con acordo das organizacións sindicais, se reducise o horario do corpo de mestres de vinte e dúas a vinte e unha horas, modificou unilateralmente e sen necesidade de normativa estatal, dese real decreto lei, os horarios dos corpos docentes —en particular o do corpo de mestres—. E modificouno non por unha cuestión de necesidade relacionada coa actividade docente. Poderán vostedes comprobar na orde que modificou ese horario como fala da necesaria atención aos alumnos desde que chegan aos centros educativos ata que se inician as clases. É dicir, non era unha cuestión docente, era unha cuestión de atención ao alumnado. E despois, efectivamente, publicouse ese real decreto lei. É cuestión bastante pintoresca que un goberno con maioría absoluta, como era o goberno do señor Rajoy no ano 2012, recorrese a ese tipo de figura. Parece que había unha urxencia tal que impedía a tramitación dun real decreto polas vías ordinarias. Porque foi un real decreto lei dun goberno con maioría absoluta.



E, efectivamente, chegamos a este momento no que ese real decreto lei se modifica. Modifícase porque hai unha situación económica distinta —se é que era necesario naquel ano 2012 tomar esa medida— que permite revertela. E hai comunidades autónomas que fixeron uso desa potestade que está no real decreto publicado o ano pasado, pero non a Comunidade Autónoma de Galicia, non a Comunidade Autónoma de Galicia, porque hai un interese en seguir sendo os reis da contención do gasto, os reis do déficit, os reis da xestión. E evidentemente reducir de novo o horario pode supoñer incremento de profesorado, si, pero non no caso do corpo de mestres. E a proba de que non é necesario é que os catálogos dos centros de educación infantil e primaria seguen sendo os mesmos que cando había o outro horario, é dicir, o de vinte e unha horas. Polo tanto, é unha mentira que sexa necesario incrementar un só posto no corpo de mestres, é mentira, porque o catálogo é o mesmo que era antes. Haberá incremento que poderá ser absorbido no corpo de educación secundaria, e digo que poderá ser absorbido porque as cifras —todas elas oficiais, unhas dos orzamentos da Comunidade Autónoma aprobados no ano 2017 e no 2018, e outras as propias estatísticas da función pública da Xunta de Galicia— revelan que no ano 2017 se orzaron 30.489 profesores e profesoras dos corpos non universitarios e que, de feito, desempeñaron as súas funcións nos centros 29.389; é dicir, 1.100 menos dos que estaban orzados. E no ano 2018 a diferenza foi de 1.088. Orzáronse 30.494 e foron 29.406 os que ao final desempeñaron a súa actividade nos centros.

Polo tanto, é unha cuestión de decisión política, é unha cuestión de se se ten en conta o profesorado desta comunidade autónoma. Non é unha cuestión orzamentaria nin tan sequera de mínimo respecto á dignidade da profesión docente, que, como din sistematicamente, é o mellor que ten o sistema educativo de Galicia, cousa que eu comparto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señorías, efectivamente xa tivemos ocasión de falar en diferentes debates nesta Cámara sobre a cuestión do horario lectivo. E o Partido Popular sempre intenta ser rigoroso nos debates e non manipular datos ou informes. Para o noso grupo trátase, como dixen en máis dunha ocasión, de facer política educativa, e para vostedes trátase de politizar a educación. Porque, señora Rodil, eu estou absolutamente segura de que vostede sabe que o Tribunal Constitucional rexeitou o recurso interposto polo Goberno vasco contra o real decreto de 2012, que ampliaba as horas lectivas.

Polo tanto, debería emendar a súa exposición de motivos, que falta á verdade —como dixo vostede tamén aquí desde a tribuna—. Pero, sobre todo, debería ter proposto outro texto resolutivo que permitise realmente abrir a porta á redución do horario lectivo, porque debería vostede pedirle ao Goberno do Estado que cumpra coa Lei 4/2019, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e do ensino no ámbito da educación non universitaria, que



está en vigor desde o 9 de marzo deste ano. Porque realmente é unha lei, esa si que o é, de papel mollado. O Goberno do Partido Socialista dispara con pólvora do rei; é dicir, son recomendacións que inciden directamente nos orzamentos das comunidades autónomas ao máis puro estilo de «eu convido e ti pagas», señor Álvarez.

É unha lei, ademais, que é pura aparencia. Pretende quedar ben co colectivo docente pero hai que recordar, porque o di a propia exposición de motivos, que foi o mesmo Goberno do Partido Popular —que se viu obrigado a tomar medidas drásticas nun momento conxuntural de crise económica— o que iniciou a recuperación. Foi o Partido Popular, o goberno do señor Rajoy, o que iniciou a recuperación nos exercicios orzamentarios de 2016, devolvendo, por exemplo, a taxa de reposición ao 100%, unha medida que redunda na ratio alumno/aula porque devolve a norma ao establecido na LOE.

Polo tanto, señorías, de facto xa estaba derogado o artigo 2 dese real decreto. E vostedes saben, ademais, que Galicia é a comunidade coa media máis baixa de alumnos por profesor, sen que se incrementara en ningún momento, señorías, en ningún momento, a ratio establecida na LOE. Pero, claro, hoxe iso tamén se pon en cuestión, porque, como son datos positivos, temos que mudar o criterio de medir, señora Rodríguez.

Foi posible manter esa ratio porque a Xunta, sen modificar o catálogo de persoal docente —como ben recoñecía agora o señor Álvarez—, recuperou o horario, un horario que fora reducido, efectivamente, no Bipartito. Pero esa recuperación sen modificación do catálogo permitiu que o alumnado do noso sistema educativo teña máis horas de atención educativa ao tempo que se incrementa o número de profesionais de atención á diversidade.

Señorías, todo este esforzo de dotación de recursos para o sistema educativo público corresponde unicamente aos galegos e ás galegas. Non lle debemos nada a ninguén, todo o contrario, o Goberno do Estado mantén unha débeda económica con Galicia que temos reiterado nesta Cámara en moitísimas ocasións. No ámbito educativo reclamamos que cumpra a súa propia lei, porque esa disposición adicional primeira establece que será a Administración Xeral do Estado a que forneza dun marco de financiamento adecuado e suficiente.

E non é unha excusa, señora Rodil, é o que di a lei. E agora que o seu grupo ten representación fágalle un favor a este país, fágalle un favor a este país e reclame que o Goberno cumpra coa lei, empezando, por exemplo, con Ceuta e Melilla, onde ten competencias directas e onde non ten ese horario lectivo que el recomenda para o resto de comunidades autónomas.

Eu xa imaxinaba que todos os grupos da oposición estarían de acordo coa súa proposición non de lei, porque, analizando as emendas, efectivamente, tanto o Grupo Mixto coma vostedes e o Grupo Común da Esquerda forneceron de recursos económicos a recuperación do horario lectivo. E, señor Álvarez, para ser tan visionario, quedou vostede rezagado, quedou vostede atrás, porque o Grupo Socialista non fixo ningunha emenda para recuperar o horario lectivo. Supoño que esa falta de emenda é porque vostede está chamando a Madrid para dicir que paguen e que cumpran a lei —así poderemos falar sobre a recuperación do horario lectivo— ou é porque, como acaba de recoñecer, o sistema está suficientemente atendido.



Señorías, as prioridades do Goberno galego neste momento quedaron explicadas na comparación de orzamentos da conselleira. E, polos resultados de todos os informes —incluído o último informe PISA—, ao ensino público galego non lle vai mal. A calidade do noso sistema está absolutamente garantida. E tamén vemos que non é unha prioridade do colectivo, señorías da oposición, porque o seguimento da folga pois realmente foi baixo. Non vou dar os datos da Consellería pero tampouco imos facer valer os dos sindicatos. Digamos que, se facemos unha media, houbo menos do 40 % de apoio a esa folga —sendo moi xenerosos—.

A Consellería sempre está aberta ao diálogo, como fixo sempre na procura de seguir sendo unha comunidade referente no ámbito do ensino público, e os informes que hai enriba da mesa, así o avalan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Antes de máis, agradezo ao Grupo Mixto, ao Partido Socialista e mais ao Grupo Común da Esquerda o seu apoio. Efectivamente, este era un debate que xa se ten producido tanto na Comisión como aquí no Pleno, pero creo que é importante que se volva dar.

Eu, señora Antón, o único que vexo son escusas. E agora, xa apelando a canta xente participou na folga do 12 de decembro, eu non vou entrar nunha guerra de cifras. Vostede di que non é unha prioridade do colectivo. Mire, cando no ano 2011, e de maneira absolutamente unilateral, o goberno do señor Feijóo e o Partido Popular decidiron deixar en papel mollado e incumprir ese acordo coas organizacións sindicais adoptado en 2007 e incrementar a carga horaria do horario lectivo nas aulas do profesorado houbo dúas folgas absolutamente masivas. A vostedes deulles exactamente igual e seguiron adiante coas súas decisións. (*Aplausos.*) Tamén tivemos onte un bo exemplo de cal é a vontade popular da comarca de Monterrei co paritorio de Verín e a vostedes dálles exactamente igual. Así que é unha escusa máis. Agora, pois, bueno, non foi todo o multitudinaria que para vostedes debería, entón agora xa teñen outra escusa máis, outra escusa máis para seguir negando —e insisto moito nisto— o que é a recuperación de dereitos, outra repartición da carga de traballo e da xornada laboral do profesorado, para con iso poder aumentar a calidade do sistema educativo do noso país. Escusa tamén é ampararse ou intentar parapetarse detrás de que ten que pagar o Ministerio de Educación e o Goberno do Estado. Nós xa o temos formulado aquí noutras ocasións, nós somos as primeiras que entendemos que as cousas, no que ten que ver co plano de financiamento dos sistemas públicos do noso país, teñen que ser distintas. E para iso hai que facer presión política —non vir queixarse aquí a esta tribuna— e negociar e defender outro marco, un marco de financiamento distinto para este país.

Porque poñemos o caso desa disposición última no que ten que ver co financiamento do profesorado, pero podemos poñer enriba da mesa que o Estado español ten que pagar o 50 %



da dependencia e non o leva facendo nos últimos dez anos. ¿Nós deixamos de prestar os servizos ou de mellorar os servizos porque non están achegando todos os recursos cando hai posibilidades económicas de facelo cos orzamentos que ten a Xunta de Galicia? Non, é unha decisión política. E falta vontade política para querer recoñecer os dereitos do profesorado (*Aplausos.*) —insisto moito nisto— e con isto mellorar a calidade do sistema educativo do noso país. E a mostra está en que o fixeron outros territorios —Canarias, por exemplo—. Adoptárono, e ademais aproveitando un debate que aquí nesta Cámara tamén tivemos, que foi o investimento do superávit. No caso canario unha parte importante destinouse a esa recuperación do horario, a outra repartición do horario nas aulas xa para este curso 2019-2020. É o caso doutras que teñen un réxime especial, como é Navarra ou Euskadi —que teñen os seus concertos—, pero tamén temos exemplos das de réxime xeral, como é Extremadura ou é Cantabria, que se sentaron nunha mesa de negociación e acordaron coas organizacións sindicais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...como comezar a reducir, por exemplo —como se sinalaba—, a través do ensino infantil e primario, que terían un investimento económico público menor.

Escusas é o que nos parece que hai. E o que vemos é que queren seguir manténdoas despois de que a crise rematase. Ampáranse nesa coartada que foi a crise económica para negarlles os dereitos ao persoal público, neste caso o docente.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector cultural

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. 59496).

Emenda de adición.

Adición dun novo apartado que quedará redactado co seguinte contido:

“Retirar de forma inmediata o proxecto de decreto polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.”)



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 59496 [10/PNP-004439].

Emenda de modificación.

Modificar o punto 2, que fica coa seguinte redacción:

«-Retirar o proxecto de decreto polo que se modifica parcialmente o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e abrir unha mesa de diálogo e negociación coas entidades e asociación representativas dos sectores culturais galegos para consensuar calquera modificación na actual estrutura e funcións da AGADIC.»

Emenda de modificación.

Modificar o punto 9, que fica coa seguinte redacción:

«-Resolver na maior brevidade o concurso público para a renovación da dirección do Centro Dramático Galego e iniciar, sen máis demora, senllos procesos públicos para a selección das direccións do Centro Coreográfico Galego e o CGAI.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día, señoras e señores deputados.

Bo día, señor presidente.

Traemos aquí un tema importantísimo. É o tema do maltrato á cultura galega; en concreto, o maltrato á Axencia Galega de Industrias Culturais. Ben, falar do incerto escenario da creación cultural é falar tamén dun sector que xera o 2 % do PIB e un 3 % do emprego neste país pero que recibe simplemente o 0,11 % do PIB, cando no ano 2009 recibía, polo menos, o 0,25 % do PIB.

A familia dos facedores e facedoras de teatro sabemos que non temos a verdade, pero buscámola. A camiseta de «Cultura contra a mentira» é porque se verteron moitas mentiras e tomamos moi á lixeira o feito das falacias. As falacias deben ter consecuencias en todos os grupos políticos, en todos. Porque unha cousa é o que se di e outra cousa é o que se fai. E isto non é de recibo. Non é de recibo porque a democracia está realmente ameazada de tanta falacia e tanta mentira.

Bótase en falta un proxecto valente, bótase en falta o rescate da intemperie á que a cultura está sometida, a defensa dun futuro, dun futuro dun sector nutrido que apontoou os sinais de identidade de Galicia.

Vivimos en tempos de demolición. E isto non é negrura, nin son os xinetes da apocalipse, é unha realidade. Precisamos, como auga de maio, expertos e expertas en construír, en cons-



truír con criterio, con peso político, con capacidade para tomar decisións. Ben, botamos en falta un roteiro, botamos en falta unha planificación, botamos en falta a verdade, botamos en falta diálogo.

Imos argumentar, e argumentaremos, dicindo que os orzamentos son minguentes, e imos falar con datos, que non con opinións. Imos falar tamén da política miope e esnaquizadora do Partido Popular; se cadra, porque a cultura mete medo, pode que si. Falar do presente e do futuro do país é falar do que dicía Lorca: «dádeme medio pan e un libro». A cultura é necesaria, e ademais estamos falando de cartos públicos, non estamos falando de xestión privada.

Ben, hai dúas cuestións moi recentes. A primeira foi no último pleno. A señora deputada do Bloque Nacionalista Galego, Olalla Rodil, fíxolle unha pregunta sobre orzamentos ao conselleiro de Cultura, o señor Román Rodríguez. E cando nós, todas nós e todos nós, facemos unha pregunta a un conselleiro, unha pregunta ao Goberno, unha pregunta ao presidente, por decoro, por compromiso, por obriga política, debe darse resposta, resposta congruente. O señor Román aproveitou e dixo que estaba moi contento, porque ten moita alegría no corpo e é unha marabilla, o elixir da eterna xuventude e o humor, claro que si. Pero chancelar con temas tan graves, cando é o responsable máximo da nosa cultura, parécenos bochornoso. Dixo literalmente que se alegraba moito da pregunta para, primeiro, non contestala e despois anunciar, coma quen guinda unha bomba de relojería, que ía haber unha modificación do estatuto da Axencia. E quedou tan ancho e tan pancho. Hai cinco días, a mesma deputada en comisión —hai cinco días na Comisión 4ª, de Cultura— fíxolle preguntas ao director da Axencia Galega de Industrias Culturais no mesmo sentido: ¿que vai pasar?, ¿que vai pasar con estes orzamentos?

Ben, realmente o conselleiro chámalle a isto facer fronte aos cambios, ¡fíxense que bonito!, cando na realidade facer fronte aos cambios significa reducir os orzamentos drasticamente, impulsar a perda de capacidade, deshabitar, abandonar, desarmar, desarbora, desmantelar, si, desmantelar, a cultura. ¿A quen queren enganar? É desfacer a casa de todas con diñeiro público. ¿E isto é refacer? ¿É facer fronte aos cambios? Non sei, ou ben o señor conselleiro é tan alegre que fai chistes que non entendemos ou, se non, é un auténtico insulto á intelixencia, son patrañas intolerables, preguntas con respostas irresponsables, mentiras e aldraxes. E nós, cando dicimos que hai unha mentira, xustificamos e argumentamos. Porque vostedes dinnos: Vale, a señora María Antón, por exemplo, díxome a min un día que eu dixen o que O Son do Camiño recibe 6 millóns de euros. E dixo que estaba mentindo. Ten razón, non son 6 millóns de euros en dúas edicións, efectivamente —e dígoo publicamente—. Son 5.725.000 en dous anos para o Son do Camiño, que está por investigar, contrato irregular. Hai moito que falar desta cuestión.

Fíxense por que saco o Son do Camiño, festival de música. Encántanos a música e á mocidade tamén, pero o que non nos agrada é que se gasten para o Son do Camiño en dous anos cartos públicos polo que supón a metade do orzamento para toda a cultura galega, ¡a metade! ¿Canto ten a Axencia Galega de Industrias Culturais?, ¿canto? Once millóns e pico. Non digo o pico para que non me chame mentireira; falo de memoria, porque prefiro facelo así abertamente. ¿Canto orzamento ten a Axencia de Turismo? Setenta e pico millóns de euros. A



diferenza é grande, ¿verdade? Non están equilibrados os orzamentos para a Axencia de Turismo e para a Axencia Galega de Industriais Culturais. ¿Verdade que non?

E, ademais, hai que dicir que temos en Galiza creo que doce axencias públicas —corríxame se hai erro—, doce. De todas elas, a Axencia Galega de Industriais Culturais é a cuarta con menos orzamento e a Axencia de Turismo a segunda con máis. Está claro que a súa aposta estrela e pública é o Xacobeo, pero a cultura do noso país merece respecto, dignidade, futuro. Os traballadores e as traballadoras da cultura dan moito a cambio do pouco que reciben, moito. Entón, anunciar un estatuto no que a profesión di: por favor, retiren este proxecto e abran un proceso de negociación é algo absolutamente lexítimo. ¿Como pode mentir o señor Román dicindo ademais que esta modificación do Estatuto da Axencia Galega está consensuada co sector? É mentira, non sabían nada. Nin sequera sabía nada a Asociación de Actores e Actrices, si o sabía a asociación de compañías pero non consensuara nada, e non sabía nada a Academia.

Ben, o que quere a Xunta é reducir a liberdade artística da dirección do Centro Dramático, que pasará de decidir a propoñer. Miren, cando se transvasou o Instituto Galego das Artes Escénicas e se constituíu a Axencia posiblemente houbo precipitación. Non se fixo o mesmo a nivel estatal. Hoxe, se non se fixese isto estaríamos posiblemente falando dun estatuto, pero do estatuto do Centro Dramático Galego.

As artes escénicas teñen códigos propios; mesturan arte, técnica, artesanía. Precísase xestión artística e non só económica, precísase equilibrio. Vostedes din propagandisticamente que a Consellería de Cultura e Turismo é a que máis medra, cunha suba do 8,9 por cento. É outra mentira; soamente sobe a Axencia de Turismo. ¿Por que dicimos isto? Agadic medra un 0,7 por cento. ¿Onde? No capítulo I. ¿Cal é o capítulo I? O capítulo de persoal, posiblemente para integrar a figura do xerente que queren introducir aquí. Pero no capítulo IV mingua e no referente á produción artística, para que se fagan unha idea —non son opinións; son datos e están ben expresados—, O Centro Dramático Galego —CDG— pasa de trescentos cincuenta mil euros a douscentos cincuenta mil. Obviamente, con estas cantidades pírricas, ¿que produción se pretende? O Centro Coreográfico, de cincuenta a cen, e o CGAI, de cento vinte mil a trinta mil. Nós dixemos sempre que o CGAI, que é a nosa filmoteca, non deba de estar nunha axencia de industrias. Polo tanto, digamos que no capítulo IV a redución real, en termos reais, é de 88,39. ¿E que están amosando? Incompetencia. ¿Que están amosando? Desleixo. ¿Que están amosando? Falta de compromiso con todo o sector.

Ben, seguirei na segunda parte e agora soamente farei as preguntas: ¿u-lo diálogo?, ¿u-lo consenso?, ¿u-la necesidade de convenir co sector?, ¿e u-lo relato? Canto *plus...*? Ademais hai *plus* de produtividade polos directivos da Axencia.

Falemos de refundación e pidamos, deamos voz e sexamos sensibles á demanda dunha profesión digna, que pide dignidade para exercer o seu traballo. O Centro Dramático ten máis de trinta anos de existencia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: De nada. Grazas a vós. (*Aplausos.*)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Nós imos apoiar a iniciativa que se presenta. Formulamos unha emenda de modificación simplemente para actualizar un pouco a parte resolutiva e cremos que tamén para completar o propio espírito da señora Cuña, pedindo a retirada do proxecto de decreto de reforma do Estatuto da Agadic —xa o reclamamos tamén na Comisión 4ª desde o BNG nas preguntas que lle formulamos directamente ao señor Sutil, o director de Agadic—, e tamén para que se resolva coa maior brevidade posíbel ese concurso público para a nova dirección do Centro Dramático e se convoquen os concursos públicos para renovar e ocupar as vacantes que agora existen na dirección tanto do Centro Coreográfico como do CGAI.

Nós coincidimos coa posición que expresaba a señora Cuña na súa intervención. Cremos, e así o levamos denunciando nas últimas semanas desde o BNG, que o que estamos é diante da creación das condicións idóneas para desmantelar os centros, as unidades de produción que agora mesmo temos en Galiza adscritas neste caso á Axencia Galega das Industriais Culturais, nomeadamente o Centro Dramático e o Centro Coreográfico. E non hai máis que ir ao proxecto de orzamentos xa aprobado neste pleno nestes días, que son os orzamentos xa oficiais que prevé investir a Xunta de Galiza para o ano 2020, que volven insistir nos recortes aos orzamentos destas unidades de produción. Como se sinalaba, o Centro Dramático pasa de seiscientos mil euros en 2019 a trescentos cincuenta mil para 2020 e no caso —que aínda é peor— do Centro Coreográfico, este queda apenas con cincuenta mil euros, que é como dicir nada, ¡nada!. E o que se intenta é —insisto— crear as condicións idóneas para desmantelar estes centros de produción.

Pero, como se iso fose pouco, vemos —e anúnciase aquí no pleno en resposta á pregunta que formulaba o BNG ao conselleiro de Cultura— que o que se propón é unha reforma do Estatuto de Agadic que vén dar o golpe de graza xa directamente a estas unidades de produción. Prevé menos autonomía para as súas direccións e prevé unha maior externalización das producións. Un estatuto este que non foi negociado absolutamente con ninguén —nós xa expresabamos esa denuncia o día da pregunta que formulamos ao señor Rodríguez— pero é que ademais saíron todas as asociacións, organizacións, entidades representativas dos sectores culturais do noso país denunciando que se fixera absolutamente de costas aos sectores culturais galegos, que non fora consensuado con ninguén e que —peor aínda— vai en sentido contrario ás demandas que a cultura galega leva expresando reiteradamente nos últimos dez anos. Vai en contra do que recolle a lei de creación do ano 2008 da Axencia Galega das Industriais Culturais, que prevé que se cree un ente con personalidade xurídica propia para darlles autonomía a esas unidades de produción e —insisto— é o golpe de graza ao Centro Dramático e ao Centro Coreográfico. Non foi negociado, non foi consensuado e non respecta nin a vontade nin o espírito da lei de creación da Agadic do ano 2008.

Nós seguimos insistindo en que o que hai que facer é retirar ese proxecto, ese decreto de reforma do Estatuto de Agadic, que se senten a negociar coas entidades, coas organizacións e



coas asociacións representativas dos sectores culturais galegos para que calquera mudanza que se poida introducir no Estatuto de Agadic vaia en dirección non só das súas demandas, senón das necesidades dos propios sectores culturais galegos, que levan soportando durante dez anos non só unha política continuada de recortes, senón a non política, a antipolítica cultural neste país. Porque todo o que se avanzara entre os anos 2005 e 2009 foi ou ben medido nunha gabeta, como pode ser o Plan das artes escénicas, que vostedes decidiron que non se cumprise porque a vostedes non lles daba a gana, ou foi para adoptar decisións políticas que ían minguando pouquiño a pouco os sectores culturais cada vez máis precarizados.

O que necesita este país é unha política cultural digna de tal nome, cunha planificación estratéxica e, sobre todo, con recursos orzamentarios enriba da mesa porque, se non, non é posíbel.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Señora Cuña, por suposto que nós imos apoiar esta iniciativa. Fixemos unha emenda na que pediamos a retirada deste proxecto de decreto que estaba implícita no seu texto pero que, dende o meu punto de vista, igual había que explicitar máis e que, neste momento, pode quedar subsumida na primeira emenda da señora Rodil, que pide o mesmo, pero ampliado.

Tamén estamos e estou eu a nivel persoal absolutamente de acordo en todo o que dixos vos sobre a política cultural da Consellería de Cultura e Turismo, que dende sempre levou a cabo unha política de improvisación e de desleixo; improvisación e desleixo dedicado practicamente a todos os sectores, menos a este. Porque nas unidades de produción cultural, como o Centro Dramático e o Centro Coreográfico, eu diría que non leva a cabo esta política de desleixo, senón unha política moi consciente, moi consciente do que quere facer e do que está a facer, desgraciadamente. Porque, dende hai tempo, as asociacións das artes escénicas e tamén as asociacións da danza están falando de desmantelamento destas dúas unidades de produción. Levan tempo facéndoo e falando de que xa o Centro Coreográfico practicamente leva anos sen poder facer nada porque nin hai orzamentos. Pero o Centro Dramático Galego dende hai anos soamente ten unha produción, practicamente non fan xiras, hai unha redución orzamentaria anterior a esta brutal que fixeron, hai unha redución de elencos e ultimamente xa foron polo camiño da externalización na penúltima obra que fixeron.

Recordarán que nós fixemos unha interpelación e unha moción ao respecto que a verdade é que nos deixou moi preocupados porque as respostas do señor conselleiro, no primeiro, non eran claras, como sempre, pero logo ían dirixidas a unha mensaxe moi perigosa: xa hai compañías privadas. Agora xa son fortes; antes non, pero agora si. A min deixoume moi preo-



cupada e —a verdade— parece que tiñamos razón en estar todos preocupados porque esta modificación do Estatuto de Agadic de costas ao sector, sen falalo con ninguén, sen consensual e con repercusións moi importantes para todos os centros de produción indica que se vai cara a ese desmantelamento, sen ter en conta que un centro dramático público e un centro coreográfico público seguen sendo necesarios porque teñen que ser estas unidades de produción cultural as que tiren destes dous sectores.

Falando especificamente do teatro, tería que ser o Centro Dramático quen estivera poñendo en marcha as montaxes máis ambiciosas, as montaxes máis grandes, porque o público e os cidadáns galegos teñen dereito a ver teatro en galego de gran formato, teñen dereito a iso, e a iniciativa pública non pode facelo. Tiña que ser precisamente o centro de produción público quen o fixera e non o vai poder facer porque xa tiña uns orzamentos moi reducidos pero agora están reducidísimos. Os do Centro Dramático Galego máis do cincuenta por cento: de seiscientos mil a trescentos cincuenta mil. O Centro Coreográfico xa queda con cincuenta mil. Isto e nada é todo un. Pero ademais este decreto —como xa se dixo aquí— leva a unha perda de autonomía dos dous centros de produción, a unha externalización das montaxes, a unha privatización das montaxes e das producións e leva a un verdadeiro desmantelamento do Centro Coreográfico. É inadmisibile —e así o están dicindo todas as asociacións— que a danza e a música estean nun mesmo departamento, porque non teñen nada que ver, nas políticas públicas nin como industria, a música e a danza. Pero, ademais, o Centro perde a posibilidade de seleccionar as compañías artísticas e de facer a selección e o contrato dos artistas. É dicir, perde autonomía, cando o que tiña era que ir por outro camiño absolutamente distinto, e ter máis autonomía.

Con todo isto —e remato—, quero dicir que apoiamos esta iniciativa, pero tamén apoiamos as reivindicacións dos sectores do teatro e da danza —presentes nesta iniciativa—, que teñen que traducirse de forma inmediata na retirada deste proxecto de decreto e nunha mesa de negociación que consensúe as modificacións que se teñan que facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

A propia Asociación de Actores e Actrices de Galiza, o colectivo Música ao Vivo e a Academia Galega de Teatro, entre outras, alertaron do proxecto de modificación do Estatuto da Axencia Galega de Industrias Culturais e din que isto vai levar da man á privatización da actividade do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego.

Este recorte de autonomía e a redución de competencias de ambas as entidades preocupan tamén as profesionais do sector, que reclaman transparencia e diálogo á Consellería de Cultura, ao criticar que en ningún momento esta modificación do proxecto do Estatuto de Agadic lles foi comunicada; algo ao que, por outro lado, xa nos ten acostumados o Partido Popular.



Estas asociacións xa exixiron a retirada de dito proxecto do decreto ao entender que se está levando de costas ao sector. E, ¿isto que vai traer? Isto vai traer o que trae sempre cando o PP fai algo de costas ao sector: o desmantelamento sistemático destes centros de produción, coma con todo.

E, ¿cal é o obxectivo do Goberno galego? Darlle o golpe de graza a Agadic; reducir as funcións da súa dirección, eliminar a súa representación. ¿Para que? Pois para facer o que mellor sabe facer o Partido Popular, que é privatizar.

Estamos a falar da nosa cultura e da nosa identidade —algo que ao Partido Popular non lle interesa— e de desmantelar todas as institucións que fornecen a nosa cultura e que fornecen a nosa identidade. Tamén, dende a Academia Galega de Teatro, que entende o teatro como un servizo público, ven con este cambio de lexislación e de ordenación un abandono de responsabilidades por parte do Goberno galego. Vostedes desatenden os servizos públicos aos que a cidadanía ten dereito.

O decreto que actualmente regula a Axencia Galega de Industrias Culturais e, a través dela, a dirección do Centro Dramático Galego, establece no seu artigo 26 que esta última ten entre as súas tarefas decidir o plan de programación anual e seleccionar e contratar tanto as compañías como os artistas encargados de cada espectáculo. Porén, o Goberno galego saca un novo decreto co que a dirección do Centro Dramático Galego pasará a simplemente propoñer ambas as cuestións. Segundo este decreto, a dirección de Agadic pasará a ter baixo a súa dependencia un coordinador xeral xerente coas funcións en materia de contratación e persoal; figura esta que as entidades representativas do sector temen que non teña unha visión artística, senón unha visión empresarial. O texto tamén modifica as funcións dos departamentos técnicos inferiores dedicados á política audiovisual, á produción teatral e á música e a danza.

O novo decreto tamén muda o anterior Departamento de Produción Coreográfica por un de música e danza. Para músicas ao vivo, o departamento estará baleiro de contidos para todo o sector musical.

E, igualmente, o novo decreto tamén adscribe funcionalmente a Agadic ao Centro Galego de Artes da Imaxe, formando parte do seu departamento de produción audiovisual, coa consiguiente perda de independencia da filмотeca galega.

E xa o dixo a señora Cuña: o Goberno galego destina trescentos cincuenta mil euros ao Centro Dramático Galego fronte aos seiscientos mil euros que o Goberno galego destinou o ano pasado. E ao Centro Coreográfico Galego destina cincuenta mil euros fronte aos cento cincuenta mil que destinou nos orzamentos do ano 2019. ¿Cal é o motivo polo que o Goberno galego fai eses recortes? Pode ser que así lle quede máis para o Xacobeo, pode ser que estean a mostrar desprezo pola nosa cultura e identidade ou ben poden ser as dúas. Nós imos apoiar dende En Marea esta proposición non de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.



Grupo Parlamentario Popular, señora Novo Fariña.

A señora NOVO FARIÑA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Cuña, hoxe trae a debate neste pleno unha iniciativa referente ao ámbito cultural e ninguén discute a súa importancia nin o gran labor que está facendo o sector cultural en Galicia; ninguén discute nin a súa importancia nin a súa necesidade. É unha iniciativa extensa de contido, imposible de abordar nos cinco minutos do tempo que teño para este debate, pero quero matizar varios puntos aos que vostede fai referencia.

Fala vostede dos orzamentos. Galicia apostou un ano máis pola aprobación dos seus presupostos en tempo e forma. É a segunda comunidade autónoma que aproba as súas contas. Todo isto é o normal, claro que é o normal, pero, dadas as circunstancias que estamos vivindo, é inevitable facer unha comparación que á oposición tampouco lle gusta, que é dicir: a estabilidade de Galicia fronte á inestabilidade e a incerteza do Goberno central. Novamente nos atopamos, ano tras ano, co tradicional discurso catastrofista da oposición: década negra, recortes, insuficientes recursos, etc. E, sorprendentemente, na súa iniciativa, señora Cuña, fai unha comparativa cos orzamentos do ano 2009. ¿Cren vostedes que o 2009 é un bo ano para tomar como exemplo? ¿Cren vostedes que o ano 2009 é para tomar de referencia? Pois non esqueza que foron os orzamentos elaborados polo bipartito, mal elaborados, e que a día de hoxe os galegos aínda estamos pagando.

Vostede sabe que os orzamentos da Consellería de Cultura e Turismo medran para o 2020, como explicou o conselleiro na comparecencia de orzamentos: un corenta e oito por cento destinado a cultura e un corenta e sete por cento destinado a turismo. Si, pero, para nós, a cultura e turismo son complementarios; dous ámbitos fundamentais, dous ámbitos estratéxicos que non se poden segregar nin contrapoñer ao Xacobeo, porque hai accións culturais con gran impacto turístico e hai accións turísticas con gran impacto cultural.

Mire, un exemplo: o programa *O Teu Xacobeo*. Consta de proxectos culturais, de proxectos deportivos, gastronómicos, patrimoniais, turísticos... E seguro que saben —que o saben— que foi todo un éxito sen precedentes con máis de seiscentas solicitudes. Lémbrolllo porque isto nunca o comentan. E vostede sabe que *O Son do Camiño* é un festival que posicionou Galicia tamén no panorama internacional, pensado en Galicia e feito en Galicia.

En definitiva, o importante é dispoñer de orzamento, porque seguro que a unha compañía lle dá igual que a función se pague a través do Agadic ou a través do Xacobeo, porque haberá partidas que se executen dende o Xacobeo e haberá partidas que se executen dende Agadic. Ao contrario do que vostedes, nós pensamos que é unha gran sorte contar cun evento singular que abre as portas de Galicia para o mundo. Pero vostedes téñenlle fobia a todo o relacionado co Xacobeo, e ao turismo tamén lla teñen; non lles agrada moito o turismo.

Polo contrario, nós pensamos que hai que planificar e deseñar estratexias, señora Cuña. Falou de que non tiñamos planificación nin tiñamos estratexias. Vostedes son os que non



teñen planificación, porque se demostrou claramente co anterior Xacobeo, que o bipartito deixou con nula planificación. Igual que non existe compromiso do Estado relativo ao Xacobeo a día de hoxe.

No referente á modificación do Estatuto de Agadic que se está levando a cabo, da que vostede tamén fala na súa intervención e que, como vemos nas emendas presentadas, a oposición está de acordo en retirar, esta non implica privatización, non implica desmantelamento nin redución de competencias, nin tampouco cambio ou reforma das políticas ou programas da Agadic. Trátase unicamente de cambios administrativos de estrutura interna, de modificación dun decreto de modificación interna, para permitir axilidade e eficiencia na implementación das políticas e programas que continuamente se negocian cos distintos sectores. Porque hai diálogo con sectores, non só con aqueles afíns aos seus intereses. Polo tanto, non utilicen unha reforma administrativa para atacar o Goberno galego.

Nós votaremos en contra desta iniciativa por todo o exposto anteriormente e, como xa lle dixen, para rematar, a modificación do Estatuto da Agadic non afecta as nosas políticas culturais nin os seus obxectivos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Novo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Primeiro, quero agradecer aos tres grupos da oposición non soamente que apoiem a iniciativa, senón que complementen entre todas as demandas lexítimas, congruentes e necesarias do ecosistema cultural. Quero dicir tamén que imos aceptar as emendas, porque é certo que se necesita explicitar os requirimentos e as demandas da profesión. Obviamente, nós imos incorporalas á nosa iniciativa, porque do que se trata, en definitiva, é de retirar este estatuto, que xa sabemos que non se vai retirar, porque tiveron unha reunión a Asociación de Actores e Actrices co director da Axencia, pero hai boas palabras con respecto a outras cuestións.

Imos facer unha análise, aínda que non polo miúdo, porque temos moi pouco tempo.

Señora Novo, vostede é unha perfecta descoñecedora do sector, perdoe que llo diga... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Digo descoñecedora e vou dicir por que. Non estamos falando do Xacobeo; estamos falando dunha profesión, estamos falando de unidades de produción, estamos falando de realidades, estamos falando de orzamentos, estamos falando de datos. Pídlle que revise, por favor, os datos obxectivos do que leva a Axencia: capítulo I, dous millóns e pico; capítulo II, seiscentos cincuenta mil. As axencias teñen que ser transparentes e teñen que ter unha boa xestión. Non está habendo boa xestión, non está habendo competencia, non está habendo transparencia, non está habendo o que ten que haber.

Eu non quero matar a mensaxeira. Obviamente, só hai que escoitar as declaracións do propio conselleiro aquí e as declaracións do señor Jacobo Sutil. Vostede reproduce isto, como é ló-



xico. ¿Que di? Que os cambios son de natureza exclusivamente administrativa para axilizar trámites, para dar un mellor servizo á sociedade. Con estas cantidades pírricas, ¿que servizo? ¿Un kit de supervivencia?, ¿o reparto das miserias?

¿De que lle vale un perfil tan... a experiencia nos ámbitos da xestión se non é quen de captar ningún recurso? ¡Os cambios non significan nada do que dicimos e non cambiará nada no funcionamento do Centro Dramático Galego! ¿Como que non?, ¿como que é un cambio irrelevante? ¿É irrelevante navegar ao paio?, ¿é irrelevante? Para vostedes pode que si. ¿É irrelevante deixar o Centro Dramático, o Centro Coreográfico, o noso sector musical, o noso sector audiovisual, en cueiros? A vostede pareceralle irrelevante e ao propio Sutil tamén, pero é aldraxante. ¿Para que? ¿Para repartir migallas necesitan un novo xerente?, ¿para repartir migallas? O ano pasado xa o advertimos. Había novecentos mil euros, e xa dixemos: con isto non se poden cumprir as funcións do que é un centro. Non é unha obríña de final de curso do que falamos; falamos de produción, falamos de distribución, falamos de técnicos, falamos de xente experimentada, de iluminadores, de escenógrafos, de dramaturgos, de todo un tecido, de todo un ecosistema digno. E, ¿que están facendo vostedes? ¿É que é unha coña? ¿É que a nós nos encanta dicir que están desmantelando por dicir? ¿Cren que é unha postura política para cuestionalos? ¡Non!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: É unha puñetera —perdón— realidade, é un atentado real contra a propia cultura. ¿Cando? Non estamos falando... O sector cultural non é un sector de esmoleiros, non estamos pedindo. Exíxeselles que cumpran a súa función, que é garantir o dereito de acceso á cultura. É unha obriga que ten o Goberno e que este Goberno está incumprindo flagrantemente. E haberá máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Teresa Porrirt Lueiro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a trasladar ao Goberno central que se constitúa despois de elixido o presidente do Goberno polo Congreso dos Deputados, que de xeito prioritario efectúe unha convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira para tratar as cuestións relacionadas co futuro financiamento autonómico, así como as posibles reclamacións das comunidades autónomas sobre os exercicios pasados, incluída unha solución, mediante os instrumentos legais oportunos, para que a Comunidade Autónoma de Galicia non deixe de percibir a contía da mensualidade do IVE correspondente á declaración-liquidación do 2017.»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o punto 2 desta proposición non de lei polo seguinte:

«2) Insta a Xunta de Galiza a corrixir a súa fracasada estratexia negociadora co Goberno central e introducir dúas cuestións na súa axenda:

a) A demanda, mediante un diálogo bilateral, da inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade, a comezar pola renegociación inmediata do sistema de financiamento.

b) Iniciar accións xudiciais contra o Goberno central polos constantes incumprimentos e atrasos en materia económica e a súa afectación á nosa comunidade.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Este, efectivamente, —como todos recordaremos— é un tema xa tratado en diversas ocasións nesta cámara ao longo dos últimos meses e é consecuencia do feito de que o Goberno de España, o Goberno socialista que preside o señor Sánchez, non foi quen de aprobar o pago ás comunidades autónomas, ata recentemente, das actualizacións das entregas á conta. E nestes momentos non sabemos nada da mensualidade do IVE que lles debe a todas as comunidades autónomas, e polo que a nós respecta, tamén a Galicia. Isto non afecta todas as comunidades autónomas, senón só algunhas. Os incentivos que prevén os orzamentos do Estado para aquelas comunidades cumpridoras consisten, basicamente, en condonar a devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 por un problema —como todos sabemos— xerado tamén por aquel goberno socialista de entón.

Temos acadado desde esas tres acordos: un, en xullo, a unha PNL que eu tiven tamén a honra de defender en nome do Grupo Parlamentario Popular, e posteriormente, en dúas propostas de resolución aprobadas no debate do estado de Autonomía: unha por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular e outra transaccionada co Grupo Común da Esquerda.



Pois ben, ¿cal é a situación despois desta reiterada petición feita polo Parlamento e tamén, loxicamente, polo Goberno da Xunta? O estado da situación é o seguinte: dos trescentos trinta e catro millóns de actualización dos pagos á conta que se lle debían a Galicia, aprobados por real decreto por un goberno en funcións —aquilo que non se podía facer—, a Comunidade Autónoma ingresou en novembro cento sesenta e sete millóns, no actual mes de decembro —o martes pasado, hai unha semana— ingresaron sesenta millóns de euros, e agárdase que de aquí a final de mes se ingresen os cento sete millóns de euros pendentes das actualizacións dos pagos á conta.

Dos cento noventa e seis millóns de euros —douscentos, redondeando— de liquidación do IVE do 2017, por implantación do sistema de información instantánea que se puxo en marcha, non se iniciou ningunha actuación conducente a ese ingreso, nin tampouco ningunha actuación conducente á compensación. Neste caso, estamos a falar de oitenta e cinco millóns do ano 2017 e outros tantos do ano 2018, cento setenta millóns de euros que se lle deben á Comunidade Autónoma en aplicación dos vixentes orzamentos do Estado.

Por tanto, a día de hoxe, mércores 18 de decembro, dos setecentos millóns de euros están pagados douscentos vinte e sete e pendentes catrocentos setenta e tres millóns de euros, dos cales máis da metade, trescentos sesenta e seis millóns de euros, o Ministerio non fixo nada para facer fronte a esa débeda que ten coa nosa Comunidade Autónoma.

Todos somos conscientes dos problemas que isto pode xerar. En primeiro lugar, no peche do exercicio. A Xunta xa anunciou que está nunha emerxencia que a obriga a pedir pólizas de crédito para poder facer fronte ás súas obrigas de pago. Está a xerar tensións na tesourería e, como consecuencia inmediata, á Comunidade Autónoma, que segue sendo das que mellor paga os provedores en prazo. De feito, estamos pola metade da media do pago a provedores do conxunto das comunidades autónomas. O feito é que esas tensións de tesourería xa se comezan a traducir nun alongamento dos prazos de pago aos provedores, o cal, certamente, non é algo que satisfaga a ningunha administración.

Estamos ante un problema urxente que, ademais, a curto prazo, está a xerar estes problemas pero que ameaza un peche que era previsible que fose con superávit, co cal poderíamos, igual que o ano pasado, facer investimentos sostibles —como, por outra banda, están a facer moitos concellos con ese superávit— en materia de sanidade, en materia social ou en materia de educación, como se fixeron ao longo deste verán, pero iso está tamén posto en risco. Iso é o que di precisamente o informe da Airef sobre os orzamentos de Galicia que comentabamos hoxe no debate orzamentario. Ese risco de non ter superávit, e, de ser o caso, ver como se cumpren as normas de déficit, deriva directamente do impago polo Goberno central dos douscentos millóns de euros.

Estamos, señorías, ante o principal recorte no gasto autonómico do ano 2019, derivado do impago do Goberno socialista dos douscentos millóns de euros; algo no que coinciden todas as comunidades autónomas e mesmo a Federación Española de Municipios e Provincias. O seu presidente onte mesmo dicía que a redución de setecentos cincuenta e tres millóns na recadación do IVE por cambios na normativa que o Goberno non lles aboou no ano 2017 supón que a liquidación definitiva deste ano dos entes locais lles sexa negativa porque non



se lles ingresou esa cantidade e pasaron dun saldo positivo de douscentos setenta a outro negativo de catrocentos oitenta e tres. O señor Caballero, neste caso don Abel, como ven, tamén chora polo IVE.

Como dicía, parte pagouse por real decreto —esa foi a actualización das entregas á conta despois de moito negar que non se podía pagar por decreto—, pero o certo é que con relación ao IVE o real decreto xa non serve. É moi tarde, pese a que hai un compromiso da ministra, en agosto do ano 2018, co Goberno en funcións nunha reunión co presidente: «*Hacienda se compromete con Feijóo a reintegrar los ciento noventa y ocho millones del IVA*».

Pese a que xa pasou ano e medio, segue sen resolverse o problema. Xa non é posible o real decreto, basicamente porque tería que terse solucionado o pago, que... adiantalo quince días, o pago do IVE polas empresas, adiantalo quince días xa non chegamos, porque xa pasou o 30 de novembro e, polo tanto, non vai entrar un mes adicional, que era o que estaba previsto este ano para compensar o que non se ingresou no ano 2017. Con isto estamos vendo que se cumpren os peores prognósticos, que xa adiantara o Goberno, a Airef, no seu informe de xullo e, posteriormente, no informe de outubro: o Goberno non pensaba solucionar este problema.

Sen embargo, hai solucións, e a Xunta, no seu Consello, aprobou dúas posibles solucións perfectamente legais que permitirían, se hai vontade política, subsanar esta cuestión. A primeira é, como saben, que o sistema habitual de pago de recursos ás comunidades autónomas vai por dúas vías: a primeira son as transferencias, que están incluídas na sección 23 dos orzamentos do Estado, «Financiamento autonómico», e aí inclúense os fondos de converxencia, de suficiencia e de garantía. Son fondos ampliables pero habería que reformar os orzamentos. É moito mellor facelo a través dos pagos á conta dos tributos. Eses non constan nos orzamentos e o que se fai é que se diminúen os ingresos do Estado librando esas cantidades en favor das comunidades autónomas. Pode parecer algo complicado pero é exactamente o mesmo que se está a facer para recibir as entregas á conta, vía minoración dos ingresos do Estado e a correspondente transferencia á conta ás comunidades. O IVE é un ingreso tributario e, polo tanto, podería facerse exactamente o mesmo que coas entregas á conta.

Esa é a primeira solución que propoñemos na nosa proposición non de lei. E hai unha segunda, que é máis directa se esa non vale: o Estado pode endebedarse polas cifras que lles debe ás comunidades autónomas, transferirlles esta cantidade ás comunidades autónomas e, o ano en que impute a décimo terceira mensuralidade do IVE ese ano, amortizar con esas cifras a débeda que o Estado contrae para que as comunidades autónomas este ano poidan dispoñer destes fondos.

Son sistemas sinxelos, fáciles, e o único que fai falta é vontade política. Mesmo hai tempo. Nós quixemos traer esta PNL ao último pleno porque aínda hai tempo. Onte o presidente do Goberno dicíalle ao presidente da Xunta que quería rebaixar a tensión territorial que hai en España, e o presidente da Xunta dicíalle que con Galicia había unha forma de rebaixar tensión territorial que consistía en facer fronte ao pago do IVE, e agora estamos dando saídas técnicas que permitirían facelo antes do 30 de decembro.



Para as cantidades referidas á compensación por ser unha comunidade cumpridora tamén hai tempo. Hai que convocar o Consello de Política Fiscal e Financeira, pero non teñen que chegar antes do 31 de decembro porque, efectivamente, non estaban incluídas nos orzamentos e, polo tanto, non afectan o peche do exercicio do ano 2019, o cal non quere dicir que non deixemos de reivindicalas.

Con isto, señorías, presentamos unha petición razoable, e, en interese de toda Galicia, nós anhelamos que o Goberno que xurda das eleccións vindeiras —que será o noso— non teña que padecer, como outros gobernos, o que está a ocorrer con un que está a sufrir as consecuencias do incumprimento do anterior Goberno, co paradoxo de que é quen estaba no anterior Goberno quen executa as medidas do constrinximento do gasto ao novo Goberno que o sucedeu. É un paradoxo que ás veces se dá na política.

Nós esperamos que isto sexa apoiado por todos os grupos porque non é só polo interese económico da Comunidade Autónoma, senón tamén porque é o interese de todos os partidos que nos confrontaremos nas vindeiras eleccións autonómicas. O único que hai que facer é antepoñer o interese común de Galicia ao interese partidario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Como cuestión inicial, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda que xa vaticinamos qué sorte vai ter. En todo caso, xa adianto que igualmente votaremos favorablemente, por responsabilidade política, esta iniciativa, como xa fixemos tamén en ocasións anteriores que citaba o propio voceiro do Partido Popular, respecto dunha proposición non de lei do grupo maioritario e tamén respecto da súa proposta no debate do estado da nación. Facémolo porque é evidente que canto máis tempo pasa nesta cuestión máis problemas temos na nosa xestión económica, e tamén porque constitúe unha vulneración do noso autogoberno o limitar a nosa capacidade de decidir sobre as nosas propias decisións económicas.

En todo caso, temos algunha discrepancia ou algunha forma de ver as cousas diferente en varios aspectos dos que aquí se citaban e dos que se recollen na propia iniciativa. Unha delas, sobre a que xa temos reflexionado noutras ocasións, é a cuestión dos incentivos. Nós xa temos sido críticas e críticos con como naceron eses incentivos para anticipar unha desculpa política por parte do Goberno Rajoy diante dun escenario no que era previsible que abriera unha quitación ás comunidades incumpridoras e que iso lles supuxera un problema ás comunidades campioas do déficit. É o caso do Goberno Núñez Feijóo, que nos tivo torturados e torturadas nesta última década someténdonos a ese marco de déficit en lugar de priorizar outras cuestións como son os dereitos sociais deste país.



Outra discrepancia, que tamén formulamos no día de onte ao fío dos debates orzamentarios, é que estamos empezando a pedir que, máis alá de traer este tipo de iniciativas —que nos parece positivo—, o Partido Popular tamén se vaia clarificando, porque escoitamos en repetidas ocasións dicir ao señor Martínez como non ían recortar por moito que o Estado non cumprira. Tamén o dixo o señor Feijóo pero onte votaron en contra precisamente a unha emenda do articulado que desenvolvía o Bloque Nacionalista Galego e que propuña un pacto para non minorar ningunha das partidas necesarias para o gasto social en caso de que se minore algunha cuestión de orzamento no próximo ano 2020. Non quixeron, non sabemos se é por modelo económico ou se é porque realmente queren anticipar algunha desculpa por se teñen que aplicar algún *tesoirazo*.

En todo caso, nós —xa digo— imos votar favorablemente, aínda que tamén empreguen esta cuestión para aumentar a débeda da Comunidade Autónoma recorrentemente. Insistimos en que o facemos por responsabilidade política, porque dende logo, o que é un *pitorreo* é todo o que vimos por parte do Goberno Sánchez; primeiro constituído, despois en funcións, despois en campaña electoral e agora outra vez pisando o acelerador con esta cuestión, coma unha chantaxe máis para intentar constituír goberno canto antes.

Nós non compartimos esa posición. Parécenos unha falta de respecto ao autogoberno deste país e defendémolo coa mesma seriedade neste parlamento como o defenderemos no Parlamento do Estado nos próximos meses.

Pero hai outra cuestión na que tamén discrepamos, e chamamos a que o propio Partido Popular faga unha reflexión da súa obsesión con que se constituía ese Consello de Política Financeira, sempre argumentado con que eles prefiren negociar que ir por outras vías, como a xudicial, e que eles son os do diálogo e nós somos uns radicais —xa o di o señor Núñez Feijóo, aínda que despois votemos a favor desta iniciativa—, etcétera.

Pero, claro, é que estamos chegando a un punto no que levamos —como dicía antonte nunha entrevista o señor conselleiro de Facenda— oito meses con este vodevil, xa case daba tempo ao nacemento dun fillo no hospital de Verín antes de que chapodaran ese servizo, pero non hai ningún resultado. Igual que vostedes están nunha relación epistolar co Goberno do Estado respecto de Alcoa, respecto das prazas MIR —tamén lle enviaron unha misiva— e un longo etcétera. Enténdanme ben, a nós gústanos o xénero epistolar e ás veces practicámolo, incluso o noso deputado Bará acabou enviándolle un libro ao ex-presidente do Goberno, o señor Mariano Rajoy. Non está mal a relación epistolar tamén en política pero chega un momento en que nós entendemos que a Xunta de Galiza ten que petar enriba da mesa e ten que negociar de forma bilateral, como nación histórica que é, co Goberno central. Porque nos están tomando o pelo, o primeiro, ao Goberno da Xunta de Galiza, pero, en xeral, a todo o país.

Polo tanto, cremos que, máis alá da reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira, é necesario petar enriba da mesa e que se poña enriba da mesa o sistema de financiamento en xeral. Para iso, reclamamos máis contundencia e, unha vez máis, que non desboten a vía legal. É algo do que temos debatido tamén de forma detida e é algo no que inicialmente o Partido Popular, o Goberno da Xunta de Galiza, declaraba no mes de agosto que estaba dis-



posto a entrar pero despois cambiou de opinión, unha vez fixo un informe xurídico... ¡En fin!

Nós pensamos que xa, con todos estes precedentes, cada vez hai máis argumentos enriba da mesa. Tampouco estamos pedindo que declaren a república galega pero realmente vos-tes parece que nos están...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...levando cada vez máis non a unha república bananera tan sequera, como dicía o señor Núñez Feijóo hoxe pola mañá, senón a case unha minideputación bananera á que lle toman o pelo.

Polo tanto, pensamos que deben reflexionar e ir un paso máis adiante. Pero, en todo caso, aínda que non se acepten as emendas, estaremos unha vez máis do lado desta reivindicación, que é xusta e necesaria diante da tomadura de pelo permanente do Goberno de Sánchez. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Porritt.

A señora PORRITT LUEIRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Como xa se dixo aquí, este grupo parlamentario, en xullo deste ano, tentou votar favorablemente a iniciativa do Grupo Popular tratada nese pleno sobre a transferencia á Comunidade de diversas contías, presentando para iso unha emenda que non foi admitida nin transaccionada.

Xa daquela puñamos de manifesto unha serie de cuestións. A primeira, que é evidente, como admite abertamente esta iniciativa presentada, que non estamos ante unha problemática que afecta a Galicia soamente, senón o conxunto de comunidades autónomas e a Administración, polo que o cualificativo, sobreutilizado polos portavoces do Partido Popular, de discriminación a Galicia non é acaído. Así como tampouco é real ese traslado que ás veces se tenta facer de que é un moi malo Goberno central socialista que castiga os gobernos doutras formacións políticas, cando se sabe que é unha problemática que afecta por igual o conxunto das comunidades autónomas de todas as cores políticas.

A segunda cuestión é que é un problema que xorde co cambio normativo na xestión do IVE, que foi aprobado polo Goberno no ano 2016, e que supuxo que a liquidación deste imposto en 2019 sexa inferior á cifra inicialmente prevista para as comunidades. A norma foi publicada no BOE do 6 de decembro de 2016 e a moción de censura do señor Rajoy foi en xuño de 2018. Non considerará mal o Partido Popular que lle poida argumentar a mágoa de que parte dese ímpeto actual nesta cuestión non fose utilizada nos dezanove meses transcorridos da-



quela, pois era unha cuestión perfectamente coñecida nos seus efectos. Incluso na reunión entre o señor Feijóo e o señor Montoro, en xaneiro de 2018, este atopábase cunha actitude ben comprensiva do Goberno galego.

É sorprendente tamén a suposta solución concreta que agora o Partido Popular de Galicia tenta dar á cuestión desa mensualidade do IVE e que abarca nada menos que o conxunto de todas as administracións autonómicas e locais do Estado, polo que a solución tamén debe ser consensuada, conxunta e participada. Fundamentalmente, esquecese unha cuestión importante: non estamos ante un Goberno de España plenamente operativo, senón ante un Goberno en funcións con competencias taxadas. Si estaba operativo este Goberno cando presentou o Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019, que viña a solucionar esta cuestión, pero —como é coñecido— non puido ser aprobado polos votos en contra, entre outros, do Partido Popular.

Cando o Goberno Sánchez establece normativamente unha saída, os deputados galegos do Grupo Popular votaron en contra e, unha vez que non se pode arranxar por ter un Goberno en funcións, a Xunta de Galicia arma un escándalo. A cuestión é: ¿queren vostedes solucionar o problema ou queren sacar rédito político? ¿Están na procura de solucións no interese de todos os galegos ou só na instrumentación dunha situación excepcional cun Goberno en funcións en beneficio partidario? Porque só cun Goberno pleno en España é posible darlle solución a esta demanda. ¿Están polo labor? Se é así, faciliten un Goberno en España porque só entón poderá tratarse adecuadamente esta cuestión. (*Murmurios.*)

O certo é que máis ben parece pura campaña política. Unha campaña para erosionar e non para resolver. Todo parece indicar que se fai necesaria unha modificación legal, tal como o acometía o artigo 71 do Proxecto de lei que modificaba o artigo 61 da normativa do IVE, que establecía que a declaración-liquidación do mes de novembro debería ser presentada, a diferenza dos once meses restantes, nos vinte primeiros días naturais de decembro. Tamén expón moitas dúbidas a vía do endebedamento do Estado polo importe das contías do IVE e que, como a mesma iniciativa manifesta, queda condicionada a aprobar posteriormente un mecanismo legal axeitado que non pode ser garantido polo mesmo carácter de futuro.

Respecto á solicitude de convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira,...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PORRIT LUEIRO: ...parecería lóxico esperar á formación do Goberno, cuxos representantes xa anunciaron que o financiamento autonómico e local sería unha das cuestións prioritarias. Xa na emenda presentada no mes de xullo por este grupo parlamentario se solicitaba que se impulsaran os mecanismos legais oportunos para solucionar a cuestión da mensualidade do IVE. Polo cal, como daquela se argumentou e se defendeu, era necesario que fora elixido un presidente do Goberno de España polo Congreso dos Deputados, cuestión que —como é sabido— non se puido efectuar nos meses transcorridos e actualmente está en negociacións.

Por iso, na mesma dinámica de entón, presentamos unha emenda que xa todos vostedes coñecen.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porritt.

Grupo Parlamentario Mixto. Señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Volvemos outra vez con este tema.

Quero recordar tamén as bases sobre as que nós presentamos unha proposición de lei por este mesmo asunto o 12 de novembro deste mesmo ano. Denunciamos a falta de cultura política que teñen determinados partidos e que dá lugar a que non se alumeen maiorías políticas que fagan que, nos últimos anos, o período de goberno en funcións sexa cada vez de maior duración. Ademais, isto compromete a arquitectura constitucional deseñada de funcionamento normal do Estado das autonomías, de tal maneira que, ante as anomalías no funcionamento normal e na existencia do Executivo acaban afectando o funcionamento da Comunidade Autónoma, algo que é especialmente grave porque as comunidades autónomas —a nosa tamén entre elas—, nalgúns cuestións, con eses orzamentos, prestan servizos de carácter fundamental para o conxunto da sociedade.

Esta situación, lonxe de ser atallada polos partidos responsables ou, en xeral, polo conxunto da Cámara, era aproveitada nos últimos anos de forma recorrente para cruzar reproches, particularmente, entre o Partido Popular e o Partido Socialista, como acabamos de ver no inicio do debate desta propia iniciativa. Incluso, como puidemos ver nos últimos meses, para ameazar cos recortes nos servizos públicos no caso de que non se compoñan as maiorías para nomear novos gobernos —etcétera— chegouse a falar de poñer en cuestión as nóminas dos funcionarios públicos, etcétera. Todo isto, para conseguir fins que son alleos ao que debe ser a propia función do financiamento autonómico, que é o funcionamento ordinario da institución de autogoberno do noso país.

Nós pensamos —e dixémolo naquel momento— que non abundaban solucións conxunturais. As solucións conxunturais darían lugar a que ao ano seguinte e ao ano seguinte, se persistían ou volvían repetirse situacións do Goberno en funcións, volvésemos estar na mesma situación. E falabamos sabendo de que falabamos porque viamos como nos últimos cinco anos as situacións de interinidade, de Goberno en funcións, eran cada vez maiores. E, polo tanto, había que dotar de certeza xurídica, había que dotar de blindaxe da autonomía as propias comunidades para poder prestar os servizos, sen estar pendentes tamén de que houbera ou non un Goberno no Estado. Por iso cumpría unha solución estrutural. ¿Cal era a solución estrutural? Apoderar o Goberno para que, entre as funcións que tivese mentres estivese en funcións, estivese perfectamente a de facer as contas e realizar todas as operacións necesarias para evitar que haxa un colapso económico como consecuencia da existencia dese propio Goberno en funcións.

Para iso, nós presentamos nesta Cámara unha proposición de lei que prevía reformar o artigo 21, creando un apartado 3 bis) da Lei do Goberno de España, que lle permitise a un Goberno



en funcións, sen ningunha dúbida, aprobar as disposicións regulamentarias necesarias para asegurar o funcionamento financeiro ordinario das comunidades autónomas nos conceptos de actualización de entregas á conta, a devolución de mensuralidades dependentes de exercicios anteriores e as cantidades debidas, no seu caso, polo incentivo económico ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto.

Ben, ¿que dixo o Partido Popular cando votou en contra de admitir a trámite esta proposición de lei? Dixo que non era necesaria porque xa se estaban pagando as cantidades debidas. Foi un dos argumentos e está no *Diario de Sesións*, estívono consultando antes desta intervención. O segundo argumento é que non era boa tecnicamente porque pretendía solucionar cunha norma xeral o que era un problema puntual, só deste ano e só en relación a unha determinada mensuralidade do IVE. Ben, nós naquela altura xa prognosticamos, como En Marea —e non facía falta ser adiviños—, que este tema ía seguir coleando, que ía durar no tempo, e aquí estamos.

Nós propuxemos unha solución non conxuntural, senón estrutural. Se esta proposta sae unanimemente e sae a petición ao Goberno do Estado, aínda que o Estado nos dea a razón —que pensamos que a temos—, solucionamos o problema para este ano pero quedaría a cuestión pendente se isto se volve repetir no futuro. Nós queríamos unha solución que acabase con este problema, que evitase que esta situación formase parte do cruce de reproches entre partidos e do conxunto de ameazas que ás veces se verten se non se alumean maiorías parlamentarias.

Ben, nós buscamos unha solución estrutural que, ademais, dese certeza xurídica e que, polo tanto, permitise xuridificar plenamente a decisión que se toma e a que non se toma. É dicir, mediante a súa tutela xudicial, porque se discutiu tamén —algunha comunidade chegou a poñelo enriba da mesa— levar este tema aos tribunais e se había ou non había base legal para iso. Ben, nós queríamos dar certeza para garantir que si que habería base legal no futuro.

Estamos ante unha iniciativa que é peor que a presentamos no seu día porque, no mellor dos casos, soamente solucionaría o problema para este ano, pero non de carácter estrutural. Aínda así, nós queremos apoiala porque pensamos que é bo para os intereses económicos e, polo tanto, sociais do noso país. Pero si que lle pedimos ao ponente que polo menos recoñeza que a proposición de lei que presentou En Marea no seu día era unha boa idea para solucionar isto, non agora, senón para sempre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días.

Nunca pensei que ía empezar unha intervención aquí dicindo isto: ten toda a razón a Xunta de Galicia na reclamación ao Goberno central dos trescentos trinta e catro millóns de euros



pola actualización... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) (*Aplausos.*) dos anticipos á conta de 2019 e dos douscentos millóns pola liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 que deixou en pufo o Goberno de Mariano Rajoy. Ten razón e, polo tanto, ten o noso apoio na reivindicación da transferencia inmediata das cantidades aínda pendentes por estes conceptos. Son recursos que nos pertencen, están incluídos nos orzamentos de 2019 e non é aceptable que o Goberno, aínda que estea en funcións, non resolva este problema que non afecta só o noso país, senón o conxunto das comunidades autónomas do réxime común e das corporacións locais. Ben, esta é a parte branda, agora... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque na iniciativa do Partido Popular inclúese outra partida que ten escasa consistencia e que, de feito, a Xunta non a ten incluída nos orzamentos de 2019.

Leo a exposición de motivos da PNL: «O Goberno négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018, incentivos que cuantifica en 170 millóns de euros».

Teño que recoñecer que me custou bastante traballo atopar a base legal da reivindicación. E non é para menos, señorías. O señor Puy coñécea. A referencia é a disposición adicional centésima quincuaxésima primeira dos orzamentos xerais do Estado para 2018 de Montoro, que aínda seguen vixentes a través da súa prórroga. Vou lela literalmente —unha parte— para que non existan dúbidas interpretativas: «*El Gobierno, previo informe del Consejo de Política Fiscal y Financiera y de la Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal, podrá acordar la aprobación de incentivos a las administraciones territoriales en función del grado de cumplimiento de las reglas fiscales y de los objetivos asignados*».

¿Señor Puy, podería poñer á disposición da Cámara o preceptivo informe previo do Consello de Política Fiscal e Financeira que regula a disposición? ¿Podería esta Cámara coñecer a opinión da Airef sobre a cuestión?

Voulo poñer máis fácil. ¿Por que non nos entrega o escrito que presentou a Xunta de Galicia no Consello de Política Fiscal e Financeira para que este organismo emitira o informe preceptivo? Non o vai entregar porque non existe. Nin a Xunta presentou ningunha proposta nin o Consello de Política Fiscal e Financeira debateu o tema, nin a Airef emitiu ningún informe. Todo é unha operación de publicidade e propaganda que só existe nos medios de comunicación convenientemente engraxados. (*Aplausos.*) Pedirlle ao Goberno que pague de forma inmediata 170 millóns de euros é directamente dicirlle que incorra en prevaricación. (*Murmurios.*)

Pero hai máis. A disposición centésima quincuaxésima primeira di que, unha vez que se emitan os informes previos e supoñendo que sexan favorables, o Goberno poderá acordar a aprobación. Isto é, non existe mandato imperativo, existe discrecionalidade do Goberno. Como se nota na redacción da disposición a man sempre clara do ministro Montoro.

Por iso non deixa de ser sorprendente que, non existindo os informes preceptivos previos e que, polo tanto, nin sequera se teña iniciado o debate para que o Goberno decida se acorda aprobar este mecanismo, a Xunta xa exixa 170 millóns de euros.



A orixe desa contía xa a explicou o portavoz do Partido Popular, pero eu quero dicir algo máis. Vou ler o que di a disposición no seu último parágrafo: «*Estos incentivos podrán afectar total o parcialmente al importe de los créditos que ostente el Estado, así como a sus condiciones financieras*». Non sei se se entende ben. Este parágrafo non fala das liquidacións negativas senón do conxunto das débedas que teñen as comunidades autónomas co Goberno central. Por dicilo claramente, é a porta que abriu Montoro para a condonación das débedas das comunidades autónomas co Goberno central, ¡de todas!

E esa é a pregunta, o Partido Popular de Galicia, que votou nesta Cámara en contra dunha proposta que presentou o noso grupo plantexando a apertura dese proceso de quitas, ¿está a favor ou está en contra?

Digamos a verdade: esta demanda insistente da Xunta pon en evidencia a falsidade do seu discurso sobre a austeridade. O presidente Feijóo gabouse sempre de ser un estrito cumpridor da disciplina orzamentaria, porque ao final do castigo habería premio, habería recompensa. Agora demostrase que iso era falso, recortar máis ca ninguén non ten premio, só tivo castigo.

E remato. A Xunta demostra pericia na formulación de conflitos co Goberno central cando non goberna o Partido Popular; demostra pericia para as operacións de publicidade e propaganda, pero non para xestionar realmente os intereses do noso país.

Remato dicindo que pediremos a votación por puntos para apoiar o punto de reivindicación xusta que ten o país, e que nos negamos, compañeiros e compañeiras da oposición, a participar en operacións de publicidade e propaganda do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Señor Lago, é unha pena que vostede non dea o paso definitivo de apoiar algo do PP, porque ¿sabe vostede ao que pide votar que non? O punto 2 di: «*Declara o seu apoio á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar iso*». Iso é o que vostede non quere votar. (*Aplausos.*) Vostede leu a exposición de motivos e non leu que estamos pedindo iso.

Di que non hai informe da Airef. ¡Pero se a Airef ten informado que cumprimos o déficit da regra de gasto os anos 2017 e 2018 perfectamente! ¡Se estamos cumprindo o déficit! Iso é o que pide o informe da Airef. E o único que non se reúne... Hai dúas diferenzas: unha, que goberna o Partido Socialista e non o Partido Popular, que si pagou esas cantidades, e a outra diferenza é que o Partido Socialista non reúne o Consello de Política Fiscal e Financeira, e por iso o pedimos.



Eu creo que vostede neste tema concreto o que ten é mala conciencia, sabe que esas compensacións son a condonación da débeda que nos deixou o Bipartito e non quere recoñecer que no ano 2009 gastaron 1.600 millóns de euros que aínda está a pagar a Xunta. Pero, ben, os problemas de conciencia cada un resólveos como pode na intimidade.

Vamos ver, eu o que lamento especialmente, señora Porrit —e dígollo ao Grupo Socialista en xeral, aproveitando que me parece que está completo—, son as súas desculpas. A primeira é que, como acaba de dicir o señor Lago, Galicia é especialmente prexudicada por non cobrar, porque é unha das dúas que podería acceder a estas compensacións ás que estamos facendo referencia; polo tanto, está especialmente prexudicada. Efectivamente, o IVE afecta todas as comunidades autónomas.

Despois fala do tema do orzamento. O orzamento do Estado do señor Sánchez non é que non saíra por culpa do PP, non saíu por culpa dos que apoiaron a moción de censura, que deixaron de apoiar o Goberno nos orzamentos, (*Murmurios.*) que son os mesmos cos que vostedes queren pactar a investidura e que non se deixan. A culpa é de ERC, non do Partido Popular. Deixemos xa de xogar con tonterías porque realmente botar o PP do Goberno e dicir que despois lle poñen os orzamentos... Pácteno vostedes con ERC, se é con quen queren gobernar. (*Aplausos.*)

Dicir que o Goberno non está operativo despois do que pasou cos anticipos das entregas á conta é de risa, porque vostedes mesmos se desmentiron.

E, finalmente, di que facemos partidismo. Mire, é tan sinxelo —para solucionar— que deixemos de facer partidismo como que paguen; o día que paguen acabouse a reivindicación, tan sinxelo como iso. (*Aplausos.*)

¿Que é o que hai detrás? O que hai detrás é que empezaron vostedes cun obxectivo de déficit de 1,3, despois da moción de censura subírono ao 1,8, no programa de estabilidade a Bruxelas mandaron o 2, despois a Airef prognosticou o 2,1 e onte o Banco de España prognostica o 2,5 de déficit no ano 2019. Iso é o que está detrás disto, que o Goberno socialista lles está transferindo o déficit seu ás comunidades autónomas, non dándolles os cartos aos que teñen dereito, e iso é indecente e vostedes deféndeno. Porque hai unha diferenza importante entre a actitude dos distintos partidos socialistas. ¿Que dixo Lambán? «*Que nos paguen lo que nos deben*». ¿Que dixo Susana Díaz, apoiando no Parlamento, na oposición, unha iniciativa semellante a esta do Partido Popular e Ciudadanos? Dixo: «*Ejerceremos una oposición responsable y vamos a apoyar cuestiones que son sensatas*». Iso é o que dixo a oposición socialista en Andalucía cando a maioría de centro dereita pediu o apoio da oposición. Mónica Oltra, Pilar Costa, de Baleares..., todos eles exixen os cartos. A diferenza é que en Galicia quen arela ser presidente da Xunta polo Partido Socialista, en vez de dicir que é unha reivindicación xusta, di que Feijóo está contando unha película, exixe o cesamento do titular de Facenda, despois di que está facendo un teatrillo, sae o delegado do Goberno e di que parecemos unha orde mendicante e, finalmente, di que isto da débeda é unha farsa e que finalmente é un choro continuo de Feijóo.

Señorías, isto é asombroso, insisto, o Estado estalles transferindo ás comunidades autónomas o seu déficit; estámolle pagando cos cartos que lle corresponden á Xunta e aos servizos



públicos galegos o gasto extra das campañas electorais e a favor da investidura do señor Sánchez. Iso é absolutamente indecente. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: A longo prazo estalle facendo un moi mal servizo ao sistema autonómico, *(Murmurios.)* porque están xustificando, como viron na intervención do Bloque, ese tipo de reaccións por parte de moita xente en contra do sistema autonómico. Insisto, isto é lamentable e o Partido Socialista de Galicia apóiao. ¡Impresionante! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Por certo, sobre as emendas... Non entendín. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Non as acepta? *(Negación.)* Vale. Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Imos proceder á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Luisa Pierres.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a erradicación das infravivendas en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, que defendeu a señora Rodríguez Barreira.

Non se acepta a emenda do Grupo Común da Esquerda.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa rede de transporte de mercadorías do noroeste peninsular, así como co desenvolvemento nel da rede transeuropea de transporte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do grupo parlamentario... ¿Ou votámola ao final? Votámola ao final porque aínda están repartindo as... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Entón, votamos agora, en cuarto lugar, a proposición número 4, do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Perdón, pediuse a votación por puntos.

¿Acepta vostede a votación por puntos? ¿Cantos puntos son? (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Votamos o primeiro punto.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto 1.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o resto de puntos desta proposición non de lei.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 1, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei, agás o punto 1.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia dun proceso de diálogo coas organizacións sindicais que representan o profesorado para recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votación da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez.

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector cultural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga.

Foi solicitada a votación por puntos por parte do señor Lago.

¿Señor Puy, acepta a votación por puntos? (*Asentimento.*)



Si, acepta a votación por puntos. ¿Cantos puntos ten esta proposición? Tres. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere separar o punto 1? (*Negación.*) Non, quere separar o punto 2. Votamos, en primeiro lugar, o punto 2.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 46; abstencións, 23 .

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 2 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto de puntos da proposición.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, agás o punto 2, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coas reivindicacións da Xunta de Galicia ante o Goberno central referidas ao ingreso das contías do imposto sobre o valor engadido do ano 2017 pendentes de liquidación, así como a aprobación dos incentivos a Galicia polo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 14 .

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, ¿vostede segue mantendo que fagamos a votación en urna? ¿Vostede cre que vai...? (*Risos.*) Moi ben, pois imos votar. Veña, perfecto. Dous artigos do Regulamento —non é un só— a protexen. Non, non, protéxena dous artigos do Regulamento; nese sentido, non estamos facendo nada que non estea contemplado.

Polo tanto, esta vai ser unha votación en urna. Prégolle á señora secretaria que proceda ao chamamento dos señores deputados.

Votación en urna da Proposición non lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín.

(A señora secretaria, Arias Rodríguez, procede a efectuar o chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os deputados e deputadas membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Exerceron todos os deputados e deputadas o dereito ao voto.

Recontamos.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Bueno, o reconto é o previsto (*Risos.*): 33 votos a favor; 36 votos en contra.

Polo tanto, queda rexeitada a proposición non de lei.

Agora suspendemos a sesión.

A sesión reanudarémola ás cinco da tarde.

Están convidados todos por dous motivos (*Murmurios.*): un, porque hoxe celebramos o Nadal e porque mañá o Parlamento cumpre 38 anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Suspéndese a sesión ás doce e cincuenta e seis minutos do mediodía e retómase ás cinco da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, co punto cuarto, interpelacións.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do sector naval

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas. Boas tardes, señor conselleiro.

Os socialistas traemos hoxe novamente a este parlamento a nosa preocupación pola situación da industria galega, unha preocupación que crece día a día pola crise industrial que está a sufrir o noso país, unha preocupación hoxe máis agravada pola aprobación onte dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, uns orzamentos que non ofrecen as oportunidades de futuro necesarias para a nosa mocidade, para que lle permita desenvolver o seu proxecto vital.

Señor conselleiro, na tramitación destes orzamentos tiveron a oportunidade de mudar a súa fracasada política industrial. Tiveron a oportunidade de mudar, de recoller as achegas presentadas polos grupos da oposición, de ofrecer un proxecto revitalizador, un proxecto que Galicia necesita para facer fronte aos retos do presente e tamén aos retos do futuro no noso país.



Vostedes, señor conselleiro, durante case once anos de goberno do señor Núñez Feijóo, non tiveron a política industrial entre as súas prioridades; unha política industrial que ten situado Galicia no posto 197 sobre 268 territorios europeos, dezaseis postos menos que hai tres anos, e ocupando a décima posición de todas as comunidades autónomas españolas.

Señor conselleiro, o emprego é a segunda gran preocupación da cidadanía e o primeiro gran fracaso de xestión da Xunta de Galicia, que na súa previsión macroeconómica para 2020 nos promete que vai seguir fracasando, e para xerar emprego, emprego de calidade, temos que ter un tecido industrial forte. Un tecido industrial forte, un emprego estable, permite asentarse poboación e reverter a sangría demográfica do noso país.

Foi unha oportunidade perdida, señor conselleiro, e con estas contas prométenos seguir na mesma senda, cunha redución xeneralizada nas partidas máis importantes. Uns orzamentos que, en plena crise industrial derivada da descarbonización, reducen os recursos necesarios para axudar á transición enerxética e apoiar as comarcas afectadas pola crise industrial; uns orzamentos que renuncian a apostar pola modernización económica e polo emprego industrial; uns orzamentos que reducen as partidas que máis poderían axudar ao tecido económico e industrial en pleno contexto de dificultades económicas previstas polo *Brexit*, pola guerra arancelaria entre Estados Unidos e A China ou polo endurecemento da transición industrial fixada pola Unión Europea.

Un goberno, o galego, que carece dun modelo enerxético propio para afrontar a crise industrial, provocada pola descarbonización, que levou as empresas a anunciar o peche anticipado das centrais de Meirama e das Pontes. Un goberno sen planificación para afrontar a situación destas empresas, unha situación que non pode ser — non podía ser — descoñecida pola Xunta de Galicia, posto que se trataba das dúas centrais máis contaminantes.

A inexistente política industrial que ten levado durante estes once anos o Goberno galego lévanos a que hoxe temos 4.400 ocupados menos na industria dos que tiñamos no 2009. O índice de produción industrial o mes de outubro en Galicia, na media no que vai de ano, presenta unha taxa negativa de -5,5, sendo a segunda peor evolución de todas as comunidades autónomas. Nas exportacións, no que vai de ano, DataComex, de xaneiro a setembro de 2019, dinos que a taxa de variación anual ten diminuído nun 6,1 %, só detrás de Ceuta, Melilla e as Illas Baleares; que no 2018 en Galicia se constituíron 509 sociedades menos das que se constituíron no 2016; que fracasa á hora de captar investimento privado, limitándose a seguir o crecemento de España, mentres nós exportamos traballo cualificado e exportamos capital.

En definitiva, un goberno galego incapaz de incrementar o emprego e a produtividade, facendo imposible gañar a competitividade, e incapaz de impulsar as exportacións a outros mercados.

Fronte a esta situación, vostedes votaron «non» ás 88 emendas presentadas polos socialistas en política industrial e emprego, emendas que mobilizarían, xunto coa emenda transversal, un total de 188 millóns de euros.



Señor conselleiro, estes case once anos de política de publicidade e propaganda ao que nos teñen acostumbrados teñen un dos seus exemplos máis ilustrativos desa publicidade e desa propaganda coa desconexión en *prime time* da Televisión pública para que o presidente Feijóo presentara a empresa mexicana Pemex, como se fose a presentación dese inexistente plan industrial para Galicia. ¿Recorda, señor conselleiro? Seguro que o recorda.

Na primavera do 2012 o presidente Feijóo regresou dunha viaxe a México con Mariano Rajoy, avanzando unha oportunidade histórica para o sector naval galego, tanto para os privados en Vigo como para os públicos en Ferrol, da man da empresa mexicana Pemex. ¿Recorda, señor conselleiro? O presidente Feijóo nese mesmo ano, a finais de 2012, solemnizou no pazo de Raxoi o encargo de dous floteis de Pemex para os estaleiros galegos, formalizando esa alianza estratéxica que o presidente da Xunta de Galicia definía como unha das mellores noticias de economía e emprego dos últimos tempos, e estes contratos están avalados non só financeiramente, senón que están avalados pola convicción e o realismo. Un goberno do PP na Xunta de Galicia que, na súa habitual imaxe de publicidade e propaganda, nos anunciaba a construción de buques, unha base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto de Punta Langosteira, dous floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, un buque hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e varios remolcadores. En fin, dous floteis, ese foi o resultado, dous floteis. (*Aplausos.*)

En 2013, noutra precampaña, a empresa Pemex anunciou a entrada no capital de Barreras, co control do 51 % das accións, co anuncio de establecer unha alianza estratéxica que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira. Así, fíxose unha ampliación do capital de 5,1 millóns de euros, aboados ao completo por Pemex, para salvar a empresa ante a mala situación que sufría. A crúa realidade, lamentablemente, acabou sendo que, aínda que Pemex anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras, en novembro de 2016 xa manifestou que non o ía construír e que paralizaba a futura —e ademais non comezada— base loxística de Punta Langosteira, na Coruña.

A crúa realidade foi dous floteis construídos, o único resultado da xigantesca operación de propaganda. Sete anos despois daqueles anuncios, o conto Pemex rematou e Pemex decidiu abandonar Barreras e Galicia. Dende ese momento, e facendo un pouco de historia desta emmarañada situación, temos que o 26 de setembro deste ano, Ritz-Carlton entrou en causa de disolución ao computar uns fondos propios de menos de 5 millóns de euros, é dicir, en menos da metade do seu capital social.

O 2 de outubro, Hijos de J. Barreras solicita precurso de acredores, o 22 de novembro prodúcese a suspensión e cancelación do proxecto en curso. A construción do ferri Armas atópase en suspenso. O 26 de novembro Barreras solicita a disolución. O 1 de decembro a navieira Ritz-Carlton foi recrutando efectivos para facerse co control efectivo sobre o 75 % do accionariado, a través da cesión de dereitos de Pemex e de Albacora, iso si, sen contemplar a compravenda do estaleiro e sen devolver nin un só euro.

As últimas noticias é que agora solicitan ao Goberno galego 40 millóns de euros a fondo perdido para rematar o buque que xa está en construción, o cruceiro *Evrima*. Deses millóns que



solicitan a fondo perdido, 54 parece que se corresponden a un sobrecusto sobre o orzamento inicial, dos que a metade son imputables —segundo declaracións— á propia Ritz-Carlton. E o 2 de febreiro, como vostede ben sabe, finaliza o precurso.

Señor conselleiro, sabemos, a través das novas que aparecen nos xornais practicamente todos os días, que vostede tivo un número moi importante de reunións na sede do Ministerio de Industria con todas as partes implicadas: o Goberno central, a Xunta, Pymar, Cesce e Pemex.

Polo tanto, nós interpelámolo nesta ocasión neste Parlamento galego, señor conselleiro, para que vostede nos diga, tendo en conta a importancia estratéxica do sector naval, que valoración fai o Goberno galego da situación actual de Barreras e que conclusións, medidas ou estratexias se teñen barallado nestas reunións para procurar unha saída favorable a esta crise industrial.

Nada máis nesta primeira rolda e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, ¡vaia discurso máis anacrónico! (*Murmurios.*) Eu entendo perfectamente que vostede intente xustificar o inxustificable, eu entendo que vostede intente xustificar o presidente do Goberno, entendo que intente xustificar como hai unha política enerxética que está penalizando a industria deste país e entendo perfectamente que vostede vén aquí facer de avogada das causas perdidas, pero, señora Rodríguez Rumbo, se quere falar de política industrial, eu non teño ningún problema, falemos de política industrial.

O que si lle podo trasladar é que claro que este goberno está preocupado pola crise industrial que está provocando o Partido Socialista Obreiro Español, claro que estamos moi preocupados. E estamos moi preocupados porque o Goberno non ten axenda industrial e estamos moi preocupados porque a política enerxética do Goberno está penalizando e discriminando a industria, simplemente utilizando como escusa a loita contra o cambio climático. E vostede, en vez de defender os intereses dos galegos, en vez de defender os intereses da industria galega, vén aquí intentar trasladar á Xunta de Galicia unha serie de responsabilidades que non son da súa competencia. Porque vostede sabe perfectamente que a política enerxética é competencia, dende o punto de vista do Regulamento do sistema eléctrico, precisamente do Goberno de España.

Lamento profundamente que vostede intente trasladar a Galicia unha situación que está xerando o Goberno de España. O Goberno de España está xerando incerteza, o Goberno de España está xerando inseguridade xurídica, o Goberno de España está xerando desconfianza nos investidores e nos consumidores, e lamentablemente o Goberno de España está pena-



lizando a industria do noso país. E por iso me sorprende enormemente que vostede, en vez de falar destas cousas, se dedique a intentar trasladar unha realidade que non é certa, porque vostede, se quere falar de política industrial e de política enerxética, debería de intentar explicar por que unha empresa, despois de investir 217 millóns de euros precisamente para adaptar a central á nova directiva de emisións da Unión Europea, está sendo penalizada e estase intentando forzar o seu peche, e estao intentando o seu Goberno. E vostede debería intentar explicar aos galegos por que en Europa hai 149 centrais térmicas funcionando, cun horizonte de descarbonización no ano 2050, e por que en España temos que desconectar as centrais térmicas simplemente por un tema ideolóxico do seu partido. Iso é o que debería vir explicar aquí se quere falar realmente de cal é a situación dende o punto de vista enerxético e dende o punto de vista industrial.

E si lle podo dicir que o emprego claro que é a principal preocupación deste goberno, e por iso este goberno consensúa cos axentes económicos e sociais precisamente para traballar por un emprego de calidade, e por iso fomos quen este goberno —xunto cos sindicatos UGT, Comisións Obreiras e a patronal— de chegar a un acordo pola transformación tecnolóxica do noso país e de chegar a un acordo por unha transición enerxética ordenada e xusta. E vostedes estalle dando as costas á industria, ao emprego deste país.

E, polo tanto —insisto—, parecía que vostede trouxo aquí o discurso que utilizou na Comisión de Orzamentos, o cal me parece moi ben, pero a pregunta era sobre Barreras e non era sobre a política industrial. Pero, como ve, eu estou encantado de darlle esa resposta.

Igual que estou e estaría encantado se vostede lles explicara aos traballadores de Alcoa por que o Goberno central, o Partido Socialista Obreiro Español e o Partido Socialista de Galicia lles está dando as cotas aos traballadores de Alcoa, por que lles está dando as costas aos traballadores das empresas electrointensivas e por que non asume a súa responsabilidade de dar un prezo eléctrico competitivo para que Alcoa poida seguir funcionando e en Galicia se poida seguir producindo aluminio primario. (*Aplausos.*) En lugar de dar estas respostas e sobre todo de concretar e non utilizar escusas por parte do seu Goberno, creo que debería dedicarse o Partido Socialista de Galicia a defender os intereses dos traballadores, os intereses da industria en Galicia.

Pero permítame darlle a benvinda ao Partido Socialista cando quere falar do sector naval. Sei que iso é simplemente de palabra, porque lamentablemente os feitos do Partido Socialista de Galicia e os feitos do Partido Socialista Obreiro Español non acompañan o sector naval en Galicia.

Mire, Navantia é un estaleiro público do Estado, que vostedes gobernan. Sabe que Navantia Ferrol precisa carga de traballo para os vindeiros dous-tres anos e non provocar a paralización da industria auxiliar en Ferrolterra. E iso significa asegurar o encargo dun novo buque loxístico mentres non comece o corte de chapa das fragatas F-110, tal como se comprometeu. Sabe que precisamos desenvolver urxentemente as infraestruturas necesarias e os procesos produtivos que leven o estaleiro a gañar posicións na fábrica do futuro. E iso significa, señora Rodríguez Rumbo, que os investimentos anunciados realmente se executen.



Sabe tamén que a Xunta de Galicia ten feito os seus deberes. Apoiamos a innovación, coas unidades mixtas Estaleiro 4.0 e Nautilus, que Navantia está desenvolvendo en colaboración coa Xunta de Galicia e coa Universidade da Coruña e a Aimen. Estamos apoiando a formación para contar cos traballadores máis cualificados, cun plan específico para o sector naval, no que levamos investidos 16 millóns de euros. Estamos apoiando directamente o emprego, con encargos como o flotel de Pemex para Navantia, que supuxo máis dun millón de horas de traballo na ría de Ferrol. E estamos apoiando o emprego, señoría, co impulso de novos negocios como a eólica mariña.

A pregunta, señora Rodríguez Rumbo, é se o Goberno socialista ten a vontade de facer o mesmo, esa é a pregunta. Porque, dende logo, os antecedentes destes meses deixan moito que desexar. Prometeron que as fragatas empezarían a construírse o antes posible, pero a realidade é que tardaron dez meses en desbloquear o contrato e nestes momentos seguimos sen gastar os 250 millóns de euros que o Goberno de Rajoy deixou nos orzamentos do ano 2018.

Prometeron algunha obra intermedia mentres non comeza a construción das fragatas, pero a realidade é que agora din que iso non é posible. Tamén prometeron conseguir a aposta que fixo o Goberno do Partido Popular coa eólica mariña, pero a realidade, señora Rodríguez Rumbo, é que lle quitaron carga de traballo a Navantia Fene para levala a Cádiz. En definitiva, hai unha aposta inexistente por parte do Partido Socialista sobre o sector naval.

En canto a Barreras, señoría, creo que no caso de Barreras é o momento de dar respostas e de deixar de dar voltas. (*Murmurios.*) A Xunta quere tomar unha decisión e sabe que iso non é posible sen coñecer as conclusións da auditoría do estaleiro e os termos exactos do acordo de Ritz-Carlton cos accionistas. Así pois, téñennos que aclarar se se está cumprindo a prioridade que fixamos cando arrancou este proceso, que non é outra que garantir a viabilidade do estaleiro a curto, a medio e a longo prazo. Equivócanse se pensan, dende logo, que está todo feito con rematar un barco. Para iso, dende logo, non contarán coa Xunta de Galicia.

O que si lle podo dicir é que a disposición da Xunta é absoluta para buscar solucións, témolo trasladado ao resto das partes nas reunións que se están a manter. E tamén en coordinación co Ministerio de Industria estamos promovendo as reunións que sexan necesarias para atopar unha solución que achegue estabilidade ao futuro de Barreras; iso si, sempre que se teña en conta os traballadores e as industrias auxiliares, porque esa é a nosa principal prioridade. En definitiva, señoría, hai unha aposta clara por parte da Xunta de Galicia. Nós estaremos ao lado do sector naval galego facendo o que ten que facer e, dende logo, dando solucións concretas.

A alianza de Barreras con Pemex xogou —e vostede sábeo— un papel determinante na recuperación do estaleiro en momentos moi difíciles, cando o estaleiro estaba practicamente en liquidación e non había carga de traballo. Debería de empezar por aí, señora Rodríguez Rumbo, debería de empezar por aí: un estaleiro que estaba sen carga de traballo. Creo que o único que están facendo —e láméntoo profundamente— é intentar desacreditar o sector, e así, dende logo, non van atopar o respaldo nin da Xunta de Galicia nin tampouco dos propios traballadores.



O compromiso de Pemex con Galicia enmarcouse sempre no ámbito das relacións do Estado entre España e México, ¡sempre! (*Murmurios.*) Pemex é unha empresa pública e estiveron implicados tanto os gobernos de Calderón —despois de Peña Nieto— e, como sabe, agora cun novo mandato López Obrador. Lémbrolle, polo tanto, que non foron relacións cun goberno determinado senón que foron relacións sempre buscando o compromiso co sector naval.

Por iso lamento a súa posición, a posición do seu grupo, dándolle as costas á industria e dándolle as costas lamentablemente tamén ao sector naval galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, eu non veño aquí xustificar a ninguén, os estaleiros e a situación dos estaleiros galegos tamén son política industrial, e, polo tanto, eu veño aquí falar evidentemente de política industrial e é sobre o que lle pregunto.

E, ademais, acábolle de facer unha exposición que, evidentemente, tamén a fixen onte na defensa dos orzamentos, porque é o que os socialistas cremos sobre a falta de política industrial que ten levado durante estes once anos o Goberno galego, (*Aplausos.*) e que non ten previsión para as crises que se están a producir.

Por certo, vostede fala de que a miña intervención é un pouco anacrónica, pero, ben, non sei se a súa estivo máis centrada, paréceme que aínda foi moito máis, en fin, espesa.

E eu preguntolle —xa que vostede toca este tema—, si, señor conselleiro: ¿cal é a política enerxética da Xunta de Galicia? (*Murmurios.*) Dígame: ¿cal é? ¿Cando van publicar esas directrices enerxéticas presentadas nesta Cámara en abril de 2018? ¿Cando? ¡Dígame! ¡Contésteme! ¿Cando? ¿Cal é a política enerxética desta Xunta de Galicia? (*Murmurios.*)

De verdade, vostede acaba de ter unha reunión coa ministra de Transición Enerxética, na que estivo tamén o presidente da Xunta de Galicia. ¿De verdade vostede pode afirmar aquí, en sede parlamentaria, que o Goberno de España quere pechar as centrais térmicas? (*Murmurios.*) ¿De verdade o pode afirmar? ¡Home, por favor!, a min paréceme un pouco de cinismo político, con todos os respectos. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) En fin... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡En fin! (*Aplausos.*)

Mire, o que si é unha realidade e que si está constatado... (*Murmurios.*) Se queren vostedes intervir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, vale, pois non me interpelen a min, porque normalmente interpelamos a oposición ao Goberno, non o Goberno á oposición. (*Murmurios.*) Eu xa sei que non lles gusta o que lles digo pero, ben, se non lles gusta, é a realidade, e hai que saber encaixar. (*Murmurios.*)



Ben, eu preguntolle, señor conselleiro: ¿onde estaba o Goberno galego cando o señor Rajoy anulou 72 millóns de euros do Plan Miner para Cerceda e para As Pontes? (*Murmurios.*) ¿Onde estaba o Goberno galego? Naquel momento non dixeron nada, 72 millóns de euros que se perderon para Galicia, ¡para Galicia!, independentemente de que naquel momento —e agora tamén— tanto en Cerceda como nas Pontes haxa gobernos socialistas. E esa é a súa diferenza: que vostedes discirnen en función de quen goberna en cada lugar. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

¿Por que vostedes non incluíron os concellos galegos, por que vostedes non incluíron catorce concellos galegos, que o podían facer, nas axudas que puxo á disposición o Goberno do Estado para apoiar as localidades mineiras en 2014? ¡Explíqueme! ¡Explíqueo aquí nesta Cámara! ¡Explíquello á poboación de Cerceda, explíquello á poboación das Pontes e a toda a súa contorna! Explíquelles: 72 millóns de euros máis a falta de inclusión deses concellos durante esas axudas para as localidades mineiras.

Señor conselleiro, xa que estamos a falar un pouco de todo, ben, eu falei dalgunhas cousas e vostede aínda o incrementou máis, pero, en calquera caso, xa que falamos un pouco de todo, tamén me gustaría que me contestara aquí: ¿que teñen feito con Naturgy? ¿Cando van investir eses cen millóns que prometeron para contrarrestar un pouco a perda da central térmica de Meirama? ¡Contésteme, señor conselleiro! Supoño que vostedes algo estarán facendo. E recórdolle que vostedes só comparten accionariado en varias empresas con Naturgy; polo tanto, son os seus socios, son compañeiros e, polo tanto, algo deberían de saber.

Pero, ben, en calquera caso, señor conselleiro, a nós o que máis nos preocupa, ao Partido Socialista, é que vostede nos conteste hoxe aquí a que acordos, que estratexias, que visibilidade, que luz ve vostede para que este estaleiro teña viabilidade, e non soamente de presente senón de futuro. Nese caso vai ter a nosa man tendida, sen ningunha dúbida. E é máis, señor conselleiro, despois desta interpelación vostede sabe perfectamente que hai que facer unha moción e que se sustenta nesta interpelación. Eu invíto a que vostede pacte con nós os termos desa moción para que saia un acordo unánime nos termos necesarios para que non haxa ningunha dúbida de que todo o Goberno e todos os grupos parlamentarios da Cámara galega apoian, sen ningunha dúbida, fronte a quen sexa —incluído o Goberno do Estado—, que se manteñan os estaleiros e, neste caso, o estaleiro Hijos de Barreras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche desta interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, cinismo político. Lamento profundamente que vostede utilice esa expresión cando estamos a falar de máis de mil douscentos empregos na Mariña, máis de setecentos empregos nas Pontes, máis de douscentos empregos en Cerceda, máis de qui-



ñentos empregos en Ence e toda unha industria conserveira, ameazados todos eles por unha política enerxética desordenada do Goberno do Partido Socialista Obrero Español. *(Aplausos.)* Laméntoo profundamente, porque os traballadores e as familias non o merecen.

Mire, a política enerxética, dende o punto de vista da regulación do sistema, sabe perfectamente que é unha competencia do Estado, sábeo perfectamente. E, polo tanto, sabe perfectamente que o Goberno é o que ten a responsabilidade e os instrumentos para poder dar unha solución ás empresas electrointensivas. Sabe perfectamente que o Goberno é o que ten os instrumentos para poder permitir a aprobación do Estatuto das empresas electrointensivas e, polo tanto, tamén utilizar todos os mecanismos para que os traballadores de Alcoa-San Cibrao teñan unha resposta. E os traballadores de Alcoa-San Cibrao o que non poden admitir son máis escusas, escusas por parte dun goberno en funcións que pode perfectamente adoptar esas medidas e escusas utilizando a Unión Europea. Iso é política enerxética, iso é política industrial.

Tamén é política enerxética, é política industrial a decisión que tome o Goberno, porque é unha decisión do Goberno, igual que están utilizando e decidindo outros gobernos, dar unha solución á central térmica das Pontes.

Mire, a Comisión Europea está marcando no Pacto verde que a transición enerxética non pode xerar desemprego e que a transición enerxética non pode ser unha perda de oportunidades para os traballadores actuais, e en Europa hai 149 centrais térmicas que están operando nun contexto de descarbonización e aquí en España o Goberno ten decidido unilateralmente non adoptar ningún tipo de medidas que lle permite Europa para que en España se poida continuar coa produción das centrais térmicas que fixeron os investimentos para cumprir coas emisións da directiva de emisións industriais.

Polo tanto, hai unha responsabilidade, hai unha corresponsabilidade por parte do Goberno na situación que están a pasar os traballadores das Pontes. Igual que hai unha responsabilidade de inseguridade xurídica por parte dos traballadores de Ence, porque o Goberno tamén tomou unha decisión sorprendente: allanarse nunha demanda e nunha decisión que fora tomada tamén pola Avogacía do Estado permitindo a ampliación. E o Goberno está poñendo en tea de xuízo e en perigo máis de cen empresas conserveiras que están en dominio público marítimo-terrestre sencillamente porque o Goberno está mudando a súa posición e os seus criterios e, polo tanto, ameazando o emprego.

Hai unha ameaza de desmantelamento industrial e enerxético en Galicia provocado polo seu partido. O que eu me pregunto é que vai facer o Partido Socialista de Galicia para defender os intereses dos galegos, para defender os intereses da industria en Galicia. Esa é a miña pregunta, señora Rodríguez Rumbo. *(Aplausos.)*

E, por suposto, falemos do sector naval; eu recollo o seu guante, claro que si. Porque o que signifique adoptar acordos para defender conxuntamente por parte dos grupos parlamentarios e da Xunta de Galicia a situación do sector industrial e, nomeadamente, neste caso, a situación do estaleiro de Barreras, terá sempre a man tendida por parte do Goberno. Polo tanto, consensuaremos esa posición.



O que si lle podó dicir é que a Xunta de Galicia vai formar parte da solución para Barreras; fixémoslo no seu momento no ano 2013 e volverémolo facer agora. Pero nós o que imos facer é traballar precisamente para ter en conta os traballadores de Barreras e as empresas auxiliares.

Sabe que xa temos tomado decisións e sabe que este goberno aprobou operacións, unha liña de préstamos para a industria auxiliar, precisamente para darlle unha resposta sobre a súa situación. E pódolle trasladar que onte mesmo aprobamos no Igape operacións en favor de once empresas do sector naval situadas nas rías de Vigo e de Ferrol precisamente concedendo un global de 6,2 millóns de euros en préstamos, apoiando, señora Rodríguez Rumbo, 925 empregos do sector naval en Galicia. Polo tanto, estaremos na solución.

É certo que hoxe perderon unha boa oportunidade para explicar por que o Partido Socialista de Galicia asegurou o 22 de novembro que había unha solución para Barreras. Iso si que é irresponsabilidade, facer anuncios cando nin sequera están nas reunións. Sexan serios. Se queren apostar polo naval, aquí teñen un goberno que o está facendo; se queren realmente apostar polos traballadores de Barreras, únanse á posición da Xunta de Galicia e, dende logo, terán a man tendida para buscar esas solucións, porque é no que estamos traballando dende o primeiro momento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre a política do Goberno galego en relación coa crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Ben, un apuntamento inicial —non, non pasa nada, non hai problema, hoxe estamos medio de festa, aínda que o asunto é grave e importante—, un apuntamento inicial. Aquí, como dixo o presidente, a interpelación vai sobre que vai facer o Goberno galego. Se vostede me vai contestar o que non fai o Goberno de Pedro Sánchez, entón marchó para o escano. Porque se vostede elude a súa responsabilidade, pois eu renuncio a facer a miña interpelación.

Evidentemente —e pode sabelo polas comisións—, poucos máis que nós criticamos moitas das actuacións do Goberno do Estado español no asunto enerxético; por exemplo, a última subasta de interrompibilidade, que, sorprendentemente, cando nós a criticabamos, o Grupo Común da Esquerda-Unidas Podemos dixo que había que baixala máis; nós quedamos verdadeiramente sorprendidos; non sei que pensarán os traballadores de Alcoa cando escoiten esa intervención.



Pero veño falar, intentar polo menos falar do que fai ou que debería facer a Xunta de Galicia. A ver se vostede me contesta sobre iso, porque, señor conselleiro, di vostede que non hai que ser cínicos. Vostede sabe de sobra que o problema da central térmica das Pontes non ten tanto que ver co Goberno do Estado, ten que ver con outras cousas. Ten que ver cos dereitos de CO₂, ten que ver con que é ineludible pechar as centrais de carbón; non se pode mirar ao pasado, hai que mirar ao futuro. Xa sei, xa sei que no Cumio co COP25 Polonia foi unha das que se opuxo máis, pero Galicia ten que mirar ao futuro, mirar ao pasado é mirar ao atraso e non mirar ao progreso. Esa é a nosa proposta. Ademais, non hai alternativa, polo menos nós témolo claro.

Todas as forzas políticas, incluídos vostedes, están de acordo en que hai que desenvolver e planificar unha transición enerxética xusta, pero hai que concretala. E imaxinamos que o Partido Popular estará disposto a concretala no caso que nos afecta de maneira tan forte como é nos casos das Pontes e Meirama, para que de verdade sexa transición unha produción eléctrica descarbonizada —iso é ineludible— e para que de verdade sexa xusta e non beneficie só os de sempre.

Transición xusta, evidente. Pero a transición xusta non pode ser xusta se a alternativa é regalar o territorio ás grandes eléctricas como se Galicia fora o Oeste americano no século XIX, que é o que está pasando agora. ¿Como é iso das subastas de potencia renovable favorecendo as ofertas de maior potencia? Iso foi iniciativa do Partido Popular. Cando debía ser todo o contrario: favorecer as ofertas de menor potencia, das cooperativas, dos concellos, das comunidades enerxéticas. Iso sería verdadeiramente loitar polo futuro da enerxía distribuída e democrática.

Porque é normal que a cidadanía se opoña aos parques eólicos. ¿Que aporta de verdade un parque eólico a unha comarca, a un concello? Deberían de ir alí a ver que cartos deixa alí un parque eólico, responsabilizado cos ingresos que obtén; pois realmente ridículos: unha parte na construción e despois practicamente nada. Por iso nós nas emendas aos orzamentos plantexabamos que había que reconfigurar o canon eólico.

É verdade, se pensamos verdadeiramente na cidadanía, Galicia si podería ser unha potencia eólica. O que non pode ser é que a maior parte da infraestrutura tecnolóxica que se utiliza nos parques se fabrique fóra de Galicia e aquí se fabrique unha parte, a parte con menos incidencia tecnolóxica, fundamentalmente as pas, cando se podían fabricar as turbinas, se verdadeiramente houbera unha estratexia decidida por parte da Xunta de Galicia.

Din vostedes agora que hai que planificar, que non temos tempo. Claro que non. Vostedes levan dez, e antes outros dous anos máis, no anterior goberno. Dende o ano 2007, cando pechou a mina das Pontes, xa se sabía que a central, máis pronto que tarde, ía ser inviable.

Por iso En Marea plantexa fixarse en experiencias de éxito, porque as experiencias de éxito non son as de manter as centrais que contaminan, contra vento e marea. As experiencias de éxito son as que xustamente miran ao futuro, que miran á transición ecolóxica e que miran á transición enerxética.



Eu propóñolle que poidamos facer unha viaxe acompañados de xente das Pontes, de xente dos colectivos afectados, sindicatos, asociacións, a Lood-en-Gohelle. Vostede coñecerao sobre todo —imaxino— porque é un exemplo de como unha rexión —ademais, unha zona moi parecida ás Pontes, con sete mil habitantes, con minas de carbón, con centrais térmicas— na que pecharon as minas, pecharon as centrais e desenvolveron todo un complexo que fai que dez anos despois —iso si, eles empezaron a tempo— o PIB se duplicara, e é o centro piloto de todo o desenvolvemento da transición ecolóxica en Francia, recollendo inmensas aportacións financeiras tanto da Unión Europea como do Estado francés.

Pois moitas das nosas propostas, que as ten vostede na interpelación, están baseadas nestas realidades. Non son ideas felices, teño que recoñecer que a maioría as copiei. Tamén de Ontario, que fixo o mesmo a partir do 2009, pechando as cinco centrais térmicas de carbón que tiñan similares á das Pontes no seu territorio.

E necesítase un novo modelo de desenvolvemento que mellore o anterior, que sexa máis sostible e máis participativo. Esa é a clave. Nestas zonas todos os exemplos son de éxito, porque foron verdadeiramente participativos. Contouse con todo o tecido social: asociacións, sindicatos, partidos políticos, concellos e, por suposto, o Goberno rexional e o Goberno do Estado, con aportacións tamén que teremos que solicitar á Unión Europea.

Estes foron os eixos principais destas experiencias. Este é o aspecto máis relevante, o da participación. A partir de aí poderíase lograr un diagnóstico e unha estratexia colectiva, pasando dunha mera actitude de queixa continua —que é a actitude actual do Partido Popular en Galicia— a unha verdadeira actitude proactiva e propositiva.

E por aí vai a nosa primeira parte da interpelación. ¿De onde van saír os cartos? Aí ten vostede catro propostas de onde debían saír os cartos. Primeiro, recuperar —xa se comentou— o investimento non executado do Plan Miner. Despois, outras disposicións que estaban xa nos orzamentos prorrogados de 2018, as aportacións que debería ter concretas a Xunta de Galicia. Pero nos orzamentos de 2020 nós fixemos quince propostas concretas para As Pontes e Meirama, rexeitáronas todas e no seu orzamento non hai nada explícito. Ao mellor está dentro doutras partidas, a ver se agora nolo pode aclarar. ¿Cantos millóns de euros van ir para estas dezasete propostas que incluímos na nosa interpelación —e despois concretaremos na nosa moción— ou para outras? Seguro que ao mellor vostede ten moitas mellores ideas que nós.

E despois, por suposto, que Naturgy e Endesa aporten. ¿Sabe vostede —seguro que o sabe— canto facturou Endesa nos corenta anos de existencia da central? Máis de dez mil millóns de euros. Ben, algo terá que deixar, porque o lignito non era de Endesa, era unha concesión. Todos os terreos que ocupou para as escombreyas non eran de Endesa, eran unha concesión. Permittede a expropiación forzosa deses terreos para un teórico ben público. Pois agora que devolvan algo.

En segundo lugar, outra parte das interpelacións van pola liña de que actuacións a curto prazo habería que desenvolver. E aí é onde a Xunta de Galicia —porque evidentemente temos un goberno en funcións e a Xunta de Galicia non está en funcións, teoricamente— podería facer cou-



sas concretas neste período, que non vai ser moi longo —a Unión Europea pode aprobar proxectos xa a partir de xaneiro de 2021; falta un ano—. Pois neste ano a maior parte dos cartos deberíaos de aportar a Xunta de Galicia e exixir que, en canto haxa goberno, tamén colaboren.

O primeiro é —non sei se vostede o ten claro xa, por exemplo na zona de Andorra e en Teruel xa o teñen claro— que vai facer Endesa para garantir o mantemento dos postos de traballo; probablemente vostede o saiba xa e nolo poderá aclarar, tanto no caso de Endesa como no caso de Naturgy. Tamén, que pensa a Xunta de Galicia que se pode facer nestes concellos para que non haxa un devalo económico e social, que actuacións concretas van facer. Porque van falar cos camioneiros e din que é un desastre, que a culpa é de Pedro Sánchez. Eu penso que non é moi difícil pensar como diversificar a actividade deses camioneiros. A solución non é dicirlles que van seguir transportando carbón, porque non van seguir transportando carbón. Hai que dicírllelo claro; iso si, dicirlles que hai moito traballo noutras actividades de transporte. ¿Como podería axudar a Xunta de Galicia nese eido?

E despois para as empresas auxiliares. ¿Sabem que fixeron nesta rexión de Francia? Desenvolver un plan estratéxico de eficiencia enerxética en todos os fogares. E aí deron emprego a toda a xente que traballaba nas empresas auxiliares das térmicas e das minas. ¿Por que non o poñen como plan piloto? ¿Por que non o dotan orzamentariamente? Que, ademais, o 50 % do orzamento o poderían financiar as propias persoas propietarias das vivendas, iso si, dándolles unha facilidade de financiamento co aforro enerxético.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Está demostrado que unha vivenda con eficiencia enerxética adecuada aforra o 70 % do gasto enerxético. En sete anos poderían amortizar o investimento. Se a Xunta de Galicia dá unha axuda e axuda a financiar o resto, aí poderían crearse centos de postos de traballo nas dúas comarcas e ser un plan piloto para o resto de Galicia.

Hai moitas máis propostas, que, se me dá tempo despois, xa seguirei concretando.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Pero, por favor, señor conselleiro, fáleme do que pensa facer a Xunta de Galicia. Xa sei que vostedes pensan que toda a culpa é de Pedro Sánchez, pero, fóra diso, a Xunta de Galicia terá algunha estratexia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, se non fose polos máis de setecentos postos de traballo en perigo nas Pontes e polos case douscentos postos de traballo que están afectados en Cerceda, por unha transición



enerxética desordenada e socialmente inxusta, pensaría que a súa intervención, cando intenta trasladar que este goberno ten unha queixa continua, é simplemente unha broma pesada; sinceramente llo digo.

Vostedes foron instigadores dun peche acelerado de ambas as centrais térmicas e parece que, coa súa intervención, agora queren intentar xustificarse. Pero isto non é así, porque hai postos de traballo e hai familias que corren o risco de perder o seu futuro.

Polo tanto, este goberno —xa llo traslado— non vai aceptar unha transición inxusta e non vai aceptar unha ruptura enerxética. E non é que non o acepte este goberno. A propia Comisión Europea plantexa que o proceso de transición enerxética debe de avaliar os impactos sociais que poden ter esas decisións e, polo tanto, protexer o emprego e protexer a industria.

O que non imos aceptar é pensar nun futuro abandonando o presente. Este goberno non vai pensar no futuro da descarbonización no ano 2050 sen darlles unha saída agora ás noventa familias que están afectadas polo peche das dúas centrais, se se produce tamén o peche das Pontes, non o vai aceptar, porque traballar polo futuro trabállase dende o presente, e, polo tanto, darlle unha alternativa tamén á situación e á industria actual.

Mire, señor Casal, Galicia é verde e Galicia quere ser máis verde, esa é a realidade. Recórdolle que xa somos a segunda comunidade con máis potencia e produción eléctrica procedente de fontes renovables. Achegamos preto do 15 % e o 17,5 % do total de España. De feito, o 66 % da potencia eléctrica instalada en Galicia é xa renovable, moi por riba da media nacional, que é o 38 %, como sabe, e moi por riba tamén de estados como Francia, que ten un 19 %, ou Alemaña, cun 35 %.

E isto, señor Casal, non é resultado da casualidade, é o resultado dunha aposta firme e continuada polas enerxías renovables da Xunta de Galicia, recollidas actualmente nas Directrices enerxéticas 2020. Sabe que se están a construír actualmente unha vintena de parques eólicos no noso país, que permitirá que Galicia chegue pronto aos 4.000 megavatios de enerxía eólica instalada, e, ademais, Greenalia vén de culminar a construción da planta de biomasa en Curtis, a segunda maior de España, con 50 megavatios.

E, para conseguir este avance, a Xunta puxo en marcha hai dous anos a Lei de implantación empresarial, que lamentablemente, tivo o rexeitamento dos grupos da oposición e moi singularmente tamén do seu grupo, a pesar de ser unha lei que ofrece unha regulación máis áxil, que ofrece máis transparencia e seguridade sen perder as garantías urbanísticas, técnicas e ambientais. Con esta lei, señor Casal, hoxe podemos falar da recuperación do liderado de Galicia no sector eólico, e seguramente para contrastalo debería falar co sector, e o sector trasladarlle como esta lei é unha lei garantista e, ademais, é unha lei facilitadora.

Sorpréndeme que se pregunte que aporta o sector eólico no noso país, sorpréndeme enormemente: creación de emprego, impostos nos concellos, impostos na Xunta de Galicia, que poden reverter na poboación local e na propia Xunta de Galicia e nos concellos.



Sabe perfectamente que, na medida en que nós somos unha potencia do sector eólico, temos un tecido industrial; sabe perfectamente que a fotovoltaica non aporta industria a este país; o sector eólico, si. Por iso, este goberno está apostando polo sector eólico. Polo tanto, creo, señor Casal, que deberían revisar honestamente o impacto que está xerando o sector eólico no noso país e, polo tanto, impulsar e apoiar as medidas que permiten o desenvolvemento do sector eólico.

Claro que estamos nun contexto de cambio dende o punto de vista da xeración eléctrica e podemos estar de acordo en que hai que impulsar modelos de xeración distribuída, claro que si, pero que terán que seguir sendo compatibles co desenvolvemento de parques eólicos e, polo tanto, cunha produción centralizada. Son perfectamente compatibles os dous modelos para xerar unha maior enerxía renovable, tanto dende o punto de vista da produción centralizada como dende o punto de vista da xeración distribuída, e aí é onde se quere situar Galicia dende o punto de vista das enerxías renovables.

E seguimos traballando, como sabe, na loita contra o cambio climático. Galicia é a cuarta comunidade que xa ten un instrumento propio para desenvolver unha Estratexia de cambio climático e de enerxía 2050; só catro comunidades autónomas teñen unha planificación concreta sobre as medidas para mudar un modelo económico baixo en emisións.

En definitiva, estamos actuando e estamos desenvolvendo medidas moi concretas. E debería de saber que Galicia está facendo os seus deberes para ser máis verde. Temos unha nova lei, un Anteproxecto de lei de residuos e de estratexia de economía circular, e sabe que a semana pasada adoptamos un acordo no diálogo social para fixar unha axenda para unha transición enerxética xusta e ordenada, un acordo polo que, por primeira vez en España, unha comunidade autónoma ten un acordo cos axentes económicos e sociais para desenvolver precisamente esta transición enerxética xusta e ordenada que nos están demandando os galegos e as galegas.

A semana pasada as organizacións económicas e sociais amosamos esa vontade de sumar esforzos, ao que eu invito a que se sume o seu grupo parlamentario tamén, precisamente para favorecer o progreso económico e a cohesión social que queremos en Galicia. Once acordos para unha Galicia máis competitiva, para xerar novas oportunidades de emprego, pero sobre todo comprometéndonos, señor Casal, co desenvolvemento en Galicia dunha axenda de transición enerxética. Porque queremos que Galicia poida acceder aos fondos europeos que sabe que se porán en marcha no período 2021-2027 e porque tamén queremos dar respostas ás novas necesidades que, xunto á Estratexia do cambio climático e enerxía limpa comprometida polo Goberno central, se van establecer; por certo, un goberno central que aínda non ten aprobada a súa estratexia de transición xusta.

Así pois, entre outras medidas, imos crear o primeiro mapa de transición enerxética xusta para identificar tanto as capacidades como as mellores alternativas que temos para poñer en valor todo o noso potencial enerxético; farémolo no contexto do diálogo social.

Estudaremos, señor Casal, a viabilidade de proxectos piloto e de innovación para desenvolver tecnoloxías que dean resposta ás novas tendencias e necesidades enerxéticas e elaboraremos



unha estratexia dirixida á reindustrialización das comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas.

Polo tanto, señor Casal, as solucións que Galicia necesita deste goberno para impulsar unha transición con sentidiño estámolas realizando, estámolas impulsando e estámolas consensuando cos axentes económicos e sociais.

E se de verdade quere un futuro industrial para Galicia e para as comarcas máis afectadas pola falta dun goberno en España que garanta un custo enerxético competitivo, espero que no seu grupo se sumen á mensaxe de unidade que emana da industria galega, dos traballadores galegos e da sociedade galega en defensa do noso tecido produtivo. Aí, señor Casal, encontrará a Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Teño aquí a chuleta, ao mellor xa a lía e... *(Risos.)*

A verdade é que lle agradezo a importancia que lle dá a este grupo de En Marea cando plantexa que nós fomos os que —digamos— forzamos a Naturgy e a Endesa —díxoo ao principio máis ou menos— a pechar as centrais. É verdade, é verdade que eu a primeira intervención que tiven neste parlamento no ano 2016 era dicindo que as centrais de Meirama e As Pontes ían pechar, que tiñan que pechar e que era ineludible que pecharan. Isto díxeno tamén nas Pontes en xaneiro de 2017. *(Murmurios.)* Vostede non o sabe, pero a miña muller é das Pontes. Cando o dixen alí, a miña muller dixo: «cala a boca, que te van sacar a gorrazos». E falei con moita xente alí, dixen: «mira, con sorte, con moita sorte, esta central pechará en 2025». Dixeron: «non, que o conselleiro nos dixo que en 2045, que o Goberno nos dixo que en 2045, que Endesa nos dixo que en 2045». ¿Sabe que me dixeron hai un mes, máis ou menos, cando estiven alí falando con amigos que teño alí, camioneiros e xente que traballa na central? «Oxalá te fixeramos caso cando nolo dixeches hai dous anos, case tres anos e ao mellor a actuación sería diferente».

Non, señor conselleiro, non foi En Marea, foi o mercado, como dirían vostedes. Hai unha realidade, hai unha realidade ineludible: estar de costas á realidade é non mirar para o futuro.

Ademais, hai outra realidade, unha realidade ecolóxica, unha realidade de mirar polo futuro do planeta, de pensar nas nosas netas e nos nosos netos, é ineludible. Eu recordo hai dous meses cando vostedes plantexaban eliminar a fiscalidade ecolóxica, darlles pagos por capacidade, ou sexa, por estar parada, darlle cartos a Endesa para que estivera parada, cando plantexaban o tema da biomasa para unha central de 1.400 megavatios, as aceitunas e todo aquilo —vostede estaba por aí nesas reunións—, todas esas historias, agora parece a prehistoria, agora xa ninguén o plantexa. Hai dous meses eu escoiteino aquí, con proposicións do Partido Popular, ao mellor vostede non estaba de acordo, pode ser.



Evidentemente, hai uns impactos sociais evidentes, pero a solución —xa digo— non é mirar para atrás, é mirar para adiante. E, ademais, eu a verdade é que non teño moita imaxinación, sempre me baseo en exemplos, en realidades, no que teño diante. En todas as facetas da miña vida profesional nunca inventei nada, dediqueime, iso si, a tentar buscar os mellores exemplos. E os mellores exemplos no eido das crises que afectan a transición enerxética é dos que miran para diante, non dos que miran para atrás. Asegúrolle a vostede que as rexións de Francia e de Ontario —o que lle comentaba, que, ademais, seguro que vostede xa o estudou— teñen moito máis futuro que as rexións de Polonia resistentes á transición enerxética; asegúrollo, con toda seguridade.

Efectivamente, somos unha potencia renovable, pero iso non xustifica que teñamos o foco máis importante de gases de efecto invernadoiro de toda España e un dos vinte máis fortes de Europa. Iso non é mirar para o futuro. Iso non é un bo sinal para a Unión Europea para que de verdade teña a convicción de que hai un goberno en Galicia que mira para o futuro, que mira pola loita contra o cambio climático, e que iso implicaría ter a dispoñibilidade probablemente, se se fan os proxectos como é debido ata finais do ano que vén —que ao mellor antes de marchar vostedes do Goberno o poden deixar listo, terían que deixalo listo—, de que a partir de xaneiro do 2021 teñamos inmensas aportacións económicas para cambiar todo isto.

***Entre tanto, na miña interpelación plantexáballe medidas transitorias. ¿Por que non aproban esa medida dunha acción inmediata de eficiencia enerxética nos fogares iniciándoa nas Pontes e en Meirama? Proben, proben a ver, dedicando —paréceme que na nosa emenda plantexabamos— 5 millóns de euros para as dúas comarcas. Pois iso mobilizaría outros 5 millóns de aportación privada financiada, e iso podería dar traballo a todas as empresas auxiliares durante todo este período de transición.

Despois vostede di que, efectivamente, a aportación da industria eólica en Galicia é moi forte. Esperemos que sexa verdade, esperemos que a única fábrica potente de pas que queda en Galicia —sabe vostede cal é—, Siemens-Gamesa, nas Somozas, non teña problemas. Eu non quixen falar deste tema ata agora, pero vostede sabe que xa hai problemas e non pode ser que, se en Galicia se van instalar todos eses miles de megavatios que vostede di, a fábrica máis importante de pas que hai en Galicia —e quizais en España, é unha das máis grandes de Europa— teña risco de pechar; iso é inasumible. E non o vou volver citar, porque é mellor non citar o demo, pero estou seguro de que vostede xa está coa mosca detrás da orella.

Despois a última parte da interpelación ten —e xa o concretarei na moción— outras trece ou catorce propostas concretas. Centros tecnolóxicos. ¿Por que non proban? ¿Por que non proban verdadeiramente a facer centros piloto nestas dúas zonas? O centro orientador de comunidades enerxéticas para toda Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ¿Por que non plantexar a Movistar, a Vodafone ou tal que o inicio do 5G en Galicia sexa nas Pontes e en Meirama? Ten aí vostede moitas ideas.



Evidentemente, seguro que vostede con todo o seu equipo pode telas mellores, pero plante-xen ideas, proxectos, mirando ao futuro, non miren cara ao pasado. De verdade, señor conselleiro, iso non é un camiño viable.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Peche da interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, se tiveramos un pouco máis de tempo, seguramente poderíamos chegar incluso esta mesma tarde a algún acordo.

Eu o único que lle pediría sobre a súa intervención é que intentáramos acercarnos á realidade e sobre todo afrontáramos con realismo cal é a situación que temos en Galicia. Ese realismo pasa nestes momentos por novecentas familias que están ameazadas de perder o seu presente e o seu futuro. Cando vostede me di: «miremos para o futuro», eu dígolle: «si, pero non lles deamos as costas ao presente». Iso significa, polo tanto, traballar nunha transición enerxética ordenada e que sexa xusta. E eu simplemente vou dar datos moi concretos.

Xa lle trasladei na miña primeira intervención como Galicia está traballando nunha transición enerxética e como levamos a transición enerxética ao diálogo social, e como fomos quen de establecer unha estratexia conxunta cos axentes económicos e sociais (con UXT, con Comisións Obreiras e coa Confederación de Empresarios de Galicia) precisamente para traballar en eidos tan importantes como é establecer ese mapa de transición enerxética xusta, como estudar a viabilidade de proxectos piloto e de innovación, como vostede me está a trasladar, para desenvolver tecnoloxías que dean respostas ás novas tendencias e ás necesidades enerxéticas, e como imos elaborar en Galicia unha estratexia dirixida precisamente a esa reindustrialización nas comarcas afectadas polo peche das centrais. Polo tanto, Galicia está traballando nesa transición enerxética con medidas concretas, incluso cunha estratexia contra a loita do cambio climático.

Pero a realidade pasa polo que temos, e o que temos é unha Comisión Europea que o que está trasladando é que os estados membros teñen que desenvolver unha transición enerxética que non xere impacto no emprego. Dío así, é a recomendación que lle traslada a Comisión Europea no borrador do PNIEC, do Plan nacional integrado de enerxía e clima, estallo dicindo a Comisión Europea ao Goberno de España, e sabe que a Comisión Europea nestes momentos aínda está deseñando, señor Casal, o Pacto verde europeo. A Comisión Europea non ten nestes momentos un instrumento planificado para poder abordar esa transición enerxética, vaino facer, hai un compromiso de que en xaneiro do ano 2020 vai poñer enriba da mesa ese Pacto verde europeo, que vai estar dotado dun fondo de cinco mil millóns de euros.



¿Por que lles queremos negar a realidade a novecentas familias que dependen dunha realidade na que non é xusto que eles teñan que pagar o custo desa transición e a Comisión Europea non llelo pide?

O Goberno de España aínda non ten aprobada a súa estratexia de transición xusta, non ten dotados os fondos para poder abordar eses procesos de transición enerxética e industrial. ¿Por que non se establecen as mesmas medidas? Non pedimos outra cousa distinta. Dende a Xunta de Galicia estámoslle dicindo ao Goberno que aquelas centrais térmicas, que no caso de Galicia é As Pontes, que fixeron os investimentos para cumprir coa normativa de emisións industriais en Europa poidan manter a súa actividade en igualdade de condicións que o resto das 149 centrais térmicas que están funcionando neste momento en Europa. Non pedimos nada, nada, que non se estea plantexando a nivel europeo.

Por iso, o que nós lle estamos pedindo precisamente ao Goberno é que se plantexen, de forma conxunta entre Endesa e o propio Goberno, que se establezan as medidas necesarias para que se poida reactivar a produción na central térmica das Pontes, que se poida reactivar esa produción mentres non temos unha oportunidade e, polo tanto, unha alternativa real para o tecido produtivo da comarca das Pontes, porque iso é o que nos está demandando a Comisión Europea: dar alternativas á realidade, que ten que mudar. E a Xunta de Galicia sabe que temos que mudar cara a ese proceso de descarbonización, pero deamos esa alternativa aos traballadores para que eles tamén poidan ter un futuro, e, polo tanto señor Casal, que non sexan os traballadores os que paguen os custos económicos da transición enerxética en Europa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe neste último pleno do período de sesións, e tamén do ano, queremos preguntarlle, interpelalo sobre a situación dos servizos de urxencias hospitalarios, e queremos facelo porque os problemas dos mesmos, lonxe de solucionarse, cronifícanse. Moitos dos servizos de urxencia están xa, antes de terse iniciado o chamado pico da gripe e os problemas respiratorios, nunha situación extrema. A finais do mes de novembro, a Comisión de Centro de Atención Especializada da EOXI da Coruña denunciou que aínda non empezara o pico da gripe e xa se estaba producindo o colapso do servizo de urxencias do Hospital Universitario da Coruña.



Denunciaban que non era un caso illado, senón que era un feito habitual, derivado da falta de previsión por parte da xerencia. Onte —isto foi sobre o día 20 de novembro—, día 17 de decembro, volvía estar ao límite. Había cincuenta e dous doentes en espera de cama, dez pendentes de triaxe e máis de vinte persoas pendentes de ver despois da triaxe. Denuncian que chegan a estar setenta e dúas horas pendentes de ingreso, unha media de seis horas en espera de atención. E o que di o Comité de Centro é que é normal que, dentro desa que vos tedes chaman normalidade, que o xerente dixo que era a situación normal, que era o normal, haxa doentes en corredores dentro do servizo.

Onte, nun dos corredores, había dez doentes e, noutro, vinte e seis doentes. Dende logo o comité de centro cualifícao de intolerábel dentro do que é o dereito á intimidade e á dignidade das persoas, dos doentes. É unha falta de dignidade intolerable tomar constantes, poñer medicación, cambiar cueiros, poñer cuñas no medio dun corredor.

E eu a primeira pregunta que lle teño que facer, señor Almuíña, é se é capaz de imaxinar a vostede nesa situación, se é capaz de imaxinar a vostede ingresar por urxencias e que o estean atendendo nestas condicións no medio dun corredor.

É unha pregunta que nos temos que facer todas e todos, porque non sempre lles vai pasar aos outros, non sempre lles vai pasar a persoas anónimas, que non sabemos quen son, porque nos pode pasar a nós, pódelles pasar aos familiares directos, aos nosos veciños, ás nosas veciñas. E eu preguntolle se é capaz de imaxinar vostede sendo atendido nun corredor, sen ningún tipo de intimidade nin de confidencialidade respecto dos outros doentes, dos familiares dos outros doentes ou incluso de calquera persoa que transite por aí. Porque un dos corredores do CHUAC da Coruña non é un corredor interno do servizo de urxencias, senón que é o corredor onde está un elevador, onde vén xente da rúa que por exemplo accede ás UCI e pasa por ese corredor onde están as persoas alí amoreadas ou onde as están atendendo.

E o que denuncian os profesionais é que son condicións deplorables nas que traballan os profesionais, que non permiten dar unha atención axeitada. E unha mostra de que isto non é unha situación puntual, non é unha situación esporádica, non é unha situación que pase de vez en cando é que nestes corredores xa fixaron ás paredes do corredor as mesas da atención dos controis de enfermería, xa os fixaron nun sitio estrutural, permanente, están fixadas á parede, co cal é de xeito permanente a atención nestas circunstancias.

Entón, xorden as alarmas, porque a esta altura de finais de novembro a xerencia quixo dar un paso máis, e, ademais destes dous corredores, quixo ampliar, dada esta situación de colapso, a un corredor que é un acceso ao hospital, que hai correntes de aire, non hai luz, non hai ningún tipo de condición para atender os doentes, xa non o hai nos outros corredores pero neste moito menos, e, se non se fixo, é porque se plantou alí o comité de centro e dixo que baixo ningún concepto isto se ía producir. E, mentres isto acontecía, pois está habilitada unha planta enteira no Materno, unha planta que pecharon para facer obras, para dotar de baños, que non tiñan, e pasa o tempo, pasan os anos e esa planta está chea de escombros e non se fixo nada máis nela. Ou a zona da antiga esterilización, que tamén se ía habilitar para dar soporte a necesidades, e resulta que está como estaba, sen habilitar.



E esta é a situación antes dese pico da gripe, co cal a pregunta segunda é: ¿que cre vostede que vai pasar cando aconteza, cando haxa unha avalancha de doentes de gripe, de problemas respiratorios?, se a situación de alarma é a norma, a situación de alarma e isto que lle acabo de describir é a norma de todos os días, pois calquera mínimo aumento de afluencia convértese nunha catástrofe. Iso é no hospital da Coruña, mais podo e voulle poñer un par de exemplos máis.

Podemos falar do Álvaro Cunqueiro, do novo hospital de Vigo. Tempos de espera para ser atendidos despois da triaxe, pode ser unha media de oito horas. Esa pode ser a norma calquera día, si.

Casos de catalogados como de prioridade verde, que sabe que é segundo a triaxe de Manchester a menos urxente, que poden agardar ata cento vinte minutos; cando van atendelos, resulta que xa se converteu nunha prioridade laranxa, esa que hai que atender en menos de dez minutos. Non é a primeira vez que isto acontece. E mire, que pasen vinte e catro horas ata que se adxudique cama e suba a planta, ou vaia para O Meixoeiro, é a norma, por moito que vostede diga que non coa cabeza.

Mire, o día 27 de novembro ás 7 da mañá había vinte ingresos sen cama. Ás 3 da tarde trinta ingresos, dezanove sen cama. O 12 de decembro ás 3 da tarde había vinte e nove ingresos, vinte sen cama. O 14 ás 3 da tarde, trinta ingresos, vinte e sete sen cama, ou ás 10 da noite, vinte ingresos, oito sen cama.

Esta é a realidade do Álvaro Cunqueiro tamén, e, mentres isto acontece, teñen dúas plantas enteiras, catro alas pechadas no Meixoeiro; trinta camas por ala, cento vinte camas pechadas, mentres isto acontece, porque, cando dicimos esperando horas, estamos falando de xente con nomes e apelidos, sufrindo, con patoloxías, moitas delas persoas maiores, que en moitos casos están nunha padiola durante horas agardando. E abren, por exemplo, O Meixoeiro en modelo acordeón: abren unha ala e en canto ven que xa non hai a urxencia péchana, como se fora un acordeón; esa é a súa norma.

Podemos ir ao Chou. Caos dende o mes de agosto, no mes de setembro, a principios de decembro.

De novo caos nos servizos de urxencia de Montecelo; unha situación que se repite continuamente, non é un caso puntual. O 3 de decembro deuse unha situación de persoas agardando máis de trinta horas en espera, padiolas esgotadas, xente nas camas de servizos de consulta, por exemplo en endoscopias. E isto acontece mentres tiñan trinta e seis camas no hospital provincial do que lle chaman M3 (medicina interna 3) pechadas, que abriron esta semana algunhas delas pero dun xeito puntual.

Podemos falar do HULA, con tapóns constantes por falta de drenaxe de doentes cara ás plantas de hospitalización. Se os que teñen que ingresar, señor Almuíña, non o fan, os doentes que teñen que pasar a observación non poden facelo porque aí están os pendentos de ingresar, e os que tiñan que estar en observación están en boxes porque observación está ocupada. E podemos seguir así seguindo pois a espiral. Entre tanto, no HULA pasan



estes colapsos de non drenaxe cara á hospitalización, teñen unidades enteiras tamén pechadas, trinta e catro camas en cada unha das unidades, sesenta e oito camas pechadas, ás que hai que engadir esa planta de uroloxía que pecharon porque ía ser para preingreso, pero que ao final está case permanentemente tamén pechada, tamén modelo acordeón; ábrena un pouquiño e en canto ven que non fai falta, vólvena pechar; facemos o modelo acordeón.

E hai unha cuestión, señor Almuíña. Os servizos de urxencias son zonas de paso, onde chegan as persoas para ser atendidas e teñen que ser ou dadas de alta ou pasar para hospitalización. Non están preparados para unha atención continuada, e vostedes estanos convertendo en zonas de atención continuada durante horas e días enteiros. Non están dotados, non hai baños, non hai duchas suficientes. Tomar constantes —como lle dixen antes— nos corredores, poñer medicación, cambiar cueiros, poñer cuñas, iso non se pode facer dun xeito permanente e constante nun servizo de urxencias. Ou o tema dos almorzos, das comidas; non está preparado para que isto aconteza.

E o que non pode vostede dicirme é que as camas están aí e se abren en canto fan falta, porque sabe que non é así, porque abrir unha cama non é darlle a un interruptor. Hai que chamar os profesionais para que veñan (enfermería, TCAE, celadores), cando se ocupan de chamar a todos estes profesionais, que en moitos casos soamente chaman a enfermería e ao resto pois sobrecárganos. Dotalas de medicación, porque as plantas están pechadas, dotalas do material de almacén necesario, de persoal de limpeza. Ademais de que logo, nestas plantas, cando as abre, unha mestura de patoloxías que fai que o persoal facultativo teña que andar dunha planta para outra, necesítase máis tempo.

Polo tanto, é unha situación —insistimos—, esta que lle acabo de describir destes días —non estou falando de tempo pretérito, estou falando destes días—, que se produce antes deses picos da gripe.

Por iso o que lle queremos preguntar, señor Almuíña, é cal foi a planificación, cal é a planificación, se cre que realmente se respecta a dignidade dos doentes, dos seus familiares, atendendo a xente nesta circunstancia; se cre que os profesionais poden prestar unha atención minimamente de calidade nestas circunstancias; que recursos ten mobilizado para atender esta situación e cales van mobilizar e cales son os plans de continxencia para cando se produzan o auténtico pico da gripe; que ten pensado facer, se ten algún plan para que non se produzan as catástrofes de todos os anos.

Porque se non abren as camas, as teñen pechadas, o persoal o teñen en moitos casos baixo mínimos, se se dan estas circunstancias, cando se produza a avalancha, gustaríanos saber cal é o plan e se ten algún plan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente.

Señores deputados.

Señora deputada, todos os anos poñemos en marcha unha serie de medidas cara á campaña da gripe, xa que, ademais das medidas de prevención e dos dispositivos desenvolvidos en atención primaria por mor desta patoloxía, prodúcese un aumento de frecuentación dos servizos de urxencias hospitalarias. Por todo iso, o Servizo Galego de Saúde establece anualmente os plans de continxencia para a época da gripe, para esta época que estamos pasando, que se elaboran por cada xerencia da área sanitaria e son remitidos á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria no mes de outubro. Estes plans contemplan protocolos de actuación nos distintos ámbitos asistenciais. O 061 centraliza a información inmediata e ordena os recursos asistenciais.

Na atención primaria destacamos o fomento da vacinación na poboación de risco e a reordenación das axendas específicas de enfermería para levar a cabo a dita vacinación, así como a de medicina de familia e pediatría, para facilitar unha mellor atención aos pacientes.

Tamén desde os servizos de atención primaria e os puntos de atención continuada sensibilízase a cidadanía sobre o manexo da gripe non complicada no domicilio, así como nos criterios de solicitude de atención sanitaria no caso de descompensación da situación basal dos doentes. Sempre nunha gripe non complicada o mellor lugar para pasala é precisamente o domicilio, porque tamén con iso evitamos contaxios.

E, por suposto tamén, os servizos hospitalarios, especialmente os servizos de urxencias pero outros moitos que colaboran e que logo comentarei.

Estes plans, aínda que adaptados ás necesidades de cada área sanitaria, tenden aos criterios xerais marcados polo Sergas que establecen as normas básicas en relación cos criterios de acceso aos servizos de urxencias hospitalarias, criterios de derivación dos pacientes aos servizos de urxencias hospitalarias, derivación desde a atención primaria, transporte sanitario interhospitalario; criterios de resposta por parte do laboratorio de análises clínicas, de radioloxía e de interconsultas realizadas noutras especialidades; medidas de actuación en caso de sobreaforo en urxencias, establecéndose catro niveis segundo porcentaxe de entradas globais de urxencias en espera de hospitalización, coas medidas a implementar en cada caso; ou medidas de actuación sobre niveis de sobredemanda de atención no servizo de urxencias.

Polo tanto, nestes plans deséñanse as medidas necesarias que permitan anticiparse ao aumento da demanda asistencial e garantan unha adecuada atención sanitaria á poboación neste período.

Cómpre sinalar que se elaboran coa participación dos profesionais responsables da súa posta en práctica, que os asignan. Neles recóllense e planifícanse as accións a levar a cabo nas distintas áreas a fin de controlar as consecuencias de vida da propagación da onda de infección e de describir os procedementos alternativos, a orde habitual da organización co fin de



permitir ao máximo o normal funcionamento contemplando a necesidade de habilitación de espazos específicos e a habilitación de recursos tanto estruturais como de persoal, cama, reforzo de profesionais, etc., segundo vaian crescendo as necesidades asistenciais durante esta época invernal.

Hai que ter en conta, ademais, que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que, aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe —seguindo o que logo comentarei—, a entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que, engadido á discontinuidade da característica da demanda urxente, pode provocar momentos de punta de demanda.

Evidentemente, o que vimos dicir é que temos diferentes protocolos para facer flexible a actividade segundo as necesidades da poboación e que, evidentemente, hai unha parte importante dos servizos de urxencias que non pode planificarse porque depende da demanda dos usuarios, que teñen unha definición de urxencia diferente duns a outros, salvo os que son derivados dos servizos, sexan de centros de saúde, sexa do propio 061 ou tamén dos puntos de atención continuada.

Dicimos sempre que hai que ir graduando as diferentes actuacións, e desde logo empezar, como dicía antes, polo 061, que é unha actuación directa, rápida, por parte dos cidadáns, que poden chamar a ese número, e poder saber cales son as orientacións básicas para ver se é necesario pasar a outro nivel ou non. O centro de saúde, onde hai unha actuación inicial directa e efectiva polo médico de familia e o seu equipo. E os puntos de atención continuada, que son moi resolutivos, o que fai ás veces innecesario acudir ao servizo de urxencias; pero é certo que ás veces a poboación salta ese recurso e vai directamente ao servizo de urxencias.

É moi importante tamén a prevención, e por iso para nós a mellor intervención para previr e mitigar, é dicir, evitar a bimortalidade derivada da gripe é a vacinación da poboación. Por iso, un ano máis estamos desenvolvendo a campaña de vacinación antigripal da poboación, activa ata finais de decembro —o día 27 acaba esta campaña—. No momento actual, con datos a 17 de decembro, lévanse rexistradas 585.159 vacinacións, 35 máis que na mesma data do ano anterior. Destas vacinas 401.000 corresponden a persoas de 65 ou máis anos de idade; é dicir, neste momento acádase o 59,13 %, polo que, a falta de dez días para rematar a campaña, xa temos superada en máis de medio punto a cobertura do ano anterior.

En canto á poboación da área sanitaria da Coruña e Cee —perdoe, señora deputada, que me centre na área da Coruña e Cee, porque a pregunta orixinal non falaba en xeral senón que falaba do servizo da área sanitaria da Coruña e Cee—, neste momento levan acumuladas 117.128 vacinacións rexistradas, 6.643 máis que na mesma data do ano anterior. E, destas vacinas, 78.438 corresponden a persoas de 65 ou máis anos de idade, o que supón o 59,33 % da cobertura desta poboación, e 1,30 % máis que na mesma data do ano anterior. Polo tanto, a campaña de vacinación este ano segue incrementándose, segue dando datos moi favorables e desde logo por riba da maioría das comunidades autónomas de España.



A vixilancia tamén é fundamental neste período, porque iso nos vai orientar en como planificar os recursos nos diferentes niveis asistenciais. Neste caso temos varios elementos de vixilancia. Un é a vixilancia da gripe en Galicia, no que se recollen, entre outros, a información da actividade gripal, con intensidade, tendencia, difusión da onde da gripe, informe que se publica semanalmente, mentres dure a mesma, así como tamén o informe dos ingresos nos hospitais por gripe confirmada na semana anterior.

Outro punto de vixilancia é o baseado nos rexistros informatizados de gripe en atención primaria do Sergas. E o último control que facemos é a vixilancia cos rexistros das chamadas semanais ao 061 por gripe e mais infeccións respiratorias agudas, e que nos dá ao final, como dicíamos antes, un nivel de estado da gripe.

Podemos dicir que temos en conta a actividade dos servizos de urxencias dos centros do Sergas desde xaneiro ata novembro de 2019 e o número de urxencias a nivel xeral de toda Galicia están máis ou menos nos mesmos datos do ano anterior. Pero se imos ao Complexo Hospitalario da Coruña, neste momento temos máis urxencias que no ano anterior pero menos ingresos; é dicir, que a presión de ingresos desde urxencias diminuíu con respecto a outros anos.

Se a actividade está moi por encima do habitual, pode producir puntualmente maior cantidade de persoas en espera de cama, situación sobre a que traballamos activamente cos profesionais para canalizar de forma óptima toda esta actividade, tratando de regular o número de altas e o número de ingresos.

O que pasou no día concreto, que era a pregunta inicial, do mes de outubro é que houbo un incremento concreto de demanda, un día determinado fronte a trescentos días anteriores sen incidencias. No transcurso da tarde do martes día 19 de outubro e a noite seguinte produciuse un aumento de demanda de atención a pacientes no servizo de urxencias do hospital moi superior á habitual; non obstante, ao longo da mañá do mércores día 20 recuperouse a normalidade habitual do servizo de urxencias. Polo tanto, estamos a falar dun feito concreto, dun día concreto e que, como veu, se resolveu de forma rápida por toda a planificación que ten este servizo.

A situación de sobredemanda prodúcese de forma episódica nos servizos de urxencias hospitalarias en todos os servizos de saúde, aquí, en calquera comunidade autónoma e por suposto tamén en toda Europa, o que non quere dicir que os servizos de saúde, e dentro destes os de urxencias, non evolucionaran de forma moi importante nestes anos, adaptándose cada vez de forma máis flexible a esta realidade.

Señorías, seguimos a traballar para que os nosos servizos sanitarios continúen prestando a asistencia sanitaria que nos demanda a sociedade. Somos conscientes de que poden xurdir complicacións sobre cuestións que en principio parecen previsibles, e seguiremos mellorando. Unha vez máis, agradezo aos profesionais de todos os estamentos da atención sanitaria (no ámbito da atención primaria, no 061 e por suposto nos servizos hospitalarios) o traballo que fan día a día e loxicamente tamén nos períodos de máxima afluencia, nos que responden de forma eficaz.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor Almuíña, eu non sei como vostede se pode atrever a dicir —dí-gollo con toda franqueza, con este espírito navideño que nos embarga hoxe— que o que pasou o 20 de novembro foi un caso puntual e que os trescentos sesenta días restantes do ano se producen sen incidentes e con normalidade. Eu creo que lle acabo de dicir cal foi a situación de onte: no CHUAC, cincuenta e dúas persoas pendentes de ingreso. Unha cousa é que me diga: pois non teño recursos, e outra cousa é que veña aquí negar a realidade.

Mire, ¡que vostede veña dicir que o mellor sitio para pasar a gripe é na casa, supoño que cun caldiño...! Tamén lle podemos recomendar á xente que se abrigue, que non colla frío. Podemos recomendarlle —como acaba de dicir vostede— que non vaia ao hospital. Parece que é mellor quedar na casa abrigadiño que ir ao hospital; é o que se deduce da súa intervención. Pero é que a xente enferma e incluso morre da gripe, como vostede sabe; sesenta persoas no ano 2018. Entón, eu pediríalle un pouco de responsabilidade, xa que vostede é o máximo responsable da sanidade pública do noso país, e que conteste a algunha das cuestións.

Eu non sei se tivo tempo a reflexionar sobre o que lle preguntei: ¿como se sentiría vostede se fora atendido nos servizos de urxencias como está sendo atendida moita da poboación do noso país? Agardo que logo teña tempo a contestarme.

E vostede dixo que hai unha planificación, espazos específicos, protocolos. Ben, gustaríame que dixera cales, porque, se en circunstancias aínda sen o pico da gripe a situación é a que lle describín en catro servizos de urxencias —podíamos falar do resto—, eu non quero imaxinar cando realmente veña o pico da gripe.

Non nos imos cansar de repetir que estamos diante dun problema estrutural, señor conselleiro, que non se soluciona con parches nin co rosario e a letanía que me acaba vostede aquí de repetir. Solúciónase con respostas estruturais. E vostede sabe que o problema de urxencias é triplo. É un problema de como teñen a atención primaria, sen capacidade resolutive, con carencia de profesionais, con listas de espera, os PAC sobreesaturados e cando a xente enferma e non ten resposta vai a onde cre que lla poden dar, que é nos servizos hospitalarios; servizos hospitalarios onde vostedes teñen unha parte moi importante de camas pechadas, de plantas enteiras pechadas, que é indecente que a estas alturas as teñan así.

E logo está a situación das listas de espera, que, por moito que vostedes as maqueen, saben que hai persoas que pasan, desde que se lles detecta un problema de saúde até que son atendidas, non meses senón incluso anos. Porque está a demora en atención primaria, a demora en consultas externas para que atendan a primeira vez, a demora para as probas diagnósticas, a demora para as seguintes consultas e logo a demora para a espera cirúrxica. Imos sumando todas esas demoras, señor Almuíña, e ¿canto cre vostede que esperan a maioría dos



galegos e as galegas para que se lles resolva o seu problema de saúde? Vostede sabe que non se parece en nada aos datos que vostedes dan. Por iso tampouco dan os datos certos.

E eses tres elementos: a situación tamén de deterioración da atención primaria, o peche de camas e as listas de espera fan que haxa unha sobredemanda sobre a situación de urxencias.

E vostede di que van adaptar espazos específicos. ¿Que espazos van adaptar por exemplo no CHUAC se nestes momentos todos os días están as persoas nos corredores? ¿Van adaptar máis corredores ou van facer realmente algo no inmediato, non me diga para dentro de non sei cantos anos, coa construción do novo hospital? Digo para este ano, para este inverno, para este pico da gripe.

Os profesionais merecen un mínimo de garantías laborais, non poden estar vendidos todos os días atendendo a xente nestas circunstancias. Vostede sabe que hai casos xudicializados de denuncias, por exemplo no CHUAC da Coruña, de persoas que tiveron un desenlace desde logo dramático por ser atendidas nestas circunstancias. E os doentes necesitan respostas.

Eu fágolle unha serie de propostas, señor Almuíña. Primeiro, a dotación de profesionais, non eses anuncios fraudulentos de prazas de OPE que vostedes din continuamente e que sabe que levan anunciándose as mesmas prazas do ano 2018 e do ano 2019 varias veces.

E o primeiro que lle digo é que actúe de inmediato para rematar coa indignidade de atender as persoas nos corredores dos servizos de urxencias. Que elabore un protocolo de actuación diante dos brotes de asistencia, que o faga e que sexan coñecedores os profesionais; vostede di que se fai en colaboración cos profesionais e os profesionais din que non saben nada, din que non son partícipes e que non son informados de cales son eses plans de continxencia que vostedes din que existen, pero resulta que ninguén coñece. Que proceda de inmediato a subsanar os déficits de persoal, como lle dixen antes. Que tome todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando permanentemente con todos os recursos necesarios, que —díxenllo tamén antes— non hai un interruptor ao que lle dou e xa está funcionando. Que tome todas esas medidas, que teñan as plantas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...abertas. Que presente un plan de estabilidade no emprego real e que faga ofertas de contratación realmente que non sexan de explotación. E un plan real para rebaixar as listas de espera.

Que actúe nestes tres campos: na atención primaria, nas listas de espera...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e teña todos os recursos abertos permanentemente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

Mire, non lle consinto que diga cousas que non digo eu. Eu falei da gripe. A gripe non complicada en xente xove resólvese onde se resolve, por dous motivos: porque hai posibilidade de facelo con tratamento no domicilio e porque tamén con iso evitamos o contaxio; pero a gripe non complicada. Non diga outras cousas que eu non dixen.

Fala de listas de espera que maqueamos. Eu non sei se cando vostede foi responsable no Goberno do Bipartito maqueaban as listas de espera. Neste goberno non se maquean as listas de espera. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero sei que non lles gusta que Galicia sexa a cuarta mellor comunidade nas listas de espera. Polo tanto, sei que non lles gusta, pero é o que hai.

E mire, en OPE, en ofertas públicas de emprego, tamén esta comunidade autónoma fixo OPE todos os anos, das poucas que o fixo todos os anos.

E dicirlle —porque isto son comentarios seus que hai que aclaralos antes de seguir co que é a resposta— que os plans de continxencia non é que os fagan os profesionais de cada unha das áreas, senón que os asignan, as xefaturas de servizo asignan eses plans. Polo tanto, son feitos por profesionais e asignados por eles, e levados a cabo con moito éxito.

A sobredemanda é un problema universal e ocorre cando esa demanda asistencial é intensa. Incrementando ás veces os tempos de resposta pero priorizando as actuacións, non perdemos calidade na atención. É a triaxe da que logo falarei. E todo isto cun respecto absoluto á dignidade dos doentes, ao seu dereito á intimidade e á confidencialidade.

Debo comentar neste intre que a distribución e dotación de recursos na área de urxencias se estudou amplamente na arquitectura hospitalaria, existindo amplo consenso en que se debe conxugar o dereito á intimidade e á privacidade dos pacientes coa máxima eficacia na atención e situación de urxencia, onde os espazos deben permitir a mobilización de aparataxe de forma inmediata e a presenza de varios profesionais actuando ao mesmo tempo.

Máis espazos e máis amplos. Podémolo ver nos últimos proxectos realizados, pero xa na ampliación de urxencias do Hospital da Coruña e, por suposto, nos novos proxectos de Montecelo, de Ferrol e os que temos neste momento en proxecto.

O respecto á dignidade das persoas, a confidencialidade da información sobre a súa saúde e todos os dereitos sanitarios respéctanse na atención sanitaria prestada nos servizos de urxencias dos nosos hospitais.

Os servizos de urxencias dos nosos hospitais contan con profesionais de alta cualificación e formación, así como cunha infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con pro-



tolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

En todo caso, os pacientes son sempre atendidos primeiro a través do proceso de triaxe, implantación completada nos hospitais galegos no ano 2013, e, en función desa, coa prioridade establecida, as diferentes cores, que antes tamén comentou a señora deputada.

En relación co Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, desde xaneiro ata novembro de 2019 a distribución dos pacientes segundo os niveis de triaxe mostra que a maior porcentaxe se concentra en triados amarelos, un 52,26 %, e os verdes, o 37,8 %.

O servizo de urxencias do CHUAC incrementou a súa demanda e actividade media no último ano, pasando de trescentas cincuenta urxencias diarias a máis de catrocentas. Por iso incrementáronse os espazos asistenciais —dezasete postos máis— e reforzouse a dotación de persoal, incrementando en dez efectivos o persoal en distintos estamentos, para garantir a atención e a cobertura de toda a demanda poboacional.

O Plan de continxencia da gripe 2019 estableceu as seguintes medidas xerais. No relativo ao acceso aos servizos de urxencias hospitalarias, establécese que a pretrixaxe do 90 % das asistenciais se realiza en menos de dez minutos. No relativo á derivación dos pacientes aos servizos de urxencias hospitalarias, establécese, entre outras medidas, que no transporte secundario intrahospitalario se procura que a transferencia sexa realizada á unidade de destino. No relativo á resposta dos servizos provedores de urxencias, procúrase que o 80 % das solicitudes realizadas de análises clínicas e radioloxía dispoñan dos resultados nunha hora.

Señorías, a planificación sanitaria conleva a adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais en cada momento, xustificada nos indicadores asistenciais dos anos anteriores, e en estudos epidemiolóxicos segundo o comportamento estacional das patoloxías, de forma que se realizan estimacións dos recursos necesarios.

No caso do CHUAC o Plan de continxencia da gripe en vigor desde outubro do 2019 elaborouse con consenso e coordinación dos servizos de atención primaria, puntos de atención continuada, servizos de urxencia hospitalarios, servizos de medicina preventiva, servizos de admisión, servizo de pneumoloxía, servizo de medicina interna, de microbioloxía, de radiodiagnóstico e todas as áreas que deben coordinarse. O dito plan ten aplicación en calquera situación de sobredemanda que se produza.

Quero dicir que queda garantida a atención nas urxencias e o funcionamento dos plans de resposta deseñados fronte a picos puntuais.

Para nós, señorías, temos os mellores servizos de emerxencias, temos plans de continxencia e plans de reforzo en todos os niveis hospitalarios, as mellores infraestruturas sanitarias, máis profesionais sanitarios, e, con todo o que temos, seguiremos a traballar adecuando as necesidades á demanda existente en cada momento a fin de proporcionar unha adecuada asistencia aos nosos pacientes.



Quero de novo agradecer aos profesionais sanitarios en todos os ámbitos da atención polo seu magnífico traballo. E quero dicir tamén que na Coruña...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...temos agora mesmo a punto de acadar o que é o proxecto básico e de execución da fase 3, que vai utilizar zonas que quedaron baleiras polas obras anteriores, os novos quirófanos, a nova central de esterilización, para mellorar a atención hospitalaria pero tamén a ambulatoria. E, desde logo, o proxecto de novo hospital da Coruña, que virá mellorar aínda máis a atención sanitaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...actual e do que en breve terán noticias.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto da posible operación especulativa encuberta baixo o proxecto de construción da cidade deportiva do Celta no concello de Mos

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, cando queira.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Señora conselleira, teño que dicirlle que a min non me embarga hoxe o espírito navideño, como se dixo antes; a min embárgame o espírito de Tameiga, desta parroquia que se está rebelando contra as inxustizas, contra as falcatruadas que intentan perpetrar desde o Partido Popular na Xunta de Galiza e ademais no Concello de Mos. (*Aplausos.*)

E quero facerlle unha pregunta moi concreta, señora conselleira: ¿vostede considera que este pelotazo urbanístico de Mos —que non se lle pode chamar doutra maneira— é o exemplo da súa estratexia contra o cambio climático? Esta auténtica desfeita dun millón de metros cadrados de terreos de produción forestal para beneficiar entidades privadas que queren facer aí un complexo deportivo e, sobre todo —o que é a verdade—, o que está detrás, que é un macro centro comercial, ¿este é un exemplo de sustentabilidade e de conservación dos valores e dos usos do territorio, señora conselleira? ¿Sabe o que é isto? Isto é un exemplo de libro de desvío de poder, de utilización das administracións públicas (*Aplausos.*) para favorecer intereses particulares. Este é un exemplo de libro dun pelotazo urbanístico dun grande, enorme pelotazo urbanístico. E hai apabullantes informes de dis-



tintas administracións que demostran iso, empezando polos informes que fixo a súa propia consellería.

Recórdolle aquí que o Instituto de Estudos do Territorio dicía nun informe que se debería estudar unha ubicación alternativa para este complexo, que este non era o sitio adecuado e que se debía xustificar adecuadamente a necesidade de implantar un macrocentro comercial, unha superficie comercial, nese lugar. A Dirección Xeral de Urbanismo debería xustificar a elección de expropiación como sistema de actuación, e recórdolle que os montes veciñais só se poden expropiar para proxectos de interese social, proxectos de titularidade pública, cousa que non se dá aquí. Porque aquí o que hai detrás, como lle dixen, é un negocio dun macrocentro comercial. Hai moitos outros informes. Pero é que, ademais, vostedes están promovendo unha modificación do Plan xeral para despois facer un concurso público e adxudicarllo á promotora deste proxecto. Pero, ¿que nos están dicindo?, ¿é que nos toman por parvos? ¡Se está máis que cantado e coñecido que é o Celta de Vigo o promotor deste escándalo! ¡Se vostedes puxeron o outro día...! *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Que non berre? Si que berro, porque estou indignado e quero berrar. *(Aplausos.) (Risos.)* Si, hai que berrar, hai que levantar a voz porque xa está ben.

Resulta que poñen a primeira pedra, con todo o morro, con todo o descaro, dun proxecto que despois se vai someter a concurso público. Pero, ¿que clase de tomadura de pelo é esta? E, ademais, van alí toda a plana maior do Goberno...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Rematou o seu tempo.

Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...empezando polo señor Rueda...

(O señor Bará Torres amosa unha fotografía e pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Despois ten outro turno.

Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Eu cando dicía o de berrar era porque parecía que non tiña vostede micro. De verdade que o escoitamos aquí abaixo e tamén o escoita a xente que hoxe nos acompaña.



Quero recordarlle, señor Bará, que foi na época do Bipartito cando máis licenzas se deron para centros comerciais. Simplemente é un recordatorio, non é outra cousa, ¿vale?

A partir de aí, cumprimento da lei; única e exclusivamente cumprimento da lei, señor Bará. ¿Vostede non di que por parte do Instituto de Estudos do Territorio hai un informe que di que se estuden distintas alternativas? ¿É que acaso rematou xa o proceso? ¿Acaso hai informes favorables, señor Bará? Non, aquí a lei única e exclusivamente. Pero vostedes só se queren adiantar, ¡só se queren adiantar!

Polo tanto, unha cousa é o seu concepto político e outra ben distinta é o técnico. E o técnico hai que respectalo, gústenos ou non nos guste. *(O señor Bará Torres amosa unha fotografía.)* Prefiro ver a súa cara, señor Bará, e o seu sorriso. Non fai falta que vostede me ensine a fotografía. *(Aplausos.)*

Bueno, quero dicirlles que existe algo que se chama autonomía local, gústenos ou non, e, polo tanto, neste caso, hai...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, conselleira.

Prégolle que senten, por favor. É unha norma... Temos unha norma para os invitados: que non se poden manifestar nin a favor nin en contra. Estamos encantados de que estean aquí, pero hai unhas normas. Non se poden manifestar nin a favor nin en contra nin estar de pé cando se está respostando.

Grazas.

Cando queira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): A modificación puntual número 1 do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para delimitación dun sector de solo urbanizable de usos, dotación e terciarios foi aprobado no Concello de Mos o pasado 5 de novembro, algo que se chama —xa sabe— autonomía municipal.

Esta modificación consiste na incorporación ao planeamento municipal dun sector de solo urbanizable que permita a implantación dunha actuación integrada de dotacións deportivas, espazos de lecer e usos terciarios. Cómpre non esquecer que, conforme o establecido no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. Está claro, ¿non?, debidamente xustificadas. Hai que facer a fundamentación precisa.

Polo tanto, volvo recalcar que, de non concorrer razóns de interese público debidamente xustificadas, non poderá aprobarse modificación puntual ningunha.

Por outra banda, e conforme o establecido no artigo 51.2 da lei xa mencionada, é dicir, da Lei do solo de Galicia, a formulación do planeamento urbanístico é competencia municipal.



Neste mesmo eixo cómpre subliñar que a Xunta e Galicia é sempre totalmente respectuosa con esas competencias locais e coas decisións adoptadas polos concellos, en canto que son lexítimos representantes da cidadanía e do tecido produtivo e comercial da zona.

Así mesmo, e ao abeiro do establecido no artigo 60.15 da propia Lei do solo, do 10 de febreiro, hai que subliñar que, en materia de planeamento, a competencia autonómica, é dicir, a Xunta de Galicia, limítase a comprobar os seguintes aspectos: a integridade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rematou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e suficiencia dos documentos que integran o plan, entre outros moitos.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, ¿sabe o que queren facer vostedes? Vostedes queren facer pasar un dromedario polo ollo dunha agulla, e non llelo imos permitir, non llelo vai permitir a xente de Tameiga, desde logo, porque isto é un auténtico atropelo e é unha barbaridade. E vostede deunos moi ben aí toda a tramitación legal, pero voulle dicir eu cal é aquí o plan. O plan comezou este día cando presentaron publicamente o proxecto do 15 de decembro de hai dous anos, e despois déronse todos os pasos administrativos para cumprir este anuncio, empezando por un convenio asinado o día seguinte entre o Celta de Vigo e o Concello de Mos, coa tramitación posterior e con todos eses informes — máis de 20 informes — contrarios a este proxecto da Administración da Xunta, da Deputación de Pontevedra e do Ministerio de Fomento, que di, por exemplo, que lle afecta o novo trazado da A-55, co impacto sobre o comercio, coa necesidade de abastecemento de auga que tanto lle preocupa a vostedes agora e co impacto que vai ter o tráfico e a mobilidade para este macrocentro comercial, que é o que se agacha aquí de verdade. Vostedes seguiron para adiante e van seguir para adiante porque xa estaba aquí o señor Feixóo o 15 de decembro *(Murmurios.)* —Feixóo— de 2017 anunciando este proxecto, e xa deron as ordes de que lle deran para adiante en todos os trámites.

Por iso tamén hai uns días acudiron vostedes, toda a plana maior do Partido Popular, alí a avalar este proxecto, aínda que non está aprobada esa modificación puntual para poñer a primeira pedra, porque vostedes xa teñen decidido, caía o que caía, facelo. Pero non llelo imos permitir, non llelo vai permitir a mobilización social, e igual non llelo permite un xulgado. ¿Que pode pasar? Que, ao mellor, o xulgado actúa cando xa está feita esta desfeita, e despois, cos feitos consumados, xa sabemos o que pasa.

Agardemos que non cheguemos aí, porque, desde logo, imos utilizar todos os medios posibles para impedir este auténtico, xigantesco e monstruoso pelotazo urbanístico de Mos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Cando queira, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Vólvolle recordar, señor Bará: lei, cumprimento da lei, única e exclusivamente. E vólvolle recordar que é o que está facendo a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia, por un lado, está comprobando a integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan. En segundo lugar, a conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural. En terceiro lugar, a coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio. En cuarto lugar, a incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sostible.

Polo tanto, pode haber afeccións sectoriais e, unha vez máis, de conformidade coa lei —e, volvo repetir, a lei, porque a vostedes lles dá o mesmo; é dicir, van cun mantra e é unha cousa ou a seguinte— ... Na tramitación dos instrumentos do planeamento exíxese o informe favorable previo dos órganos que ostenten as competencias correspondentes. É dicir, a verificación das afeccións sectoriais lévase a cabo a través do procedemento regulamentario da tramitación da modificación puntual, no que deben emitirse todos os informes sectoriais que resulten preceptivos.

Respecto dos trámites, pois, dígolle agora. Recollendo todas as cuestións que acabo de mencionar, consta a Resolución do 16 de maio de 2018 pola que se formula o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria non simplificada, señor Bará, da modificación puntual do Plan xeral do Concello de Mos. Cómpre sinalar que o procedemento de avaliación ambiental ordinaria foi iniciado a instancia municipal, achegando solicitude de inicio, borrador do planeamento e documento inicial estratéxico.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático someteu o documento ao período de consulta pública, consultando, entre outros, ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. No documento de alcance avalíanse polo miúdo os seguintes aspectos —dígoo porque é a lei e, entón, como aquí parece que non existe lei e que alguén di: poño ou non poño ou quito ou non quito...—: o ámbito de actuación e características ambientais, os obxectivos do planeamento, as alternativas e proposta inicial e as consultas previas, todas as consultas previas. Polo tanto, será no seo da tramitación do expediente onde se teña que acreditar o estrito cumprimento da normativa de aplicación.

Moitas grazas, señor Bará. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e D. Antón Sánchez García, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para evitar a situación que están a padecer as familias que residen nun bloque de vivendas de protección oficial na Patiña, no concello de Cambre, a consecuencia das prácticas especulativas de fondos de investimento

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, cando queira.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: En resumo, baixo o imperio da lei, vanse expropiar a prezo de ganga 900.000 metros para regalárllos ao señor Mouriño —non a este, ao presidente do Celta— para... *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...recualificar 140.000 metros como zona terciaria e que poida facer o negocio o señor Mouriño, un negocio millonario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Dentro da súa desastrosa política de vivenda ao servizo dos intereses especulativos e o fiasco consecutivo de todos os seus programas de vivenda, como o Programa de vivendas baleiras e a política de vivenda de protección oficial, hoxe queremos falar da Patiña; unhas vivendas situadas en Cambre que son unha curiosa historia e moi sintomática do que está acontecendo neste país.

No ano 1997 cualifícanse como vivendas de protección oficial e con parte de fondos públicos para subvencionar os intereses dun préstamo á construtora Fades. Son vivendas de protección en alugueiro, de promoción privada en alugueiro, para persoas con renda limitada. Non podía acceder a esas vivendas calquera, senón xente que tiña uns ingresos limitados. Vinte anos despois a situación é a seguinte: as vivendas feitas en parte con fondos públicos son propiedade dun fondo voitre, dunha sociedade chamada Socimi. E as persoas que teñen esas rendas limitadas e por iso accederon a esas vivendas, incluídas as persoas con discapacidades e con vivendas adaptadas para esas discapacidades, están en perigo de ir para a rúa. Moitas delas xa foron ante o inminente aviso da sociedade do fondo voitre do incremento dos alugueiros do 50 %.

É un auténtico despropósito que fala moito do que vostedes fixeron coa política de vivenda; vostedes, que en 2012 —o Día dos Santos Inocentes— fixeron a lei que eximía de pagar impostos a estas sociedades para que puidesen especular coa vivenda no Estado español. En Galicia xa son o principal propietario inmobiliario do país.

Ben, vostedes —a Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo— o 2 de febreiro de 2017 autorizaron a venda do Banco de Santander a un fondo voitre. E eu quérolle facer dúas preguntas moi concretas: ¿como xustifica vostede a autorización que lle deron de transmisión da propiedade —señora conselleira, isto é importante; a ver se o toman cun pouco de seriedade— do Banco de Santander a un fondo voitre? A ver se me contesta.

E segundo, señora conselleira, ¿que fixeron vostedes, xa que anunciaron o 6 de agosto de 2019 que o IGVS mediaría no conflito pola venda do edificio da Patiña...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...ata o de agora polas persoas que viven na Patiña?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

A primeira cuestión que me gustaría deixar clara e dende un principio é que as vivendas do edificio da Patiña no municipio de Cambre non son de protección oficial dende o ano 2017, señor Sánchez. Non son de protección oficial. Pero, unha vez máis, é que falamos de lei, e dígolle por que: porque as vivendas da Patiña son libres agora mesmo, polo que a Xunta de Galicia non pode intervir no prezo nin tampouco na condición do alugueiro. Unha cousa é que estea facendo de intermediaria nun momento determinado e outra cousa é que non teña competencias sobre as vivendas da Patiña.

O real decreto que regula o Plan de vivenda ao abeiro do cal se construíron na Patiña estas vivendas establecía con carácter xeral un período de protección de trinta anos, que é o que figura na cédula de cualificación definitiva e está inscrito no réxime de propiedade.

Non obstante, no caso de vivendas promovidas para o alugueiro, como é o caso das vivendas da Patiña, sobre o establecido no Plan de vivenda prima a disposición adicional da Lei de arrendamentos urbanos, lei anterior ao dito plan, e que indica que o período de protección das vivendas cualificadas para alugueiro remata ao finalizar o prazo de amortización do préstamo cualificado concedido ao promotor. Neste caso son vinte anos, señor Sánchez. Polo tanto, o período de protección das mesmas rematou no ano 2017, xa que foron cualificadas definitivamente dende o ano 1997; lei, única e exclusivamente lei, igual que as bases que quitamos agora mesmo, nas cales instamos os propietarios privados a que fagan, realicen obras de promoción pública e poñemos os vinte ou os vinte e cinco anos, nos cales teñen que facer un cumprimento. Despois son vivendas libres. E isto é aquí e é en toda España, porque é o Plan de vivenda; é aquí, en Galicia, no País Vasco, en Cataluña, en Castela e León, en Andalucía e en todos os lados.

Aínda así, quero dicirlles que, a pesar de todo isto, de tratarse de vivendas libres, en outubro do 2018 o Instituto Galego da Vivenda e Solo realizou xestións ante a propiedade das antigas vivendas protexidas da Patiña co obxectivo de conseguir a continuidade nas vivendas das familias ás cales lles vencían os contratos. A raíz destas xestións, a empresa comprometeuse a renovar os contratos que estaban a piques de vencer e a manter as vivendas do inmovible en réxime de alugueiro. Actualmente, a nova propietaria do inmovible mantén o compromiso de destinalo a alugueiro e está procedendo á renovación dos contratos actualizando os prezos, algo que ningunha lei nin ningunha normativa lle pode impedir. Segundo a propietaria das vivendas, que informou o Instituto Galego de Vivenda e Solo, estanse renovando os contratos dos inquilinos, que están ao corrente de pago, e alugándose as vivendas baleiras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, conselleira.



Para a réplica ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, evite perder tempo en dicir cousas que xa os dous sabemos. Eu díxennlle dúas cuestións moi concretas. Vostedes autorizaron a transmisión a un fondo voitre o 2 de febreiro de 2017. Se vostedes teñen un escrito autorizando a transmisión da propiedade a un fondo voitre é porque esa vivenda nese momento era unha vivenda de protección oficial. ¿Como xustifica vostede, con base no interese xeral, que lle autorizaran a transmisión e, por exemplo, non trataran de facerse coa propiedade desas vivendas? Porque vostede vén aquí coma se as persoas non existisen. Son unhas persoas cunhas determinadas características, que agora ven complicadas as súas vidas porque non poden pagar os alugueiros que lles ofrecen, cumprindo a lei —a lei feita á medida deses fondos voitre, evidentemente, polo Partido Popular—, e teñen que irse das vivendas. ¿Por que nese momento lle autorizaron a un fondo voitre sobre o que os veciños teñen menos capacidade de presión que o Banco de Santander? ¿Por que lle autorizaron? Dígame, ¿por que? O 2 de febreiro de 2017.

E despois, o 6 de agosto de 2019 vostedes dixeron que ían intermediar no conflito para tratar de evitar que a xente tivese que ir de patitas á calle, señora conselleira. ¿Que fixeron? A xente está saíndo, porque lle están incrementando os prezos do alugueiro un 50 % á xente que tivo dereito a esas vivendas de protección e alugueiro porque tiñan rendas limitadas. É que vostede ten que preocuparse por iso. Son cidadáns que van quedar sen unha vivenda, e moitos deles con vivendas adaptadas, porque teñen discapacidades. E vostede non se preocupa, desenténdese do problema, di: nós cumprimos a lei, a lei que fixeron precisamente vostedes para facilitarlles os negocios ás Socimi, por exemplo, sen pagar impostos. ¿Por que non se fixeron con esas vivendas para que foran vivendas públicas e puidesen seguir vivindo esas persoas alí? ¿Por que, señora conselleira? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Lei, señor Antón Sánchez, lei única e exclusivamente, e ademais, se quere, vólvollo repetir unha vez máis: é o Plan de vivenda; son nuns casos vinte anos e noutros casos trinta anos. E aínda así o Instituto Galego de Vivenda e Solo non se desentendeu destas familias, mediou entre a propiedade e tamén entre as familias, e é máis, chamou ao concello para que se adherira ao Programa de vivendas baleiras. Iso tamén se fixo, e pódolle dicir cal é o resultado. ¿Por que? Porque, efectivamente, hai que dar alternativas, e as alternativas danse entre todos. E como se fan entre todos e a lei hai que cumprila, pois hai programas, como é o da adhesión do concello a este programa, que conlevarían a posibilidade de que estas persoas seguiran vivindo en Cambre, seguiran vivindo na zona, e ademais daríaselles a posibilidade



dun bono alugueiro, para que ao longo de tres anos —renovable ata seis anos— tiveran as bonificacións correspondentes, á parte de recibir unha axuda de 8.000 euros para rehabilitación ou adecuación das vivendas adheridas a este programa.

Isto foron traballos, isto foron negociacións e isto foi intermediación entre as partes, de maneira que o que nos comunica a propiedade é que se seguen destinando a alugueiro estas vivendas, que se están facendo bonificacións a aqueles propietarios que están ao día no pago do alugueiro, e, por outro lado, hai a posibilidade —co concello, por suposto— de estar adheridos a este programa, ao Programa de vivendas baleiras, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que é o que está en marcha no resto de España, e ao que, ademais, a vostedes lles encantou sempre poñerlle zancadillas para que non saíra adiante. Pero é que os galegos e as galegas teñen que saber que... (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Sánchez, de verdade, cale un pouco, leva tres minutos falando continuamente. Está contestando a señora conselleira. Por favor, escoite; escoite, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): O Programa de vivendas baleiras é gratuíto, señor Sánchez, para os concellos, asumindo o Instituto Galego da Vivenda e do Solo os custos de seguros multirrisco e de impagos, dos que se benefician de xeito gratuíto as vivendas adheridas ao mesmo.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo tamén financia integramente as axudas para a rehabilitación e a adecuación destas vivendas, así como o que lle dicía anteriormente, dálle as axudas a través do bono de alugueiro social.

Polo tanto, é certo que todos nos temos que poñer a traballar, pero tamén é certo que este concello se adheriu no ano 2016 ao Programa de vivendas baleiras, e no ano 2017 decidiu que mellor non se adhería, senón que se ía do programa. Ten a posibilidade de volver facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira, rematou o seu tempo.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado dos traballos para achegar ao conxunto do territorio os beneficios do Plan de transporte público de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.

Boas tardes, señorías.



Espero poder facer a pregunta, porque xa me pasou a impresión de ver un señor deputado do BNG vestido do verde de Vox. A verdade é que ten que estar agradecido, señor Bará, porque teñen un deputado en Madrid grazas a Vox. *(Aplausos.)* En calquera caso, eu sempre esperei que o que ía traer a camiseta ía ser o líder do PSOE, que é o que está engordando, pero, bueno. *(Risos.)* Despois desta brincadeira... É o que está engordando... Pero, bueno... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos á pregunta. Creo que agora podó facela.

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia, avanzando tanto na reordenación do mapa de liñas como no impulso das infraestruturas necesarias. E así está a ser. Nestes últimos tempos gran parte do traballo realizado pola Consellería estase a centrar, precisamente, na modernización do transporte de viaxeiros por estrada; un traballo que vén tendo uns resultados excelentes e que está a ter unha moi boa acollida por parte dos cidadáns. A Consellería xa levou a cabo un intenso traballo de planificación no ano 2017, co obxectivo de garantir o servizo de transporte a todos os galegos, recordemos, tras a renuncia de certas empresas a seguir coa prestación do servizo, pero tamén traballando de cara ao futuro, encamiñado a reforzar e ofrecer unha mellor cobertura territorial, fundamentalmente no rural.

Logo da posta en marcha dos primeiros servizos en agosto de 2017, que abrangueron fundamentalmente as provincias de Ourense e Lugo, e tamén algunhas zonas da Coruña e de Pontevedra, en febreiro do pasado ano o Goberno galego anunciaba a licitación dos estudos correspondentes á planificación do Plan de transporte público de Galicia xa no conxunto dela, para ofrecer un servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada moderno e acorde coas necesidades reais dos cidadáns.

Nestes últimos meses, a Xunta vén realizando un enorme esforzo para a consecución deste obxectivo, desexando uns novos contratos de transporte interurbano, equilibrados economicamente e dirixidos a blindar o emprego do sector e os servizos, e pensando especialmente nos veciños do rural.

Pese a isto, as federacións do transporte e organizacións sindicais interpuxeron recurso contra os pregos de concesións do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade. Estes recursos foron desestimados, como todos sabemos, polo dito tribunal.

Polo tanto, o transporte público de estradas de Galicia segue a avanzar a pesar dos intereses particulares ou partidistas dalgúns en contra diso. É por iso que os deputados asistentes formulamos a seguinte pregunta en pleno: ¿como están a avanzar os traballos para achegar ao conxunto do territorio os beneficios que supón o Plan de transporte público de Galicia?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.



Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señorías, dende a Xunta de Galicia estamos a avanzar na implantación do Plan de transporte público de Galicia, unha obriga europea, e en que esa obriga europea sexa unha oportunidade única para ter un transporte público na nosa comunidade, máis útil para os cidadáns, máis sostible dende o punto de vista ambiental, viable dende o punto de vista económico, que garanta o emprego e, polo tanto, un transporte público que teña futuro en Galicia. Un transporte público máis moderno, que responda ás necesidades dos galegos. Como sempre dixemos e sempre o dixen, queremos que sexa a lexislatura do transporte, por iso estamos traballando arreo tanto nas infraestruturas, nas estacións intermodais, na reforma das estacións de autobuses e tamén cos servizos, potenciando o transporte público e facilitando o transporte público. Realizamos un traballo de campo importante e unha participación pública nos proxectos de explotación, unha escoita activa e unha participación tamén activa para que as liñas de transporte respondan con eficacia ás necesidades dos galegos.

Saben que no ano 2016 houbo renuncias de determinadas empresas a seguir prestando as liñas, no ano 2017 renovamos por dous anos esas liñas para que Galicia non quedara nin un só día sen transporte, a pesar de que outros si que querían, e por iso en abril do ano 2019 tivemos que licitar 98 contratos de transporte público que operarán na seguinte década en Galicia. Estamos a falar da totalidade da provincia de Ourense, da provincia de Lugo, de parte da de Coruña e de parte da de Pontevedra. Son 1.900 liñas coas que multiplicaremos por 2,5 os quilómetros de transporte público. As federacións interpuxeron recursos, gañounos a Xunta de Galicia, é certo, e esas trabas si que son pequenos atrancos para ter pequenos atrasos.

En calquera caso, estamos gañando todos os recursos, e despois dun traballo titánico nestes meses —asegúrolle que é titánico ese traballo— conseguimos que no día de hoxe adxudiquemos e asinemos 78 contratos de transporte público, os primeiros 78 contratos que operarán nesta década, 426 millóns de euros de fondos públicos para 1.368 liñas, 12.700 paradas, 1.081 liñas compartidas, 846 servizos baixo demanda e 1.350 postos de traballo garantidos. Restan 7 máis 13, que están a piques de adxudicarse. Polo tanto, en toda Galicia estes 98 contratos estarán contratados e en servizo en xaneiro. En xaneiro tamén licitaremos os 30 contratos que restan para operar no resto da Coruña e no resto de Pontevedra, e, polo tanto, no 2020 estará culminada a totalidade e a renovación integral do transporte público en Galicia.

Pola miña parte, nada máis.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Ten a palabra, para a réplica, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, conselleira, pola súa resposta.



Xa avanzou nesta primeira resposta a firma dos primeiros contratos de transporte para poñer en marcha o ano que vén —creo que dicía en xaneiro estes 98 primeiros—, así como a previsión para licitar o seguinte lote pendente.

Nesta segunda quenda si me gustaría pedirle se pode concretar máis as propostas e prazos para a ampliación dalgún destes servizos, en concreto —se pode ser— algún dos que tiveron mellores acollidas por parte dos cidadáns na primeira fase. Fálolle da extensión do transporte á demanda e compartido para o conxunto do territorio; un transporte compartido, que, por certo, demonizaban algúns neste pleno e dicían que ía ser un caos. Pero nada disto ocorreu; afortunadamente, está sendo un éxito. Como viamos nos orzamentos, ten previsto orzamentos para seguir estendendo todos estes servizos, e non só estes senón tamén a Tarxeta Xente Nova para mozos de máis idade ou a aplicación progresiva para o conxunto do territorio.

Evidentemente, outra das ramas importantes da súa consellería é ampliar o transporte urbano; en concreto, refírome a esa posibilidade de ampliar o servizo especialmente nas cidades que non o tiñan, como Pontevedra. ¿Que posibilidades ten previsto e que prazos para incorporar este transporte público? Creo que están xa avanzando neste diálogo co concello neste transporte urbano, en concreto, en Pontevedra; non sei se podería explicar cales son esas liñas, en que consistirán eses servizos e se hai algún cálculo do custo que pode ter para o concello este transporte urbano.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Para a réplica, por parte do Goberno, ten a palabra a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois hoxe, como dicía, asinamos 78 novos contratos do Plan de transporte público de Galicia, que comezarán a operar no mes de xaneiro. No mes de xaneiro tamén licitaremos máis ou menos 30 para que operen no verán do ano 2020 e, polo tanto, así ter garantido un mellor transporte público en Galicia. O certo é que estamos á vangarda de España, están todas as comunidades autónomas mirando e analizando todo o que facemos... (*Murmurios.*) —é así, sinto dicírllelo, pero é así, e a outros si que lles gusta—. E renovamos integramente para un transporte público máis eficiente e máis sostible. No conxunto, en total, estamos a falar de 130 contratos de transporte público novos, de 1.200 millóns de euros de volume de negocio e de 730 millóns de euros de fondos públicos da Xunta de Galicia; contratos que significan que no ano 2016, antes do Plan de transporte público, eran 28 millóns de quilómetros ao ano, non adaptados ás necesidades dos galegos, e que no ano 2020 conseguiremos incrementar un 118 % os servizos, ter máis e mellores servizos, con 61 millóns de quilómetros ao ano grazas a este Plan de transporte público. Iso é grazas a esta iniciativa da Xunta de Galicia.

Estenderemos ao conxunto de Galicia as modalidades de transporte compartido, de transporte á demanda. Dende o ano 2017 300.000 persoas puideron utilizar esas prazas baleiras



de transporte escolar, 11.300 persoas tamén tiveron servizo de transporte grazas ao transporte á demanda. Co Plan de transporte público de Galicia os usuarios poderán ter para toda Galicia as vantaxes do transporte metropolitano. Esta tarxeta, que está utilizada soamente nas áreas metropolitanas, poderana utilizar todos os galegos e todas as galegas en toda Galicia, estendendo as vantaxes do Plan de transporte metropolitano con tarifas bonificadas: bonificacións aos usuarios con transbordos gratuítos, bonificacións a usuarios habituais e bonificacións para familias numerosas, porque pensamos nas nosas familias. A Tarxeta Xente Nova ampliarémola aos 21 anos para o ano que vén, e estenderemos tamén esta Tarxeta Xente Nova para toda Galicia. A Tarxeta Xente Nova é unha medida posta en marcha no ano 2016 para os menores de 19 anos. Conseguimos que se utilizaran 54.200 tarxetas Xente Nova. E o 1 de xaneiro, como a ampliaremos aos 21 anos, pois incrementárase para 42.000 xoves máis, e ampliarémola en toda Galicia. As contas da Xunta de Galicia permiten que teñamos o noso transporte público.

E sobre o da pregunta de Pontevedra, o certo é que o transporte no concello de Pontevedra é da súa competencia. Pero, comparándoo con Lugo, temos 21 liñas, 1.600.000 quilómetros, 2 millóns de euros anuais; no Concello de Pontevedra, 120.000 euros, 2 liñas, 200.000 quilómetros; *minimum minimorum* o transporte urbano que quere o Concello de Pontevedra e que é da súa competencia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa falta de solucións para o desenvolvemento dunha transición enerxética xusta e ordenada que non implique o peche das centrais térmicas sen ofrecer alternativas industriais en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, desde o anuncio de peche da central térmica das Pontes, resultado das decisións do Goberno Sánchez, o Partido Popular defendeu a necesidade dunha transición enerxética xusta. Desta transición ecolóxica presume o Goberno en Madrid, e dende o noso punto de vista nin foi transición, porque significa só ruptura, nin é xusta, porque o seu peso recae nos traballadores e nos transportistas das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal, Terra Chá e A Mariña. Defendemos esta postura en todos os foros e nos concellos, nos que no día de hoxe levan encerrados os transportistas nada máis e nada menos que 100 días, sen atopar respostas e sen atopar a solidariedade de ningún representante do Goberno central; neste Parlamento, no que fomos os primeiros en traer a situación das térmicas; en Madrid,



manifestándonos ao carón dos traballadores e reuníndonos con eles no Congreso; e no Ministerio, no que a Xunta de Galicia deixou ben clara a súa postura. Onte mesmo os afectados finalizaron na Coruña unha marcha de 75 quilómetros por unha transición enerxética xusta.

Lamentamos de verdade non ter atopado o Partido Socialista nesta cuestión; coma sempre, optaron polo silencio e por aplaudir incluso as decisións do Goberno Sánchez, por moi lesivas que estas fosen para a nosa industria e para o emprego. Hai que dicilo, só tivemos un interlocutor razoable no Partido Socialista no alcalde das Pontes, e non en moitos destes escanos.

En cambio, a Xunta de Galicia e a maioría parlamentaria que a sustenta traballamos sempre cos traballadores para unha transición xusta e ordenada, apostando polo mantemento da actividade na factoría, apostando polo mantemento dos postos de traballo —700, practicamente todos eles con carácter directo— e petando ás portas da Comisión Europea para que As Pontes se puidese acoller aos fondos europeos para este fin, que se poñerán en marcha en 2021.

Por iso, señor conselleiro, preguntámoslle: ¿que está a facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que este rectifique a súa falta de solucións para desenvolver unha transición enerxética xusta e ordenada que non implique o peche das centrais térmicas sen ofrecer alternativas industriais en Galicia e sobre todo nas comarcas afectadas?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para o turno de réplica ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rey, efectivamente, a prioridade que a Xunta de Galicia lle ten trasladado tanto ao Goberno central como a Endesa é salvagardar os máis de 700 postos de traballo que nestes momentos están en perigo, tanto os vinculados directamente coa planta das Pontes como os das empresas auxiliares e os dos transportistas, que están sufrindo importantes perdas pola falta de actividade na central térmica. Algúns queren dar por pechada a central das Pontes, ao igual que o fixeron coa central de Meirama, pero, dende logo, este goberno, a Xunta de Galicia, non está disposta a dar por pechada a central.

Entendemos que a reactivación provisional da planta é a única oportunidade que temos se queremos acceder, sen deixar a ninguén a atrás —aos traballadores, ás industrias auxiliares, aos transportistas—, ás axudas para unha transición enerxética xusta que a Unión Europea impulsará a partir do ano 2021. Por iso agradecemos o compromiso que obtivemos a semana pasada tanto da ministra para a Transición Ecolóxica como a través de Endesa para avaliar de novo as probas técnicas e para comprobar cal é o custo de facer unha substitución pro-



gresiva do carbón por outras enerxías. Ao mesmo tempo, tamén é certo que non lle oculto que esperamos que a falta de concreción do presidente Sánchez na conversa que mantivo co presidente Feijóo non signifique unha falta de interese polo futuro da planta das Pontes. Como tampouco esperamos que Endesa quede atrás e, polo tanto, que tamén Endesa manteña ese compromiso. O importante, en definitiva, é que o Goberno, a través do Ministerio de Transición Ecolóxica, e que Endesa comecen a dar respostas dende o punto de vista enerxético, dende o punto de vista laboral e dende o punto de vista económico, para que As Pontes, a comarca de Ferrolterra e tamén Galicia teñan unha resposta contundente para darlle viabilidade a esta planta.

Estamos traballando conxuntamente a Xunta de Galicia —a través do Inega— e o Concello das Pontes, nunha unidade de acción, para colaborar co Ministerio, para colaborar con Endesa. E esperamos que tanto o Ministerio como Endesa dean esa resposta, porque ese é o mandato que traslada a Comisión Europea, porque iso é o xusto cos traballadores e porque iso é o xusto con Galicia para que haxa unha resposta concreta. Galicia non conta cos mecanismos que ten o Goberno do Estado para garantir os fondos necesarios, e por iso o que precisamos é, precisamente, que o Goberno se implique, que a empresa se implique. Dende logo, terán á Xunta de Galicia e ao Concello das Pontes traballando para atopar esa solución e esa oportunidade para os traballadores da central, das auxiliares e para os transportistas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para o turno de réplica ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta, polo seu traballo e polo compromiso da Xunta de Galicia.

E queríamos pedirlle desde este grupo que sigan defendendo os traballadores de hoxe e sobre todo —se mo permite— os traballadores de mañá. Porque eu ben sei que seguramente todos ou moitos dos que estamos aquí pensamos cousas diferentes sobre a transición enerxética. Pero eu, que de verdade vivín de neno o que foi a reconversión industrial e como tamén se lle botaba a culpa a Europa desa reconversión, ¿cal foi o efecto desa reconversión para cumprir cos parámetros que viñan de Europa? Que se seguiu, que se potenciou a construción no sur e que se desmantelou, non se reconverteu a construción nos estaleiros do norte. ¿Cal foi a consecuencia —de verdade que trágica— para esas comarcas? A primeira, despoboación; a segunda, as taxas de desemprego máis altas de toda Galicia; e, a terceira, as taxas de pobreza máis altas de toda Galicia. Por iso creo que cando falamos deste tema debemos de falar menos e ver sobre o territorio cal é o efecto dunha actuación non planificada.

Aquí non estamos falando exclusivamente de transición enerxética —que tamén—, estamos falando dos empregados da central e das súas familias, estamos falando dos transportistas —moitos deles teñen investido na renovación do seu camión para adaptarse aos novos parámetros enerxéticos máis de 100.000 euros e hipotecado as súas vivendas por petición e



por tranquilidade do Goberno e da empresa—, estamos falando da industria auxiliar, estamos falando do futuro do porto de Ferrol e dos seus empregos, estamos falando da repercusión nas electrointensivas —as seguintes empresas da nosa comarca— Megasa e Alcoa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor REY VARELA: Polo tanto, señor conselleiro, cremos que non é suficiente o traballo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Conde.

O señor REY VARELA: ...nin moito menos o silencio. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rey, é certo que hai un debate na sociedade, que hai un debate nos gobernos e que hai un debate no tecido produtivo sobre a sostibilidade, sobre a loita contra o cambio climático. Pero non é menos certo que nese debate Galicia ten unha posición moi clara. Somos conscientes de que Galicia é verde, pero sobre todo somos conscientes de que Galicia quere ser aínda máis verde. Pero ser máis verde debe de ser totalmente compatible cunha transición enerxética xusta na que se garanta o mantemento dos postos de traballo e na que, polo tanto, non sexan os traballadores actuais os que teñan que pagar o custo económico desa transición.

A Xunta de Galicia non defende o mantemento do carbón, o que defende, o que está a defender, son as familias que hoxe dependen desas tecnoloxías e que ven perigar o seu modo de vida por un peche abrupto da central térmica das Pontes, cando no conxunto de Europa se están mantendo 149 centrais térmicas, que permanecen activas coas mesmas condicións nas que está operando nestes momentos a central térmica das Pontes. Por iso, a transición, se realmente queremos que teña éxito nese debate de toda a sociedade, dos gobernos e do propio tecido produtivo, necesariamente ten que levarse a cabo dunha forma xusta e incluíva. E, dende logo, non todos os estados membros, rexións e cidades están iniciando a transición dende o mesmo punto ou teñen a mesma capacidade de resposta. O Goberno de España debe ser consciente desa realidade. E por iso en Galicia estamos especialmente sensibilizados, estamos facendo os nosos deberes dende o punto de vista desa transición enerxética, e o que esperamos é que haxa unha resposta política por parte do Goberno do Partido Socialista e que haxa unha resposta política tamén por parte da Comisión Europea.

Temos que ser conscientes de que España aínda non ten aprobada a súa estratexia de transición enerxética, esa é a realidade, e temos que ser conscientes de que na Unión Europea aínda non teñen definidos os seus mecanismos de axuda, que implementarán a partir do ano 2021. Nese contexto, o que nos parece xusto cos traballadores actuais das Pontes é que



se lles dea unha oportunidade en igualdade de condicións que aos outros traballadores das 149 centrais térmicas e que, polo tanto, poidamos reabrir a actividade da planta das Pontes, que haxa un compromiso por parte de Endesa efectivo e por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica para que se poida reactivar a planta e para que, polo tanto, poidamos optar a esas alternativas que estarán á disposición dos traballadores de Galicia a través dos fondos europeos e dos fondos nacionais. Nese contexto é onde Galicia ten que atopar oportunidades para os traballadores das Pontes, para os transportistas e para industrias auxiliares.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da mediación na crise da empresa Muebles Hermida, de Lourenzá, e a procura dun plan de viabilidade para garantir a súa actividade e postos de traballo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Benvido, señor Conde.

Dende o Grupo Socialista tamén queremos saudar os membros do comité de empresa de Muebles Hermida, de Lourenzá, e tamén a súa alcaldesa, que hoxe nos acompañan.

A empresa Muebles Hermida, de Lourenzá, está a atravesar unha nova crise que compromete a viabilidade da mesma, poñendo en risco a actividade e tamén os postos de traballo. E digo unha nova crise, xa que a empresa efectuou nos últimos anos despidos e aplicou os ERE. A situación pola que está a atravesar agora Muebles Hermida afecta case 100 familias da Mariña, xa que os traballadores e as traballadoras da empresa levan sen cobrar os seus salarios xa catro meses.

O 2 de decembro deste mesmo ano, o propio Concello de Lourenzá, consciente da situación, adoptou por unanimidade do Pleno un acordo, no que, ademais de amosar o apoio aos traballadores desta empresa, pedían implicación doutras administracións, nomeadamente da Xunta de Galicia e da propia Deputación de Lugo, así como dos grupos parlamentarios.

O pasado 9 de decembro, a dirección de Muebles Hermida comunicáballes aos representantes legais dos traballadores que a empresa ía solicitar o concurso voluntario de acredores. Trá-



tase dunha empresa que estivo situada entre os dez principais fabricantes de mobiliario a nivel nacional e que é a maior do concello de Lourenzá. No día de hoxe está nunha situación complicada e precisa dun plan de viabilidade.

É por iso polo que nós dende este grupo lle pedimos, igual que o fai o propio comité, que por parte da Xunta de Galicia se medie para garantir eses postos de traballo, poñendo por diante unha condición irrenunciable como é o pago dos salarios atrasados.

E mire, señor Conde, a Xunta de Galicia algo terá que dicir e tamén facer para mediar neste conflito, xa que cabe recordar que a Xunta deu cuantiosas axudas a esta empresa. Nós entendemos que esa é unha xustificación para que a Xunta se implique e incluso vele por que eses millóns, en axudas do Igape, non sexan en balde, xa que estas axudas deberían estar condicionadas á creación de postos de traballo e a asentarse a industria e a poboación. O importante destas axudas sería garantir a viabilidade da empresa.

Nós recolleamos a preocupación do Concello e tamén dos propios traballadores, e por iso hoxe traemos esta pregunta a esta Cámara. Porque a situación de Hermida non se deu dun día para outro, os traballadores xa o viñan anunciando con ese atraso no cobro das nóminas; agora —como xa dixen— débenlles catro meses.

E, claro, como vostedes funcionan por impulsos, onte enterabámonos de que precisamente hoxe o comité de empresa estaba citado para unha reunión co Igape, algo que nós non criticamos, porque precisamente nós o que estamos a pedir aquí son medidas, pero, claro, é que chegan vostedes un pouco tarde, porque esta preocupación xa a estaban a trasladar dende o propio comité de empresa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero, rematou o seu tempo.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Por iso nós lle pedimos que... *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, grazas por trasladar a este Parlamento a preocupación pola situación de Muebles Hermida e, polo tanto, dos seus traballadores e do seu comité de empresa, ao que lle traslado o meu saúdo e, sobre todo, a sensibilidade do Goberno pola súa situación.

Mire, señora Otero, non necesitamos ningún tipo de xustificación para atender as necesidades dos traballadores en Galicia. Calquera empresa que atravesa por dificultades sabe que ten na Xunta de Galicia un aliado para poder atopar solucións e, polo tanto, garantir a viabilidade dos seus postos de traballo, haxa ou non haxa axudas previas. Non hai, polo tanto, que vincular o pasado á realidade actual.



En calquera caso, nós estamos traballando dende o primeiro momento —vostede creo que chega tarde á información e que non ten toda a información sobre como está actuando a Xunta de Galicia, pero eu pódolla trasladar—. Dende o primeiro momento, incluso antes de que se atopase nesta situación, xa mantivemos contacto coa empresa e, efectivamente, fixémoslle unha visita, mantivemos un contacto co administrador concursal e mantivemos contactos co comité de empresa. Polo tanto, para o que estamos traballando é para atopar a mellor solución posible que permita manter a actividade industrial e o emprego.

Entón, nós manteremos o diálogo aberto. Imos identificar dende o realismo. Eu pediría que non lle pida á Xunta de Galicia ningún tipo de medida que supoña unha ilegalidade. Polo tanto, dende o realismo, intentaremos identificar alternativas que fagan viable este proxecto e coas que poidamos aunar os esforzos por parte de todos.

Seguiremos en contacto co administrador concursal e seguiremos en contacto co comité de empresa, atopando e buscando ese apoio. Fixémolo, señora Otero, no ano 2016, cando concedemos un préstamo a través do Banco Europeo de Investimentos por medio millón de euros, igual que fixeron vostedes no ano 2008, cando vostedes concederon un préstamo de 5,4 millóns de euros á empresa.

Polo tanto, señora Otero, non veña facer política cos traballadores a este Parlamento. Non o merecen os traballadores. Os traballadores o que merecen é que haxa unha resposta única por parte dos grupos parlamentarios, por parte da Xunta de Galicia, para intentar resolver a súa situación. Vir aquí intentar politizar un asunto mercantil e de viabilidade dunha empresa non é propio, é máis ben impropio. Seguramente é propio do Partido Socialista actual.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor Conde, a anterior pregunta viña tamén dun deputado do seu grupo parlamentario, e estáballe a preguntar tamén por unha empresa. ¿Que diferenza hai entre a pregunta que lle fan dende esa bancada e dende esta? *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*,

Eu trasladei esta situación que están a vivir os traballadores de Muebles Hermida, da miña comarca, e trasladareina as veces que sexa oportuno. Pero, miren, é que os deputados do Grupo Parlamentario Popular tamén poden preguntar, e non só preguntar para votar e para darlle caña ao Goberno central, tamén poden preguntar para intentar solucionar os problemas da nosa comarca... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Vega.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: Si, señor Vega.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Vega!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora OTERO RODRÍGUEZ: E, mire, eu non sei se me expresei mal, pero en ningún momento lle pedín á Xunta de Galicia que cometa ningunha ilegalidade. Eu o que lle pedín é que medie na crise que hai en Muebles Hermida, en Lourenzá, para acadar un plan de viabilidade que manteña esa actividade e os postos de traballo. Eu en ningún momento lle dixen ou lle pedín que cometera ningunha ilegalidade.

O que pretendo é que non sexan uns meros espectadores, que non se senten a esperar a ver se o problema se soluciona; que me parece moi ben que hoxe reuniran e recibiran os traballadores no Igape. Pero, ¿critiquei eu nalgún momento as axudas? Non critiquei en ningún momento as axudas que recibiu esta empresa. Eu o que digo é que non sexan uns meros espectadores e que fagan un seguimento das axudas que reciben as empresas, para que estas axudas, ao final, non sirvan e non caian nun saco roto. Porque, miren, o importante é que estas empresas sexan viables, o importante é que se manteña a actividade destas empresas e o importante é que se manteñan os postos de traballo na nosa comarca.

Polo tanto, eu o único que lle pido é que medie dentro dos cauces legais para intentar solventar o problema de Muebles Hermida.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor conselleiro de Economía, Emprego en Industria, o señor Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moi ben.

Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, está ben que se fixe nos plantexamentos do Partido Popular, porque seguramente así reordenan a súa visión da política industrial en Galicia.

Mire, vostede ínstame a facer algo que xa estamos facendo. Entón, claro, se quere entrar nese bucle, pois realmente é moi complicado. Eu xa lle trasladei que dende o primeiro momento estamos en contacto coa empresa, dende o primeiro momento estamos en contacto coa administrador concursal..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...dende o primeiro momento estamos en contacto co comité de empresa, simplemente intentando mediar para identificar con realismo cales son as alternativas que pode haber en Muebles Hermida para poder darlles viabilidade aos postos de traballo.

Nese contexto é no que estamos traballando. Seguramente o que se merecen os traballadores de Muebles Hermida hoxe é que neste Parlamento todos os grupos parlamentarios esteamos unidos na defensa dos seus intereses. Iso é o que se merecen. O que non se merecen é intentar trasladar dúbidas dende o punto de vista da actuación da Xunta de Galicia, como vos tede intentou trasladar na súa pregunta.

En calquera caso, dende a Xunta de Galicia o que si imos poñer á disposición de Muebles Hermida é todos os instrumentos que temos, a través do Igape e a través de Xesgalicia, para atopar esa solución.

Temos un novo programa de axudas para traballadores e empresas afectadas por expedientes de regulación de emprego, froito, precisamente, do diálogo social alcanzado coas principais organizacións sindicais e empresariais, e tamén temos incrementados os fondos destinados ás industrias afectadas pola desaceleración do crecemento económico, ou, como é o caso de Muebles Hermida, que están a provocar incertezas políticas en España ou na súa contorna.

Son todos instrumentos que estarán ao servizo de Muebles Hermida, precisamente para identificar un proxecto que lle permita dar a súa viabilidade; polo tanto, que cos actuais traballadores se lle poida dar viabilidade.

O que non necesitan os traballadores, dende logo, é boas palabras sen actuacións. Vostedes están acostumados a dar boas palabras, a trasladar compromisos que despois non cumpren. Eu o que lle pido é que o Partido Socialista cambie a súa política de palabras e non de feitos. Refírome, concretamente, á súa posición con respecto a Navantia, a Alcoa, a Ferroatlántica e ás Pontes... (*Murmurios.*) Todas palabras sen contido que non dan respostas concretas. Eu espero que, no caso de Muebles Hermida, vostedes se posicionen xunto coa Xunta de Galicia, porque iso é o que esperan os traballadores de Muebles Hermida, e o que esperan, loxicamente, os traballadores de Lourenzá.

Cambien a súa oposición, únanse á unidade de acción coa Xunta de Galicia, co resto dos grupos parlamentarios, e a partir de aí, seguramente, os traballadores tamén lle agradecerán ao Partido Socialista a súa posición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.



Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns do Goberno galego para non contabilizar o alumnado repetidor no cálculo das ratios de alumnado por aula

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formalizar a pregunta, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Mire, hoxe, o noso grupo parlamentario trae a esta Cámara unha pregunta moi, moi concreta: ¿que motivos xustifican a non contabilización do alumnado repetidor no cálculo das ratios por aula? E mesmo poderíamos aínda simplificalo máis: ¿en que normativa se basea tal decisión? Porque, revisándoa toda, verá que non se atopa por ningunha parte. Fíxese que é unha pregunta ben simple, e aínda así levamos aquí tres anos tratando de ter algunha resposta concreta, sen éxito. Agardamos que hoxe sexa o día. Porque, como sabe, o que tena ver coa necesidade de reducir o número de alumnos e alumnas por aula é un clamor habitual en toda a comunidade educativa; é común para toda a comunidade educativa. Pois, como é natural, todos saben que aulas ateigadas acaba sendo sinónimo de menor calidade. Ter moitas nenas e nenos nas aulas dificulta a atención personalizada que requiren, dificulta unha dedicación plena das docentes e dos docentes, e, en definitiva, dificulta ter mellores resultados. Porén, a Consellería de Ensino ten o feo costume de tratar de confundir a cidadanía, usando sempre a trampa esa da estatística, en virtude da cal temos unhas ratios moi baixas, e mesturando no mesmo paquete a media das aulas urbanas e do rural. Esa é trampa estatística que coñece todo o mundo en virtude da cal se temos dúas persoas e dous polos dicimos que a media é dun polo por persoa. Pero pode ser que, en realidade, unha persoa coma dous polos e outra pase fame. Isto é o que acontece realmente neste país, sábeo perfectamente, temos aulas no rural moi pequenas que, obviamente, reducen o número medio, pero isto non oculta o feito real de que nos centros urbanos temos aulas saturadas.

Pero por se isto non bastase, se a trampa da estatística non fose suficiente, a Consellería de Ensino ten aínda outro as na manga, unha trampa secundaria, que se trata, como sabe, da invisibilización do alumnado repetidor; ese truco máxico en virtude do cal sacan dun plumazo o 10 % aproximadamente de todo o alumnado das aulas, que é máis ou menos a porcentaxe do alumnado repetidor que temos neste país; unha cifra, de feito, bastante elevada e que, dende logo, habería que esforzarse para reducila.

Este feito, como digo, máxico fai que de repente desapareza o 10 % dos alumnos das aulas e, dende logo, como lle dicía ao principio, non está avalado por ningunha normativa. Nós pensamos, ademais, que é un atentado directo contra a calidade educativa, pois, como sabe, o alumnado por aula é un factor determinante cando falamos da calidade do ensino. Ademais, se fixésemos un cómputo real, estaríamos vendo como hai moitas necesidades sen cubrir, estaríamos vendo como é necesario recuperar os 1.200 docentes que vostedes suprimiron na última década.



Por iso queremos preguntarlle novamente: ¿que motivos xustifican a non contabilización do alumnado repetidor no cálculo das ratios por aula?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ¿Hai algún outro motivo que non sexa estritamente económico? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señora Chao, como xa expliquei nesta Cámara, ante cada curso a Consellería ten a obriga de planificar, de regular e de administrar o ensino regrado en toda a súa extensión: niveis, graos, modalidades, especialidades... Ao amparo da lexislación estatal e autonómica, orgánizase a actividade dos centros educativos, tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable dos recursos.

A verdade é que vostede xa formulou unha pregunta semellante e igual de concreta a esta que foi debatida no primeiro pleno de febreiro de 2018, polo que coñece a resposta, por máis que intente trasladar de novo unha crítica en serie contra a Consellería. A administración educativa ten que xestionar a realidade e facer compatibles distintas necesidades: a necesidade de escolarización ordinaria; a necesidade do dereito que un alumno ou alumna escolarizado ou escolarizada nun centro ten a permanecer no centro e no mesmo nos distintos niveis; ou a necesidade de poder atender necesidades inmediatas de escolarización do alumnado de incorporación tardía por traslado da unidade familiar, acollemento familiar ou outras.

No que respecta á distribución do alumnado nas aulas, quero dicir que o concepto «ratio máxima do alumnado por unidade» nun sentido estrito é un concepto normativo —xa que fala vostede de normativa— establecido pola lexislación vixente estatal e autonómica. No artigo 157.1.a) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, prevese un número máximo por aula, que no ensino obrigatorio será de 25 para primaria e de 30 para secundaria obrigatoria. O Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, que contén lexislación básica sobre os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, prevé no artigo 7 que os centros docentes que ofrezan o segundo ciclo de infantil terán como máximo 25 alumnos por unidade escolar; no artigo 11 que os centros de educación primaria terán como máximo 25 alumnos por unidade escolar; e no artigo 16 que os centros de educación secundaria terán como máximo 30 alumnos por unidade escolar en secundaria obrigatoria e 35 en bacharelato.



Especificamente, seguimos coa normativa autonómica, no ámbito do proceso de admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos. O artigo 4 da Orde da Consellería de Educación do 12 de marzo do 2013 fai unha referencia expresa a esta cuestión para estimación das vacantes. O número de alumnas e alumnos por unidade escolar que se utilizará para estimar as vacantes en cada un dos niveis é o que se indica a continuación: segundo o ciclo de infantil e primaria, 25; educación secundaria obrigatoria, 30; bacharelato, 33. Esta regra xeral ten as excepcións previstas —non trampas, senón excepcións previstas— no artigo 87.2 da LOE: a posibilidade de incrementar ata un 10 % o número máximo de alumnos e alumnas por aula nos centros públicos e privados concertados dunha mesma área de escolarización, ben para atender necesidades inmediatas de escolarización do alumnado por traslado de unidade familiar ou por acollemento familiar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Fronte ao que vostede afirma, reitero que en Galicia non se aplicaron ratios maiores tampouco nos anos de crise económica. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pomar.

Para a réplica ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: A pregunta era sinxela, non dedicou unha soa palabra a contestala. Insistimos: ¿cales son os motivos que xustifican a non contabilización do alumnado repetidor nas ratios das aulas? Na lexislación que vostede citou non hai ningún punto, ningún extremo, que xustifique esa medida. A pregunta é concreta; entón, non poña na miña boca cousas que non dixen. Esta é a única pregunta, non hai outra sobre a mesa. Por favor, ten aínda vostede ocasión, conteste a isto e aproveite o seu tempo para dicirnos que vai facer dende a Consellería para que se cumpran as ratios legais. ¿Ou acaso pode vir aquí dicir que non hai aulas neste país nas que se estean superando as cifras legais? Porque é que isto está nos xulgados, é que están os casos documentados. Xa sen contar o alumnado repetidor, mesmo coas súas cifras enganosas, estanse superando.

Pero, imos insistir, nós pediámoslle que aclarara por que se está contabilizando e pedímoslle tamén que rectifique, por unha cuestión de puro sentido común, señora conselleira, porque precisamente o mesmo feito de que exista o alumnado repetidor indica que precisa unha maior atención. Polo tanto, non só habería que contabilizalo, senón incluso que facer un esforzo extra. Igual, o que tiñamos que facer era aplicarlle un coeficiente multiplicador para que un alumno repetidor non só non contara, senón que contara por 1,5 ou por 2. O mesmo lle estaríamos pedindo se aplicaran o sentido común e quixeran o mellor sistema educativo para este país, o mesmo lle pediríamos para as persoas que teñen necesidades educativas específicas, polo mesmo criterio: sentido común. É evidente que o alumnado con necesidades específicas necesita maior atención. Se o contamos como outro alumnado concreto, pode pasar o que pasa en calquera aula deste país, que, por exemplo, nunha aula que respectase o máximo legal, unha aula de secundaria con 30 alumnos, haxa 4 persoas con necesidades educativas específicas, máis 3 repetidoras e repetidores. Estaría dentro da lei, segundo vostede,



pero ¿é calidade? ¿É isto o que entende a Consellería de Ensino de Galicia por calidade?, ¿ter unha aula con 33 persoas, das cales deciden contar só 30, con 4 persoas con necesidades educativas especiais e 3 persoas que repiten curso?

Nós, dende logo, pensamos que isto non é calidade, que isto é unicamente aforro.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Eu tamén insisto, señora Chao, e, ademais, non poño na súa boca cousas que non dixo. Falei dunha pregunta que vostede fixo en febreiro de 2018 con referencia a este mesmo tema. Vostede colle o argumentario e non se preocupa de saber realmente como funcionan as cousas en Galicia.

O asunto dos repetidores. Son os equipos docentes e non a Consellería os que deciden sobre o alumno ou alumna que precisa reforzar a súa formación repetindo curso. E aí están os datos do absentismo escolar e do abandono escolar en Galicia. Os cursos duran o que duran, de xeito que hai que facer compatibles os procesos de escolarización coa finalización dos exames en setembro e tamén co inicio do novo curso. En calquera caso, non traslade dúbidas nin semente ideas falsas.

A Consellería cumpre a lexislación vixente en materia de ratios por aula, como damos por feito que tamén o fan outras comunidades autónomas, onde aplican de xeito semellante a Galicia a mesma práctica respecto dos repetidores.

As devanditas ratios máximas de alumnado por unidade establecidas para cada etapa educativa pola normativa estatal e a de Galicia téñense en conta con carácter xeral para o normal desenvolvemento dos procesos de admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos e tamén serven como base para o estudo das posibles modificacións das unidades e postos de traballo dos centros docentes dependentes da Consellería. Con carácter anual esta consellería estuda as situacións das unidades e dos postos docentes coa finalidade de adaptar a organización dos centros ás efectivas necesidades da poboación a escolarizar. O procedemento iníciase co proceso de admisión do alumnado e remata ao inicio do novo curso, logo do prazo extraordinario de matrícula, que se desenvolve no mes de setembro para o alumnado que suspendeu algunha materia na avaliación ordinaria e tivo que examinarse no dito mes. E por suposto todo isto sen prexuízo das variacións do alumnado que se poden producir ao longo do curso académico por causas extraordinarias de admisión previstas na normativa vixente; insisto, traslados, incorporacións ao sistema, acollemento familiar, situacións de acoso, violencia.

Remato xa. A administración educativa atende e toma decisións sobre as necesidades reais unha vez detectadas, pero con carácter xeral e dadas as nosas peculiaridades demográficas



e territoriais non se pode falar de masificación no ensino galego. E, de feito, atendendo ás estatísticas, Galicia ten ratios alumno/ profesor e alumno/aula moito máis baixas que a media do Estado e que os datos doutras comunidades autónomas, nas que integran os repetidores de xeito absolutamente semellante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, do G. P. Mixto, sobre as razóns da Xunta de Galicia para apostar pola universidade privada en detrimento da pública

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, a ver se temos nós máis sorte agora pola tarde que a que tivo o outro grupo pola mañá á hora de preguntar pola universidade privada e a ver se desta volta vostede non nos conta algunhas trolas como as que nos contou o señor presidente da Xunta de Galicia.

E digo isto porque se afirmou, por exemplo, que dentro do padroado da fundación de Abanca había xente que fora designada por En Marea, dato que é absolutamente falso, que contrastamos. Polo tanto, se quere, desmíntao ou confirme o que dixo o seu xefe esta mañá.

Nós queremos preguntarlle por que se lle está abrindo as portas a un banco que quere vampirizar o sistema universitario público de Galicia e por que esa insistencia do Goberno de Feijóo, do seu goberno, en seguir adiante cun sistema do cal os propios reitores das universidades alertaron notoriamente das graves irregularidades e das infraccións legais que se están cometendo.

Nós sabemos que isto forma parte dunha estratexia, pero chegar ao descaro de facelo a pesar de todas as decisións legais que se están infrinxindo parécenos absolutamente inaceptable. Dicimos que forma parte dunha estratexia ou desmantelamento da universidade pública, porque levamos varios anos xa onde a universidade non pode medrar en número de alumnos nas titulacións con máis demanda polas limitacións que impón a propia Xunta de Galicia, o crecemento das prazas nas titulacións que teñen máis demanda. Desta maneira, estase xerando unha especie de expectativa non satisfeita de forma artificiosa polas limitacións que pon a Xunta de Galicia, que dá lugar a que os estudantes que quedan fóra teñan que ir ou ben ás universidades privadas de fóra de Galicia ou buscar recursos noutros sistemas universitarios, cando, perfectamente a universidade de Galicia estaba preparada para acoller todas as prazas que eran demandadas por parte dos estudantes. Logo, sabemos que isto forma parte dunha asfixia planificada, dunha asfixia preparada, que ademais está unida a un rácano sistema de financiamento das universidades públicas que asfixia non soamente a docencia senón tamén a investigación das universidades galegas.



Agora vemos o colofón mediante esta tramitación dun anteproxecto que, no trámite de exposición, está pragado de irregularidades que vostedes, non obstante, insisten en obviar. Digo irregularidades que ademais deixan indefensas tanto as universidades públicas, que non poden defenderse porque non coñecen cal é verdadeiramente o alcance dese proxecto, como o conxunto da cidadanía, que non podemos saír en defensa do público simplemente porque nos faltan datos; con inflación, por certo, da Lei de bo goberno.

Digo isto tamén porque, como vostede non ignora, se están obviando nese anteproxecto unha serie de documentos que son aqueles que comprenden, por exemplo, a memoria xustificativa, a súa legalidade, o acerto ou a oportunidade. Non hai ningún informe sobre a súa pertinencia socioeconómica, e non pode habelo, ademais, señora conselleira, porque é evidente que tres universidades teñen capacidade suficiente para resolver toda a demanda de estudantes e tamén toda a demanda de investigación que ten o noso país.

Tamén se infrinxe de forma notoria o procedemento que establece a Lei orgánica de universidades e a Lei do sistema universitario de Galicia. Non se detalla cal é a oferta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...académica mínima de titulacións oficiais. Tampouco cal é a programación investigadora desa suposta universidade... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematou o seu tempo.

Moitas grazas, señor Villares, xa rematou o seu tempo.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

Señor Villares, o primeiro que debe quedar claro é que a Xunta ten unha aposta clara polo cumprimento da lexislación vixente, tanto en materia administrativa como en materia universitaria e tamén que a Xunta vela pola coordinación do Sistema universitario de Galicia, sempre respectando a autonomía universitaria.

Creo que non son xustas as acusacións de falta de transparencia, nin esa suposta aposta pola universidade privada en detrimento da universidade pública. Con elas só se pretende sementar dúbidas e xerar alarma sobre un asunto que responde ao previsto na lexislación. O seu rexeitamento coido que é ideolóxico, pero non responde ao previsto na normativa.



Fala vostede de incumprimento, pois comprenderán que ningún goberno responsable fai omisión de cumprimento da lexislación vixente, xa que incorrería en delito, como vostede moi ben sabe.

Permítame ler, literalmente, o artigo 12 da Lei do Sistema universitario de Galicia para contextualizar do que falamos hoxe nesta cámara: «A creación de universidades públicas e o recoñecemento de universidades privadas realizarase mediante Lei do Parlamento de Galicia, cando cumpran os requisitos básicos exixidos na Lei orgánica de universidades, nesta lei, así como nas disposicións regulamentarias que se diten no seu desenvolvemento, logo de informe da axencia para a calidade do Sistema universitario de Galicia, do Consello Galego de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria».

Recentemente, cumprindo un trámite máis dun proceso aínda aberto, o Consello Galego de Universidades informou favorablemente o anteproxecto de lei de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa, promovida por esa fundación da que vostede falaba, a Fundación Galicia Obra Social, Afundación. Así pois, a Universidade Intercontinental da Empresa, impulsada por esta fundación, é, na data de hoxe, unha proposta ou unha petición amparada no artigo 27 da Constitución, aínda aberta tras unha longa tramitación administrativa na que consta, o 13 de decembro de 2018, un informe de pertinencia socioeconómica. Aínda está aberta —como dicía— e a súa creación ou non dependerá, primeiro, do cumprimento duns requisitos establecidos por esa lexislación universitaria estatal e pola Lei autonómica do Sistema universitario de Galicia, que é a máis ou unha das máis restritivas do estado, e segundo —e insisto—, non será creada pola Xunta de Galicia, senón que, de ser o caso, farase a través dunha lei que será debatida neste parlamento como último paso logo dun proceso de tramitación administrativa amplo e complexo.

Polo tanto, a Consellería respecta o lexítimo receo dos reitores ante a novidade que supón este proxecto de universidade privada que se está a tramitar en Galicia ao amparo da lexislación —e así tamén o dixeran aos medios de comunicación—, pero este proceso non se pode confundir cunha privatización das universidades públicas nin do Sistema universitario de Galicia. A Xunta outorgou, e esta é a racanería da que falan vostedes, un financiamento estable ao Sistema universitario de Galicia, ata o punto de que Galicia é a terceira comunidade autónoma por porcentaxe de PIB para universidades, segundo o informe do 2017 do Observatorio do Sistema Universitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Ben, señora conselleira, xa vexo que non desmentiu vostede a tolada do señor presidente de pola mañá, así que damos por feito que esa tolada persiste.

Con relación a ese informe socioeconómico, fálase na exposición de motivos dunha proposta presentada que conta co informe favorable de pertinencia socio-económica do órgano com-



petente en materia universitaria, pero, se vostede comproba a documentación, á que pode acceder calquera que examine o anteproxecto, verá que non consta ese informe e, se consta, pedímoslle que nolo faga chegar ou que nos sinale onde está, porque non consta. Pero non é opinión nosa, é unha opinión que verteron as tres universidades tamén á hora de posicionarse en contra. Ese informe non existe ou, se existe, dende logo, non lles foi facilitado. Logo, díganos que é: se é que o teñen e non o queren entregar, entón temos que preguntarnos a ver que é o que pon, ou se é que o teñen e o entregaron, como non se enteraron diso as tres universidades que votaron en contra, precisamente entre outras, por esa razón.

Mire, fáleme vostede de normativa vixente e eu quero citarlle a Lei do Sistema universitario de Galicia en relación con preceptos concretos que non están sendo cumpridos neste anteproxecto e que vostedes están permitindo que se tramiten igual sen toda esa documentación. Non hai oferta académica mínima de titulacións oficiais. Non a hai. Non conta con iso. Dise unicamente que hai ramas de coñecemento diferentes no ámbito xurídico, no ámbito da enxeñaría e da arquitectura, sen sinalarse as titulacións correspondentes, que é o que establece a lei. Tampouco hai unha programación investigadora adecuada, algo a que obriga o Real decreto 420/2015, unha programación plurianual da actividade investigadora nas áreas científicas, que se diga cal é a estratexia de captación de talento científico, como se constrúen as infraestruturas técnico-científicas ou como se colabora co sector produtivo en materia de I+D+i.

Non hai nada disto, señora conselleira. Iso é infracción da lei e eses son requisitos previos para iniciar a tramitación do propio anteproxecto. Logo, díganos por que razón permite que continúe a tramitación e pedímoslles, como consecuencia disto, que retiren ese anteproxecto ata que cumpra coas prescricións legais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares. Xa rematou o seu tempo.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

O 4 de outubro de 2018 ten entrada a documentación correspondente á solicitude de recoñecemento da Universidad Internacional de la Empresa. O 13 de decembro do 2018 a Secretaría Xeral de Universidades emitiu un informe de pertinencia socio-económica respecto da solicitude de recoñecemento como universidade, no que se fai unha serie de observacións destinadas a cumprimentar a documentación inicialmente presentada pola entidade e poder iniciar, por este departamento, a tramitación do expediente. Do 16 de xaneiro ao 30 de xaneiro do 2019 a Secretaría Xeral de Universidades, a través do Portal de transparencia da Xunta de Galicia, procede a facer unha consulta pública previa á cidadanía. O 17 de xaneiro do 2019 Afundación constitúe, a instancia desta consellería, a Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa.



Así podo seguir con todo o proceso de tramitación ata chegar ao 10 de setembro do 2019, día no que se abre un proceso de exposición pública de quince días de duración co fin de recibir achegas, suxestións ao texto publicado, e recíbense neste período alegacións da Universidade de Santiago, da Universidade de Vigo e da Universidade da Coruña, única e exclusivamente.

Na data de hoxe, Galicia non conta con ningunha universidade privada, pero non podemos esquecer que a lexislación, tanto estatal como galega, o permite, tendo en conta os requisitos que debe cumprir, incluíndo ese artigo 13.g) da Lei do Sistema universitario de Galicia e outros que recolle a normativa estatal autonómica, así como tendo en conta o acordo do debate do estado da Autonomía.

De crearse finalmente esta entidade, porque esta entidade non está creada, porque é a lei que se aproba neste parlamento a que ten a última palabra, non afectará en absoluto o Sistema universitario galego, nin a oferta actual, nin a oferta futura das universidades públicas, nin os recursos que reciben na actualidade as universidades públicas, e tampouco competiría directamente con universidade ningunha. Compiten outras universidades en liña —*on line*, como se chaman agora— que si son un verdadeiro perigo para o Sistema universitario de Galicia.

Propiciamos que as universidades sexan accesibles, coas taxas máis baixas —dicíao o presidente esta mañá—, propiciamos un financiamento estable. Ademais, Galicia foi pioneira a nivel estatal en deseñar un Mapa de titulacións ata 2021 que supón planificación e racionalización da oferta académica. Temos activo o Plan de excelencia do Sistema universitario de Galicia. No eido da investigación Galicia conta cun modelo propio con novas medidas, como a liña de financiamento estable de centros de investigación ou o reforzo da captación de talento.

Seguimos comprometidos co Sistema universitario de Galicia, público, baixo a premisa de manter e de potenciar o que funciona, pero desde a Consellería avogamos por afrontar novos retos, sempre e cando estean ao abeiro da lexislación vixente. A aposta da Xunta de Galicia é clara: estamos coas tres universitarias galegas como motor de desenvolvemento de Galicia.

Remato insistindo no xa manifestado nesta cámara e ante os tres reitores, en relación coa creación por lei dunha universidade privada en Galicia, tendo en conta os requisitos que deben de cumprir: de crearse, non afectará o Sistema universitario galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego dos procesos de oferta pública de emprego no ámbito do ensino en Galicia durante os últimos anos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.



A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

O Grupo Popular é consciente de que os corpos docentes, ao igual que o resto dos empregados ao servizo das administracións públicas, foron o colectivo que fixo de parapeto nos momentos máis duros da crise. Recoñecémolo e valorámolo, entre outras cousas, porque moitos de nós somos parte dese sector público ao que o señor Zapatero lles recortou o 5 por cento do seu salario. Ademais, como vimos hoxe á mañá, houbo unha especial normativa dirixida á racionalización do gasto público no ámbito educativo no ano 2012. Por iso, en tanto as condicións económicas foron mellorando, o Partido Popular comezou a devolver dereitos e mellorar as condicións laborais dos traballadores.

O concepto de condicións laborais dos traballadores inclúe, baixo o noso punto de vista, diversas cuestións, como o salario ou a estabilidade. Con respecto ao salario, temos que recordar que a Xunta de Galicia foi quen de poñer en marcha un acordo retributivo pactado cos sindicatos, que situará a retribución dos corpos docentes galegos por riba da media nacional. Este acordo está reflectido nos orzamentos da Comunidade Autónoma que aprobamos onte. Así, dende o 1 de xaneiro, poderase dar cumprimento case completo a ese acordo de homologación salarial, tal e como comentaba a conselleira na súa comparecencia explicativa das liñas mestras para o 2020 do seu departamento.

Precisamente nesta comparecencia, vostede, señora conselleira, avanzaba a intención do Goberno galego de ofertar unha importante OPE para o vindeiro exercicio, indicando que o seu departamento xa estaba traballando para este fin, que é tanto como dicir que a súa consellería estaba traballando pola estabilidade laboral dos corpos docentes.

Xa temos comentado en máis dunha ocasión que Galicia é a comunidade coa taxa máis baixa de todo o Estado, ao redor do 7 por cento, tras o último proceso selectivo no que se convocaron 2.064 prazas en trinta e seis especialidades diferentes. Non é un dato menor, que é posible porque, dende o 2009, a Xunta de Galicia sempre mantivo unha oferta pública de emprego para os corpos docentes, agás no ano 2012.

Señora conselleira, os grupos da oposición sempre argumentan no debate a minoración deste colectivo comparando os datos do total de profesores existentes no curso académico 2008-2009 co número actual. E, efectivamente, os datos non menten. Hai mil trescentos profesores menos, pero tamén os datos demostran que hai moitos menos alumnos e alumnas nas aulas galegas e que hai moitísimos máis especialistas para atender a diversidade, ou moitos máis coidadores, e haberá tamén máis orientadores. Pero estes datos non interesan, sempre son obviados pola oposición.

En definitiva, señora conselleira, a Consellería, nun exercicio de xestión responsable, foi achegando a recursos públicos o ensino galego, de tal forma que somos a quinta Comunidade Autónoma en investimento por alumno, detrás de dúas comunidades con réxime foral. O esforzo realizado é evidente que está dando froitos e así se recoñece no recente Informe PISA, cuxos resultados debemos coñecer, pero tamén informes do Ministerio de Educación e Formación.



Remato xa. Dende o Grupo Popular estamos interesados en coñecer a súa valoración. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón Vilasánchez.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señora Antón, efectivamente, nos últimos meses, tanto na comparecencia de inicio do curso 2019-2020 como na de orzamentos, a Consellería de Educación avanzou o seu compromiso cunha oferta de emprego público de ensino para 2020 orientada a cubrir as prazas por reposición de xubilacións, alcanzando a taxa máis alta permitida, e que ademais incluíse un proceso de estabilización dos interinos para reforzar Galicia como a comunidade coa taxa de interinidade máis baixa de España.

Conscientes deste compromiso, o pasado 28 de novembro a Consellería presentou no Consello da Xunta un informe da oferta de emprego público 2020, das prazas de persoal docente que imparten as ensinanzas educativas, que recolleu unha análise da evolución dos procesos de oposicións no ensino nos últimos anos e a proposta concreta para o vindeiro ano, que foi presentada aos sindicatos nunha mesa sectorial celebrada a comezos de decembro, especificamente o día 3. Os datos recollidos nesta análise apuntan que as oposicións convocadas no ámbito educativo entre 2005 e 2020 en Galicia contaron cun total de 18.979 prazas ofertadas e que, delas, o 66,8 por cento foron convocadas polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

A Consellería de Educación convocará no 2020 as oposicións co maior número de prazas da historia, con 3.654, o que supera nun 17 por cento a cifra da OPE docente máis ampla ata o momento, a do ano 2007, con 3.125 prazas. A OPE docente de 2020 implicará unha oferta de 2.036 prazas de novo ingreso e 1.618 de promoción interna e abranguerá unhas oitenta e oito especialidades, trinta das cales levan unha década sen convocarse. Con esta proposta, xa presentada aos sindicatos, o obxectivo é alcanzar no 2020 unha interinidade do 5 por cento, como había dez anos, no 2010.

Quixera destacar que, por primeira vez en doce anos, se fará unha forte aposta polas prazas de catedráticos co fin de permitir que o profesorado acade o cumio da carreira profesional docente. En total, haberá 1.300 prazas para catedráticos de ensino secundario de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, o que supón triplicar as convocadas no ano 2007. Hai que lembrar que poder acceder ás prazas de catedráticos é unha reivindicación do profesorado dende hai anos, tanto pola posibilidade que ofrece de chegar ao punto máis alxido da profesión como polos beneficios a nivel académico e salarial que supón.

Como dixen xa nesta cámara, a Consellería segue a traballar a prol dos docentes galegos.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Para a quenda de réplica ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas pola súa resposta.

É unha evidencia, pois, que esta OPE suporá un grande impacto para o colectivo do profesorado e, como vostede explicaba, atende a varios obxectivos. Por unha parte, a consolidación do cumio da carreira profesional, con esas prazas de catedráticos, a promoción interna e a apertura á carreira docente para novos profesores e profesoras. Sen dúbida, esta apertura devolverá este colectivo a niveis de hai dez anos, o que permitirá seguir baixando esa taxa de interinidade, dando así estabilidade ao emprego docente no ensino público.

O xoves pasado, como vostede lembraba, o Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobaba ese decreto de oferta pública de emprego docente para o 2020. Así, coñeciamos o número total de prazas e a súa distribución, que vostede acaba de subliñar agora. E houbo quen criticou a aprobación do decreto, polo que me gustaría que na súa réplica de peche comentara algo sobre este respecto e, se é posible, adiantase cando e como e se vai concretar a oferta desta OPE.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Señora Antón, agradezo a oportunidade de explicar que a Consellería de Educación, primeiro, levou, efectivamente, ao Consello da Xunta un informe cun balance sobre as OPE no ensino nos últimos anos e a proposta de prazas para a convocatoria de 2020. Seguidamente, na Mesa Sectorial do ensino non universitario, a Administración educativa presentou ás organizacións sindicais a oferta pública de emprego máis ampla da historia: 3.654 prazas. E xusto, como vostede dicía, no Consello da Xunta da semana pasada, seguindo unha tramitación ordinaria, aprobou o decreto de oferta pública de emprego docente para o próximo ano.

Cabe explicar que o motivo de adiantar este trámite uns meses foi o de aproveitar, para os obxectivos de estabilización, a conxuntura actual de certeza na taxa de reposición que nos autorizou a Lei de orzamentos do ano 2017. Pensando no ensino, quixemos evitar que a incerteza política económica a nivel estatal puidese obstaculizar unha convocatoria no ano 2020.

Aproveito para manifestar que o número de prazas para cada especialidade se concretará na correspondente orde de convocatoria das oposicións. Ao respecto, a Consellería de Educación



traballa para que esta convocatoria sexa publicada no *Diario Oficial de Galicia*, previsiblemente, dentro do primeiro trimestre do ano 2020. O único que cambia a respecto doutros anos é que se adianta a aprobación no Consello da Xunta e a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto da oferta pública de emprego. Estes dous trámites deben producirse dentro deste ano 2019 para garantir a convocatoria do maior número de prazas posible, aproveitando, para os obxectivos de estabilización, a conxuntura legal, como dicía, de certeza, no referido á taxa de reposición que achega o artigo 19.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o 2017.

Polo tanto, e para que Galicia continúe co proceso de estabilización docente aberto, e para que siga sendo a comunidade autónoma con menor taxa de interinidade do Estado, é preciso aprobar a OPE de acordo coa devandita normativa antes de fin deste ano 2019. O obxectivo con esta acción é acadar, como dixeran, unha interinidade do 5 por cento no ano 2020.

Insisto: o único cambio é que este ano o decreto da OPE e a orde de convocatoria non se publican no mesmo ano. O primeiro trámite aprobouse xa en 2019 e o segundo será no mesmo ano de realización das probas.

No referido á convocatoria, que é onde se indica o número de prazas por especialidade, esta segue os mesmos prazos que habitualmente ten seguido e inclúe o paso, evidentemente, por outra mesa sectorial. O único cambio, insisto, é que este ano o decreto da OPE e a convocatoria non se publican no mesmo ano.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das recomendacións do Consello de Europa e a derogación do Decreto do plurilingüismo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde tamén ao conselleiro.

Permítanme tamén, antes de máis, saudar as persoas que nos acompañan hoxe seguindo este debate, que ademais levan un bo anaco aquí xa no hemiciclo, e que son os integrantes da Mesa pola Normalización Lingüística —Marcos Maceira e mais Sara Seco—, que quixeron tamén participar desta pregunta que nós lle formulamos hoxe, señor Rodríguez, sobre o informe do Consello de Europa sobre os cumprimentos da Carta Europea das Linguas. Un informe contundente, claro e moi directo nas súas recomendacións ao Goberno galego, que



emana dun texto de obrigado cumprimento como é a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, de obrigado cumprimento desde que o Estado español a ratificou en 2011.

E digo isto porque levamos uns días escoitando o presidente da Xunta, pero tamén o secretario xeral de Política Lingüística, desdeñar a carta, menosprezar o comité de expertos e, por suposto, ningunear —iso non é ningunha novidade— as recomendacións do informe, (*Aplausos.*) facendo o que mellor se lles dá, e facendo o que mellor saben facer, que é desprezar a calquera que non lles dea a razón, mesmo se é o Comité de Expertos do Consello de Europa.

Tamén lle digo que un presidente da Xunta que di en comparecencia pública que Política Lingüística é unha dirección xeral demostra, primeiro, o pouco que lle importa a política lingüística e, segundo, que non sabe nin sequera cal é a estrutura do Goberno que preside; (*Aplausos.*) pero, sobre todo, demostra que a ignorancia é ben atrevida e que non ten límites.

O Consello de Europa leva tres informes —no ano 2012, no 2016 e, agora, no 2019— advertindo a Xunta de Galiza polo incumprimento das obrigas recollidas na carta e pedíndolles que respecten e garantan os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos.

No último informe publicado hai apenas uns días, o Comité reclama a supresión inmediata das limitacións á docencia en galego en todos os niveis do ensino —limitacións que o Partido Popular impuxo no ano 2010, dinamitando o consenso lingüístico expresado por esta cámara no ano 2004—. (*Aplausos.*) ¿E que limitacións son? Fundamentalmente, o decretazo, que prohibe, ¡prohibe!, impartir en lingua galega as matemáticas, a física e química e a tecnoloxía. E advirte ademais, especialmente, o Consello de Europa sobre a exclusión da lingua galega na etapa preescolar.

Nós pedímoslle algo moi claro, que temos feito moitas veces: deroguen o decretazo e volvan ao consenso lingüístico. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría.

A min, antes de comezar, gustaríame puntualizar unha serie de cousas, de cuestións feitas ao respecto deste informe emitido polo Comité de Expertos. Creo, señora Rodil, que vostede utiliza unha terminoloxía un pouco forte cando fala de «desdeñar», «ningunear»... Cando, simplemente, o que estamos plantexando enriba da mesa son datos obxectivos. É un dato obxectivo que este informe se fixo sen ter en conta ningunha enquisa á sociedade galega. En ningún sitio se fixo unha enquisa; é unha reunión de expertos, na cal había un galego, en Oviedo, no ano 2018, e con base nas opinións dese informe de expertos, constrúese unha



teoría, que poderá ser mellor ou peor, pero o que si é certo é que a metodoloxía de traballo —estouna describindo, non a estou valorando— foi esa.

Fronte a esta cuestión hai outra cuestión importante, e é que non ten en conta os datos que recentemente acaba de publicar o IGE. E aquí o Instituto Galego de Estatística si publicou uns datos baseados nun concienzudo e exhaustivo traballo de investigación e de enquisas a moitísimos galegos, a partir duns datos moi interesantes que demostran a evolución lingüística dos últimos cinco anos.

¿Que pasou nos últimos cinco anos? O que pasa é que, por primeira vez, se racha a tendencia descendente e hoxe falan máis persoas galego que hai cinco anos. Fréase o descenso de galegofalantes e hai un repunte do uso do galego como lingua habitual.

Hai tamén un dato moi importante, e é que podemos ver que que vostedes non ven os efectos do decreto que, de xeito repetitivo, levan moitos anos cuestionando —por certo, avalado desde o punto de vista xudicial e avalado pola sociedade galega—. Os efectos son claros, é dicir, hoxe máis que nunca a sociedade galega e os alumnos galegos teñen un pleno coñecemento en equilibrio das dúas linguas cooficiais. De feito, temos a maior porcentaxe existente nunca en Galicia de persoas que falan, len ou escriben en galego. E, ademais, hai outro dato que non é nada menor, e é que o galego é a lingua cooficial que máis se usa en toda España; moito máis que outras comunidades autónomas que presumen habitualmente de gobernos nacionalistas.

Tamén estamos acostumados ás medias verdades cando vostedes falan de rachar o consenso lingüístico, os grandes consensos lingüísticos que se crearon neste país. Vostede sabe coma min, perfectamente, que no Bipartito o Partido Socialista tivo que facer seguidismo dos principios do Bloque.

En todo caso, eu non quero soar triunfalista. Os datos dos últimos anos son tremendamente positivos, pero queda moito por facer, e a verdade é que o obxectivo que se pretende é ter unha sociedade plurilingüe, que claramente é unha oportunidade de futuro, e non unha sociedade monolingüe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...e un ensino monolingüe como vostedes plantexan. Realmente, os datos avalan os éxitos do decreto e do modelo educativo galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, acabouse o tempo.

Para a réplica ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Mire, desdeñar e menosprezar é tamén sementar dúbidas ou polo menos intentalo. Fíxoo o presidente da Xunta, fíxoo o señor García, fíxoo agora vostede outra vez na súa resposta... É sementar dúbidas sobre o rigor do comité de expertos e a súa capacidade para facer análises rigorosas. Non sei se pensan vostedes acusar o comité de expertos de ser do bipartito, non sei se un *petit comité* secesionista ou, aínda peor, se son do Bloque.

Vostedes tiveron a oportunidade de ir alí e poñelos en cuestión, e dicirllas directamente —por que o señor secretario xeral estivo reunido co comité de expertos—, insultalos directamente e á cara. (*Aplausos.*) O que pasa é que, insisto no que lle dicía ao comezo, vostedes menosprezan e desdeñan a todo aquel que lles leve a contraria e que denuncie as consecuencias da política lingüística que vostedes levan aplicando neste país desde o ano 2010.

Claro que vemos as consecuencias e os efectos. Claro que as vemos: que a porcentaxe de crianzas que non fala nunca galego se disparou quince puntos en dez anos, desde que entrou en vigor ese decreto do que vostede se gaba, que hoxe, no ano 2019, un de cada catro menores de quince anos di non saber falar galego e o trinta por cento non sabe escribilo. (*Aplausos.*) Iso é o que di a enquisa do IGE da que vostede fala: que as estatísticas que manteñen a lingua galega nesas porcentaxes superiores ao euskera, ou superiores ao catalán, están alicerzadas na poboación que ten máis de cincuenta anos. E vostedes, aplaudindo coas orellas e pedíndonos que nós tamén o fagamos. (*Aplausos.*)

¿Sabe que é o consenso lingüístico? E con isto remato. O consenso lingüístico é aplicar o que poñía o Plan xeral de normalización da lingua galega, que é o que recollía o Decreto 124/2006 que vostedes tiraron polo sumidoiro abaixo; decreto en cuxa redacción participou o que foi despois secretario xeral de Cultura, o señor Anxo Lorenzo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Moitas grazas.

¡Silencio, por favor!

Para a réplica do goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Señora Rodil, quen fala de pouco rigor é vostede. Nós simplemente facemos —e eu simplemente fago— unha descrición da metodoloxía. Non houbo nin unha soa enquisa, senón un informe de expertos que fai unhas conclusións; contra iso, plantéxolle unha enquisa feita o ano seguinte —ano 2019—, onde os datos creo que son tremendamente positivos: hoxe falamos máis galego que hai cinco anos, hoxe increméntase o número de persoas que habitualmente falan máis galego que castelán, aumentan os usos bilingües, aumentan as competencias. ¡Pódolle dar moitísimos datos! Soben os que escriben habitualmente en galego. Baixa o número dos que non saben escribir nada en galego, soben os que entenden galego, medra o número de familias que lles falan galego aos fillos. Estes son os datos do IGE, como vostede coñece perfectamente.



Obviamente, como digo, queda moito por facer para ter un dominio pleno de ambas as linguas, e nós queremos un modelo plurilingüe, sobre todo un modelo plurilingüe de convivencia. E creo que en Galicia temos un modelo bastante positivo de convivencia das dúas linguas cooficiais. Aquí non se multa a ninguén por poñer un rótulo nun comercio en galego ou en castelán. Nin imos diante das casas das familias que queren que os seus fillos estuden castelán; noutras comunidades autónomas, si. Ese é un risco de convivencia moi importante que nós non temos.

Pero, ao final, este informe, a raíz do cal vostede está moi preocupada —e non sei que fará o seu partido a nivel estatal—, faille as principais recomendacións ao Goberno do Estado. Estamos de acordo niso. Eu estou seguro de que vostede vai reclamar coa mesma contundencia ás persoas ás cales vai axudar, presumiblemente, para presidir o Goberno de España, e vaille pedir que, por exemplo, derroque unha lei orgánica do poder xudicial. Porque, se non o fai, quedará simplemente en evidencia, e quedará simplemente o seu grupo como un grupo que intenta desgastar o Goberno utilizando un informe feito por uns expertos no ano 2018.

E mire: non deixa de ser curioso —e é moi curioso— que, ao final, a política lingüística deste goberno sexa atacada por un extremo e sexa atacada por outro. Sexa atacada por aqueles que din «Non, aquí fálase só castelán» e sexa atacada por aqueles que din «Aquí fálase só galego». Nós estamos no centro, no centro da sociedade, e o Partido Popular reflicte a normalidade social no uso das dúas linguas. Que sexa con total normalidade, e vostede leva moito tempo intentando facer loita política coa lingua e xa ven que os resultados non lle son moi esperanzadores. *(Aplausos.)*

En todo caso, o noso modelo político no uso das linguas cooficiais eu creo que é moi claro, moi nítido, e ten dado bos resultados. Nós apostamos porque haxa un ensino en equilibrio, un ensino en igualdade e un ensino en absoluta normalidade. E os datos, os últimos datos recollidos, avalan esta cuestión.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): É dicir, temos unha sociedade que usa os dous idiomas de forma absolutamente normal, cunha gran convivencia. E realmente eu creo que vostedes o que plantexan é que se fale só unha lingua. Acércanse a aqueles que queren que só se fale outra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Xa rematou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Co cal, como suele pasar, os extremos ao final sempre se xuntan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.



Pregunta de D. Óscar Vilar Chento e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa praga de roedores detectada en varias zonas da provincia de Lugo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Vilar Chento.

O señor VILAR CHENTO: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señor González.

Hai máis de nove meses que os gandeiros e agricultores da montaña de Lugo deron a voz de alarma. Alertaban da proliferación dunha praga de roedores que afectaba e segue a afectar as zonas de Triacastela, Pedrafita, Cervantes, Folgoso do Courel, As Nogais e Samos. Falamos dunha especie de rata toupa que ten unha bioloxía explosiva, xa que se caracteriza por uns ciclos moi repetitivos de alta intensidade reprodutiva e que se adapta moi ben aos hábitats do campo. Destroza praderías, posto que o que está a facer este roedor é morder a raíz das plantas —plantas que seca—, minar o campo e enchelo de montículos de terra. E todo isto dificulta as tarefas de sega e ensilado. Resumindo, ocasiona danos nos prados e á súa vez merma a calidade da forraxe, danos que conlevan unhas grandes perdas económicas para os gandeiros e agricultores destas zonas.

O problema, de ir máis aló, incluso podería chegar a ameazar seriamente o cobro das axudas da PAC, e así o están a manifestar os afectados. O problema non é novo, é un problema que se remonta a hai máis de oito anos e que incluso, xa daquela, obrigara a Xunta a actuar mediante trampeos e a aplicación dalgún que outro tratamento específico, pero tan só se fixo iso.

E, claro, cando un problema serio se ignora e non se lle presta a atención requirida, é dicir, cando non se realiza ningún plan de control, seguimento e prevención, córrese o risco de que o problema vaia a máis, que se multiplique.

Mire, para ser máis exactos nesta exposición dos feitos, altos cargos da Administración autonómica mantiveron un encontro cos afectados o pasado 15 de marzo, reunión que se celebrou en Lugo. Nesta primeira toma de contacto a Xunta recoñecía o problema e informaba de que se ían tomar medidas de inmediato. Logo esqueceronse da praga ata novembro, cando isto se agravou e saltou aos medios. Agora mesmo, segundo datos de diversas fontes, falamos de 3.000 hectáreas afectadas.

Esta, señor González, é a súa carta de presentación en relación con estes feitos; é máis, vostede chegou a frivolarizar con este asunto. Vostede hai pouco máis dun mes manifestaba aos medios que se trataba dun asunto de importancia relativa. Logo, despois dese fabuloso diagnóstico e tras o enredo que se montou, enviou alí o director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, o señor Balseiro. Nesta nova reunión o señor Balseiro infor-



maba de que se estaba a traballar no problema. Seica están vostedes nos traballos previos de identificación do animal invasor, un animal invasor que é de sobra coñecido, denominado *Arvícola terrestris*, ou rata toupa, e que se está a estender dende hai anos por toda a cornixa cantábrica. É unha propagación favorecida polo actual cambio climático, e respecto da cal a Xunta está *missing*, está desaparecida. E se digo que está *missing* é porque outros gobernos teñen actuado, entre eles os de Castela-León, Asturias e Navarra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILAR CHENTO: Polo tanto, formúlolle as preguntas. ¿Segue mantendo vostede que isto é un problema relativo? ¿Que medidas se van tomar?

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi boas tardes.

Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Vilar, que me fale a min de frivolidades cando hai quince días me preguntou polas concentracións parcelarias e despois nas súas emendas piden que se rebaixe o orzamento das concentracións parcelarias en 3 millóns de euros, ¡home!, iso si que me parece que é bastante frívolo, ¡pero bueno...! Eu non dixen en ningún caso que fose unha cuestión de pouca transcendencia senón que dixen que había que analizar a transcendencia que tiña e o efecto que estaba tendo na superficie. Polo tanto, gustárame moito agradecerlle ao Grupo Parlamentario Socialista esta pregunta, porque para min é un pracer aclarar aquí, na casa de todos os galegos, estas cuestións.

Mire, tamén me di que coñecen moito a rata toupa. Bueno, eu diría que antes de todas estas noticias non sei se se coñecería tanto. Igual despois de escoitar a miña resposta entenderá que é mellor non falar moito disto. Pero seguimos.

Dende o momento en que se comezou a manexar esta información, a Consellería do Medio Rural puxo en marcha un seguimento do acontecido nos concellos afectados, desde o mesmo momento en que tivemos información ao respecto. E falo da Consellería do Medio Rural. Tras a avaliación dos técnicos da Xunta, logrouse identificar este roedor que é tan coñecido, que resultou ser a denominada «rata toupa». A variante que está presente en Triacastela e noutros concellos próximos á montaña lucense adoita facer tobos similares aos das toupas, por iso se lle chama así. Pero trátase dunha variante herbívora, non insectívora como estas últimas. Os danos que ocasiona nos nosos cultivos, polo tanto, son notables, por desgraza. Devece polas raíces e os bulbos das plantas propias dos pastos. A súa resiliencia a condicións singulares, e a afectación a unha parte importante de superficie agraria significativa, supón achegar métodos de control, señor Vilar, cuxa implantación é, sen dúbida, un trámite que necesariamente require contar cunha gran prudencia e cunha cautela de gran calado.

Miren, é certo que o problema da rata toupa non é novidoso. En 2010 a Consellería xa tivo que facerlle fronte á rata toupa, pero naquel entón o uso dun principio activo —escoiten,



señorías—, un principio activo que na actualidade non está autorizado, resultou ser o método máis efectivo. É dicir, daquela puidemos acabar con algo que hoxe xa non está autorizado. Digo que puidemos acabar cun mecanismo que hoxe xa non está autorizado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dada a variedade actual, o remedio de hai unha década hoxe non é válido e, polo tanto, a solución é máis complexa.

Como xa comentei, o primeiro paso foi a identificación do roedor. Isto permite contar coa información requirida para definir de forma máis axeitada as posibles medidas para actuar en contra del. E o que fixemos foi avaliar a superficie. A min gustaríame saber na súa próxima intervención, señor Vilar, de onde saca esas 3.000 hectáreas, porque nós temos os datos, polos nosos técnicos, e son 1.500 hectáreas.

Seguirei despois. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Vilar Chento.

O señor VILAR CHENTO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor González, vexo que o diagnóstico o sabe vostede moi ben. Entendo que está todo controlado, que está todo baixo control. Permítame un consello, sexa vostede un pouco máis cauto, non caia vostede nos erros da súa antecesora. Fixeron o mesmo que coa *Vespa velutina*, estaba todo controlado e despois dixeron que había que aprender a convivir con ela. Iso foi o que fixeron votedes. Pasoulles o mesmo coa avespiña do castiñeiro. A súa política no eido do control de pragas é nefasta. (*Aplausos.*) *Idem* co asunto do porco bravo. O xabaril campa ás súas anchas. Os problemas do campo galego, cando vostedes xestionan, medran sen límites. Porque, cando aparecen os primeiros sinais, vostedes, como fixo vostede hoxe aquí, frivolizan sobre o asunto.

Miren, falou vostede de moitas cousas, dixo que xa identificaron o animal. Pero, mire, o señor Balseiro, cando estivo en Lugo, nesta última vez, dixo que non puideran actuar antes porque os afectados se dirixiran a unha consellería equivocada. Iso foi o que dixo. E isto é grave, que o diga un alto cargo da Xunta é moi grave. Iso o que manifesta é que hai unha falta de comunicación absoluta na Xunta.

O que máis sorprende nesta inacción por parte da Xunta é que os seus alcaldes e alcaldesas tampouco se moven. Resulta que un dos concellos máis afectados é o de Triacastela, e a súa alcaldesa, Olga Iglesias, non lles trasladou o problema tampouco alá polo mes de marzo. Isto é grave, moi grave.

Mire, falou de que identificaran o problema. Vostedes o que fixeron foi isto: entregar unha folla excel impresa nun DIN A4 para que cadaquén, cada afectado, identificase os terreos, cando ese traballo tiñan que facelo as oficinas comarcais (*Aplausos.*), as oficinas comarcais que vostedes mesmos desmantelaron.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VILAR CHENTO: E, xa para rematar, agradeceríalle que me respondera a se vai establecer algunha liña de axudas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor Vilar, en tres minutos deulle tempo a falar de case todo e de case todas as pragas. Eu, se me permite, antes de entrar na cuestión direille que hai algunhas desas pragas nas que somos punteiros no seu tratamento. Por exemplo, coa avespiña do castiñeiro somos a comunidade autónoma que esta facendo máis soltas de *torymus*, con moita diferenza; ademais de que conseguimos que se liberara a solta o ano pasado e soltamos 1.600.000 exemplares cun investimento de 2 millóns de euros. Este ano van ser outros dous millóns de euros. E quérolles dicir a todos os deputados que están aquí —xa que temos ese interese— que estamos conseguindo que o *torymus* parasite, co cal estamos empezando a gañar a batalla contra a avespiña. Polo tanto, nós facemos o que podemos por recuperar os nosos soutos.

Dicíalle antes, cando estaba na miña contestación, que o remedio que tiñamos hai dez anos hoxe xa non está permitido pola lexislación medioambiental. E como antes indiquei, o primeiro paso por parte da Consellería foi a identificación do roedor. Agora temos a información que requirimos para definir de forma máis axeitada as medidas para actuar en contra del. Estas medidas —repito, e pido prudencia— han de ser compatibles tanto coa actividade gandeira como tamén co medio ambiente. Témolos identificada, e intentamos avaliar os danos e a superficie afectada —por iso nos desprazamos e foi o meu director xeral, por suposto, co fin de cuantificar as parcelas—. Tras a avaliación de técnicos da Consellería do Medio Rural determinouse que a superficie afectada podería estar arredor dunhas 1.500 hectáreas, e de ningunha maneira as 3.000 que se ten dito. Se hai informes desas 3.000, pregamos a quen teña eses informes que nolos aporten. Pero os nosos técnicos dinnos que son 1.500 hectáreas.

E dende a Xunta queremos reiterar que este é un problema cunha relevancia realmente significativa como para ser atallado dun xeito apresurado. Por iso é necesario concienciar e facer críticas construtivas e, sobre todo, fundamentadas. Miren, señorías, causar nerviosismo no sector coa finalidade de facer política non está en ningún caso xustificada. Coa exhaustiva revisión dos danos ocasionados ata o momento, poderase levar a cabo a delimitación das medidas máis viables entre as dispoñibles para facerlle fronte ao problema, e sempre baixo o marco lexislativo correspondente, que neste caso é a Lei 43/2002, de sanidade vexetal.

Dende o Goberno da Xunta traballamos para prever a proliferación destes roedores, sempre dentro duns límites rigorosos para o medio ambiente e a actividade do sector agrogandeiro. Por iso, as medidas que se cheguen a formalizar na loita contra este problema serán medidas



cuxa reflexión aporte tranquilidade, isto é, que sexan efectivas pero tamén que sexan respectuosas.


Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rematados os puntos da orde do día, finalizamos a sesión e desexamos boas festas a todos os deputados e a todas as deputadas.

Remata a sesión ás oito e corenta e tres minutos da noite





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

